

Consello de Contas
de Galicia



**INFORME DE FISCALIZACIÓN DA CONTA
XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA**

EXERCICIO 2016



ÍNDICE

I. INTRODUCCIÓN	13
I.1. ANTECEDENTES E OBXECTIVOS.....	13
I.2. ALCANCE DO INFORME DE FISCALIZACIÓN.....	14
II. DECLARACIÓN DEFINITIVA SOBRE O EXAME E COMPROBACIÓN DA CONTA XERAL	14
II.1. RESPONSABILIDADES	14
II.1.1. Responsabilidade do órgano de dirección.....	14
II.1.2. Responsabilidade do Consello de Contas	15
II.2. DECLARACIÓN DEFINITIVA.....	15
III. RECOMENDACIÓNS.....	26
III.1. SEGUIMIENTO DAS RECOMENDACIÓNS DO INFORME DO EXERCICIO 2015	26
III.2. RECOMENDACIÓNS.....	27
IV. ÁMBITO DA CONTA XERAL, RENDICIÓN DE CONTAS E CONTROL	30
IV.1. SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO	30
IV.1.1. Entidades incluídas.....	30
IV.1.2. Recursos orzamentarios.....	32
IV.2. FORMACIÓN E RENDICIÓN DA CONTA.....	33
IV.2.1. Formación da Conta Xeral	33
IV.2.2. Rendición da Conta Xeral	34
IV.3. CONTROL INTERNO.....	35
IV.3.1. O control interno na Administración xeral	35
IV.3.2. O control interno sobre as entidades instrumentais	36
IV.4. TRANSPARENCIA	38
IV.4.1. A calidade da información económica e financeira rendida	38
IV.4.2. As esixencias da normativa de transparencia	40
IV.5. IGUALDADE EFECTIVA ENTRE MULLERES E HOMES	41
IV.5.1. Cifras sobre igualdade na Administración	42
IV.5.2. Actuacións	43
V. LIQUIDACIÓN ORZAMENTARIA	44
V.1. ORZAMENTO CONSOLIDADO	44
V.1.1. Escenario orzamentario	44
V.1.2. Liquidación do orzamento consolidado	45
V.2. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS DA ADMINISTRACIÓN XERAL.....	47
V.2.1. Ingresos tributarios	51
V.2.2. Ingresos por transferencias.....	54
V.2.3. Ingresos financeiros.....	57
V.2.4. Outros ingresos.....	58
V.2.5. Beneficios fiscais	60
V.3. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS DA ADMINISTRACIÓN XERAL.....	62

V.3.1. Modificacións orzamentarias	62
V.3.2. Execución orzamentaria	80
V.3.3. Gastos de persoal	81
V.3.4. Gastos en bens correntes e servizos.....	83
V.3.5. Transferencias e subvencións.....	85
V.3.6. Investimentos reais	91
V.3.7. Operacións financeiras 2016	93
V.3.8. Análise funcional do gasto. Evolución temporal 2015-2016	96
VI. MAGNITUDES FINANCEIRAS RELEVANTES	97
VI.1. RESULTADO ORZAMENTARIO E ESTABILIDADE ORZAMENTARIA	97
VI.1.1. Resultado orzamentario	97
VI.1.2. Gasto pendente de aplicar ao orzamento. Validacións e imputacións de gasto	98
VI.1.3. Estabilidade orzamentaria. Resultado do exercicio en termos de contabilidade nacional	102
VI.2. REMANENTE DE TESOURERÍA.....	106
VI.2.1. Remanente de tesourería da Administración xeral.....	107
VI.2.2. Situación financeira a curto prazo da Administración	111
VI.3. CONTA DE TESOURERÍA	113
VI.4. ENDEBEDAMENTO	117
VI.4.1. Débeda total da Comunidade Autónoma	117
VI.4.2. Cumprimento do obxectivo de débeda e da autorización parlamentaria da variación da posición neta debedora (VPND) da Comunidade Autónoma	119
VI.4.3. Evolución da carga financeira e cumprimento dos límites da LOFCA no exercicio 2016	123
VI.4.4. Sostibilidade do endebedamento da Comunidade Autónoma	125
VI.4.5. Evolución comparada do endebedamento por Comunidades Autónomas.....	126
VI.4.6. Xestión da débeda da Administración xeral.....	127
VI.4.7. Risco por avais e préstamos da Comunidade Autónoma.....	132
VI.5. COMPROMISOS DE GASTOS CON CARGO A EJERCICIOS FUTUROS	139
VI.6. SITUACIÓN PATRIMONIAL	144
VI.6.1. Balance de situación ano 2016.....	145
VI.6.2. Conta do resultado económico-patrimonial.....	149
VII. ALEGACIONES.....	151
VIII. RÉPLICAS	212
ANEXOS	247

ÍNDICE DE CADROS

Cadro 1: Sector público autonómico 2016	31
Cadro 2: Gasto consolidado entidades públicas con orzamento limitativo. (Millóns de euros)	32
Cadro 3: Orzamento e gasto agregado das entidades con orzamento estimativo. (Millóns de euros)	33
Cadro 4: Situación da rendición de contas no exercicio 2016	35
Cadro 5: Expedientes de validación de gastos 2016. (Euros)	36
Cadro 6: Actuacións de control 2016	37
Cadro 7: Distribución de efectivos por sexo	42
Cadro 8: Distribución de altos cargos por sexo	42
Cadro 9: Escenarios de elaboración orzamentaria 2016	44
Cadro 10: Consolidado. Liquidación de gastos 2016. (Miles de euros)	45
Cadro 11: Consolidado. Liquidación de ingresos 2016. (Miles de euros)	46
Cadro 12: Evolución das principais cifras consolidadas 2011-2016. (Millóns de euros)	47
Cadro 13: Administración xeral. Liquidación de ingresos 2016. (Euros)	48
Cadro 14: Clasificación agregada dos ingresos 2016. (Euros)	49
Cadro 15: Índice de autonomía do gasto 2016. (Miles de euros)	49
Cadro 16: Liquidación sistema de financiamento autonómico 2014. (Miles de euros)	50
Cadro 17: Liquidación do orzamento. Ingresos tributarios 2016. (Euros)	52
Cadro 18: Liquidación do orzamento. Ingresos por transferencias 2016. (Euros)	54
Cadro 19: Participación no sistema de financiamento autonómico 2016. (Euros)	55
Cadro 20: Clasificación Fondos europeos 2016. (Euros)	56
Cadro 21: Ingresos financeiros 2016. (Euros)	57
Cadro 22: Outros ingresos 2016. (Euros)	58
Cadro 23: Autorización beneficios fiscais 2013-2016. (Euros)	60
Cadro 24: Relación de beneficios fiscais 2016. (Euros)	61
Cadro 25: Beneficios fiscais 2016. (Euros)	61
Cadro 26: Evolución das modificacións orzamentarias 2011-2016. (Miles de euros)	62
Cadro 27: Modificacións orzamentarias 2015-2016. (Miles de euros)	62
Cadro 28: Efecto neto das modificacións sobre a clasificación económica 2015-2016. (Euros)	63
Cadro 29: Incidencia das modificacións na clasificación funcional 2016. (Euros)	64
Cadro 30: Fontes de financiamento das modificacións de crédito. (Euros)	65
Cadro 31: Expedientes aprobados o 31 de decembro de 2016. (Euros)	66
Cadro 32: Principais programas con efecto neto positivo e negativo nas operacións efectuadas a finais de decembro de 2016. (Euros)	67
Cadro 33: Transferencias de crédito 2016. (Euros)	68
Cadro 34: Ampliacións de crédito nos principais programas orzamentarios 2016. (Euros)	70
Cadro 35: Incorporacións de crédito por modalidade 2016. (Euros)	72
Cadro 36: Fondos propios libres incorporados 2016. (Euros)	73
Cadro 37: Expedientes de xeración de crédito 2016. (Euros)	74
Cadro 38: Baixas segundo a modalidade de financiamento 2016. (Euros)	75

Cadro 39: Modificacións orzamentarias que afectan ao Fondo de continxencia 2016. (Euros).....	77
Cadro 40: Disposicións do Fondo de continxencia de execución orzamentaria 2016. (Euros)	78
Cadro 41: Orixe do Fondo de continxencia. (Euros).....	79
Cadro 42: Liquidación do orzamento de gastos exercicio 2016. (Euros).....	80
Cadro 43: Gastos 2012-2016. (Millóns de euros)	81
Cadro 44: Gastos de persoal 2016. (Euros)	82
Cadro 45: Evolución dos gastos de persoal 2012-2016. (Millóns de euros)	82
Cadro 46: Efectivos da Administración 2012-2016 (Volume medio de efectivos)	83
Cadro 47: Gastos en bens correntes e servizos 2016. (Euros).....	83
Cadro 48: Gasto destinado á prestación de servizos 2015-2016. (Euros)	84
Cadro 49: Liquidación do orzamento. Transferencias e subvencións 2016. (Euros)	85
Cadro 50: Transferencias e subvencións por entidades receptoras dos fondos 2014-2016. (Euros)	86
Cadro 51: Transferencias e subvencións á Administración institucional 2015-2016. (Millóns euros).....	87
Cadro 52: Outro financiamento a entidades públicas autonómicas 2014-2016. (Millóns de euros)	87
Cadro 53: Financiamento público ao sector institucional 2011-2016. (Millóns de euros)	88
Cadro 54: Transferencias e subvencións a corporacións locais 2013-2016. (Euros).....	89
Cadro 55: Administración xeral. Subvencións a empresas privadas 2016. (Euros)	90
Cadro 56: Subvencións a familias e institucións sen ánimo de lucro 2016. (Euros).....	91
Cadro 57: Liquidación do orzamento. Investimentos reais 2016. (Euros)	92
Cadro 58: Liquidación do orzamento. Gastos financeiros 2016. (Euros)	94
Cadro 59: Evolución dos gastos financeiros executados e previsión. (Millóns de euros).....	95
Cadro 60: Análise funcional do gasto. Evolución temporal 2015-2016. (Euros)	96
Cadro 61: Resultado orzamentario da Administración xeral 2015-2016. (Miles de euros)	97
Cadro 62: Gasto pendente de aplicación ao orzamento. Efecto sobre o exercicio 2016. (Millóns de euros)	99
Cadro 63: Validacións de gasto. (Millóns de euros).....	100
Cadro 64: Imputacións de gasto ao ano 2017. (Euros)	101
Cadro 65: Déficit en termos de contabilidade nacional 2016. (Millóns de euros)	104
Cadro 66: Remanente de tesourería da Administración xeral 2016. (Miles de euros)	107
Cadro 67: Provisión insolvencias de dubidoso cobro 2016. (Miles de euros).....	109
Cadro 68: Pagamentos pendentes máis significativos (>10.000.000€) orzamento corrente 2016. (Miles de euros).....	110
Cadro 69: Pagamentos pendentes máis significativos (>5.000.000€) de exercicios pechados. (Euros)	110
Cadro 70: Dereitos de cobro de difícil realización 2016. (Euros)	112
Cadro 71: Conta de Tesourería 2016. (Euros)	113
Cadro 72: Tesourería. Distribución por centros 2016. (Euros).....	114
Cadro 73: Tesourería segundo as certificacións bancarias 2016. (Euros).....	115
Cadro 74: Contas xestionadas polas habilitacións 2016. (Euros).....	116
Cadro 75: Débeda total da Comunidade Autónoma a 31 de decembro de 2016. (Millóns de euros)	118
Cadro 76: Débeda empresas públicas que non consolidan a 31.12.2016. (Millóns de euros)	119
Cadro 77: Cumprimento do obxectivo de débeda 2016 – 1º Informe MINHAFP do 15/04/2017. (Millóns de euros)	120
Cadro 78: Cumprimento da autorización parlamentaria Lei de orzamentos 2016. (Millóns de euros)	122
Cadro 79: Evolución do índice de carga financeira (ICF) 2007-2016. (Millóns de euros)	123

Cadro 80: Evolución posición relativa do Endebemento da CA de Galicia 2011-2016 (% PIB rexional).....	126
Cadro 81: Operacións de tesourería contratadas e vixentes a 31 de decembro de 2016. (Euros).....	127
Cadro 82: Contrato e Addendas do Préstamo ICO 2016 (Adhesión á Facidade Financeira do Estado). (Euros).....	130
Cadro 83: Risco vivo avais financeiros do IGAPE. Exercicio 2016. (Euros)	132
Cadro 84: Risco vivo a 31.12.2016 por entidade avalada polo IGAPE. (Euros).....	134
Cadro 85: Avais falidos no exercicio 2016. (Euros).....	134
Cadro 86: Evolución de pasivos financeiros a l/p do IGAPE 2008-2016. (Millóns de euros)	137
Cadro 87: Evolución dos préstamos concedidos polo IGAPE con financiamento BEI 2007-16. (Millóns de Euros)	138
Cadro 88: Compromisos de gastos futuros por tipo de entidade autonómica. (Euros)	140
Cadro 89: Compromisos de gastos futuros, distribución económica. (Euros)	140
Cadro 90: Compromisos de gastos futuros. Peaxe na sombra. (Millóns de euros)	142
Cadro 91: Compromisos futuros. Supresión peaxe AP-9. (Euros)	143
Cadro 92: Importancia relativa das distintas masas patrimoniais a 31.12.2016. (Millóns de euros).....	145

ÍNDICE DE GRÁFICOS

Gráfico 1: Evolución da estrutura do endebedamento autonómico. Exercicios 2006-2016	128
Gráfico 2: Proporción xuro fixo/variable no endebedamento anual Admon. xeral 2006-2016.....	129
Gráfico 3: Evolución risco vivo avais financeiros do IGAPE. 2007-2016. (Euros).....	133

ÍNDICE DE ANEXOS

Anexo I: Seccións orzamentarias 2016	249
Anexo II: Evolución orzamentos iniciais de ingresos e gastos 2012-2016	250
Anexo III: Evolución obrigas e dereitos recoñecidos 2012-2016	251
Anexo IV: Subvencións e transferencias a entidades públicas (artigos 43, 44, 73 e 74). Exercicio 2016. (Euros)	252
Anexo V: Transferencias e subvencións a corporacións locais (artigos 46 e 76). Exercicio 2016. (Euros)	254
Anexo VI: Transferencias a empresas privadas (artigos 47 e 77). Perceptores > 150.000 euros. Exercicio 2016	262
Anexo VII: Obrigas recoñecidas cos medios de comunicación. Perceptores > 100.000 euros. Exercicio 2016	264
Anexo VIII: Operacións de endebedamento vixentes a 31.12.2016	265
Anexo IX: Operacións de derivados financeiros vixentes a 31.12.2016	268
Anexo X: Avais formalizados e efectivos a 31.12.2016	269
Anexo XI: Compromisos de gastos futuros. Distribución temporal. Exercicio 2016. (Euros).....	272
Anexo XII: Compromisos de gastos futuros. Distribución orgánica. Exercicio 2016. (Euros)	273
Anexo XIII: Balance 2016.....	274
Anexo XIV: Conta do resultado económico-patrimonial 2016	275
Anexo XV: Deficiencias da Memoria exercicio 2016	276

ABREVIATURAS

AA.PP.	Administracións Públicas
ACEUSA	Autoestrada Alto de Santo Domingo-Ourense, S.A.
AFI	Analistas Financeiros Internacionais
AGE	Administración General del Estado
AGI	Axencia Galega de Infraestruturas
AMTEGA	Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia
AUDASA	Autopistas del Atlántico, S.A.
AXD	Actos xurídicos documentados
BDE	Banco de España
BE	Boletín estatístico
BEI	Banco europeo de investimentos
BIIS	Banca Infrastrutture e Innovazione e Sviluppo
CA	Comunidade autónoma
CC.AA.	Comunidades autónomas
CC.LL.	Corporacións Locais
CDGAE	Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos
CIXTEC	Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económica, Financeira e Contable
CPFF	Consello de Política Fiscal e Financeira
CRTVG	Compañía Radio Televisión de Galicia
DOG	Diario Oficial de Galicia
EE.LL.	Entidades Locais
EGAP	Escola Galega de Administración Pública
EOXI	Estrutura organizativa de xestión integrada
FCI	Fondo de compensación interterritorial
FEADER	Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rexional
FEAGA	Fondo Europeo Agrícola de Garantía
FEDER	Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional
FEOGA	Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agrícola
FEP	Fondo Europeo de Pesca
FOGGA	Fondo Galego de Garantía Agraria
FSE	Fondo social europeo
GAIN	Axencia Galega de Innovación
ICF	Índice de carga financeira
ICO	Instituto de Crédito Oficial
IFECO	Fundación Recinto Feiral da Coruña
IFOP	Instrumento Financeiro de Orientación da Pesca
IGAE	Intervención General de la Administración del Estado
IGAEM	Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais
IGAPE	Instituto Galego de Promoción Económica
IGE	Instituto Galego de Estatística
IGVS	Instituto Galego de Vivenda e Solo
INE	Instituto Nacional de Estadística

Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma. Exercicio 2016

INEGA	Instituto Enerxético de Galicia
IRPF	Imposto sobre a renda das persoas físicas
ITP	Imposto sobre transmisións patrimoniais
ITPAXD	Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados
IVE	Imposto sobre o valor engadido
IXCA	Intervención Xeral da Comunidade Autónoma
LOEOSF	Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira
LOFAXGA	Lei de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia
LOFCA	Lei orgánica de financiamento das comunidades autónomas
LOX	Lei de Orzamentos Xerais
LRFOG	Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia
MEH	Ministerio de Economía y Hacienda (2004-2011)
MINHAFP	Ministerio de Hacienda y Función Pública (2016-)
MINHAP	Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas (2012-2015)
OO.AA.	Organismos autónomos
PAE	Programa anual de endebedamento
PDE	Protocolo de déficit excesivo
PEMES	Pequenas e medianas empresas
PIB	Produto interior bruto
PXCPG	Plan xeral de contabilidade pública de Galicia
S.A.	Sociedade anónima
SEAGA	Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.
SEC	Sistema Europeo de Contas
SERGAS	Servizo Galego de Saúde
SGI	Servizo Galego de Igualdade
SODIGA	Sociedade para o Desenvolvemento Industrial
SOGAMA	Sociedade Galega do Medio Ambiente
SPI	Sociedade Pública de Investimentos
TGDC	Tribunal Galego de Defensa da Competencia
TPO	Transmisións Patrimoniais Onerosas
TRLRFOG	Texto refundido Lei réxime financeiro e orzamentario de Galicia
U.E.	Unión Europea
UDC	Universidade da Coruña
UDS	Universidade de Santiago de Compostela
UVI	Universidade de Vigo
VPND	Variación da posición neta debedora

I. INTRODUCCIÓN

I.1. ANTECEDENTES E OBXECTIVOS

1.1. De acordo co artigo 53 do Estatuto de Autonomía de Galicia, as contas da Comunidade Autónoma réndense ante o Consello de Contas para que, de conformidade coas funcións e criterios enunciados nos artigos 4 e 20 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, reguladora deste órgano estatutario, proceda ao seu exame e comprobación co obxectivo, entre outros, de ofrecer ao Parlamento de Galicia unha opinión sobre os estados financeiros da Comunidade que lle permita pronunciarse sobre a súa aprobación.

Como consecuencia desta responsabilidade encomendada, o Consello debe emitir unha opinión sobre a integridade e fiabilidade das contas presentadas e sobre a situación económica da Administración autonómica. Polo tanto, o informe ten unha natureza fundamentalmente financeira, orzamentaria e patrimonial cos seguintes obxectivos:

- 1) Verificar se a información rendida é completa e permite trasladar ao Parlamento unha opinión fiable da situación e actividade dos centros públicos da Administración da Comunidade Autónoma, ou se polo contrario precisa ser completada para poder emitila.
- 2) Determinar se a Conta da Administración reflicte razoablemente a imaxe fiel do patrimonio, dos resultados e da liquidación do orzamento.
- 3) Ofrecer a información necesaria para interpretar correctamente a situación financeira da Administración, completando o contido das contas nos casos nos que se estime necesario.

Esta análise financeira e orzamentaria ten o seu complemento noutros informes específicos que completan o programa de traballo para este exercicio.

Durante o exercicio 2016 mantívose a estrutura orgánica aprobada polo Decreto 116/2015, do 4 de outubro, e o Decreto 129/2015, do 8 de outubro. Esta estrutura quedou constituída por 18 seccións orzamentarias, que se corresponden coa Presidencia da Xunta, dez consellerías e sete seccións adicionais. No anexo I achégase unha relación das seccións orzamentarias.

I.2. ALCANCE DO INFORME DE FISCALIZACIÓN

1.2. O presente informe ten a finalidade de recoller os resultados da fiscalización da Conta da Administración xeral correspondente ao exercicio 2016 e integrar os principais resultados das magnitudes consolidadas do sector público autonómico que sustentan a declaración definitiva da Conta Xeral da Comunidade Autónoma que se incorpora por primeira vez neste informe. En calquera caso, a Conta do SERGAS é obxecto de informe separado que elabora a Área do SERGAS do Consello de Contas, ao igual que as contas dos organismos autónomos, sociedades e entes públicos que tamén son obxecto doutro informe separado elaborado pola Área de Institucional do Consello de Contas.

A fiscalización refírese ao ano 2016. Non obstante, cando os obxectivos establecidos o requiriron, estendeuse indistintamente aos exercicios anteriores ou seguintes aos efectos de considerar, respecto destes últimos, os feitos posteriores que muden a situación descrita no informe.

Os traballos de fiscalización desenvolvéronse coa colaboración da Intervención Xeral e demais departamentos da Xunta de Galicia.

II. DECLARACIÓN DEFINITIVA SOBRE O EXAME E COMPROBACIÓN DA CONTA XERAL

II.1. RESPONSABILIDADES

II.1.1. RESPONSABILIDADE DO ÓRGANO DE DIRECCIÓN

2.1. A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma ten a responsabilidade de formar a Conta Xeral e elaborar a memoria que a acompaña. Debe garantir que as actividades, as operacións financeiras e a información reflectidas na Conta Xeral resultan conformes coas normas aplicables, e establecer os sistemas de control interno que considere necesarios para garantir que a preparación e presentación desta información estea libre de incumprimentos legais e de incorreccións materiais debidos a fraude ou erro.

A Conta Xeral correspondente ao exercicio 2016 foi presentada ao Consello de Contas pola Intervención Xeral o 29 de setembro de 2017, conforme á normativa de aplicación.

II.1.2. RESPONSABILIDADE DO CONSELLO DE CONTAS

2.2. A responsabilidade do Consello de Contas é expresar unha opinión de auditoría financeira e de cumprimento en relación coa Conta Xeral do exercicio 2016.

O traballo levouse a cabo de conformidade cos principios fundamentais de fiscalización das Institucións Públicas de Control Externo. Esta normativa esixe que se cumpran os requirimentos de ética, e que se planifique e execute a auditoría co fin de obter unha seguridade razoable de que a Conta Xeral estea libre de incorreccións materiais.

A fiscalización require a aplicación de procedementos para obter evidencias de auditoría sobre os importes e a información revelada na conta presentada. Os procedementos seleccionados dependen do xuízo do auditor, incluída a valoración de riscos de incorreccións materiais e de incumprimentos significativos de legalidade.

No ámbito da auditoría de cumprimento, a revisión limitouse basicamente á aplicación de procedementos analíticos e actividades de indagación, polo que a nosa conclusión proporciona só unha seguridade limitada, acorde co traballo realizado no contexto da revisión sobre cumprimento.

Consideramos que as evidencias de auditoría que obtivemos proporcionan unha base suficiente e adecuada para a nosa opinión de auditoría financeira e para fundamentar as nosas conclusións sobre o cumprimento da legalidade, que expresamos en forma de seguridade limitada.

II.2. DECLARACIÓN DEFINITIVA

2.3. Consonte o artigo 25 da Lei 6/1985, do 24 de xuño, corresponde ao Consello de Contas, por delegación do Parlamento de Galicia, o exame e comprobación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma, ditando a Declaración definitiva que esta lle mereza e elevándoa ao Parlamento. O obxectivo desta Declaración é expresar unha opinión sobre a representatividade xeral dos estados contables incluídos na Conta Xeral da Comunidade, e referidos á Conta da Administración xeral e á do organismo autónomo Servizo Galego de Saúde (SERGAS) e á das entidades instrumentais autonómicas.

Considerando o resultado obtido no exame realizado, o Pleno do Consello de Contas **DECLARA** que a Conta Xeral da Comunidade Autónoma reflicte razoablemente a actividade económico-financieira desenvolvida no exercicio 2016, presentando deficiencias na contabilidade patrimonial e estando afectada a súa representatividade polas excepcións e limitacións sinaladas nos respectivos informes

de fiscalización e que, con carácter xeral e de xeito sucinto, xunto con outra información relevante daqueles, se poñen de manifesto a continuación:

Ámbito da Conta Xeral, rendición de contas e control

2.3.1. No exercicio 2016 a Conta Xeral integra a totalidade das entidades que figuran incluídas no ámbito dos orzamentos da Comunidade Autónoma. O inventario de entes do Ministerio de Hacienda recolle determinadas entidades a maiores que por non presentar actividade ou pola recente inclusión no ámbito do SEC non aparecen dentro do ámbito orzamentario nin do da Conta Xeral de 2016, e que no futuro é preciso incorporar.

2.3.2. A Intervención Xeral rendeu en prazo a Conta Xeral do exercicio 2016, que ademais da Conta da Administración xeral inclúe as contas de 10 organismos autónomos, 2 entidades de consulta ou asesoramento, 16 axencias públicas, 2 entidades públicas empresariais, 13 sociedades mercantís autonómicas, 20 fundacións públicas e 8 consorcios.

2.3.3. Por outro lado, no exercicio 2016 non renderon contas 19 entidades públicas (5 sociedades públicas, 3 consorcios e 11 fundacións), así como os fondos de capital risco xestionados por Xesgalicia, e as tres fundacións para a investigación vinculadas aos centros hospitalarios do SERGAS.

2.3.4. A Conta Xeral presenta información limitada sobre os estados consolidados tanto desde o punto de vista cualitativo como no número de entidades afectadas, aínda tendo mellorado nos últimos dous anos coa incorporación das axencias. Estes estados preséntanse na memoria respecto da Administración xeral, organismos autónomos, entidades instrumentais de consulta ou asesoramento (a efectos orzamentarios, consideradas OO.AA.) e axencias públicas. Non hai estados agregados da execución que inclúan ás entidades públicas empresariais, sociedades, fundacións e consorcios, o que impide ofrecer unha visión global da actividade económica da Administración e incrementa a fragmentación da información financeira.

2.3.5. As contas da Administración xeral, organismos autónomos, axencias públicas autonómicas e os consorcios presentáronse de acordo co Plan xeral de contabilidade pública de Galicia, aprobado no ano 2001, que segue, non obstante, pendente dunha actualización ao novo plan xeral aprobado no ano 2010. En calquera caso, como consecuencia de que o sistema contable da Administración

xeral da Xunta é basicamente orzamentario, a elaboración da documentación de carácter económico-patrimonial a partir daquel segue presentando deficiencias relevantes, reiteradamente sinaladas nos anteriores informes de fiscalización. Ademais, o SERGAS segue sen implantar e elaborar este tipo de información.

2.3.6. O marco normativo heteroxéneo dos diferentes plans esixidos normativamente, así como os medios de rendición e a incoherencia en ocasións entre a forma xurídica mercantil e a natureza administrativa dalgunhas entidades, esixiría a elaboración de instrucións contables pola Intervención Xeral que clarifiquen o réxime aplicable a cada entidade, realicen adaptacións dos plans ás entidades cando sexa necesario, normalicen os formatos de rendición e, sobre todo, detallen o contido das memorias, esixindo a inclusión de información adicional á que prevé a normativa privada.

2.3.7. A memoria da Conta Xeral presenta unha información desestruturada e insuficiente, o que dificulta o cumprimento da súa función básica de completar, ampliar e comentar o resto de estados contables, limitando así a transmisión da información contable aos seus usuarios. Ademais, a revisión das contas das distintas entidades pon de manifesto importantes carencias nas memorias elaboradas, especialmente nos organismos autónomos e, en menor medida, nas fundacións e sociedades mercantís. Nestas últimas non existe información de carácter orzamentario que permita coñecer o grao de cumprimento dos orzamentos de explotación e de capital aprobados polo Parlamento. Nos últimos exercicios obsérvase unha mellora das memorias elaboradas polas axencias públicas.

2.3.8. O control interno da actividade económico-financeira está atribuído á Intervención Xeral, que o exerce respecto da Administración xeral mediante a función interventora (fiscalización previa) e respecto dos organismos e entidades do sector institucional mediante o control financeiro nas súas distintas modalidades (ordinario ou permanente).

- ♦ No exercicio 2017 sometéronse ao Consello da Xunta 7 expedientes de validación de gastos orixinados no exercicio 2016 e anteriores nos que se omitiu a preceptiva función interventora, por un importe de 1,8 millóns de euros.
- ♦ De forma particular, no ámbito do SERGAS a substitución da fiscalización previa polo control financeiro permanente, co actual enfoque orientado á análise de procedementos en áreas específicas de gasto, non suple os controis anteriores (esixencia de validación do gasto desprazado

polo Consello da Xunta), dificultando a cuantificación do gasto real de cada exercicio. A limitada capacidade deste control financeiro permanente para dar cumprimento aos seus obxectivos ten como resultado unha redución do control sobre a actividade do organismo respecto da modalidade á que substitúe. Aínda que non é de aplicación ao exercicio obxecto de fiscalización, é de destacar o establecemento para o SERGAS dun novo sistema de control financeiro de ciclo continuo aprobado polo Decreto 30/2017, do 30 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda e desenvolvido mediante Acordo do Consello da Xunta do 27 de abril de 2017.

- ♦ As actuais esixencias derivadas da necesidade dun maior rigor no gasto e na información contable deste aconsellan unha intensificación do control interno coa extensión da función interventora ás distintas entidades públicas (organismos autónomos e axencias) do sector institucional¹.
- ♦ No ámbito das sociedades públicas, o control –tamén centrado basicamente en aspectos de legalidade– parece esixir que se complete con revisións orientadas cara a criterios económicos, que aborden a capacidade ou necesidade de financiamento, o seu endebedamento comercial e os riscos que afecten á sustentabilidade financeira, así como priorizar as auditorías operativas para verificar o cumprimento dos obxectivos estratéxicos e operativos e a boa aplicación dos fondos asignados.
- ♦ Cómpre ampliar o perímetro de control da Intervención Xeral aos fondos de capital risco e ás entidades públicas nas que a Xunta é o socio público maioritario, aínda que a súa participación non sexa superior ao 50%.
- ♦ Os controis contratados directamente polas propias entidades instrumentais esixen unha maior presenza da Intervención Xeral no seguimento dos resultados. No exercicio 2016 unen ás súas contas o correspondente informe de auditoría 2 entidades públicas empresariais, 9 axencias, 14 sociedades mercantís, 21 fundacións públicas e 4 consorcios, presentando nove das entidades unha opinión favorable con salvidades.

As principais observacións refírense a incertezas sobre a continuidade da actividade (tres entidades); aos efectos económicos nas contas de litixios ou reclamacións pendentes de resolver e de sentenzas pendentes de executar (unha entidade); a incertezas sobre os efectos económicos derivados de actuacións de comprobación e inspección tributaria (unha entidade); e a observacións relativas á aplicación do Plan xeral de contabilidade pública de Galicia (dúas entidades).

¹ Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións.

Execución orzamentaria

2.3.9. O estado de liquidación do orzamento consolidado que se presenta na memoria da Conta Xeral comprende a liquidación do orzamento de gastos (clasificada por capítulos), a liquidación do orzamento de ingresos (por capítulos) e o resultado orzamentario. Segundo a información contida no devandito documento, os créditos iniciais consolidados ascenderon a 10.310 millóns de euros e as obrigas recoñecidas netas a 10.154 millóns, sendo significativos os menores gastos sobre os inicialmente previstos nas operacións de capital.

Pola súa banda, as previsións iniciais de ingresos consolidados que figuran nos devanditos estados ascenden a 10.310 millóns de euros e os dereitos recoñecidos netos consolidados a 10.202 millóns.

Tanto o importe destes dereitos como das obrigas recoñecidas están infravalorados ao non incluír, por erro, a liquidación dos ingresos e gastos financiados polo FEAGA por importes de 215 e 214 millóns de euros, respectivamente².

2.3.10. As modificacións dos créditos iniciais (Administración xeral, OO.AA. e axencias) ascenden a 267,5 millóns de euros. O importe global das modificacións netas supón un incremento do 2,60% dos créditos iniciais. A comparación interanual das modificacións totais netas reflicte unha diminución con respecto ao exercicio anterior de 851 millóns de euros. Na Administración xeral estas modificacións, que afectan ao 4,21% dos orzamentos iniciais, presentan as seguintes incidencias:

- ♦ A Administración segue recorrendo ás ampliacións de créditos (283.907 miles de euros) para os mesmos conceptos de gastos que en anos anteriores sen que cumpran a condición de imprevisibilidade esixida para aquelas, así como ao seu financiamento, en contra da normativa aplicable, con cargo aos resultados do exercicio.
- ♦ Segue constatándose un uso excesivo da utilización do programa *621B Imprevistos e funcións non clasificadas* coa finalidade de programa-ponte para realizar transferencias de crédito, permitindo alterar os límites fixados pola normativa que impedirían as transferencias directas entre as aplicacións afectadas; así como para aplicar os sobrantes dos créditos nas distintas consellerías ao financiamento das partidas deficitarias ao longo do exercicio, como no caso do gasto farmacéutico.
- ♦ No exercicio 2016 as incorporacións de crédito (61 expedientes) alcanzan un importe de 242.586 miles de euros, sen que se xustifique en tódolos casos a non imputación dentro do propio exercicio

² Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións.

do crédito a incorporar, e sen que conste a reserva dos recursos que van amparar estas incorporacións, especialmente para financiar os créditos incorporados con cargo a fondos propios libres da Comunidade Autónoma.

- ♦ O fondo de continxencia, lonxe de servir para a atención de gastos imprevistos e non discrecionais, constituíu unha ferramenta para a cobertura de gastos (principalmente gasto corrente) que son obxecto dunha deficiente orzamentación, por escasamente realista, e que son reiteradamente orzados á baixa para dotalos do crédito necesario ao longo do exercicio, ás veces incluso en base a estimacións e non a necesidades xurdidas.

2.3.11. Respecto da execución do orzamento de ingresos, segundo o estado de liquidación do orzamento consolidado presentado na Conta Xeral os dereitos recoñecidos netos, sen incluír os recursos do FEAGA, ascenden a 10.202 millóns de euros³. Na Administración xeral os ingresos non financeiros experimentan neste exercicio un repunte do 0,61%. A liquidación presenta un grao de realización do 98,68%, ascendendo os dereitos recoñecidos totais a 10.139,77 millóns de euros, o que supón un aumento do 1,78% con relación ao exercicio anterior.

2.3.12. Respecto da execución do orzamento de gastos, segundo os estados de liquidación incluídos na memoria da Conta Xeral as obrigas recoñecidas netas consolidadas, sen incluír os gastos financiados co FEAGA, ascenden a 10.154 millóns de euros. Na liquidación do orzamento de gasto, a representatividade da información da Conta Xeral rendida atópase limitada polos seguintes aspectos:

- ♦ Pola inclusión no capítulo VI dos xuros asociados aos investimentos realizados a través da SPI (Sociedade Pública de Investimentos) e polo rexistro de gastos de carácter inmaterial que non teñen natureza de capital.
- ♦ Por rexistrar no capítulo VIII como activos financeiros determinadas operacións destinadas a cubrir déficits de explotación de empresas sen que pola Administración quede fundamentada esta decisión.
- ♦ Por diversas deficiencias respecto da regularidade contable e legal, das que se deduce, como consideración máis relevante, que se deixaron de contraer orzamentariamente obrigas que deberon recoñecerse, por corresponder a gastos realizados no exercicio, pospoñéndose a súa contabilización a exercicios posteriores; e, pola contra, por imputar ao exercicio gastos que corresponden a

³ Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións.

exercicios anteriores. Iso supón o incumprimento do principio de anualidade orzamentaria regulado no artigo 60 da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e supón ademais que anualmente parte dos créditos aprobados no exercicio corrente se encontren comprometidos por gastos de anos anteriores.

♦ De forma relevante no ámbito do SERGAS, a información que ofrece a liquidación do orzamento vén condicionada pola reiterada asunción de compromisos do exercicio anterior e a xeración de obrigas que non son obxecto de recoñecemento no exercicio.

2.3.13. Na execución orzamentaria, a interrelación das magnitudes da conta financeira pon de manifesto que o aforro bruto consolidado (diferenza entre ingresos correntes e gastos correntes que debía servir para financiar operacións de capital) presenta neste exercicio un valor positivo de 449 millóns de euros, que supón un incremento do 120% con respecto aos 204 millóns de euros acadados no 2015.

Resultado orzamentario consolidado

2.3.14. O resultado orzamentario consolidado cos organismos autónomos e axencias presentado na Conta Xeral foi de -505 millóns de euros⁴. No ano 2016, as entidades instrumentais no seu conxunto presentan un superávit de 89 millóns de euros. Este importe está xerado fundamentalmente polas sociedades SPI Galicia e Xestur Galicia e polo IGAPE.

En calquera caso, estes saldos calcúlanse considerando como ingresos as transferencias internas concedidas a estas entidades pola Administración xeral e, por outra banda, a información sobre este resultado está condicionada polo incompleto sistema de seguimento de gastos con financiamento afectado.

De forma particular, este resultado pode quedar afectado polos casos nos que a Administración non rexistra tódalas obrigas que corresponden ao propio exercicio e se desprazan aos seguintes, que, sen prexuízo do posible efecto neutro que pode deducirse da compensación deste tipo de gasto ao longo do tempo, pode acabar distorsionando ese resultado orzamentario, e afectar negativamente aos orzamentos futuros ao diminuír a capacidade para atender as necesidades previstas no exercicio respectivo debido ás cargas arrastradas de exercicios anteriores.

⁴ Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións.

Estabilidade orzamentaria

2.3.15. O resultado do exercicio 2016 en termos de Contabilidade Nacional presenta un déficit (necesidade de financiamento) de 341 millóns de euros, que representa un 0,59% do Produto Interior Bruto (PIB), cumprindo, en consecuencia, o obxectivo de déficit previsto. A IGAE axustou o déficit orzamentario non financeiro de 391 millóns de euros nun importe total de 50 millóns, quedando cuantificada a súa necesidade de financiamento, en termos de Contabilidade Nacional, no importe indicado.

Segundo determina o informe elaborado polo Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, en outubro de 2017, a Comunidade Autónoma incumpriu a regra de gasto ao superar o nivel de gasto computable do exercicio 2016 (8.276 millóns de euros) a taxa de evolución respecto do gasto do exercicio 2015 (7.815 millóns de euros). Como consecuencia deste incumprimento, a Comunidade Autónoma presentou o plan económico financeiro 2017-2018, que foi declarado idóneo polo Consello de Política Fiscal e Financeira (CPFF) o día 27 de xullo de 2017.

Situación financeira a curto prazo

2.3.16. No exercicio 2016 preséntase un remanente de tesourería consolidado positivo por importe de 432,45 millóns de euros. Esta magnitude positiva informa sobre a suficiencia dos fondos líquidos e os dereitos de cobro para facer fronte ás débedas a curto prazo. En todo caso, existen unha serie de factores e limitacións que afectan á cuantificación e interpretación do saldo do remanente:

- ♦ Os saldos de dubidoso cobro atópanse infravalorados.
- ♦ A memoria non informa das desviacións de financiamento negativas acumuladas que non axustan o remanente, pero amosarían a medida en que as obrigas recoñecidas terán financiamento nos exercicios seguintes.
- ♦ A exactitude do importe do remanente vese afectada pola non integración no importe dos fondos líquidos do saldo das contas de habilitación e das contas restrinxidas de ingresos.
- ♦ Unha parte significativa das obrigas pendentes de pagamento (443,71 millóns) correspóndese coas cantidades debidas a entes e sociedades dependentes. Porén, non existe un remanente consolidado que inclúa a estas entidades e, en particular, aos entes públicos. Estes últimos teñen a obriga de devolver o seu remanente non afectado, polo que a súa consolidación resulta especialmente útil para recoller a verdadeira situación financeira da Administración.
- ♦ As entidades instrumentais presentan unha razoable posición de solvencia a corto. A nivel agregado as axencias teñen elevados remanentes de tesourería positivos que poden poñer de

manifesto certas dificultades de xestión para aplicar os fondos que se lles atribúen. A maior parte son dereitos de cobro fronte á Administración.

- ◆ Dentro das sociedades públicas, as sociedades de xestión urbanística presentan unha solvencia a curto prazo comprometida, na medida en que parte do seu activo está materializado en obras en curso e non rematadas cuxa posibilidade de venda e realización está suxeita a incertezas considerables dada a situación económica actual.

Endebedamento e avais

2.3.17. Segundo o Banco de España, o endebedamento da Comunidade Autónoma de Galicia en termos SEC-2010 situábase a 31 de decembro de 2016 nunha contía de 10.854 millóns de euros.

- ◆ A débeda da Administración xeral ascende a esa data a un importe de 9.966 millóns de euros, segundo a Conta de Endebedamento da Comunidade.

- ◆ O resto da débeda consolidable en termos SEC procede fundamentalmente da Sociedade Pública de Investimentos (SPI) —na que se integrou no exercicio 2011 a débeda da sociedade absorbida ACEOUSA—, con 245 millóns de euros; da entidade Xestión do Solo de Galicia S.A., que agrupou o endebedamento das antigas Xestures, con 124 millóns de euros; e o préstamo imputado en relación coa construción das autovías do Salnés, Barbanza, Santiago-Brión e Celanova-Ourense polo método de peaxe na sombra, con 389 millóns.

- ◆ Fóra do perímetro de consolidación do sector Administracións públicas, e polo tanto á marxe da débeda anterior, figura o endebedamento das empresas públicas que se financian maioritariamente con ingresos comerciais. A finais do exercicio 2016 esta débeda ascendía, segundo o Banco de España, a 18 millóns de euros.

- ◆ No exercicio 2016, o incremento do endebedamento da Comunidade Autónoma acadou os 479 millóns de euros (en termos SEC-2010), que se corresponden coa diferenza entre o novo endebedamento do exercicio e a amortización de débeda existente. O importe anterior cumpre cos límites cuantitativos establecidos polo Parlamento de Galicia na Lei de orzamentos xerais para o exercicio 2016 e co obxectivo de débeda autorizado polo Goberno do Estado para 2016.

O índice de carga financeira da débeda supuxo un 19,9% dos ingresos correntes liquidados do exercicio (1,1 puntos porcentuais menos que no exercicio anterior), cumprindo en consecuencia co límite do 25% establecido no artigo 14.2.b) da LOFCA.

2.3.18. O importe dos avais concedidos e non cancelados polo IGAPE a 31 de decembro de 2016 ascende a 132 millóns de euros, cun importe total comprometido de 129,8 millóns de euros. O risco vivo a 31 de decembro de 2016 ascende á cantidade de 103,8 millóns de euros, polo que se produce unha redución significativa do mesmo dun 9,6% con respecto ao exercicio anterior. Consolídase, deste xeito, a inversión da tendencia anterior de incremento do volume de risco vivo efectivo, que desde o exercicio 2007 se tiña multiplicado por máis de catro ata alcanzar o contorno dos 280 millóns de euros a finais dos anos 2010 e 2011, iniciando esa tendencia á diminución nos exercicios posteriores.

No exercicio 2016 reanúdanse os pagamentos por avais falidos, despois de que no exercicio anterior non se producira ningún pago por falidos, ascendendo o importe daqueles a un total de 3.433.600,05 euros, polo que os pagamentos realizados pola Xunta de Galicia por ese concepto desde o exercicio 1994 supoñen un montante acumulado de 85,6 millóns de euros.

2.3.19. No exercicio 2007 o IGAPE iniciou un programa de concesión de préstamos a longo prazo a PEMES financiado mediante endebedamento propio. O volume de concesión destes préstamos experimentou un importante incremento, pasando de 20,6 millóns de euros no exercicio 2008 a 58,9 millóns no 2009; 75,8 millóns no 2010; e 108,4 millóns no 2011. Porén, no exercicio 2012 prodúcese un cambio de tendencia, ao diminuír o montante de préstamos concedidos pendentes de recuperación a 82,1 millóns de euros, o que supón unha minoración dun 24,2% nun exercicio. Esta tendencia, que continúa no exercicio 2013, ao reducirse o saldo de créditos pendentes a 69 millóns de euros, mantense no exercicio 2014, no que o saldo de créditos pendentes volve a reducirse para situarse nos 56,2 millóns de euros, e tamén para o exercicio 2015, no que o saldo diminúe de novo a un importe de 43,1 millóns de euros. Esta tendencia continúa no exercicio 2016, ao reducirse o saldo de créditos pendentes a 40,2 millóns de euros, isto é, un 6,7% menos que no exercicio anterior.

Dada a situación de deterioro do contorno económico, o IGAPE procede á dotación anual das correspondentes provisións por posibles insolvencias en relación co risco asociado á citada carteira de préstamos concedidos. No exercicio 2016 as provisións dotadas acadan un importe de 13,6 millóns de euros, o que supón unha diminución con respecto ao exercicio anterior dun 50,7%.

2.3.20. A Xunta participa en sociedades (Sodiga) e fondos de capital risco (Emprende, Adiante) cuxo obxecto é a toma de participación temporal no capital e a concesión de préstamos a empresas non cotizadas. A finais de 2016 o capital achegado a estes instrumentos ascendía a 254 millóns de

euros. As perdas acumuladas por insolvencias e deterioro de investimentos nesa data eran de 160,1 millóns de euros.

Compromisos futuros

2.3.21. Os compromisos de gastos futuros da Administración xeral, dos organismos autónomos, axencias públicas e entidades instrumentais de consulta ou asesoramento dependentes da Xunta acadaron no exercicio 2016 un importe de 17.746,70 millóns de euros, sendo os máis significativos os da Administración xeral, por importe de 12.283,40 millóns de euros. Respecto destes últimos compromisos da Administración xeral, neste exercicio aumentaron nos capítulos de pasivos financeiros, gastos de persoal e transferencias de capital.

Os compromisos futuros encóntranse infravalorados pola infraestimación dos compromisos coa empresa AUDASA pola supresión da peaxe, xa que de novo as previsións resultaron ser inferiores ao gasto realmente producido.

Estados financeiros

2.3.22. Neste epígrafe mantéñense as carencias xa advertidas en exercicios anteriores como consecuencia de que o sistema contable da Administración xeral da Xunta é basicamente orzamentario, e este serve de base para elaborar a documentación de carácter económico-patrimonial.

- O balance recolle un inmovilizado material que non concorda co inventario, e sobre o que se practican unhas amortizacións que non reflicten a depreciación real; un inmovilizado inmaterial que non ten esa natureza; un inmovilizado financeiro que non se corresponde co reflectido no inventario patrimonial; e uns fondos propios que non funcionan segundo prevé o PXCPG. O epígrafe de acredores do balance non ten rexistrada a débeda contraída coa Administración do Estado como consecuencia das liquidacións negativas do sistema de financiamento correspondentes aos exercicios 2008 e 2009, e que a 31 de decembro de 2016 ascende a 1.272,92 millóns de euros.

III. RECOMENDACIÓNS

III.1. SEGUIMENTO DAS RECOMENDACIÓNS DO INFORME DO EXERCICIO 2015

3.1. En relación coas medidas adoptadas pola Comunidade Autónoma para o cumprimento das recomendacións formuladas no Informe de fiscalización do exercicio 2015, ponse de manifesto que, en xeral, non se apreciaron avances salientables, polo que, á vista do seu insuficiente grao de implantación, van ser reiteradas no presente informe.

Cabe, non obstante, sinalar que algunhas das recomendacións foron parcialmente atendidas, co alcance que se sinala a continuación:

- *Completar os programas orzamentarios con indicadores para a medición dos obxectivos previstos, que deben ser cuantificables e medibles, e analizar o seu grao de cumprimento e as desviacións producidas. (Recomendación 8.2)*

No exercicio 2016 aprobouse polo Consello da Xunta o novo Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, no que se inclúen as liñas estratéxicas da actividade do sector público autonómico para este período e se incorporan melloras na formulación dos obxectivos e dos correspondentes indicadores. Ademais, por Orde da Consellería de Facenda do 30 de xuño de 2016 estableceuse o Plan de avaliación e seguimento dese plan estratéxico. Polo tanto, téñense producido avances no desenvolvemento normativo, que contribuirán no futuro á posibilidade de realizar un seguimento e avaliación do grao de cumprimento e das desviacións producidas.

- *Resulta necesaria a implantación de procedementos ou a adopción de instrucións que garantan a obtención pola Intervención Xeral de información máis ampla e fiable das obrigas de exercicios anteriores pendentes de imputar ao orzamento, así como o adecuado reflexo daquelas, nos casos en que proceda, na conta de acredores pendentes de imputar ao orzamento. Sobre esta conta resulta necesario un especial seguimento e control por parte da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma. (Recomendación 6.8 parágrafo 2º)*

O 31 de xaneiro de 2018 a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma ditou unha instrución sobre a cumprimentación de documentos contables en relación coa aplicación do artigo 60.2.b) do Decreto 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, que regula a aplicación con cargo ao orzamento das obrigas derivadas de compromisos de gasto debidamente adquiridos en exercicios anteriores e dá instrucións para a

obtención de información máis ampla e fiable das obrigas de exercicios anteriores pendentes de imputar ao orzamento.

- *O actual contexto de restricións orzamentarias require dunha precisa determinación dos proxectos ou infraestruturas cuxos obxectivos xustifiquen diferir o gasto a orzamentos futuros, así como do establecemento de límites cuantitativos en función da evolución do aforro. (Recomendación 6.13)*

A Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, impón no artigo 26 unha modificación do artigo 14 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, que obriga aos xestores a unha adecuada planificación dos investimentos e obriga a que os expedientes de autorización de investimentos do sector público autonómico, ou a modificación orzamentaria que os financie, vaian acompañados dunha memoria, co alcance e contido que se estableza por Orde da consellería competente en materia de facenda, na que se cuantifique o custo total do investimento e as implicacións no gasto corrente dos exercicios futuros.

III.2. RECOMENDACIÓNS

Presentación da información contable

3.2. Faise necesario que por parte da Administración se aborde con urxencia unha reforma e actualización do marco normativo en materia económica, orzamentaria e contable, que inclúa a delimitación das entidades que integran o perímetro orzamentario e da Conta Xeral, a formación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma, e a regulación dos procesos de consolidación das contas destas entidades; e tamén a aprobación dun novo Plan de contabilidade pública da Comunidade Autónoma que cumpra co proceso de harmonización contable.

No marco destas modificacións normativas, sería aconsellable incorporar a destinada ao adianto do prazo da rendición da Conta Xeral.

3.3. En aras ao cumprimento do principio de transparencia da actividade pública, recoméndase unha revisión profunda da memoria da Conta Xeral, incorporando información sobre todos aqueles aspectos previstos na normativa de aprobación, e en especial: a) da situación financeira global do sector público autonómico; b) da execución de beneficios fiscais; c) do volume de endebedamento e

grao de cumprimento dos obxectivos; d) do estado agregado dos compromisos de gastos futuros do sector público autonómico.

Liquidación e xestión orzamentaria

3.4. Recoméndase a adopción de medidas legislativas e de control parlamentario que limiten o uso excesivo do programa *621B Imprevistos e funcións non clasificadas*.

3.5. As necesidades atendidas co Fondo de continxencia deben responder estritamente ao carácter de imprevistas e non discrecionais, como esixe a LOEOSF. Con esta finalidade, sería recomendable determinar normativamente os supostos de aplicación e a súa dotación anual.

3.6. De cara ás incorporacións de créditos finalistas, recoméndase coidar que o desfase temporal entre o recoñecemento do dereito e a obriga a financiar non poña en dificultade o seu financiamento por utilizar os dereitos finalistas para outras aplicacións diferentes ás que estean dirixidos. Neste sentido, o proxecto de orzamentos debería contar cunha dotación de crédito suficiente destinada a dar cobertura ás incorporacións de fondos propios libres co obxectivo de non afectar á distribución de créditos prevista.

3.7. Sen prexuízo das melloras advertidas neste exercicio 2016, recoméndase realizar unha adecuada planificación orzamentaria que faga posible atender sen dificultade as necesidades de gasto previstas para cada exercicio corrente, de maneira que a liquidación orzamentaria recolla a totalidade de obrigas e dereitos devindicados no exercicio en cumprimento do principio de anualidade orzamentaria.

Estabilidade orzamentaria

3.8. O principio de transparencia esixe que tanto o proxecto como a liquidación orzamentaria inclúan información suficiente e adecuada respecto ás diferenzas entre o orzamento e as contas en termos de contabilidade nacional, así como os axustes necesarios para a súa conciliación co fin de verificar o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Remanente de tesourería

3.9. Na liña das recomendacións anteriores, insístease na necesidade de incorporar un sistema completo de seguimento dos gastos con financiamento afectado, que permita coñecer de xeito fiable as desviacións de financiamento producidas no exercicio e as acumuladas desde o inicio dos proxectos de gasto.

Considérase necesario a regularización e depuración dos dereitos recoñecidos pendentes de cobro, en especial os de maior antigüidade.

Tesourería

3.10. A Comunidade debe incorporar os saldos das contas de habilitación e das contas restrinxidas de recadación ao saldo final de tesourería e proceder á súa contabilización e conciliación.

3.11. Deberían articularse os mecanismos necesarios para que a Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro da Consellería de Facenda poida exercer o control das contas restrinxidas de ingresos asignadas á ATRIGA en tanto os fondos das mesmas non son traspasados ás contas operativas de ingresos.

3.12. Deberían tomarse as medidas oportunas para articular o orzamento de tesourería que contemple as previsións necesarias co obxecto de conseguir unha adecuada distribución temporal dos pagos e unha correcta estimación da necesidade de endebedamento da Comunidade Autónoma.

Endebedamento

3.13. Dada a relevancia que o endebedamento autonómico ten alcanzado nestes últimos anos en termos de sustentabilidade futura das contas públicas, recoméndase á Administración autonómica realizar un esforzo na subministración dunha información o máis ampla posible na Memoria e na Conta de Endebedamento da Conta Xeral, de xeito que se facilitara o seu seguimento e análise.

Compromisos de futuros

3.14. Recoméndase a precisa planificación dos proxectos ou infraestruturas cuxos obxectivos xustifiquen diferir o gasto a orzamentos futuros, así como do establecemento de límites cuantitativos en función da evolución do aforro.

IV. ÁMBITO DA CONTA XERAL, RENDICIÓN DE CONTAS E CONTROL

IV.1. SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

IV.1.1. ENTIDADES INCLUÍDAS

4.1. Para os efectos da LOFAXGA, o sector público autonómico está integrado pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, polas entidades públicas instrumentais dependentes daquela e por outras entidades instrumentais de titularidade pública respecto das cales pode xuridicamente exercer, de forma directa ou indirecta, unha influencia dominante.

No primeiro grupo atópanse os organismos autónomos, as axencias públicas, as entidades públicas empresariais e os consorcios autonómicos; no segundo, as sociedades mercantís públicas e as fundacións do sector público autonómico.

Aínda que na actualidade está sen adaptar o TRLRFOG a esta clasificación de entidades instrumentais, a Lei 12/2015, do 24 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2016, delimita o ámbito orzamentario, incorporando a tipoloxía de entidades públicas conforme a clasificación da LOFAXGA, e a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma tamén elaborou as contas do sector público de Galicia integrando as contas das distintas entidades conforme á mesma clasificación.

No seguinte cadro resúmese o número de entidades do sector público autonómico, incluída a Administración xeral, conforme á Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia:

**Cadro 1: Sector público autonómico 2016**

Entidades	Entidades INVENTE (2)	Entidades ámbito orxamentario (3)	Entidades Conta Xeral (4)
Administración xeral (1)	1	1	1
Organismos autónomos	9	10	10
Entidades instrumentais de consulta ou asesoramento	2	2	2
Axencias públicas autonómicas	16	16	16
Entidades públicas empresariais	2	2	2
Consortios autonómicos	9	7	8
Sociedades mercantís públicas autonómicas	16	13	13
Fundacións do sector público autonómico	29	20	20
Total	84	71	72

(1) Presidencia da Xunta, dez consellerías e sete seccións adicionais.

(2) Entidades INVENTE: Inventario de entidades presentado polo Ministerio de Hacienda (INVENTE). Das 112 entidades que figuran en INVENTE a 01/01/2017, 84 son da Administración autonómica, 13 son do ámbito universitario, 10 de ámbito local e 2 consorcios estatais (aínda que participe a Xunta).

(3) Entidades ámbito orxamentario. Integradas nos orzamentos da Comunidade Autónoma. Lei 11/2014, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2015.

(4) Entidades Conta Xeral. Entidades que figuran na Conta Xeral da Comunidade Autónoma 2016

A definición do ámbito subxectivo do sector público da Comunidade coincide coa delimitación do sector público establecida polos criterios do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC-2010), que inclúe non só aquelas entidades nas que a Comunidade Autónoma participa maioritariamente nos seus fondos propios, senón tamén aquelas outras nas que exerce unha posición de dominio a través do control dos seus órganos de goberno ou do financiamento das súas actividades.

Tódalas entidades incluídas no ámbito orxamentario da Comunidade Autónoma aparecen integradas na Conta Xeral. O consorcio local dos Peares aparece integrado na Conta Xeral pero non no ámbito orxamentario da Comunidade Autónoma por terse adscrito á Xunta neste exercicio 2016⁵.

Tendo en conta os datos das entidades inventariadas polo MINHAC (108), así como os criterios da LOFAXGA para delimitar o sector público autonómico (83), podemos dicir que na actualidade a Conta Xeral comprende todas as entidades dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia (71), coa excepción de:

- entidades que non presentan actividade (Turgalicia e Consorcio Oncolóxico de Galicia)
- entidades que non teñen a condición de residentes (Fundación Galicia-Saúde e Fundación Galicia-América)

⁵ Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións.

- entidades que se teñen incluído recentemente no ámbito do SEC (as tres fundacións de investigación sanitaria: Fundación Ramón Domínguez; Fundación Profesor Novoa Santos; e Fundación Biomédica Galicia-Sur)

- entidades nas que a participación pública é maioritaria aínda que a da Xunta de Galicia non supera o 50% (dúas sociedades públicas: Sotavento e Meisa; e catro fundacións: Sotavento, Aqua Querquenaís, Rosalía de Castro e IFEVI)

Estas entidades deben integrarse nos orzamentos futuros e na Conta Xeral ou, cando menos, débense arbitrar medidas de transparencia e de control sobre a súa actividade económico-financeira.

IV.1.2. RECURSOS ORZAMENTARIOS

4.2. Formando parte da memoria da Conta Xeral inclúense determinados estados contables consolidados das entidades con orzamento limitativo: Administración xeral, organismos autónomos e axencias públicas. O gasto consolidado no exercicio 2016, unha vez eliminadas as transferencias internas por achegas efectuadas desde a Administración xeral a cada unha das entidades integrantes do sector público autonómico, ascendeu a 10.154.495 miles de euros, segundo se reflicte no seguinte cadro:

Cadro 2: Gasto consolidado entidades públicas con orzamento limitativo. (Millóns de euros)

Entidades	Orzamento	Gasto realizado	%
Administración xeral (1)	10.037,56	10.106,47	68,20%
Organismos autónomos (con entidades de consulta ou asesoramento)	3.650,86	4.116,17	27,78%
Axencias públicas autonómicas	695,86	595,32	4,02%
Total	14.384,32	14.817,96	100,00%
Transferencias internas	-4.074,07	-4.663,46	
Total consolidado entidades públicas	10.310,25	10.154,50	

Fonte: Elaboración propia. Datos do informe memoria Conta Xeral 2016

4.3. O resto das entidades, con orzamento estimativo, xestionan unha porcentaxe de recursos significativamente máis reducidos, en torno ao 3,6% dos recursos orzamentarios. Ante a falta de datos consolidados, tómase como dato representativo o volume de recursos que figura no proxecto de orzamentos da Comunidade, sen que poida ofrecerse a súa execución consolidada.

**Cadro 3: Orzamento e gasto agregado das entidades con orzamento estimativo. (Millóns de euros)**

Entidades	Orzamento	Recursos utilizados	% recursos
Entidades públicas empresariais	121,18	78,90	12,22%
Consortios autonómicos	82,74	79,60	12,31%
Sociedades mercantís públicas autonómicas	406,10	394,97	61,06%
Fundacións do sector público autonómico	98,97	92,40	14,28%
Total	708,99	645,87	100,00%
<i>Transferencias internas</i>	-330,9		
Total agregado	378,09		

Fonte: Elaboración propia. Datos do proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma 2016

No conxunto do sector público autonómico o orzamento total elévase a 11.019 millóns de euros, que despois das transferencias internas presenta un orzamento consolidado de 10.688 millóns de euros.

IV.2. FORMACIÓN E RENDICIÓN DA CONTA

IV.2.1. FORMACIÓN DA CONTA XERAL

4.4. Segundo o artigo 118 do TRLRFOG, a Conta Xeral comprende tódalas operacións orzamentarias, patrimoniais e de tesourería levadas a cabo durante un exercicio e está integrada pola conta da Administración xeral, as contas dos organismos autónomos e as contas das sociedades públicas e demais entes públicos.

A formación da Conta Xeral adaptouse, en termos xerais, aos principios e normas contables contemplados nos plans de contabilidade vixentes que lle son de aplicación, sen prexuízo da necesaria actualización normativa que precisan, que xa se leva advertindo nos anteriores informes de fiscalización e que comprende:

- A necesidade de reformar a normativa para incluír no ámbito subxectivo da Conta Xeral a todos os entes dependentes, na liña co que xa ocorre na práctica. No exercicio 2016 a Conta Xeral integra a práctica totalidade das entidades controladas pola Administración autonómica.
- A actualización do PXCPG aprobado en 2001 tomando como base o Plan xeral de contabilidade pública de 1994 e o Plan privado do ano 1990, na actualidade derogados e substituídos por plans novos inspirados nos pronunciamentos de organismos internacionais en materia de contabilidade. A convivencia do plan público galego, que contén normas e criterios contables moi diferentes, co novo plan privado aplicado polas sociedades e fundacións públicas afecta á homoxeneidade da información e á súa comparabilidade, e dificulta os traballos de consolidación de contas. Ademais, o

feito de que na Administración central e nalgunhas comunidades autónomas se estean a aplicar plans actualizados tamén dificulta a comparación e pon de relevo a necesidade de actualizar o marco contable da Administración galega.

- A necesidade de normalización do contido da Conta Xeral a través dunha nova instrución de contabilidade por parte da Consellería de Facenda, que estableza para cada tipo de entidade o procedemento de elaboración e remisión da información, así como a necesidade de impulso ao desenvolvemento, en colaboración co Consello de Contas, da rendición telemática da Conta Xeral.

IV.2.2. RENDICIÓN DA CONTA XERAL

4.5. A Conta Xeral para o exercicio 2016, formada pola Intervención Xeral, rendeuse o 29 de setembro de 2017, dentro do prazo legalmente establecido, logo da aprobación da súa remisión acordada polo Consello da Xunta.

A Lei 8/2015, do 7 de agosto, pola que se modifica, entre outros, o artigo 121 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, adiantou o prazo de rendición da Conta Xeral do 31 de outubro ao 30 de setembro, na liña de adiantamento do prazo de rendición promovido polo Tribunal de Cuentas e polos órganos de control externo aos efectos de facilitar o acercamento no tempo do control. Recentemente, tódalas Institucións de Control Externo do Estado e o Tribunal de Cuentas veñen de subscribir unha declaración institucional (21 de xuño de 2017) sobre modificacións legais para promover a redución dos prazos da rendición de contas do sector público pola que se insta á adopción de medidas legais encamiñadas á homoxeneización e redución do prazo de rendición de contas, establecéndose como data recomendada o 30 de xuño do exercicio seguinte ao que aquelas se refiren.

4.6. A maioría das entidades renden contas integradas na Conta xeral. As contas individuais das restantes entidades son remitidas directamente por estas ao Consello de Contas, tendo como prazo legal límite de rendición antes do 30 de xullo. O 75% das entidades instrumentais cumpriron coa obriga de rendición de contas en prazo. Non renderon as contas en prazo 8 entidades e non cumpriron coa obriga de rendición 19 entidades. Tampouco renderon contas os fondos de capital risco xestionados por Xesgalicia e as tres fundacións para a investigación vinculadas aos centros hospitalarios do SERGAS.



Cadro 4: Situación da rendición de contas no exercicio 2016

Entidades do sector público autonómico	OO.AA. administrativos	Entidades de consulta	Axencias públicas	Entidades p. empresariais	Sociedades mercantís	Fundacións do sector público	Consortios autonómicos	Total
Rendición en prazo	9	2	16	2	13	20	8	70
Rendición fóra de prazo	---	---	---	---	3	4	1	8
Non rendidas	---	---	---	---	5	11	3	19
Total Entidades (1)	9	2	16	2	22	37	20	108

Fonte: entidades INVENTE. Inventario de entidades presentado polo Ministerio de Hacienda (INVENTE). O número de entidades dependentes ou instrumentais inventariados no sector público autonómico ascende a 108.

IV.3. CONTROL INTERNO

IV.3.1. O CONTROL INTERNO NA ADMINISTRACIÓN XERAL

4.7. A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma é o órgano encargado do control interno da xestión económica e financeira do sector público autonómico. Este control exerceuse respecto da Administración xeral mediante a función interventora (fiscalización previa).

O modelo de función interventora implantado comprende a aplicación da fiscalización previa limitada dos gastos, coas excepcións establecidas para os contratos menores, os gastos de carácter periódico, os gastos mediante anticipos de caixa fixa, as subvencións nominativas, e os gastos que exclúan as leis anuais de orzamentos.

Respecto da función interventora dos ingresos, substituíuse a fiscalización previa dos dereitos polo control inherente á toma de razón en contabilidade, establecéndose as actuacións comprobatorias posteriores que determine a Intervención Xeral.

A Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia establece que nos supostos en que a función interventora fose preceptiva e se omitise corresponde ao titular da Consellería da que proceda o expediente someter o asunto ao Consello da Xunta para que, previo informe da Intervención Xeral, adopte a resolución que proceda. No exercicio 2017 foron sometidos ao Consello da Xunta os seguintes expedientes de validación de gastos orixinados no exercicio 2016 ou anteriores:

Cadro 5: Expedientes de validación de gastos 2016. (Euros)

Consellería	Número expedientes	Importe
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, A.P. e Xustiza	1	35.833,42
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	2	46.694,46
Consellería de Sanidade	2	924.404,26
Consellería do Medio Rural	2	836.040,24
Total	7	1.842.972,68

Fonte: Elaboración propia. Datos facilitados pola IXCA

Aínda que a Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia prevé que os gastos sometidos a fiscalización previa serán obxecto doutra fiscalización plena con posterioridade, no exercicio fiscalizado a Administración xeral da Comunidade Autónoma non vén realizando estes controis.

Tampouco consta a extensión do control financeiro sobre servizos ou áreas de xestión das Consellerías co obxecto de verificar o grao de cumprimento da legalidade, especialmente indicado naqueles aspectos que non foran obxecto de fiscalización previa, como os relativos á contratación menor ou ás subvencións nominativas.

Todo isto sen prexuízo dos controis específicos realizados sobre os fondos comunitarios. Para o exercicio 2016 a Intervención Xeral aprobou por resolución do 7 de febreiro un plan de auditoría que afecta a distintos centros e entidades xestoras de fondos comunitarios para a revisión das certificacións aprobadas no último semestre de 2016 e no primeiro de 2017.

IV.3.2. O CONTROL INTERNO SOBRE AS ENTIDADES INSTRUMENTAIS

4.8. Respecto dos organismos e entidades do sector instrumental, o control interno exerceuse maioritariamente mediante o control financeiro nas súas distintas modalidades (ordinario ou permanente).

Para o exercicio do control financeiro ordinario, a Intervención Xeral aproba anualmente un plan de control das entidades que integran o sector público autonómico, contratándose para a súa realización, cando se precisa, os servizos externos de empresas privadas de auditoría. Sobre a actividade do exercicio 2016 destas entidades, por Resolución da Intervención Xeral do 20 de maio de 2017 aprobouse un plan de control financeiro a realizar no exercicio 2017.

O grao de cobertura deste plan de control financeiro abarcou o 88% do total das entidades do sector público autonómico sen fiscalización previa ou sen un plan específico de control financeiro que integran a Conta Xeral, co seguinte alcance⁶:

Cadro 6: Actuacións de control 2016

Tipo de actuación	Programada	Realizada
Auditoría de contas (*)	17 entidades	Realizadas
De cumprimento	28 entidades	En realización
Integral	10 entidades	En realización
Total	55 entidades	

Fonte: Elaboración propia. Datos facilitados pola IXCA

(*) Fóra do plan de control financeiro

Nos informes de control sobre as distintas entidades correspondentes a plans anteriores recóllense excepcións que se veñen producindo reiteradamente, sen que a Intervención Xeral elabore un informe comprensivo das actuacións desenvolvidas no exercicio deste control e das principais conclusións obtidas naqueles que permita un coñecemento da situación das entidades en relación coa observancia da normativa que regula a súa xestión.

4.9. Finalmente, debe indicarse que, aínda que un bo número de entidades integrantes do sector público autonómico veñen sometendo a auditorías as súas contas anuais, o alcance dos informes de control é moito máis amplo e abarca aspectos da xestión que non comprenden as primeiras. Por iso, é necesario resaltar a relevancia que adquire en moitos casos este control financeiro exercido sobre as entidades do sector público autonómico como garantía do seu bo funcionamento, tendo en conta, así mesmo, que a maioría destas entidades públicas non dispoñen dunha unidade de auditoría interna propia dentro da súa organización.

No exercicio 2016, o 70% das entidades públicas instrumentais unen ás súas contas o correspondente informe de auditoría, presentando nove das entidades unha opinión favorable con salvidades.

As principais observacións refírense a incertezas sobre a continuidade da actividade (tres entidades); aos efectos económicos nas contas de litixios ou reclamacións pendentes de resolver e de sentenzas pendentes de executar (unha entidade); a incertezas sobre os efectos económicos derivados de

⁶ Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións.

actuacións de comprobación e inspección tributaria (unha entidade); e a observacións relativas á aplicación do Plan xeral de contabilidade pública de Galicia (dúas entidades).

IV.4. TRANSPARENCIA

IV.4.1. A CALIDADE DA INFORMACIÓN ECONÓMICA E FINANCEIRA RENDIDA

4.10. A calidade da información económica e financeira rendida tanto pola Administración xeral como polas entidades públicas está condicionada pola falta de actualización do marco contable que serve de base para a súa presentación. En calquera caso, a información actualmente rendida presenta unha serie de defectos que afectan á transparencia sobre a actividade desenvolvida polo sector público autonómico.

4.10.1. Un primeiro aspecto que afecta tanto á Administración xeral como á Administración instrumental é a falta de calidade e información que ofrecen as memorias que se xuntan ás contas anuais. A memoria configúrase como un elemento básico para mellorar a transparencia das contas públicas, xa que lle corresponde completar, comentar, ampliar e explicar o resto de estados contables. Con todo, a análise das memorias rendidas pon de manifesto importantes deficiencias.

- Nas entidades sometidas ao PXCPG, as memorias, con carácter xeral, non ofrecen información sobre todos os apartados contemplados na norma, ou a información ofrecida é vaga e xeral. Esta eiva é especialmente visible tanto na Administración xeral como nos organismos autónomos onde as memorias non cumpren nin sequera minimamente a súa función explicativa e carecen por completo de valor informativo. O feito de que o PXCPG unicamente enuncie os apartados sobre os que se debe achegar información pero non regule o seu contido nin o formato da información provoca a heteroxeneidade dos documentos elaborados e facilita as súas carencias.

Con todo, é preciso poñer de manifesto que a partir do exercicio de 2013 obsérvase unha notable mellora na calidade das memorias elaboradas polas axencias públicas, aínda que non así polos organismos autónomos.

- Pola súa banda, as memorias que elaboran as fundacións e sociedades mercantís seguindo os modelos e contido legal fixados nos plans de contabilidade privados non informan sobre moitos extremos que resultan necesarios tendo en conta a pertenza destas entidades ao sector público. Estas lagoas deberían ser cubertas por unha orde da Consellería de Facenda na que se regulase o contido desta obriga de achegar documentación adicional económico-financeira e os formatos de

presentación.

- As contas da Administración xeral e das entidades dependentes preséntanse de forma individual, sen que practicamente se ofrezca información consolidada. Na actualidade producíronse algúns avances e a Conta Xeral ofrece algunhas variables e estados consolidados da Administración xeral, os organismos autónomos e axencias. Con todo, non existe consolidación dos datos das entidades públicas empresariais, sociedades, consorcios e fundacións, que se presentan exclusivamente de forma individual sen que se ofrezca en ningún documento unha visión global sobre a situación e evolución deste sector.
- Con carácter xeral, a documentación rendida polas entidades dependentes non inclúe información sobre determinados aspectos económicos e de xestión básicos esenciais para cumprir coa obriga de dar conta da xestión realizada: información de carácter orzamentario, Información sobre o cumprimento da lexislación de contratos do sector público, información relativa ao persoal, información sobre o grao de execución de contratos-programa e encomendas de xestión, ou información sobre o custo de actividades e indicadores de xestión.

4.10.2. En relación coa información de contido económico-orzamentario, no exercicio 2016 non se incluíu dentro dos orzamentos aprobados nin nas contas rendidas información suficiente e precisa para verificar o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e poder relacionar o saldo orzamentario coa capacidade ou necesidade de financiamento, calculado conforme ás normas do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, tal e como se establece nos artigos 6.1 e 27.1 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

4.10.3. En cumprimento da LOEOSF e da Lei autonómica 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, para os efectos da instrumentación do principio de transparencia os orzamentos de 2016 recollen información sobre a necesidade de financiamento da Comunidade Autónoma, os investimentos reais das empresas públicas en termos de contabilidade nacional, a ratio de gasto público da Comunidade Autónoma en relación co produto interior bruto rexional, o nivel de débeda pública no seguinte exercicio, e a evolución das seguintes ratios e magnitudes: ratio débeda/PIB, ratio débeda/ingresos correntes, risco comprometido por avais, e compromisos por utilización de fórmulas de pago adiado, tanto xa contratadas como das previstas para o exercicio orzamentario.

Valorando positivamente a información aportada, parece necesario estendela á fase de execución (Conta Xeral) e completala con outra derivada das restantes obrigas impostas pola LOEOSF na

instrumentación dese principio de transparencia, en especial con información máis precisa sobre os axustes no cálculo do cumprimento do obxectivo de estabilidade para verificar os saldos resultantes de ingresos e gastos orzamentarios coa capacidade ou necesidade de financiamento en termos SEC (art. 27.1 da LOEOSF).

A memoria da Conta Xeral tampouco ofrece información suficiente sobre a evolución, estrutura e xestión financeira do endebedamento consolidado. A información que ofrece non permite facer un seguimento e análise adecuado desta magnitude, que está adquirindo unha gran relevancia pola súa dimensión.

Por último, tamén resulta necesaria información consolidada das magnitudes dos compromisos de gastos con cargo a exercicios futuros do conxunto das entidades que integran o sector público autonómico, xa que a memoria límitase a mostrar as contías dos compromisos futuros da Administración xeral.

IV.4.2. AS ESIXENCIAS DA NORMATIVA DE TRANSPARENCIA

4.11. A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno, estableceu na súa disposición final novena un prazo máximo de dous anos para a adaptación dos órganos das CC.AA. ás obrigacións nela contidas. En desenvolvemento da lexislación básica estatal, e para dar cumprimento ao mandato referido no parágrafo anterior, ditouse a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta lei, ao igual que a estatal, fai do portal de transparencia a principal ferramenta en materia de publicidade activa. Este configúrase como a dirección electrónica, dispoñible a través de redes de telecomunicacións, que ten por obxecto pór a disposición dos cidadáns toda clase de servizos e informacións relacionadas coa Comunidade Autónoma de maneira totalmente gratuíta.

A Administración xeral implantou e puxo en marcha o primeiro portal de transparencia da Comunidade Autónoma o 7 de marzo de 2016. En canto ao resto de entidades comprendidas no ámbito subxectivo de aplicación da Lei de transparencia, en xeral tódalas entidades dispoñen dun portal propio de transparencia.

Coa posta en marcha do portal de transparencia a Intervención Xeral publica na súa web a Conta Xeral e, con carácter xeral, as entidades dependentes publican na internet as súas contas. En todo caso, o xeito de publicar as contas mediante escaneo das mesmas impide calquera sistema áxil de busca e consulta de información.

No portal de transparencia da Xunta figura, dentro da información de carácter económico-financeiro esixida polo artigo 11 da Lei 1/2016, información sobre o financiamento, o teito de gasto, sobre a situación de déficit/superávit, ou gasto por habitante, sempre cun enlace ao informe económico-financeiro do proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma (en formato PDF). Non figura o plan económico-financeiro 2017-2018 aprobado pola Comunidade Autónoma.

A páxina web da Consellería de Facenda publica tamén os informes sobre o grao de cumprimento do obxectivo de estabilidade, así como o período medio de pagamento a provedores.

IV.5. IGUALDADE EFECTIVA ENTRE MULLERES E HOMES

4.12. A lexislación propia da Comunidade Autónoma, así como os órganos encargados especificamente da aplicación das políticas de igualdade durante o exercicio fiscalizado, recóllense a continuación:

- Lei 30/2003, do 13 de outubro, sobre medidas para incorporar a valoración do impacto de xénero nas disposicións normativas que elabore o goberno.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- Lei 5/2010, do 23 de xuño, pola que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada.
- Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

A Secretaría Xeral de Igualdade é o órgano directivo que desenvolve as políticas de igualdade. No exercicio 2013 constituíuse a Comisión Interdepartamental de igualdade como órgano encargado de reforzar a transversalidade de xénero nas políticas da Xunta.

IV.5.1. CIFRAS SOBRE IGUALDADE NA ADMINISTRACIÓN

4.13. Recóllese a continuación a distribución dos efectivos da Comunidade Autónoma entre mulleres e homes, segundo datos estatísticos publicados pola Dirección Xeral de Función Pública correspondentes ao segundo trimestre de 2016:

Cadro 7: Distribución de efectivos por sexo

Consellerías e OO.AA.		Docencia non universitaria				Institucións sanitarias				Xustiza		Total	
		Docentes		Non docentes		Sanitarios		Non Sanitarios					
Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
43%	57%	30%	70%	20%	80%	21%	79%	34%	66%	30%	70%	30%	70%

Fonte: Evolución de efectivos segundo semestre 2016. Páxina web Función Pública

O seguinte cadro reflicte a distribución por sexo dos altos cargos da Comunidade Autónoma e a composición do Parlamento autonómico:

Cadro 8: Distribución de altos cargos por sexo

Administración	Postos	Mulleres	Homes
Administración autonómica	Membros do goberno	40%	60%
	Direccións xerais, secretarías xerais e altos cargos	39%	61%
Parlamento autonómico	Deputadas/os	45%	55%
	Mesa do Parlamento	60%	40%

Fonte: Relación de altos cargos a 31.12.2016 facilitada pola IXCA. Páxina web Parlamento de Galicia

Dos datos expostos no cadro anterior sobre as direccións xerais, secretarías e outros altos cargos, membros do Parlamento e a súa Mesa, apréciase unha composición equilibrada, conforme se define na Disposición adicional 1ª da Lei orgánica 3/2007 "Aos efectos desta Lei, entenderase por composición equilibrada a presenza de mulleres e homes de forma que, no conxunto a que se refira, as persoas de cada sexo non superen o sesenta por cento nin sexan menos do corenta por cento".



IV.5.2. ACTUACIÓNS

4.14. A Secretaría Xeral da Igualdade levou a cabo no 2016 o proceso de elaboración do VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, co propósito de definir a estratexia a seguir nesta materia polo goberno galego no período 2017-2020.

No 2016 a mencionada Secretaría Xeral realizou actuacións concretas de promoción da igualdade a través do programa *313B Accións para a igualdade, protección e promoción da muller*, por importe de 5,21 millóns de euros, que supón unha execución orzamentaria do 85% dos créditos dispoñibles. A través deste programa incidiuse en aspectos tales como o fomento do emprendemento das mulleres e o autoemprego feminino ou o desenvolvemento de accións formativas co fin de sensibilizar e superar desigualdades de xénero e o apoio asociativo das mulleres.

No que se refire ao ámbito da violencia de xénero, a través do programa 313D, cun importe de gasto executado de 4,28 millóns de euros (98% de execución), as actuacións dirixíronse á prevención e sensibilización, abordaxe de novas liñas de traballo no marco do Observatorio Galego da Violencia de Xénero; o apoio económico ás mulleres vítimas de violencia con ingresos máis baixos e dificultade de inserción laboral, ou o fortalecemento da rede galega de acollemento e o impulso de actividades de información e formativas.

No exercicio fiscalizado tramitáronse 10 convocatorias de subvencións tendentes ao fomento da igualdade e a loita contra a violencia de xénero. Destacamos as seguintes⁷:

- Resolución do 1 de setembro de 2016, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida.
- Resolución do 15 de xuño de 2016, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas do programa EMEGA para o fomento do emprendemento feminino en Galicia.
- Resolución do 14 de xullo de 2016, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas destinadas a fomentar o asociacionismo e a participación das mulleres.
- Resolución do 5 de abril de 2016, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se regulan as bases para a concesión das axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero.

⁷ Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións.

- Resolución do 28 de marzo de 2016, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas á conciliación da vida familiar e laboral como medida de fomento da corresponsabilidade para os traballadores que se acollan á redución da súa xornada.

V. LIQUIDACIÓN ORZAMENTARIA

V.1. ORZAMENTO CONSOLIDADO

V.1.1. ESCENARIO ORZAMENTARIO

5.1. A exposición de motivos da Lei 12/2015, do 24 de decembro, que aproba os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2016, sinala que son os últimos dunha lexislatura na que o Goberno galego apostou por unha política económica dirixida á eficiencia do gasto, o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e a recuperación da actividade económica. O escenario de elaboración dos orzamentos deste exercicio baseouse nunhas previsións de aumento do PIB do 2,5% e do nivel de emprego do 1,7%, unha taxa de paro do 18,3%, e un obxectivo de estabilidade orzamentaria do -0,3%⁸ do PIB.

Con estas previsións, ao abeiro do artigo 2 da Lei 2/2011, do 16 xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, e unha vez determinado o obxectivo de estabilidade orzamentaria da Comunidade Autónoma, o Consello da Xunta de Galicia acordou propoñer un límite de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o exercicio 2016 de 8.873 millóns de euros.

A posterior evolución da situación económica deste ano 2016 pon de manifesto que se superaron tódalas previsións das variables macroeconómicas, como pode advertirse no cadro seguinte:

Cadro 9: Escenarios de elaboración orzamentaria 2016

Magnitudes	Previsións	Evolución posterior
Crecedemento PIB	2,5%	3,1%
Nivel de emprego	1,7%	2,3%
Taxa de paro	18,3%	17,2%
Obxectivo estabilidade	-0,3%	-0,5%

Fonte: Elaboración propia. Datos do proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma 2016 e IGE

⁸ Modificado a raíz da recomendación autónoma da Comisión Europea do 9 de marzo de 2016 que incorpora a actualización do programa de estabilidade 2016-2019 do Reino de España, e a aprobación de novos obxectivos de estabilidade polo CPFF, na súa sesión do 28 de abril de 2016, que determinan un obxectivo de déficit para Galicia do -0,7% do PIB.

V.1.2. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO CONSOLIDADO

5.2. O estado de liquidación do orzamento consolidado que se presenta na memoria da Conta Xeral comprende a liquidación do orzamento de gastos (clasificada por capítulos), a liquidación do orzamento de ingresos (por capítulos) e o resultado orzamentario.

Os datos da liquidación de ingresos, logo dunha petición de aclaración realizada polo Consello, foron rectificadas pola Intervención Xeral no curso desta fiscalización ao detectarse que non estaba incluído o importe dos ingresos do FEAGA. Posteriormente, e polo mesmo motivo, no trámite de alegacións tamén se rectificou o importe dos gastos consolidados. Polo tanto, as respectivas liquidacións recollidas na memoria da Conta Xeral rendida non reflicten o importe correcto destas magnitudes. As rectificacións non afectan significativamente ao saldo orzamentario pola similitude do importe dos ingresos e gastos omitidos. No trámite de alegacións a Intervención Xeral comprometeuse a realizar a oportuna corrección de erros da Conta Xeral do ano 2016 e remítilla ao Consello de Contas.

Segundo a información contida na memoria rendida, os créditos iniciais consolidados ascenderon a 10.310 millóns de euros e as obrigacións recoñecidas netas a 10.154 millóns (10.368 millóns cos gastos executados con cargo ao FEAGA), sendo significativos os menores gastos sobre os inicialmente previstos nas operacións de capital⁹.

Cadro 10: Consolidado. Liquidación de gastos 2016. (Miles de euros)

Capítulo	Créditos iniciais	Modificacións	Créditos definitivos	Obrigas recoñecidas (OR)	Peso capítulo	Variación OR 15-16	Índice execución	Índice cumprimento
Gastos de persoal	3.566.897	112.926	3.679.823	3.667.770	36,12%	3,04%	99,67%	99,94%
Gastos bens correntes e servizos	1.482.595	197.107	1.679.702	1.650.152	16,25%	0,24%	98,24%	90,56%
Gastos financeiros	270.997	-746	270.251	269.727	2,66%	-12,42%	99,81%	99,97%
Transferencias correntes	2.014.527	125.639	2.140.166	2.018.713	19,88%	3,17%	94,33%	92,33%
Fondo continxencia	52.038	-34.484	17.554	0	0			
Gastos correntes	7.387.054	400.442	7.787.496	7.606.362	74,91%	1,82%	97,67%	95,89%
Investimentos reais	777.709	2.937	780.646	690.192	6,80%	-7,99%	88,41%	76,85%
Transferencias de capital	639.680	-185.673	454.007	347.625	3,42%	-46,85%	76,57%	75,34%
Gastos de capital	1.417.389	-182.736	1.234.653	1.037.817	10,22%	-26,09%	84,06%	76,34%
Gasto non financeiro	8.804.443	217.706	9.022.149	8.644.179	85,13%	-2,60%	95,81%	93,54%
Activos financeiros	152.957	45.643	198.600	176.273	1,74%	25,15%	88,76%	99,58%
Pasivos financeiros	1.352.841	4.229	1.357.070	1.334.042	13,14%	2,15%	98,30%	100,00%
Gastos financeiros	1.505.798	49.872	1.555.670	1.510.315	14,87%	4,39%	97,08%	99,95%
Total	10.310.242	267.578	10.577.819	10.154.494	100,00%	-1,62%	96,00%	94,49%

Fonte: Elaboración propia. Memoria Conta Xeral

⁹ Parágrafos modificados como consecuencia das alegacións.

- A comparación interanual das modificacións totais netas reflicte unha diminución con respecto ao exercicio anterior de 851 millóns de euros.
- Con respecto ao exercicio anterior destaca o incremento do capítulo I dun 3,04%, por encima do incremento que se produce na Administración xeral.
- Os gastos correntes aumentan a súa importancia neste exercicio 2016 ata alcanzar o 75% do total das obrigas (2,5 puntos por encima do ano anterior).
- Pola contra, perden peso os investimentos reais, cunha diminución dun 8%, que cambia a tendencia crecente dos últimos anos, que no ámbito consolidado viña a paliar a caída que se producía na Administración xeral.
- No ámbito da xestión mellora respecto do exercicio anterior tanto o índice de execución como o de cumprimento (pagamentos).

5.3. Pola súa banda, as previsións iniciais de ingresos consolidados que figuran nos devanditos estados ascenden a 10.310 millóns e os dereitos recoñecidos netos consolidados a 10.202 millóns.

Cadro 11: Consolidado. Liquidación de ingresos 2016. (Miles de euros)¹⁰

Capítulo	Previsión inicial	Previsión definitiva	Dereitos recoñecidos (*)	% sobre o total	Variación DR 15-16	Índice liquidación	Índice recadación
Impostos directos	2.194.298	2.194.298	2.261.776	21,71%	8,00%	103,08%	99,16%
Impostos indirectos	3.242.799	3.242.799	3.222.196	30,93%	2,25%	99,36%	99,70%
Taxas, prezos e outros ingresos	178.603	178.752	177.122	1,70%	-13,74%	99,17%	79,57%
Transferencias correntes	2.392.676	2.443.696	2.374.820	22,80%	7,53%	99,25%	99,29%
Ingresos patrimoniais	16.060	16.060	19.123	0,18%	31,96%	119,07%	94,93%
A. Ingresos correntes	8.024.436	8.075.605	8.055.037	77,33%	4,97%	100,38%	98,97%
Alleamento de investimentos reais	13.000	13.000	8.209	0,08%	0,95%	63,15%	84,89%
Transferencias de capital	583.945	579.227	222.314	2,18%	-71,12%	38,07%	76,31%
B. Ingresos de capital	596.945	592.227	230.523	2,26%	-70,37%	38,62%	76,62%
I. Ingresos non financeiros (A+B)	8.621.381	8.875.144	8.285.560	81,22%	-1,97%	96,10%	98,35%
Activos financeiros	32.426	32.426	34.807	0,34%	5,35%	107,34%	68,22%
Pasivos financeiros	1.656.435	1.656.435	1.881.621	18,44%	7,40%	113,59%	98,67%
II. Ingresos financeiros	1.688.861	1.688.861	1.916.428	18,78%	7,36%	113,47%	98,11%
TOTAL (I+II)	10.310.242	10.356.692	10.201.988	100,00%	-0,34%	98,51%	98,31%

Fonte: Elaboración propia. Memoria Conta Xeral

¹⁰ Cadro modificado como consecuencia das alegacións.

- En termos absolutos os dereitos recoñecidos incrementáanse respecto do exercicio anterior nos capítulos de máis peso.
- Incrementáanse os recursos do sistema de financiación, e tamén o capítulo de pasivos financeiros nun 7,40% como consecuencia das operacións de endebedamento. O déficit inicial non financeiro previsto de 183 millóns quedou finalmente en 358 millóns de euros. Destaca a significativa diminución dos ingresos no capítulo de transferencias de capital¹¹.
- No ámbito da xestión, se ben empeora a execución, como xa se indicou mellora o índice de recadación en cerca de 1,5 puntos.

5.4. As principais magnitudes que se deducen dos datos consolidados que figuran na memoria da Conta Xeral, así como a súa evolución nos últimos anos, son as que se reflicten no cadro seguinte. Unha columna adicional referida ao ano 2016 recolle as rectificacións propostas pola Intervención Xeral.

Cadro 12: Evolución das principais cifras consolidadas 2011-2016. (Millóns de euros)¹²

Concepto	2011	2012	2013	2014	2015	2016*
Créditos definitivos	10.557	10.808	10.690	11.256	10.910	10.808
INF. Dereitos recoñecidos	8.250	8.004	8.079	7.855	8.452	8.500
GNF. Obrigas	8.944	8.889	8.623	8.498	8.874	8.858
Aforro bruto (gasto corrente-ingreso corrente)	-55	-122	77	-84	204	449
Resultado orzamentario NF	-694	-885	-544	-645	-428	-364
Resultado orzamentario	-802	-1.048	-649	-788	-537	-504
Saldo orzamentario	71	68	235	-27	-91	43
Remanente de Tesourería	-57	71	196	148	369	432

Fonte: Elaboración propia. Datos das liquidacións orzamentarias

*Rectificacións propostas pola Intervención Xeral. Incluído FEAGA

V.2. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE INGRESOS DA ADMINISTRACIÓN XERAL

Execución das previsións iniciais

5.5. No seguinte cadro amósanse os datos fundamentais da liquidación do orzamento de ingresos da Administración xeral, así como as seguintes ratios: 1) importancia relativa de cada capítulo sobre o total; 2) variación dos dereitos recoñecidos no exercicio con respecto aos rexistrados no exercicio

¹¹ Parágrafos modificados como consecuencia das alegacións.

¹² Cadro modificado como consecuencia das alegacións.

anterior; 3) índice de liquidación de dereitos, que expresa a porcentaxe dos dereitos recoñecidos liquidados ao final do exercicio con respecto ás cifras do orzamento inicial; 4) índice de recadación de dereitos, que reflicte a porcentaxe dos ingresos recadados con respecto aos dereitos recoñecidos.

Cadro 13: Administración xeral. Liquidación de ingresos 2016. (Euros)

Capítulo	Previsión inicial	Previsión definitiva	Dereitos recoñecidos (*)	% sobre total	Variación DR 15-16	Índice liquidación dereitos	Índice recadación dereitos
Impostos directos	2.194.298.015,00	2.194.298.015,00	2.261.775.888,40	22,31%	8,00%	103,08%	99,16%
Impostos indirectos	3.242.798.985,00	3.242.798.985,00	3.222.195.840,83	31,78%	2,25%	99,36%	99,70%
Taxas, prezos e outros ingresos	95.288.941,00	95.288.941,00	93.644.078,05	0,92%	-18,56%	98,27%	79,99%
Transferencias correntes	2.258.976.495,00	2.297.778.808,39	2.218.684.913,56	21,88%	6,49%	96,56%	99,61%
Ingresos patrimoniais	10.300.000,00	10.300.000,00	13.561.021,16	0,13%	55,61%	131,66%	100,00%
A. Ingresos correntes	7.801.662.436,00	7.840.464.749,39	7.809.861.742,00	77,02%	4,79%	99,61%	99,28%
Alleamento de investimentos reais	160.000,00	160.000,00	1.586.637,82	0,02%	-14,14%	991,65%	100,00%
Transferencias de capital	574.868.837,00	773.994.860,73	428.036.706,98	4,22%	-41,75%	55,30%	88,09%
B. Ingresos de capital	575.028.837,00	774.154.860,73	429.623.344,80	4,24%	-41,68%	55,50%	88,14%
I. Ingresos non financeiros (A+B)	8.376.691.273,00	8.614.619.610,12	8.239.485.086,80	81,26%	0,61%	95,65%	98,70%
Activos financeiros	16.070.951,00	16.070.951,00	19.856.884,64	0,20%	-7,10%	123,56%	82,50%
Pasivos financeiros	1.644.798.773,00	1.644.798.773,00	1.880.434.922,43	18,55%	7,36%	114,33%	98,67%
II. Ingresos financeiros	1.660.869.724,00	1.660.869.724,00	1.900.291.807,07	18,74%	7,18%	114,42%	98,50%
TOTAL (I+II)	10.037.560.997,00	10.275.489.334,12	10.139.776.893,87	100,00%	1,78%	98,68%	98,66%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Conta Xeral da Comunidade Autónoma

(*) Non coincide co saldo dos dereitos recoñecidos que recolle a memoria da Conta Xeral de 2016 porque no cadro reflíctense os dereitos recoñecidos netos sen descontar as baixas por insolvencias (5.057.040,75 euros). O efecto deste desconto faría que este importe diminuíra ata os 10.134.719.853,12 euros

Sen prexuízo dunha posterior análise polo miúdo dos distintos conceptos de ingresos, desde unha perspectiva global interesa destacar o aumento significativo dos dereitos recoñecidos dos ingresos financeiros, que experimentaron un crecemento dun 7,18% con relación ao exercicio anterior.

Por outro lado, desataca a caída significativa dos dereitos recoñecidos por ingresos de capital nun 41,68% , que presentan ademais un grao de liquidación dun 55%.

Nos Anexos II e III deste informe preséntase unha evolución por capítulos, tanto das previsións de ingresos como dos créditos iniciais para gastos no período 2012-2016, así como dos dereitos e obrigas recoñecidas nese período.

Clasificación dos ingresos

5.6. Os recursos recollidos na liquidación pódense ordenar por categorías económicas diferentes: ingresos tributarios, transferencias e subvencións, ingresos financeiros e outros ingresos. Esta



clasificación serve de base para a análise dos ingresos que se realiza neste epígrafe. A importancia relativa desta ordenación amósase no cadro seguinte:

Cadro 14: Clasificación agregada dos ingresos 2016. (Euros)

Tipo de ingresos	Previsións	%	Liquidación	%
Ingresos tributarios	5.453.634.863,00	54,33%	5.502.507.792,76	54,27%
Transferencias	2.833.845.332,00	28,23%	2.646.721.620,54	26,10%
Ingresos financeiros	1.660.869.724,00	16,55%	1.900.291.807,07	18,74%
Outros ingresos	89.211.078,00	0,89%	90.255.673,49	0,89%
Total	10.037.560.997,00	100%	10.139.776.893,86	100%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Conta Xeral da Comunidade Autónoma

Ingresos do sistema de financiamento

5.7. Como se advirte no cadro seguinte, a maior parte dos ingresos proceden do sistema de financiamento. A relación destes ingresos e a comparación cos restantes recursos, diferenciando o seu carácter de incondicionados ou finalistas recóllese no seguinte cadro:

Cadro 15: Índice de autonomía do gasto 2016. (Miles de euros)

Tipo de ingreso	2015		2016		Variación 2015-2016	
	Importe	%	Importe	%	Importe	%
Ingresos incondicionados	8.961.535,14	89,96	9.492.290,50	93,61	530.755,36	5,92
Sistema financiamento	7.010.119,26	70,37	7.420.707,23	73,17	410.587,97	5,86
Recursos recadados CA	587.095,87	4,96	529.740,92	5,22	-57.354,95	-9,77
Recursos transferidos	99.772,07	1,00	104.718,79	1,03	4.946,72	4,96
Anticipos a conta	6.316.238,00	63,40	6.457.925,43	63,68	141.687,43	2,24
Liquidación anos anteriores	91.819,77	1,86	413.129,04	4,07	321.309,27	349,93
Reintegro liq. negativas 08-09	- 84.807,00	- 0,85	-84.806,95	-0,84	0,05	0,00
Ingresos propios CA	199.880,71	2,01	191.148,35	1,89	-8.732,36	-4,37
Endebdamento	1.751.535,17	17,58	1.880.434,92	18,55	128.899,75	7,36
Ingresos finalistas	1.000.761,02	10,04	647.486,39	6,39	-353.274,63	-35,30
Do Estado	434.203,30	4,36	273.879,67	2,70	-160.323,63	-36,92
Da Unión Europea	565.073,54	5,67	372.085,84	3,67	-192.987,70	-34,15
Das Administracións locais	1.484,18	0,01	1.520,88	0,01	36,70	2,47
Empresas, entidades	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Totais	9.962.296,61	100,00	10.139.776,89	100,00	177.480,28	1,78

Fonte propia a partir dos datos da Conta Xeral da Administración da Comunidade Autónoma

Nos recursos que proceden do sistema de financiamento poden distinguirse:

a) Recursos tributarios recadados pola Comunidade Autónoma: son os tributos cedidos tradicionais, cuxo rendemento corresponde á Comunidade e son xestionados por esta (Imposto sobre sucesións, Imposto sobre transmisións patrimoniais e AXD, Patrimonio e Taxas sobre o xogo). No exercicio 2016 alcanzan os 529,74 millóns de euros.

b) Recursos tributarios recadados pola AGE e transferidos á Comunidade Autónoma mediante liquidacións mensuais (Imposto sobre determinados medios de transporte e Imposto especial sobre vendas retalistas de hidrocarburos, incluído o tramo autonómico do Imposto sobre hidrocarburos). Os dereitos recoñecidos neste exercicio ascenden a 104,71 millóns de euros.

c) Recursos suxeitos a liquidación: a tarifa autonómica do IRPF, os rendementos do IVE, impostos especiais (xestionados polo Estado), o Fondo de garantía de servizos fundamentais e o Fondo de suficiencia, sobre os que anualmente se practican as entregas a conta da liquidación definitiva. Neste exercicio, as entregas a conta que corresponderon á Comunidade Autónoma alcanzaron os 6.457,92 millóns de euros, un 2,24% superiores ás do exercicio anterior.

d) Liquidación do sistema de financiamento 2014: cada ano, as comunidades autónomas rexistran como ingresos os recursos que reciben polas entregas a conta do sistema de financiamento, sen prexuízo da liquidación posterior (dous anos despois), que se imputa ao exercicio no que se practica. Desta forma, impútanse como dereitos recoñecidos do exercicio 2016 os ingresos que resultan da liquidación do exercicio 2014. Xunto con esta liquidación inclúese a participación nos fondos de converxencia autonómica (Fondo de cooperación, no caso de Galicia) e o desconto polos anticipos sobre o importe estimado da propia liquidación. O resumo desta liquidación é o seguinte:

Cadro 16: Liquidación sistema de financiamento autonómico 2014. (Miles de euros)

Comunidade Autónoma	IRPF	IVE	II.EE.	Fondo garantía	Fondo suficiencia	Fondo converx.	Liquid. sistema	Saldo liquidac.
Galicia	143.877,94	35.727,36	-30.874,7	68.174,64	-6.419,89	0,00	202.743,74	413.129,04

Fonte: Ministerio de Hacienda. Liquidación sistema de financiamento autonómico 2014

e) Reintegro liquidacións negativas anos 2008 e 2009: segundo a disposición adicional cuarta da Lei 22/2009, compútase unha quinta parte das liquidacións correspondentes aos exercicios 2008 e 2009 (por primeira vez a resultante do ano 2009), xa que a mencionada disposición establece que a liquidación negativa global dese ano aboarase polas comunidades autónomas mediante retencións practicadas sobre as entregas a conta a partir de xaneiro de 2013, por un importe total que permita cancelar a débeda total nun prazo máximo de 60 mensualidades iguais, ampliado a 120 mensualidades pola disposición adicional 36 da Lei de orzamentos do Estado para 2013. Nestes

orxamentos para 2016 practícanse as retencións dos saldos debedores das liquidacións negativas dos exercicios 2008 e 2009, por importe total de 84,81 millóns de euros. A Administración autonómica rexistra como dereito a diferenza entre os anticipos a conta e o importe desa retención, sen reflectir non obstante no balance ningún importe que faga referencia a esta débeda coa Administración do Estado.

Os importes totais destes recursos, tanto das previsións iniciais de ingresos como dos dereitos recoñecidos, coinciden cos que resultan da comunicación do Ministerio de Hacienda e da posterior liquidación definitiva do exercicio 2014.

V.2.1. INGRESOS TRIBUTARIOS

5.8. Os ingresos tributarios supoñen o 54,27% do total dos recursos da Administración autonómica. Os ingresos tributarios clasifícanse orxamentariamente en impostos directos, impostos indirectos e taxas. Os dereitos recoñecidos por estes ingresos incrementáronse nun 4,52% respecto do exercicio precedente. A maior fonte de recursos constitúea o produto das cesións estatais do IVE e do IRPF, que representan o 72% dos ingresos tributarios.

Cadro 17: Liquidación do orzamento. Ingresos tributarios 2016. (Euros)

Concepto	Previsións iniciais/definitivas	Dereitos recoñecidos (DR)	% Capítulo sobre o total	Var. DR/exercicio anterior	Índice liquidación	Índice recadación
IRPF - Tarifa autonómica	1.974.519.602,00	2.014.119.025,81	36,60%	10,65%	102,01%	100,00%
Imposto s/ sucesións e doazóns	138.390.865,00	149.750.819,07	2,72%	-17,23%	108,21%	87,59%
Imposto s/ patrimonio	59.171.289,00	71.787.035,60	1,30%	6,94%	121,32%	99,48%
Imposto s/ o depósito nas entidades	21.066.259,00	26.119.007,92	0,47%	0,60%	123,99%	100,00%
Imposto compensatorio ambiental	1.150.000,00	0,00			0,00%	
Total impostos directos	2.194.298.015,00	2.261.775.888,40	41,10%	8,00%	103,08%	99,16%
Transmisións patrimoniais	161.886.863,00	156.866.886,96	2,85%	-12,25%	96,90%	96,92%
Actos xurídicos documentados	83.791.348,00	70.166.206,84	1,28%	-17,78%	83,74%	97,07%
IVE	1.968.367.184,00	1.951.879.288,77	35,47%	7,39%	99,16%	100,00%
Impostos especiais	932.051.241,00	939.680.483,86	17,08%	-3,76%	100,82%	100,00%
Imposto retalista de hidrocarburos	0,00	29.386,77	0,00%	-92,57%		100,00%
Taxas fiscais sobre o xogo	54.702.349,00	55.050.968,93	1,00%	12,42%	100,64%	94,95%
Imposto sobre actividades de xogo	3.000.000,00	7.485.066,43	0,14%	240,79%	249,50%	100,00%
Imposto sobre o bingo	0,00	103.718,15	0,00%			46,95%
Imposto s/ contaminación atmosférica	4.100.000,00	3.890.812,33	0,07%	-13,98%	94,90%	99,78%
Imposto dano ambiental augas encoradas	12.000.000,00	13.980.247,59	0,25%	0,02%	116,50%	100,00%
Canon eólico	22.900.000,00	23.062.774,20	0,42%	-0,43%	100,71%	100,00%
Total impostos indirectos	3.242.798.985,00	3.222.195.840,83	58,56%	2,25%	99,36%	99,70%
Taxas por servizos administrativos	7.055.276,00	7.318.225,41	0,13%	0,44%	103,73%	100,00%
Taxas por servizos profesionais	9.445.495,00	11.114.430,27	0,20%	-3,80%	117,67%	99,58%
Taxa por venda de bens	37.092,00	60.412,55	0,00%	-10,53%	162,87%	100,00%
Taxas por dominio público	0,00	42.995,31	0,00%	30,46%		100,00%
Total taxas	16.537.863,00	18.536.063,53	0,34%	-2,13%	112,08%	99,75%
Total ingresos tributarios	5.453.634.863,00	5.502.507.792,76	100,00%	4,52%	100,90%	99,48%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Conta Xeral da Comunidade Autónoma

Capítulo I: Impostos directos

5.9. Este tipo de impostos gravan manifestacións directas da capacidade económica dos contribuíntes, acadando o 41,10% do total dos recursos tributarios.

Os dereitos recoñecidos no IRPF ascenden a 2.014,12 millóns de euros, que se corresponden co importe (1.873,13 millóns) rexistrado en concepto de entrega a conta pola participación da Comunidade no imposto dese exercicio incrementado pola liquidación positiva do rendemento da tarifa autonómica de 2014 (140,99 millóns). Este imposto presenta un aumento do 10,65% con respecto ao exercicio anterior e un índice de liquidación sobre as previsións iniciais do 102,01%, o que significa un exceso de dereitos recoñecidos sobre as previsións por un importe de 39,60 millóns de euros.

No imposto sobre sucesións e doazóns os ingresos ascenden a 149,75 millóns de euros, un 17,23% inferiores ao exercicio anterior. No imposto sobre patrimonio os ingresos ascenderon a 71,79 millóns de euros.

No imposto sobre o depósito nas entidades, os ingresos foron de 26,12 millóns de euros, cun índice de liquidación do 124%, superando os dereitos recoñecidos ás previsións en 5 millóns de euros.

Por último, o imposto compensatorio ambiental, cunha previsión de 1.150.000 euros, carece de liquidación para este exercicio.

Capítulo II: Impostos indirectos

5.10. Representan o 58,56% dos recursos tributarios. O imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados descendeu nun 14,04% respecto do exercicio anterior, cunha redución relevante tanto no concepto de transmisións patrimoniais (12,25%) como de actos xurídicos documentados (nun 17,78%). O índice de liquidación de dereitos respecto ás previsións iniciais foi do 92,41%.

No Imposto sobre o Valor Engadido os ingresos foron superiores (7,39%) aos do exercicio anterior, e dentro da previsión orzamentaria, cun índice de liquidación de dereitos do 99,16% con respecto a aquela.

Pola contra, os ingresos por impostos especiais foron un 3,76% inferiores aos do exercicio anterior. O elemento máis significativo é a recadación do imposto sobre hidrocarburos, cuns dereitos recoñecidos de 473,67 millóns de euros, que aínda sendo inferiores en máis de 13 millóns de euros aos do exercicio anterior continúa a ser a partida de maior peso, supoñendo case a metade dos ingresos por impostos especiais.

Os impostos propios da Comunidade Autónoma experimentan no seu conxunto un descenso respecto do exercicio anterior, debido basicamente ao descenso do imposto sobre contaminación atmosférica (13,98%).

Destaca tamén a redución do imposto retallista de hidrocarburos (92,57%) e o espectacular incremento dos ingresos polo imposto sobre actividades de xogo (240,79%), cun índice de liquidación do 249,50%.

Capítulo III: Taxas

5.11. Aínda que teñen un peso reducido no conxunto dos recursos de natureza tributaria (0,34%), presentan neste exercicio, a diferenza do anterior, un peor comportamento dentro dos ingresos tributarios, cun descenso do 2,13% respecto do exercicio anterior, aínda que presentan un índice de liquidación positivo (112,08%) respecto das previsións orzamentarias.

V.2.2. INGRESOS POR TRANSFERENCIAS

5.12. Son recursos recibidos pola Administración autonómica procedentes doutras Administracións, da Unión Europea e do sector privado, que financian operacións correntes e de capital segundo a súa natureza económica.

Cadro 18: Liquidación do orzamento. Ingresos por transferencias 2016. (Euros)

Descrición	Previsións iniciais	Previsións definitivas	Dereitos recoñecidos (DR)	% Capítulos/total	Var. DR /exercicio anterior	Índice liquidación	Índice recadación
Participación no sistema de financiamento	1.962.217.701,00	1.985.739.238,81	1.985.258.120,36	75,01%	9,78%	99,98%	100,00%
Transferencias da Administración estatal	217.185.423,00	224.938.641,32	210.848.887,86	7,97%	8,41%	93,74%	96,80%
Transf. correntes de entidades da CA	0,00	0,00	9.186.162,11	0,35%	10,82%	----	99,38%
De sociedades e outros entes públicos da CA	0,00	54.000,00	54.000,00	0,00%	----	100,00%	100,00%
De corporacións locais	0,00	1.520.878,05	1.520.878,05	0,06%	2,47%	100,00%	100,00%
Transf. correntes da Unión Europea	79.573.371,00	85.526.050,21	11.816.865,18	0,45%	-83,31%	13,82%	84,96%
Transferencias correntes	2.258.976.495,00	2.297.778.808,39	2.218.684.913,56	83,83%	6,49%	96,56%	99,61%
Fondo de compensación interterritorial	45.030.570,00	45.030.570,00	63.014.588,66	2,38%	-40,01%	139,94%	100,00%
Transferencias da Administración estatal	33.724.985,00	37.221.299,96	16.193,09	0,00%	-99,99%	0,04%	---
De sociedades e outros entes da CA	14.520,00	64.520,00	2.859.979,00	0,11%	----	4432,70%	100,00%
De concellos	0,00	235.000,00	224.521,23	0,01%	----	95,54%	100,00%
De deputacións	0,00	937.861,25	937.861,25	0,04%	----	100,00%	100,00%
De empresas privadas	200.000,00	2.506.920,37	558.812,81	0,02%	250,45%	22,29%	100,00%
De familias e institucións sen ánimo de lucro	0,00	119.941,61	155.776,92	0,01%	-54,83%	129,88%	100,00%
Transf. de capital da Unión Europea	495.898.762,00	687.878.747,54	360.268.974,02	13,61%	-27,11%	52,37%	88,15%
Transferencias de capital	574.868.837,00	773.994.860,73	428.036.706,98	16,17%	-41,74%	55,30%	88,09%
Total transferencias	2.833.845.332,00	3.071.773.669,12	2.646.721.620,54	100,00%	-6,08%	86,16%	97,75%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Conta Xeral da Comunidade Autónoma

As transferencias son a segunda fonte de recursos da Administración autonómica (o 26,10% do total). Os recursos por transferencias mantivéronse en termos similares aos do exercicio 2015. O 83,83% das transferencias financian gasto corrente e o restante 16,17%, gastos de capital.

Capítulo IV: Transferencias correntes

5.13. A revisión analítica deste capítulo achega os seguintes resultados:

a) Participación no sistema de financiamento autonómico. Este concepto, que inclúe o Fondo de suficiencia, o Fondo de garantía e os recursos adicionais do Fondo de converxencia, absorbe o 75,01% das transferencias e o 19,58% do conxunto dos recursos liquidados. Os dereitos recoñecidos foron superiores ás previsións iniciais en 23,04 millóns de euros como consecuencia, fundamentalmente, do saldo positivo da liquidación do Fondo de garantía respecto do previsto inicialmente.

Cadro 19: Participación no sistema de financiamento autonómico 2016. (Euros)

Concepto	Previsións iniciais (a)	Dereitos recoñecidos (b)	Diferenza (b-a)
Fondo de suficiencia	565.997.890,00	565.997.890,00	0,00
Fondo de suficiencia. Liquid. exercicios anteriores	-64.628.859,00	-64.623.904,27	4.954,73
Fondo de garantía e SPF. Entregas a conta	1.212.965.760,00	1.212.965.755,55	-4,45
Fondo de garantía e SPF. Liquid. exercicios anteriores	44.653.100,00	68.174.637,81	23.521.537,81
Fondo converxencia. Liquid. exercicios anteriores	203.229.810,00	202.743.741,27	-486.068,73
Totais	1.962.217.701,00	1.985.258.120,36	23.040.419,36

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Conta Xeral da Comunidade Autónoma

b) Transferencias correntes da Administración estatal. Presentan un índice de liquidación de dereitos dun 93,74%. As partidas máis significativas son as transferencias recibidas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria (por importe de 107,27 millóns de euros) e pola Consellería de Política Social (por importe de 91,88 millóns de euros).

c) Outras transferencias correntes. Cun peso relativo residual atópanse os recursos achegados polos entes instrumentais dependentes, orixinados basicamente pola devolución dos remanentes de tesourería positivos de organismos autónomos e entes públicos; e tamén polas entidades locais e polos fondos europeos, nos que o protagonismo recae no Fondo social europeo, aínda que este ano é significativo o descenso nun 83,31% dos dereitos recoñecidos nesta partida, como consecuencia

do peche do marco comunitario 2007-2013, con relación ao exercicio anterior, así como a escasa porcentaxe do índice de liquidación¹³.

Capítulo VII: Transferencias de capital

5.14. Cun importe moi inferior ao exercicio anterior (nun 41,74%), as transferencias de capital pasan a representar tan só un 16,17% do total das transferencias, co seguinte detalle:

a) Fondos europeos, por importe de 360,27 millóns de euros. Os dereitos recoñecidos en 2016 nos distintos fondos son os seguintes:

Cadro 20: Clasificación Fondos europeos 2016. (Euros)

Concepto	Importe
FEDER 2007-2013	30.580.735,02
INTERREG	1.627.698,53
FEADER	71.790.277,08
FEAGA 2007-2013	214.789.449,97
FEP	41.145.600,34
OUTROS	335.213,08
Total	360.268.974,02

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Conta Xeral da Comunidade Autónoma

Estes fondos son obxecto dun informe específico por parte deste Consello. Presentan un importante descenso de 134 millóns de euros (o que supón un 27,11%) respecto do exercicio anterior, como consecuencia principalmente das significativas reducións no FEDER e FEADER con respecto ao ano 2015 explicadas polo peche do marco comunitario 2007-2013¹⁴.

b) Fondo de compensación interterritorial. Os dereitos recoñecidos ascenden a 63,01 millóns de euros, un 40% menos que no exercicio anterior, dos cales 51,75 millóns de euros correspóndense co Fondo de compensación e 11,26 millóns co Fondo complementario. Estes fondos son tamén obxecto dun informe específico por parte deste Consello.

c) Transferencias finalistas do Estado. Neste exercicio foron moi inferiores á cifra do ano anterior, pasando de 134,66 millóns de euros no ano 2015 a tan só 16 mil euros este ano.

d) As outras transferencias, nas que se inclúen os recursos recibidos de concellos, de deputacións, de empresas privadas e de institucións sen ánimo de lucro, experimentan en xeral un aumento do

¹³ Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións.

¹⁴ Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións.

seu peso pasando no seu conxunto dun importe de 0,8 millóns de euros no ano 2015 a 4,74 millóns neste exercicio.

V.2.3. INGRESOS FINANCEIROS

5.15. Nesta agrupación recóllense os recursos obtidos pola Administración por venda de activos financeiros, reintegros de préstamos concedidos e de depósitos e fianzas constituídas (activos financeiros) e pola emisión de débeda e concertación de préstamos (pasivos financeiros). Tamén se recolle o fondo de garantía de avais, que non responde certamente a maiores ingresos, senón á xeración de crédito pola provisión dotada para cubrir os riscos dos avais concedidos.

Os ingresos financeiros, que proceden fundamentalmente do endebedamento, supoñen o 18,74% do total dos recursos da Administración autonómica.

Cadro 21: Ingresos financeiros 2016. (Euros)

Concepto	Previsións iniciais/definitivas	Dereitos recoñecidos	% Concepto sobre o capítulo	Var. DR/exercicio anterior	Índice liquidación dereitos	Índice recadación
Reintegro de préstamos concedidos ao sector público	15.959.890,00	15.628.547,57	0,82%	2,30%	97,92%	100,00%
Reintegro préstamos concedidos fóra do sector público	111.061,00	507.476,60	0,03%	-9,66%	456,94%	100,00%
Fondo de garantía de avais	0,00	3.720.860,47	0,20%	-32,00%		6,58%
Activos financeiros	16.070.951,00	19.856.884,64	1,04%	-7,10%	123,56%	82,50%
Préstamos recibidos e emisión de débeda	1.644.798.773,00	1.880.434.922,43	98,96%	7,36%	114,33%	98,67%
Pasivos financeiros	1.644.798.773,00	1.880.434.922,43	98,96%	7,36%	114,33%	98,67%
Total ingresos financeiros	1.660.869.724,00	1.900.291.807,07	100,00%	7,18%	114,42%	98,50%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Conta Xeral da Comunidade Autónoma

Dentro dos activos financeiros, as partidas máis significativas son a devolución de préstamos concedidos ao sector público (15,62 millóns de euros) e o fondo de garantía de avais (3,72 millóns de euros). Respecto a este, rexístrase como ingreso o importe dos créditos destinados ás provisións de riscos por avais que non foron executados ao final do exercicio anterior¹⁵.

Nos pasivos financeiros, o recurso ao endebedamento constitúe o 18,55% do total dos dereitos liquidados pola Administración xeral en 2016. Os dereitos recoñecidos ascenderon a 1.880,43

¹⁵ Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións.

millóns de euros, que se corresponden con operacións de emisión de obrigas e formalización de préstamos.

V.2.4. OUTROS INGRESOS

5.16. Nesta agrupación inclúense recursos públicos cun escaso peso relativo no conxunto dos ingresos e que proceden de diversas fontes: ingresos patrimoniais (capítulo V), alleamento de investimentos reais (capítulo VI), e os ingresos non tributarios do capítulo III.

Estes ingresos supoñen o 0,89% dos recursos da Administración autonómica. En conxunto, experimentan unha minoración dun 15,34% con respecto a 2015.

Cadro 22: Outros ingresos 2016. (Euros)

Descrición	Previsións iniciais/definitivas	Dereitos recoñecidos (DR)	DR % sobre total	Var. DR/exercicio anterior	Índice liquidación dereitos (DR/Prev. inic.)	Índice recadación (RN/DR)
Prezos públicos	24.550.948,00	23.723.962,33	26,29%	1,10%	96,63%	99,90%
Prezos privados	3.460.566,00	3.653.850,13	4,05%	-15,94%	105,59%	100,00%
De Augas de Galicia	0,00	0,00		-100,00%		
Reintegros de exercicios pechados	17.407.352,00	14.406.025,19	15,96%	-45,83%	82,76%	54,68%
Reintegros de exercicio corrente	237.186,00	717.710,50	0,80%	-2,49%	302,59%	61,90%
Recargas e multas	17.704.471,00	10.010.487,74	11,09%	-29,45%	56,54%	71,90%
Sancións impostas polas consellerías	11.763.497,00	20.117.161,72	22,29%	-9,25%	171,01%	56,28%
Ingresos diversos	3.627.058,00	2.478.816,90	2,75%	-39,90%	68,34%	89,74%
Ingresos non tributarios do capítulo III (1)	78.751.078,00	75.108.014,51	83,22%	-21,80%	95,37%	75,12%
Empresas e outros entes públicos	2.000.000,00	5.107.836,73	5,66%	32,64%	255,39%	100,00%
Xuros de contas bancarias	4.000.000,00	585.631,70	0,65%	-48,88%	14,64%	100,00%
Dividendos e beneficios empresas públicas	0,00	1.521.809,78	1,69%	424,47%		100,00%
Dividendos e beneficios de emp. privadas	2.500.000,00	1.713.458,87	1,90%	-22,52%	68,54%	100,00%
Aluguer e produtos de inmobles	100.000,00	5.981,56	0,01%	-88,36%	5,98%	100,00%
Concesións administrativas	900.000,00	3.829.427,52	4,24%	965,60%	425,49%	100,00%
Operacións de derivados	800.000,00	796.875,00	0,88%	-0,58%	99,61%	100,00%
Outros ingresos	0,00	0,00		-100,00%		
Ingresos patrimoniais (2)	10.300.000,00	13.561.021,16	15,03%	55,61%	131,66%	100,00%
Venda de soares	0,00	163.175,39	0,18%			100,00%
Venda de predios rústicos	0,00	3.750,71	0,00%	-87,78%		100,00%
Venda edificios e outras construcións	160.000,00	556.414,39	0,62%	-18,99%	347,76%	100,00%
Venda elementos de transporte	0,00	1.660,00	0,00%			100,00%
Reintegro de exercicios pechados	0,00	523.098,53	0,58%			100,00%
Reintegro de exercicio corrente	0,00	180.337,15	0,20%	-83,13%		100,00%
Outros ingresos	0,00	860,00	0,00%	-98,59%		100,00%
Ingresos por expropiacións	0,00	157.341,65	0,17%			100,00%
Alleamento de investimentos reais (3)	160.000,00	1.586.637,82	1,76%	-14,14%	991,65%	100,00%
Total outros ingresos (1+2+3)	89.211.078,00	90.255.673,49	100,00%	-15,34%	101,17%	79,29%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Conta Xeral da Comunidade Autónoma

Ingresos non tributarios do capítulo III

5.17. Representan o 83,22% dos ingresos desta agrupación, cun descenso importante con respecto ao exercicio anterior de 21 millóns de euros. Os conceptos máis importantes cuantitativamente son: as sancións impostas polas consellerías, os prezos públicos e os reintegros de exercicios pechados; sendo neste último concepto onde o descenso é máis acusado (un 45,83% menos con relación ao exercicio anterior). Resulta tamén moi significativo o descenso experimentado nas recargas e multas (29,45%) con relación ao exercicio 2015, pasando de 14,19 millóns de euros a 10,01 millóns de euros.

Dentro dos ingresos por sancións (20,11 millóns de euros) destacan, en maior medida, os recadados pola Consellería de Infraestruturas e Vivenda (6,14 millóns de euros), pola Consellería de Economía, Emprego e Industria (5,84 millóns de euros) e pola Consellería do Medio Rural e do Mar (3,20 millóns de euros).

Capítulo V. Ingresos patrimoniais

5.18. Neste apartado dos ingresos rexístrase o produto das operacións de natureza privada da Administración, que representan o 15,03% do total dos dereitos desta agrupación. Con respecto ao ano anterior foron un 55,61% superiores, sendo o aumento máis significativo o correspondente ás concesións administrativas, que teñen un aumento dun 965%, aos ingresos derivados de dividendos por participacións en beneficios de empresas públicas (cun 424%), e aos xuros de anticipos e préstamos concedidos a empresas e outros entes públicos, cun 32% .

Pola contra, os xuros das contas bancarias continúan coa tendencia descendente dos últimos anos, reducíndose neste exercicio nun 49% con relación a 2015.

Capítulo VI. Alleamento de investimentos reais

5.19. Os dereitos recoñecidos neste capítulo constitúen o 1,76% do total desta agrupación, e recollen os ingresos derivados da venda de terreos e inmobles propiedade da Comunidade Autónoma. As partidas cuantitativamente máis relevantes son os ingresos obtidos pola venda de edificios e outras construcións (0,57 millóns de euros) e os reintegros de exercicios pechados por 0,52 millóns de euros. No seu conxunto este capítulo comporta unha caída do 14,14% con relación ao exercicio 2015.

V.2.5. BENEFICIOS FISCAIS

5.20. Anualmente, as leis de orzamentos inclúen unha estimación dos beneficios fiscais onde se viñan incluíndo o imposto sobre sucesións e doazóns, o imposto sobre a renda das persoas físicas, o imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, o imposto sobre patrimonio e o imposto sobre hidrocarburos. Para este exercicio 2016 aparece, ademais, unha estimación no que atén aos beneficios fiscais relativos ao imposto sobre o valor engadido e ao imposto sobre o alcohol e as bebidas derivadas, o que explica o importante incremento deste exercicio.

Cadro 23: Autorización beneficios fiscais 2013-2016. (Euros)

Imposto	Lei de orzamentos 2013	Lei de orzamentos 2014	Lei de orzamentos 2015	Lei de orzamentos 2016
Imposto sobre sucesións e doazóns	82.453.559	90.755.600	78.111.000	118.944.000
Imposto sobre a renda das persoas físicas (tarifa autonómica)	14.642.112	19.125.000	21.373.000	28.899.900
ITPAXD	77.862.033	126.266.500	132.037.746	132.737.982
Imposto sobre o patrimonio		69.504.000	72.454.000	84.460.000
Imposto sobre hidrocarburos (tipo autonómico)		14.717.977	19.078.177	87.073.000
Imposto sobre o valor engadido				1.233.930.000
Imposto sobre o alcohol e bebidas derivadas				3.280.000
Total	174.957.704	320.369.077	323.053.923	1.689.324.882

Fonte: Elaboración propia a partir das leis de orzamentos e información remitida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

No exercicio 2016 os beneficios fiscais que afectan aos tributos cedidos polo Estado estimáronse en 1.689 millóns de euros, onde ademais dun incremento xeneralizado en tódalas figuras tributarias, destaca a inclusión por primeira vez nos orzamentos deste exercicio da estimación dos beneficios fiscais que afectan ao imposto sobre o valor engadido e ao imposto sobre o alcohol e bebidas derivadas, que supoñen un 73% do importe total dos beneficios fiscais.

No proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma para 2016 consta unha memoria explicativa da cuantificación destes beneficios fiscais. Esta estimación contempla tanto os beneficios fiscais aprobados pola normativa estatal como os acordados pola Comunidade Autónoma no exercicio da súa capacidade normativa, co seguinte detalle:

Cadro 24: Relación de beneficios fiscais 2016. (Euros)

Imposto	Normativa autonómica	Normativa estatal	Total
Imposto sobre a renda das persoas físicas	28.899.900		28.899.900
Imposto sobre o patrimonio	804.000	83.656.000	84.460.000
Imposto sobre sucesións e doazóns	117.477.350	1.466.650	118.944.000
ITPAXD	30.469.500	102.268.482	132.737.982
Imposto sobre hidrocarburos (tipo autonómico)	6.483.000	80.590.000	87.073.000
IVE		1.233.930.000	1.233.930.000
Imposto sobre o alcohol e bebidas derivadas		3.280.000	3.280.000
Total incluído nos orzamentos	184.073.750	1.505.161.132	1.689.324.882
Taxas e prezos	179.757.994		179.757.994
Total	363.831.744	1.505.161.132	1.868.992.876

Fonte: Memoria dos orzamentos da Comunidade Autónoma para o exercicio 2015

5.21. Se ben na memoria que se xunta ao proxecto de orzamentos para o ano 2016 existen avances na información facilitada, segue constatándose a carencia dunha xustificación que avale o establecemento e mantemento dos beneficios fiscais, e que asocie cada beneficio a unhas determinadas políticas de gasto, así como uns indicadores ou obxectivos que permitan avaliar a súa eficacia e eficiencia dun xeito continuado no tempo.

No cadro seguinte recóllese só o custo definitivo das medidas que afectan aos impostos que aparecen referenciados.

Cadro 25: Beneficios fiscais 2016. (Euros)

Imposto	Orzamento	Custo definitivo
Imposto sobre a renda das persoas físicas	28.899.900	---
Imposto sobre sucesións e doazóns	118.944.000	104.780.165,76
Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados	132.737.982	118.665.335,79
Imposto sobre o patrimonio	84.460.000	100.874.015,45
Imposto sobre hidrocarburos	87.073.000	9.191.105,93
IVE	1.233.930.000	---
Imposto sobre o alcohol e bebidas derivadas	3.280.000	---
Total	1.689.324.882	335.510.623,93

Fonte: Dirección Xeral de Tributos da Consellería de Facenda e Axencia Tributaria Estatal

Nota: Non se dispón do custo definitivo do IRPF, IVE e Imposto sobre o alcohol e bebidas derivadas.

V.3. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS DA ADMINISTRACIÓN XERAL

V.3.1. MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS

5.22. As modificacións orzamentarias constitúen un mecanismo a través do que a lei posibilita introducir cambios, máis ou menos substanciais, no contido dos créditos dos orzamentos inicialmente aprobados polo Parlamento. Na medida en que supoñen unha alteración dos principios orzamentarios de competencia, anualidade e especialidade dos créditos, configúranse como instrumentos que a lei só permite dentro duns límites regrados e xustificados, coa finalidade de facilitar e flexibilizar aspectos da xestión orzamentaria de cara a unha xestión eficaz.

O importe neto das modificacións deste exercicio 2016, por importe de 422,31 millóns de euros, incrementou o orzamento inicial nun 4,21%, rebaixando este índice notablemente respecto dos últimos cinco exercicios. A evolución do importe das modificacións orzamentarias para o período 2011-2016 preséntase no seguinte cadro:

Cadro 26: Evolución das modificacións orzamentarias 2011-2016. (Miles de euros)

Concepto	2011	2012	2013	2014	2015	2016
Importe neto das modificacións	1.101.294	799.101	1.112.027	683.229	955.183	422.309
% incremento créditos iniciais	11,65%	8,36%	12,17%	6,83%	10,47%	4,21%
Número expedientes	1.062	1.010	867	858	968	1.011

Fonte: Informes-memoria contas xerais da Comunidade Autónoma

5.23. Respecto do exercicio anterior, o importe das modificacións orzamentarias reduciuse nun 55,79%. Esta diminución maniféstase principalmente nunha importante minoración das incorporacións de crédito e nun incremento importante das baixas de crédito. O cadro seguinte reflicte as modificacións desagregadas pola súa tipoloxía e a comparación co exercicio anterior:

Cadro 27: Modificacións orzamentarias 2015-2016. (Miles de euros)

Tipo de modificación	2015		2016		Variación 2015-2016	
	Importe	Número	Importe	Número	Absoluta	Porcentual
Ampliacións	340.273	124	283.907	128	-56.366	-16,56%
Incorporacións	588.815	61	242.586	61	-346.229	-58,80%
Xeracións	235.659	153	396.137	153	160.478	68,10%
Adscricións	14.190	13	154.778	22	140.588	990,75%
Baixas	-223.753	151	-655.100	154	-431.347	192,78%
Transferencias	(+/-)600.706	466	(+/-)539.671	493	(+/-)61.035	-10,16%
Total modificacións	955.183	968	422.309	1.011	-532.874	-55,79%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Conta Xeral da Comunidade Autónoma

5.23.1. O artigo 61.2 do TRLRFOG esixe que cando se tramiten expedientes de modificacións orzamentarias débese expresar ineludiblemente o impacto que ditas modificacións poden ter nos obxectivos de gasto programados. Nos expedientes de modificacións orzamentarias examinados obsérvase que, en numerosas ocasións, ou ben non se realiza unha adecuada valoración, afirmando que este impacto non existe ou ben se indica que a modificación contribúe positivamente á consecución dos obxectivos. Esta valoración xenérica non atende á indicada esixencia normativa nin resulta coherente co esforzo que se vén realizando para configurar o orzamento como un instrumento de materialización dos obxectivos formulados no Plan estratéxico Galicia 2015-2020 e, polo tanto, de dotar de maior definición tanto os obxectivos dos programas como os indicadores para medilos.

5.23.2. Respecto da clasificación económica, tal e como se pon de manifesto no cadro seguinte, o efecto neto das modificacións incrementa principalmente o gasto corrente (90%), e en menor medida o gasto financeiro (8%) e o gasto de capital. En contraposición ao exercicio anterior, increméntanse os créditos do Fondo de continxencia, que ao final do exercicio superan aos créditos iniciais en 4,6 millóns de euros. O incremento máis significativo prodúcese no capítulo de transferencias correntes pola incidencia das ampliacións de crédito.

Cadro 28: Efecto neto das modificacións sobre a clasificación económica 2015-2016. (Euros)

Capítulo	Efecto neto 2015	Efecto neto 2016	%	Diferenza	Variación
1 Gastos de persoal	40.161.529,20	5.179.537,67	1,2%	-34.981.991,53	-87,10%
2 Gastos bens correntes e servizos	-5.197.884,34	-9.910.034,59	-2,3%	-4.712.150,25	90,66%
3 Gastos financeiros	-39.032.124,44	-9.879.015,64	-2,3%	29.153.108,80	-74,69%
4 Transferencias correntes	509.426.028,96	393.901.608,90	93,3%	-115.524.420,06	-22,68%
Gasto corrente	505.357.549,38	379.292.096,34	89,8%	-126.065.453,04	-24,95%
5 Fondo de continxencia	-52.420.000,00	4.604.978,44	1,1%	57.024.978,44	-108,78%
Fondo de continxencia	-52.420.000,00	4.604.978,44	1,1%	57.024.978,44	-108,78%
6 Investimentos reais	45.396.736,46	-498.816,05	-0,1%	-45.895.552,51	-101,10%
7 Transferencias de capital	373.677.704,80	5.147.144,76	1,2%	-368.530.560,04	-98,62%
Gasto capital	419.074.441,26	4.648.328,71	1,1%	-414.426.112,55	-98,89%
8 Activos financeiros	18.700.872,11	34.289.739,63	8,1%	15.588.867,52	83,36%
9 Pasivos financeiros	64.470.137,08	-526.104,37	-0,1%	-64.996.241,45	-100,82%
Gasto financeiro	83.171.009,19	33.763.635,26	8,0%	-49.407.373,93	-59,40%
Total	955.182.999,83	422.309.038,75	100,0%	-532.873.961,08	-55,79%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Conta Xeral da Comunidade Autónoma

A comparación con respecto ao exercicio 2015 amosa un menor incremento do gasto de capital (414,4 millóns de euros), do gasto corrente (126 millóns de euros) e do gasto financeiro (49 millóns de euros). Pola contra, o Fondo de continxencia pasa de -52 millóns de euros a 4,6 millóns de euros.

5.23.3. Ano tras ano, a análise da incidencia das modificacións orzamentarias sobre a estrutura da clasificación funcional amosa que son os mesmos programas orzamentarios os que se ven afectados, poñendo de manifesto deficiencias estruturais na orzamentación daqueles. Como pode advertirse no cadro seguinte, reitérase o notable incremento de créditos nos programas *411A Dirección e servizos xerais de Sanidade*, *713F Regulación das producións agrarias e apoio á renda dos agricultores* e *621A Administración financeira, tributaria, patrimonial e de control*.

Pola contra, o programa *723A Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura*, no que de forma reiterada os créditos se incrementaban vía modificacións orzamentarias, figura neste exercicio entre os programas que máis reducen as súas dotacións.

Cadro 29: Incidencia das modificacións na clasificación funcional 2016. (Euros)

Programa	Modificacións positivas	Programa	Modificacións negativas
411A Dirección e servizos xerais de Sanidade	321.721.877,41	542A Planificación e xestión hidrolóxica	-39.315.286,92
713F Regulación das producións agrarias e apoio á renda dos agricultores	171.398.597,56	421A Dirección e servizos xerais de Educación	-38.998.212,52
621A Administración financeira, tributaria, patrimonial e de control	42.189.945,05	712B Modernización e diversificación do tecido produtivo rural	-37.276.592,31
322A Mellora e fomento da empregabilidade	41.656.735,94	723A Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura	-34.610.649,14
422M Ensinanza secundaria e formación profesional	38.091.635,61	561A Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica	-20.197.607,61

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Conta Xeral da Comunidade Autónoma

5.23.4. De acordo cos datos remitidos pola Intervención Xeral, as modificacións de crédito contan coas seguintes fontes de financiamento:

Cadro 30: Fontes de financiamento das modificacións de crédito. (Euros)

Fonte de financiamento	Ampliacións de crédito	Incorporacións de crédito	Xeracións de crédito	Adscricións de crédito	Total
Baixas de crédito	193.638.985,54	13.762.795,31		147.424.141,42	354.825.922,27
Maiores recursos dos previstos inicialmente	4.963.472,42		218.654.452,90		223.617.925,32
Endebedamento	75.200.000,00		177.482.845,50		252.682.845,50
Remanente de tesourería afectado		179.852.824,35			179.852.824,35
Inexecución a final de exercicio	5.804.819,07	10.987.487,95			16.792.307,02
Retención de créditos	4.300.000,00				4.300.000,00
Compromisos firmes de ingreso		37.983.403,35			37.983.403,35
Total	283.907.277,03	242.586.510,96	396.137.298,40	147.424.141,42	1.070.055.227,81

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Conta Xeral da Comunidade Autónoma

- En canto ao financiamento con ingresos adicionais non previstos no orzamento inicial, no cadro alúdese a maiores recursos respecto dos orzamentados para xustificar o financiamento de ampliacións e xeracións de crédito por importe de 223,62 millóns de euros; a un maior nivel de endebedamento por importe de 252,68 millóns de euros; e á contabilización de compromisos firmes de ingresos que supuxo aprobar incorporacións de crédito por 38 millóns de euros. En total, os ingresos adicionais financeiros ou non financeiros ampararon un incremento do orzamento de 514,3 millóns de euros.

A este respecto, obsérvase que na liquidación orzamentaria os dereitos netos recoñecidos tan só exceden as previsións iniciais orzamentadas en 102,22 millóns de euros. Independentemente de que poida estar xustificado en determinados casos a tramitación do expediente de ampliación ou xeración de crédito sen que exista un correlativo recoñecemento de dereitos, no caso de acadar altos niveis de execución orzamentaria necesariamente este desequilibrio vai xerar tensións financeiras.

- En canto ao remanente de tesourería afectado como fonte de financiamento das incorporacións, cabe sinalar que a falta de información acerca do seu seguimento non permite determinar cales son as desviacións de financiamento acumuladas desde o inicio dos proxectos de gasto de forma que permita pronunciarse sobre a certeza desta contía. No resultado da liquidación presentado no exercicio 2015 alúdese unicamente a desviacións de financiamento positivas por recursos do exercicio en gastos con financiamento afectado por importe de 116,25 millóns de euros.

- Tamén é preciso destacar a falta de concreción dos recursos que van amparar as incorporacións para as que se alude como fonte de financiamento a inexecución a final de exercicio. O artigo 64 do TRLRFOG só contempla como fontes de financiamento as retencións noutros créditos, os maiores recursos a obter, o remanente de tesourería, o endebedamento dentro dos límites autorizados, ou

outras formas de financiamento que non entrañen déficit, ao que as leis anuais de orzamentos engaden as baixas de crédito. A alusión á inexecución ao final do exercicio como fonte de financiamento apártase da normativa orzamentaria aludida.

5.23.5 En relación coa data de aprobación das modificacións, conségtase que no último día do exercicio, co gallo de dar cobertura orzamentaria á realidade económica desenvolvida, apróbanse un total de 35 expedientes de modificación de créditos, que supuxeron un incremento acumulado bruto do orzamento de 458,6 millóns de euros, á vez que as minoracións de crédito sumaron un total de 725,58 millóns de euros, resultando un efecto neto sobre o orzamento por importe negativo de 266,98 millóns de euros, segundo se desprende do seguinte cadro:

Cadro 31: Expedientes aprobados o 31 de decembro de 2016. (Euros)

Modalidade	Nº de expedientes	Incrementos	Diminucións	Efecto neto
Adscricións de crédito	1	7.346.141,85		7.346.141,85
Ampliacións	7	142.792.298,40		142.792.298,40
Incorporacións de crédito	1	5.235.042,04		5.235.042,04
Xeracións de créditos	1	568.585,40		568.585,40
Baixas de créditos	14		422.921.671,29	-422.921.671,29
Total parcial	24	155.942.067,69	422.921.671,29	-266.979.603,60
Transferencias de crédito	11	302.662.310,41	302.662.310,41	0,00
Total	35	458.604.378,10	725.583.981,70	-266.979.603,60

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Conta Xeral da Comunidade Autónoma

Estas operacións previas ao peche do exercicio afectan a 106 programas orzamentarios, dos cales 8 viron incrementados os seus créditos, entre os que destacan especialmente –como vén sucedendo ano tras ano de forma reiterada– os programas *411A Dirección e servizos xerais de Sanidade*, con 168 millóns de euros, e *621B Imprevistos e funcións non clasificadas*.

En canto aos programas financiadores destas modificacións, destacan os programas *723A Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura*, *712B Modernización e diversificación do tecido produtivo rural*, *542A Planificación e xestión hidrolóxica*, e *741A Apoio á modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial*.

Cadro 32: Principais programas con efecto neto positivo e negativo nas operacións efectuadas a finais de decembro de 2016. (Euros)

Programa orzamentario	Incrementos	Diminucións	Efecto neto
Principais incrementos			
411A Dirección e servizos xerais de Sanidade	205.994.186,26	-37.806.388,86	168.187.797,40
621B Imprevistos e funcións non clasificadas	234.937.336,24	-224.916.194,14	10.021.142,10
Principais diminucións			
512B Construción, conservación e explotación de estradas		-20.482.517,07	-20.482.517,07
713B Ordenación das producións forestais		-21.108.980,81	-21.108.980,81
561A Dirección e servizos xerais de Facenda		-21.212.279,39	-21.212.279,39
741A Apoio á modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial		-24.287.898,94	-24.287.898,94
542A Planificación e xestión hidrolóxica		-39.315.286,92	-39.315.286,92
712B Modernización e diversificación do tecido produtivo rural		-40.982.734,39	-40.982.734,39
723A Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura		-42.312.203,16	-42.312.203,16

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Conta Xeral da Comunidade Autónoma

O efecto destas modificacións orzamentarias previas ao peche sobre a clasificación económica do gasto revela unha diminución do gasto de capital por importe de 390,6 millóns de euros e un incremento do gasto corrente en 116 millóns de euros e do gasto financeiro en 4,7 millóns de euros. Finalmente, por tipo de expedientes hai que destacar as baixas de crédito, por importe de 423 millóns de euros, concentradas principalmente en gastos de capital, e as transferencias de crédito (cun importe de 302 millóns de euros supoñen un 56% das aprobadas no exercicio), cuxo destino principal vai ser a atención do gasto farmacéutico.

Transferencias de crédito

5.24. As transferencias de crédito supoñen un traspaso de dotacións entre distintas aplicacións orzamentarias. Os créditos iniciais fixados pola Lei de orzamentos pódense modificar cualitativamente, sen incrementar polo tanto a súa contía global, a través das transferencias de crédito. No exercicio 2016 estas transferencias acadaron en conxunto un importe de 539,67 millóns de euros, producíndose unha modificación cualitativa do orzamento inicial do 5,38%.

Cadro 33: Transferencias de crédito 2016. (Euros)

Capítulo	Crédito inicial	Transf. positivas	Transf. negativas	Efecto neto	%	Efecto neto 2015
1 Gastos de persoal	1.891.233.155,00	100.005.431,04	-105.654.838,30	-5.649.407,26	-0,30%	24.650.255,98
2 Gastos bens corr. e servizos	510.537.010,00	18.092.879,22	-36.488.810,79	-18.395.931,57	-3,60%	-17.880.343,36
3 Gastos financeiros	270.249.033,00	544.311,95	-10.480.958,83	-9.936.646,88	-3,68%	-39.043.448,53
4 Transferencias correntes	4.479.371.206,00	145.575.470,87	-64.859.158,35	80.716.312,52	1,80%	189.561.429,32
Gasto corrente	7.151.390.404,00	264.218.093,08	-217.483.766,27	46.734.326,81	0,65%	157.287.893,41
5 Fondo de continxencia	12.948.783,00	227.591.194,39	-127.758.410,21	99.832.784,18	770,98%	-90.430.940,99
Fondo de continxencia	12.948.783,00	227.591.194,39	-127.758.410,21	99.832.784,18	770,98%	-90.430.940,99
6 Investimentos reais	281.759.438,00	28.177.666,68	-63.466.780,76	-35.289.114,08	-12,52%	-11.755.722,63
7 Transferencias de capital	1.168.262.419,00	26.131.188,33	-138.589.999,09	-112.458.810,76	-9,63%	-56.903.466,48
Gasto de capital	1.450.021.857,00	54.308.855,01	-202.056.779,85	-147.747.924,84	-10,19%	-68.659.189,11
8 Activos financeiros	93.000.369,00	2.063.892,88	-883.078,66	1.180.814,22	1,27%	1.802.237,50
9 Pasivos financeiros	1.330.199.584,00		-0,37	-0,37	0,00%	-0,81
Gasto financeiro	1.423.199.953,00	2.063.892,88	-883.079,03	1.180.813,85	0,08%	1.802.236,69
Total	10.037.560.997,00	548.182.035,36	-548.182.035,36	0,00	0,00%	0,00

Fonte: A táboa está elaborada a partir dos datos remitidos pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma. Nestes datos as transferencias de crédito totalizan 548.182.035,36 euros mentres que os datos reflectidos na Conta Xeral rendida acadan os 539.671.416,55 euros.

- Atendendo aos efectos que producen as transferencias de crédito sobre a distribución da clasificación económica, advírtese un fluxo dos créditos dos distintos capítulos de gasto, principalmente de capital, cara ao fondo de continxencia (100 millóns de euros) e ao capítulo de transferencias correntes (80,72 millóns de euros). Tamén se incrementa o capítulo de activos financeiros en 1,2 millóns euros.

Entre os capítulos que financian os créditos transferidos destacan, un ano máis, os destinados a gastos de capital, que se reducen en 148 millóns de euros.

5.25. Na incidencia das transferencias de crédito sobre a clasificación funcional ocupa un lugar destacado o transvase de créditos para incrementar os programas *621B Imprevistos e funcións non clasificadas* (95 millóns de euros), *411A Dirección e servizos xerais de Sanidade* (76 millóns de euros), e *422M Ensinanza secundaria e formación profesional* (19,63 millóns de euros); pola contra, os programas que máis se minoran son o *421A Dirección e servizos xerais de educación* (36,81 millóns de euros), o *741A Apoio á modernización, internacionalización e mellora da competitividade, innovación e produtividade empresarial* (17,94 millóns de euros), e o *512B Construción, conservación e explotación de estradas* (17,51 millóns de euros).

Respecto do exercicio anterior, é de destacar que o programa *621B Imprevistos e funcións non clasificadas*, que no exercicio 2015 foi empregado como principal programa financiador das

transferencias de crédito, neste exercicio 2016 volve a erixirse nun dos principais programas destinatarios dos créditos transferidos.

- O artigo 8.Un da Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma para 2016 dispón que non se tramiten expedientes de transferencias de crédito que atinxan os capítulos VI e VII cando deles derive un incremento de gasto corrente, con determinadas excepcións enumeradas no mesmo. Aínda que a translación non é directa, a través do programa *621B Imprevistos e funcións non clasificadas* estanse diminuindo os créditos dos capítulos VI e VII para incrementar o gasto corrente.
- En contra do disposto no artigo 8.Tres.c) da Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma para 2016, que non permite diminuír os créditos consignados no programa *312D Servizos sociais de atención ás persoas dependentes*, o expediente TR-23-034-16 transfire 7.253.111,47 euros cara ao Fondo de continxencia. As transferencias negativas que afectan a este programa 312D supuxeron reducións dos créditos por importe de 15.071.751,42 euros, e o efecto conxunto das transferencias de crédito amosan un impacto negativo neto de 280.747,39 euros.
- O artigo 8.Tres.d) da Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma para 2016 dispón que non se poderán tramitar transferencias de crédito do capítulo VIII aos restantes capítulos do orzamento. Porén, a transferencia efectuada o 31 de decembro (TR-23-034-16) inclúe 883.078,66 euros procedentes deste capítulo con destino ao programa de imprevistos e funcións non clasificadas. A pesar das especificidades establecidas para este programa, entendemos que neste caso incúmprese a norma orzamentaria.

Ampliacións de crédito

5.26. As ampliacións de crédito supoñen, segundo o artigo 64 do TRLRFOG, unha facultade da Administración para incrementar a contía das dotacións orzamentarias en determinadas circunstancias, nalgúns casos especificadas de maneira singular na lei de orzamentos de cada ano.

As ampliacións, formalizadas a través de 128 expedientes, supuxeron un incremento dos créditos do estado de gastos nun importe de 283,91 millóns de euros, que representa unha redución do 16,56% respecto das ampliacións de crédito aprobadas no exercicio anterior.

O seguinte cadro amosa os programas onde as ampliacións de crédito teñen os efectos máis significativos. Merece unha especial consideración a presenza de créditos ampliados en contías importantes para o mesmo concepto de gastos que se reiteran ano tras ano, e que, polo tanto, teñen difícil a cualificación de imprevisibles esixida para estas ampliacións.

Cadro 34: Ampliacións de crédito nos principais programas orzamentarios 2016. (Euros)

Programa	Importe	%
411A Dirección e servizos xerais de Sanidade	216.303.251,26	76,19%
422A Educación infantil primaria e ESO	19.005.000,00	6,69%
422M Ensinanza secundaria e formación profesional	14.256.172,85	5,02%
621A Administración financeira	11.583.918,56	4,08%
121A Dirección e servizos xerais da Administración xeral	4.578.469,05	1,61%
312A Protección e inserción social	4.100.000,00	1,44%
571A Fomento da sociedade da información e do coñecemento	3.204.332,47	1,13%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Conta Xeral da Comunidade Autónoma

5.27. Unha análise individual de determinados expedientes revela ademais os seguintes aspectos:

- Os expedientes de ampliación AM-06-001-16 e AM-06-0024-16, tramitados para atender compromisos por premios de cobranza ou para a remuneración de axentes mediadores independentes, obedecen a unha insuficiente orzamentación que se reitera ano a ano. Os créditos iniciais orzamentados apenas acadan a cubrir os custos devindicados polas remuneracións de axentes correspondentes aos meses de novembro e decembro de 2015 e as mensualidades de xaneiro e decembro nos casos dos premios de cobranza. Estas ampliacións tramitadas nos meses de marzo e maio non basean a súa contía sobre as cantidades devindicadas, senón sobre unha estimación a partir dos datos de exercicios anteriores, polo que entendemos que nada obsta para que estes créditos formaran parte do orzamento inicial.
- No expediente AM-06-004-16 tramítase unha ampliación de crédito no capítulo VIII para exercer os dereitos de subscrición da ampliación de capital proxectada pola sociedade Gas Galicia Sociedad para el Desarrollo del Gas S.A. e para exercer o dereito de adquisición preferente sobre as accións que outro accionista ten vontade de transmitir. Cómpre salientar que nin no TRLRFOG nin na Lei de orzamentos para 2016 se contemplan como ampliables os créditos do capítulo VIII.
- No ámbito da Consellería de Sanidade, tres expedientes de ampliación de crédito absorben un 71% dos créditos totais ampliados no orzamento, todos eles destinados a atender o gasto farmacéutico. Fináncianse con baixas de créditos procedentes do Fondo de continxencia (126,51 millóns de euros) e con maiores recursos por importe de 75,2 millóns de euros. Esta insuficiencia estrutural do orzamento sanitario esixe unha constante recorrencia ás modificacións orzamentarias para adaptar o orzamento ao gasto farmacéutico xerado.
- No expediente AM-11-06-16 tramítase unha ampliación de crédito con cargo a maiores recursos dos previstos, constando a autorización do conselleiro de Facenda pero non o resto da documentación que debe integrar o expediente. De acordo coa resolución, increméntanse os créditos destinados ao SERGAS para atender o gasto farmacéutico en 75,2 millóns de euros. A

financiación desta ampliación baséase na modificación da posición neta debedora acordada polo Consello de Política Fiscal e Financeira, que pasou do 0,3% do PIB ao 0,7%, no cal queda unha marxe por importe de 68.647.435 euros, e nos maiores ingresos derivados da liquidación definitiva do sistema de financiamento polo importe restante (6,5 millóns de euros). Falta no expediente o informe da Intervención Xeral, porén reproducimos as conclusións deste mesmo centro fiscal para outras modificacións realizadas vía capacidade de endebedamento, sinalando a estes efectos que o incremento da capacidade de endebedamento por si só non xustifica unha ampliación de crédito. A falta de ingresos efectivos ou dereitos recoñecidos vinculados a esta ampliación de crédito cuestiona a adecuación da súa aprobación.

- No ámbito da Consellería de Educación, as ampliacións de crédito incrementan as dotacións iniciais en 38,45 millóns de euros. De forma recorrente en tódolos exercicios, os créditos orzamentados dos programas *422A Educación Infantil, primaria e ESO* e *422M Educación secundaria e formación profesional* maniféstanse insuficientes para atender as obrigas en materia de persoal.

Incorporacións de crédito

5.28. Como excepción ao principio xeral de anulación de remanentes non executados ao final do exercicio, o artigo 71 do TRLRFOG contempla a posibilidade de incorporar eses remanentes ao exercicio seguinte en determinados supostos, como nos casos dos créditos extraordinarios, os suplementos ou transferencias que, autorizados no último mes, non puideran executarse; ou compromisos de gastos contraídos antes dese último mes que non puideran realizarse; ou créditos destinados a operacións de capital; e créditos autorizados en función da efectiva recadación.

No exercicio 2016 aprobáronse un total de 61 expedientes de incorporación de crédito, que supuxeron un total de 242,59 millóns de euros. No ámbito da Consellería de Economía, con 126,86 millóns de euros, concéntrase o 52,99% dos créditos incorporados. Un 41,06% das incorporacións prodúcese no capítulo IV e un 41,23% no capítulo VII. Dentro da clasificación funcional, destacan os programas *323A Formación profesional desempregados* (cun 17,79 %) e *322A Mellora e fomento da empregabilidade* (cun 13,39 %).

5.29. Segundo a modalidade de financiamento, as incorporacións refírense maioritariamente a gastos con financiamento afectado (217,84 millóns de euros), pero tamén a créditos financiados con fondos propios libres da Comunidade Autónoma (24,75 millóns de euros). No seguinte cadro preséntanse as incorporacións atendendo á orixe dos fondos.

Cadro 35: Incorporacións de crédito por modalidade 2016. (Euros)

Tipo de fondo incorporado	Importe	Porcentaxe
Fondos propios libres	16.997.609,04	7,01%
Fondo de compensación ambiental	7.752.674,22	3,20%
Total fondos da Comunidade Autónoma	24.750.283,26	10,20%
F.C.I.	21.418.393,85	8,83%
Transferencias finalistas do Estado	117.592.598,88	48,47%
Outras transferencias finalistas	266.700,30	0,11%
Fondos do Estado para o financiamento plans zonas rurais	3.527.441,48	1,45%
F.E.D.E.R.	25.675.235,65	10,58%
F.E.A.D.E.R. e F.E.A.G.A.	23.926.359,94	9,86%
F.S.E. 2007-2014	17.474.451,05	7,20%
F.E.P.	6.388.877,44	2,63%
Outros fondos europeos	1.358.488,40	0,56%
Interreg	207.680,91	0,09%
Total fondos afectados doutras institucións	217.836.227,90	89,80%
Total incorporacións	242.586.511,16	100,00%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Conta Xeral da Comunidade Autónoma

- Os créditos finalistas incorporados ao exercicio 2016 (217,84 millóns de euros) proveñen principalmente de transferencias da Administración do Estado e, en menor medida, do FEDER e do FCI. A maior parte desas incorporacións teñen lugar a través do procedemento de incorporación automática de remanentes.

A imposibilidade de seguimento das desviacións de financiamento acumuladas fai albergar dúbidas sobre a posibilidade de atender a totalidade daquelas incorporacións sen xerar tensións de tesourería, posto que os dereitos recoñecidos que van financiar estes créditos foron rexistrados en exercicios anteriores e resulta notorio que neses exercicios non existiron excedentes suficientes non aplicados para financiar os créditos incorporados.

Por outro lado, como se vén reiterando en informes anteriores, persisten incorporacións de crédito sen unha xustificación razoable para a non utilización do crédito a incorporar dentro do propio exercicio, o que supón unha prolongación da vixencia temporal do orzamento e unha creba do principio orzamentario de anualidade.

- Con cargo a créditos financiados con fondos propios da Comunidade Autónoma aprobáronse incorporacións por importe de 24,75 millóns de euros. O aspecto máis destacado é a ausencia de concreción dos recursos que van amparar estas incorporacións, respecto dos que, finalmente, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma alude como fonte de financiamento a inexecución a

final de exercicio. Os fondos propios incorporados formalizáronse a través da aprobación dos expedientes que figuran no cadro seguinte:

Cadro 36: Fondos propios libres incorporados 2016. (Euros)

Nº expediente	Causa	Financiamento	Importe
IC-05-003-16	Fondo de Compensación Ambiental	Baixas de crédito	7.752.674,22
IC-23-001-16	Fondo de garantía de avais	Inxecución a final de exercicio	4.551.730,33
IC-23-003-16	Fondo de garantía de avais	Inxecución a final de exercicio	1.200.715,58
IC-23-004-16	Fondo de atención derivado do artigo 4 da Lei 12/1995, do 29 de decembro, do Imposto sobre a Contaminación Atmosférica	Baixas de crédito	6.010.121,09
IC-23-005-16	Fondo de garantía de avais	Inxecución a final de exercicio	5.235.042,04
Total			24.750.283,26

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Conta Xeral da Comunidade Autónoma

Xeracións de créditos por ingreso

5.30. O artigo 69 do TRLRFOG contempla a posibilidade de xerar crédito no estado de gastos cando en determinadas operacións –achegas doutras Administracións ou persoas físicas e xurídicas, alleamento de bens, prestación de servizos, reembolso de préstamos– se obteñan ingresos (efectivos, dereitos liquidados ou compromisos firmes) non previstos ou por importe superior ás previsións.

As xeracións de crédito poden realizarse tanto con incrementos nunha aplicación orzamentaria existente como noutra aplicación creada ex novo, como consecuencia de ingresos que efectivamente se teñan realizado. Estas xeracións supuxeron no exercicio fiscalizado un incremento de crédito por importe de 396,14 millóns de euros, tramitadas a través de 153 expedientes de modificación orzamentaria.

O programa *621B Imprevistos e funcións non clasificadas*, co 51,42%, e o *713F Regulación das producións agrarias e apoio á renda dos agricultores*, cun 38,73%, absorben maioritariamente o importe das xeracións de crédito, ao igual que sucedía no exercicio anterior. No seguinte cadro preséntanse os expedientes con importes máis significativos:

Cadro 37: Expedientes de xeración de crédito 2016. (Euros)

Expediente	Descrición	Importe	%
XC-23-001-16	Incremento do Fondo de continxencia	160.000.000,00	40,4%
XC-13-003-16	Xestión de axudas no marco da PAC financiadas polo FEAGA e xestionadas polo FOGGA	153.403.634,20	38,7%
XC-23-004-16	Liquidación definitiva de ingresos de exercicios anteriores correspondente 2014	33.379.224,46	8,4%
XC-23-003-16	Liquidación definitiva de ingresos de exercicios anteriores correspondente 2014	10.000.000,00	2,5%
XC-06-001-16	Adquisición de accións de REGANOSA	8.976.845,51	2,3%
XC-06-011-16	Ampliación de capital na S.P.I.	7.000.000,00	1,8%
XC-13-010-16	Xeración de crédito de Fondos FEADER	4.125.000,00	1,0%
XC-07-012-16	Ingresos de SOGARISA	2.026.176,46	0,5%
XC-04-003-16	Adquisición de accións de Manzaneda Estación de Inverno S.A.	1.506.000,00	0,4%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Conta Xeral da Comunidade Autónoma

- O expediente XC-23-001-16 incorpora 160 millóns de euros para o Fondo de continxencia. Fundaméntase no acordo do Consello de Política Fiscal e Financeira que estableceu para o exercicio 2016 o obxectivo de déficit por riba do inicialmente fixado nos orzamentos anuais. Respecto deste expediente, cómpre salientar que foi contabilizado e aprobado omitindo o preceptivo trámite do informe da Intervención Delegada de Facenda. Con posterioridade á súa aprobación, esta Intervención recibe a petición de informe, que emitirá poñendo de manifesto que neste expediente non se dan os requisitos do artigo 69 do TRLRFOG para levar a cabo a modificación de crédito, na medida en que non existe nin ingreso efectivo, nin polo menos un compromiso firme de ingreso. Polo tanto, esta referencia xenérica á capacidade de endebedamento non é suficiente para amparar esta modificación orzamentaria.
- O expediente XC-13-003-16 xustifícase no aboamento das axudas correspondentes a primas gandeiras que son financiadas polo FEAGA e xestionadas polo FOGGA. Na medida en que este Consello vén mantendo o carácter extraorzamentario destes fondos, tamén procede, pola mesma razón, cuestionar a procedencia destas xeracións.
- O expediente XC-06-001-16 aproba unha xeración de crédito no capítulo VII por importe de 8,9 millóns de euros co gallo de contar co crédito necesario para exercer o dereito de tanteo sobre as accións da empresa Regasificadora do Noroeste S.A., que outro accionista ten intención de transmitir. No expediente non consta o ingreso ou o compromiso de ingreso que ampare esa modificación, agás unha referencia á posibilidade que presenta o artigo 37.Dous da Lei de orzamentos para o exercicio 2016 de que a posición neta debedora fixada para a Comunidade Autónoma a fin de exercicio pode ser excedida no curso daquel para a adquisición de activos de empresas que de acordo cos parámetros do SEC-95 non figuren incluídas no ámbito do sector público autonómico. O informe da Intervención Xeral, integrante do expediente, volve a aludir á

necesidade de que se produzan os ingresos no capítulo IX do orzamento, circunstancia que non queda acreditada..

- O expediente XC-06-011-16 ten por obxecto xerar crédito no capítulo VIII do estado de gastos para atender a ampliación de capital acordada na SPI, para que esta sociedade poida cumprir as obrigas asumidas para este exercicio en materia de endebedamento. Cómpre salientar novamente, como fixo a Intervención Xeral no seu informe, que esta xeración non conta co preceptivo ingreso que a xustifique.
- O expediente XC-04-003-16 tramita unha xeración de crédito no capítulo VII do estado de gastos para dotar á Axencia de Turismo de Galicia dos créditos necesarios para poder concorrer á ampliación de capital da Sociedade Anónima Manzaneda Estación de Inverno S.A. Como fonte de financiamento alúdese á posibilidade de rebasar durante o exercicio a posición neta debedora para xerar crédito nos capítulos VIII e IX para financiar adquisicións de activos financeiros de suxeitos non comprendidos no subsector público autonómico de acordo cos criterios SEC-95. Neste caso a xeración de crédito prodúcese no capítulo VII coa alusión xenérica á posibilidade de rebasar a capacidade de endebedamento, sen o compromiso de ingreso ou de ingreso firme, polo que non se acredita suficientemente o financiamento destas xeracións de crédito.

Baixas de crédito

5.31. As baixas de crédito do orzamento no exercicio 2016 supuxeron un volume de 655 millóns de euros. A variación respecto do exercicio anterior amosa un incremento de 431 millóns, que representa unha variación porcentual do 192,78%. A súa distribución segundo o tipo de financiamento dos créditos cancelados resúmese na seguinte táboa:

Cadro 38: Baixas segundo a modalidade de financiamento 2016. (Euros)

Modalidade de financiamento	I	II	IV	V	VI	VII	IX	Total
Fondos propios	33.258.804,24	1.234.455,18	5.870.994,09	301.135.813,20	3.758.422,83	9.041.328,73	526.104,00	354.825.922,27
Fondo de Compensación Interterritorial					943.879,70	6.402.262,15		7.346.141,85
Transferencias finalistas do Estado		3.629.562,66	3.407.231,77		1.972.678,75	5.192.845,73		14.202.318,91
Fondos europeos (FEADER, FEDER e FSE)	125.398,85	2.214.831,55	23.980.426,26		40.162.262,76	212.242.228,66		278.725.148,08
Total	33.384.203,09	7.078.849,39	33.258.652,12	301.135.813,20	46.837.244,04	232.878.665,27	526.104,00	655.099.531,11

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Conta Xeral da Comunidade Autónoma

O incremento do volume das baixas de crédito, que se produce en tódolos capítulos de gasto, aparece fortemente condicionado polo importe dos créditos dados de baixa no capítulo V *Fondo de*

continxencia. Estes créditos, por importe de 301 millóns de euros, supuxeron o 46% dos créditos dados de baixa no exercicio. Tamén no capítulo VII, de transferencias de capital, se incrementan notablemente fronte ao exercicio anterior.

Os créditos derivados de fondos propios dados de baixa supuxeron un 54,16% do total, por un importe de 355 millóns de euros. O emprego desta modificación dos fondos propios destinouse principalmente ao financiamento de ampliacións de crédito, sendo habitualmente a transferencia final ao SERGAS para o funcionamento do servizo o destino principal destes créditos.

As baixas nos créditos financiados con fondos afectados corresponden principalmente aos fondos europeos, con 279 millóns de euros (un 42,55%). Na súa meirande parte corresponden a remanentes de crédito existentes a finais de exercicio correspondentes a programas operativos de Galicia 2014-2020 FEDER, FSE, FEADER e FEMP, que se dan de baixa co gallo da súa reprogramación.

Consideracións sobre o programa 621B

5.32. O programa *621B Imprevistos e funcións non clasificadas* ten unha dotación orzamentaria inicial de 13,3 millóns de euros, dos cales 12,9 millóns figuran no capítulo *V Fondo de continxencia* e 450.000 euros no capítulo *VI Inversións reais*.

No que se refire aos créditos que figuran no Fondo de continxencia, en tódolos exercicios consolídase como un dos programas orzamentarios que amosa os maiores movementos de créditos. Neste exercicio, a xestión orzamentaria deste programa instrumentouse a través de 59 expedientes de modificación, creando un concepto novo non incluído no orzamento inicial no que se concentrará o maior volume das modificacións orzamentarias.

**Cadro 39: Modificacións orzamentarias que afectan ao Fondo de continxencia 2016. (Euros)**

Concepto	500 Fondo de continxencia de execución orzamentaria	520 Fondo de continxencia	530 Fondo de recuperación retributivo	Total
Crédito inicial	10.420.000,00		2.528.783,00	12.948.783,00
Transferencias positivas		227.591.194,39		227.591.194,39
Xeracións		203.379.224,46		203.379.224,46
Adscricións			2.528.783,00	2.528.783,00
Total incrementos		430.970.418,85	2.528.783,00	433.499.201,85
Total crédito dispoñible	10.420.000,00	430.970.418,85	5.057.566,00	446.447.984,85
Transferencias negativas	10.214.945,00	115.014.682,21	2.528.783,00	127.758.410,21
Baixas		298.607.030,20	2.528.783,00	301.135.813,20
Total diminucións	10.214.945,00	413.621.712,41	5.057.566,00	428.894.223,41
Modificacións netas	-10.214.945,00	7.348.706,44	-2.528.783,00	4.604.978,44
Créditos definitivos	205.055,00	17.348.706,44	0,00	17.553.761,44

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Conta Xeral da Comunidade Autónoma

Da lectura do cadro obsérvase que o fondo de continxencia, cunha dotación orzamentaria inicial de 12,9 millóns de euros, incrementase a través de modificacións orzamentarias ata os 446,4 millóns de euros. A distribución deste fondo realizouse principalmente a través de baixas de crédito e de transferencias negativas para arrojar un saldo final de 17,6 millóns de euros, que supón 4,6 millóns por riba dos créditos orzados inicialmente.

5.33. Dentro do capítulo V figuran tres aplicacións diferentes referidas ao Fondo de continxencia: por un lado, a *621B500 Fondo de continxencia de execución orzamentaria* e a *621B530 Fondo de recuperación retributivo*, que xorden na aprobación dos orzamentos; e por outro, a *621B520 Fondo de continxencia*, creado voluntariamente durante o exercicio na xestión do orzamento.

5.33.1. O concepto *500 Fondo de continxencia de execución orzamentaria* conta con máis restricións de cara á súa dispoñibilidade, reflectidas no artigo 55.bis do TRLRFOG e na Disposición transitoria segunda da Lei de orzamentos para 2016. Destinarase a atender as necesidades xurdidas no exercicio corrente que foran inaprazables e de carácter non discrecional. A lei de orzamentos cuantifica este fondo cunha dotación inicial de 49,5 millóns de euros, dos que 39,1 millóns figuran no orzamento do SERGAS e 10,4 millóns nos da Administración xeral. Este importe supón unha redución notable respecto dos 125,2 millóns de euros que figuraban nos orzamentos de 2015, pola previsión nese exercicio de recuperación da paga extraordinaria e adicional de decembro de 2012.

Na Administración xeral dispúxose de 10,2 millóns de euros dos 10,4 millóns do orzamento inicial mediante a aprobación de cinco expedientes de transferencias de crédito, a pesar de que o artigo 55 bis do TRLRFOG dispón que este fondo unicamente pode ser disposto para o financiamento de ampliacións de crédito, créditos extraordinarios, suplementos de crédito e incorporacións de crédito.

O seguinte cadro reflicte a forma de disposición deste fondo por 10,2 millóns de euros:

Cadro 40: Disposicións do Fondo de continxencia de execución orzamentaria 2016. (Euros)

Núm. expediente	Destino	Importe
TR-23-005-16	Financiamento de gastos de funcionamento de partidos políticos	2.000.000,00
TR-23-011-16	Recuperación do axuste retributivo 2013	1.781.853,74
TR-23-012-16	Recuperación do axuste retributivo 2013	2.381.562,24
TR-23-015-16	Recuperación do axuste retributivo 2013. Achegas á Compañía RTVG	240.993,00
TR-23-034-16	Traspaso a 520 Fondo de continxencia	3.810.536,02
Total		10.214.945,00

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Conta Xeral da Administración da Comunidade Autónoma

- A través da transferencia de crédito TR-23-005-16 emprégase o Fondo do continxencia de execución orzamentaria para atender ao financiamento dos gastos de funcionamento dos partidos políticos. O artigo 33 da Lei 9/2015, do 9 de agosto, reguladora desta materia, dispón que a contía anual total destas subvencións será a que, no seu caso, se consigne para estes fins na lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma no exercicio correspondente. Porén, a lei de orzamentos non consignou ningunha contía para a atención de ditos gastos polo que resulta cuestionable a decisión de dar cobertura a aqueles a través da aplicación deste fondo por un importe de dous millóns de euros.

- En canto á utilización deste fondo a través das transferencias TR-23-011-16, TR-23-012-16 e TR-23-015-16, realízase ao abeiro do artigo 7 da Lei 7/2016, do 1 de xullo, que aproba unha retribución de carácter extraordinario para os empregados do sector público autonómico. Porén, o que se dispón na citada lei para a articulación das medidas adoptadas instruméntase mediante a aprobación dun crédito extraordinario e non dunha transferencia de crédito.

- Mediante o expediente TR-23-034-16 traspásase o saldo de 3,81 millóns de euros cara ao concepto 500 Fondo de continxencia. O traspaso entre os dous fondos non se axusta ao establecido no artigo 55 bis do TRLRFOG e obedece unicamente a facilitar a disposición de ditos fondos sometendo os créditos a una normativa menos restritiva.

- De acordo coa normativa reguladora, a aplicación deste fondo debe ser aprobada mediante acordo do Consello da Xunta previo informe da Intervención Xeral, aspectos que non constan no expediente.

5.33.2. En canto ao concepto *520 Fondo de continxencia*, constituído ao longo do exercicio afastándose da liña precedente onde este fondo creábase coa incorporación dun importante volume de remanentes de crédito procedentes de exercicios anteriores e de transferencias de crédito, neste exercicio dótase mediante tres xeracións de crédito por importe de 203 millóns de euros e unha transferencia de crédito por 228 millóns de euros, acadando un total de 431 millóns de euros.

Cadro 41: Orixe do Fondo de continxencia. (Euros)

Núm. expediente	Orixe dos fondos	Importe
XC-23-001-16	Capacidade de endebedamento	160.000.000,00
XC-23-003-16	Liquidación 2014 do sistema de financiamento	10.000.000,00
XC-23-004-16	Liquidación 2014 do sistema de financiamento	33.379.224,46
TR-23-034-16	Distintas seccións do orzamento	227.591.194,39
XC-23-001-16	Capacidade de endebedamento	160.000.000,00
Total		430.970.418,85

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Conta Xeral da Comunidade Autónoma

A transferencia de crédito que nutre este fondo, realizada a fin de exercicio por importe de 228 millóns de euros, ten como orixe dos fondos, en máis dun 70%, créditos destinados a operacións de capital. Por outra parte, as xeracións de crédito traen causa no maior endebedamento respecto ao contemplado no orzamento inicial, así como á recepción de maiores ingresos derivados da liquidación de exercicios anteriores correspondentes ao sistema de financiamento. Respecto das xeracións cun maior endebedamento, remitímonos ás consideracións expostas na parte deste informe referida ás xeracións de crédito.

A distribución deste fondo realizouse por un total de 413,6 millóns de euros, dos cales 115 millóns realizáronse mediante transferencias de crédito e 298,6 millóns de euros a través de baixas de crédito. Apréciase que dos 115 millóns de euros dispostos a través de transferencias de crédito, máis do 95% de dito importe destinouse á atención de gasto corrente. A orixe destes fondos, agás no caso das xeracións de crédito, adoita estar en créditos inicialmente previstos para operacións de capital. En canto ás baixas de crédito, que minoraron este fondo nun total de 298,6 millóns de euros, unha parte salientable (137,6 millóns de euros) destinouse á financiación das ampliacións de crédito para gasto corrente no ámbito do SERGAS.

No estudo do destino dos créditos deste concepto *520 Fondo de continxencia* destaca que o SERGAS absorbe máis de 231 millóns de euros para atender o gasto farmacéutico e gastos de persoal. Estas modificacións orzamentarias destinadas a facer fronte ao gasto sanitario veñen sendo modificacións orzamentarias recorrentes tódolos exercicios que non contan co carácter de falta de previsibilidade ao inicio do exercicio. Desta forma, o fondo de continxencia, lonxe de constituír un fondo para a atención de gastos imprevistos e non discrecionais, constitúe unha ferramenta para a cobertura de gastos (principalmente gasto corrente) que son obxecto dunha deficiente orzamentación, por escasamente realista, e que mediante transferencias de crédito ou ao abeiro da súa cualificación como ampliables son reiteradamente orzados á baixa para dotalos do crédito necesario ao longo do exercicio. Entre estes gastos figura de forma salientable o gasto farmacéutico pola súa recorrencia.

V.3.2. EXECUCIÓN ORZAMENTARIA

5.34. Os créditos definitivos no exercicio 2016 ascenderon a 10.459,87 millóns de euros como consecuencia das modificacións, que incrementan o orzamento inicial un 4,21%. No seguinte cadro móstranse os datos máis relevantes da liquidación do orzamento de gastos, para a continuación realizar a súa análise en base ás seguintes ratios: 1) importancia relativa de cada capítulo; 2) variación do gasto, en termos de obrigas recoñecidas con respecto ao exercicio anterior; 3) índice de execución orzamentaria; 4) índice de cumprimento dos pagos.

Cadro 42: Liquidación do orzamento de gastos exercicio 2016. (Euros)

Capítulo	Créditos iniciais	Modificacións	Créditos definitivos	Obrigas recoñecidas (OR)	Variación OR 15-16	Grao de execución	Grao de cumprimento
Gastos de persoal	1.891.233.155,00	5.179.537,67	1.896.412.692,67	1.892.061.849,56	2,80%	99,77%	99,90%
Gastos bens correntes e servizos	510.537.010,00	-9.910.034,59	500.626.975,41	480.528.534,81	2,22%	95,98%	92,78%
Gastos financeiros	270.249.033,00	-9.879.015,64	260.370.017,36	260.329.217,36	-11,97%	99,98%	99,97%
Transferencias correntes	4.479.371.206,00	393.901.608,90	4.873.272.814,90	4.758.483.973,86	2,52%	97,64%	93,19%
Fondo continxencia	12.948.783,00	4.604.978,44	17.553.761,44	0,00	---	---	---
Gastos correntes	7.164.339.187,00	383.897.074,78	7.548.236.261,78	7.391.403.575,59	1,98%	97,92%	95,12%
Investimentos reais	281.759.438,00	-498.816,05	281.260.621,95	239.025.242,05	-8,50%	84,98%	67,27%
Transferencias de capital	1.168.262.419,00	5.147.144,76	1.173.409.563,76	1.051.079.131,45	-8,91%	89,57%	76,11%
Gastos de capital	1.450.021.857,00	4.648.328,71	1.454.670.185,71	1.290.104.373,50	-8,84%	88,69%	74,47%
Gasto non financeiro	8.614.361.044,00	388.545.403,49	9.002.906.447,49	8.681.507.949,09	0,21%	96,43%	92,05%
Activos financeiros	93.000.369,00	34.289.739,63	127.290.108,83	118.302.985,96	18,29%	92,94%	99,40%
Pasivos financeiros	1.330.199.584,00	-526.104,37	1.329.673.479,63	1.306.662.979,40	4,78%	98,27%	100,00%
Gastos financeiros	1.423.199.953,00	33.763.635,26	1.456.963.588,46	1.424.965.965,36	5,78%	97,80%	99,95%
Total	10.037.560.997,00	422.309.038,75	10.459.870.035,95	10.106.473.914,45	0,96%	96,62%	93,16%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Liquidación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma

- O gasto non financeiro aumentou nun 0,21% con respecto ao exercicio anterior. Este incremento afecta maioritariamente (en contía) ás transferencias correntes e aos gastos de persoal. O aforro bruto continúa nunha senda positiva, incrementándose con respecto ao exercicio anterior (418,40 millóns de euros fronte a 204,99 millóns do exercicio 2015).
- O grao de execución sitúase no 96,62%, fronte ao 95,68% do ano anterior. As partidas que presentan o índice máis baixo corresponden aos investimentos reais e ás transferencias de capital, cun 84,98% e un 89,57%, respectivamente.
- As obrigas recoñecidas en 2016 presentan un lixeiro aumento con respecto ao exercicio anterior.

No seguinte cadro recóllese a evolución destes gastos no período 2012-2016:

Cadro 43: Gastos 2012-2016. (Millóns de euros)

Grupos	2012		2013		2014		2015		2016	
	Obrigas recoñecidas	(%)	Obrigas recoñecidas	(%)	Obrigas recoñecidas	(%)	Obrigas recoñecidas	(%)	Obrigas recoñecidas	(%)
Gastos de funcionamento (cap. 1 e 2)	2.313,66	23,51%	2.292,36	24,07%	2.275,20	23,51%	2.310,46	23,08%	2.372,59	23,47%
Transferencias e subvenciones (cap. 4 e 7)	5.836,03	62,67%	5.573,60	58,54%	5.332,51	55,11%	5.795,48	57,90%	5.809,56	57,49%
<i>Transferencias correntes</i>	4.740,33	52,84%	4.556,32	47,85%	4.355,49	45,01%	4.641,59	46,37%	4.758,48	47,09%
<i>Transferencias de capital</i>	1.095,70	9,82%	1.017,80	10,69%	977,02	10,10%	1.153,89	11,53%	1.051,08	10,40%
Investimentos reais	293,33	6,81%	246,51	2,59%	179,40	1,85%	261,23	2,61%	239,03	2,36%
Operacións financeiras (cap.3, 8 y 9)	946,05	7,01%	1.409,32	14,80%	1.888,65	19,52%	1.642,74	16,41%	1.685,29	16,68%
Total	9.389,07	100,00%	9.521,79	100,00%	9.675,76	100,00%	10.009,91	100,00%	10.106,47	100,00%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Liquidación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma

V.3.3. GASTOS DE PERSOAL

5.35. Os gastos de persoal representan o 18,72% do total das obrigas recoñecidas durante o exercicio 2016. A execución orzamentaria do capítulo I recóllese no seguinte cadro:

Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma. Exercicio 2016

Cadro 44: Gastos de persoal 2016. (Euros)

Artigo	Créditos iniciais	Modificacións	Créditos definitivos	Obrigas reconecidas	Importancia s/capítulo	Variación s/ano anterior	Grao execución	Grao cumprimento
10 Altos cargos e delegados	7.077.648,00	-146.310,15	6.931.337,85	6.931.121,92	0,37%	4,00%	100,00%	93,94%
11 Persoal eventual	5.704.693,00	-105.873,43	5.598.819,57	5.598.770,10	0,30%	-0,85%	100,00%	96,99%
12 Funcionarios	1.402.700.990,00	21.050.033,35	1.423.751.023,35	1.420.617.650,14	75,08%	2,37%	99,78%	99,94%
13 Laborais	244.331.008,00	11.742.498,24	256.073.506,24	256.053.967,93	13,53%	2,71%	99,99%	99,99%
14 Outro persoal	207.929,00	16.999,94	224.928,94	224.928,94	0,01%	0,74%	100,00%	100,00%
15 Incentivos ao rendemento	3.981.271,00	1.983.334,23	5.964.605,23	5.860.664,69	0,31%	0,77%	98,26%	99,91%
16 Cotas e gastos sociais	173.580.688,00	24.287.783,49	197.868.471,49	196.774.745,84	10,40%	6,33%	99,45%	99,78%
17 Fondo recuperac. retribut.	53.648.928,00	-53.648.928,00	0,00	0,00	0,00%	0,00%		
Total	1.891.233.155,00	5.179.537,67	1.896.412.692,67	1.892.061.849,56	100,00%	2,80%	99,77%	99,90%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Liquidación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma

- Con respecto ao exercicio precedente, os gastos aumentaron nun 2,80% na Administración xeral e nun 3,04% no orzamento consolidado. Neste exercicio procedeuse á recuperación do resto da paga extraordinaria e adicional de decembro do 2012 para o persoal ao servizo do sector público da Comunidade Autónoma.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria é a sección orzamentaria que rexistra un maior gasto de persoal (1.318.758.000,71 euros), cun 69,70% do total das obrigas reconecidas no capítulo I.

- O cadro seguinte mostra a evolución do gasto de persoal ao servizo da Administración xeral no período 2012-2016. Non se inclúen os custos doutro persoal, incentivos ao rendemento, nin cotas, prestacións e gastos sociais por conta do empregador.

Cadro 45: Evolución dos gastos de persoal 2012-2016. (Millóns de euros)

Concepto	2012	2013	2014	2015	2016	Var. 2015-16
Altos cargos e delegados	5,84	6,52	6,37	6,66	6,93	4,00%
Eventual de gabinete	5,43	5,31	5,34	5,65	5,60	-0,85%
Funcionarios	1.365,93	1.353,97	1.350,23	1.387,68	1.420,62	2,37%
Laboral fixo	183,18	188,61	188,26	190,97	194,84	2,02%
Laboral eventual	38,99	38,63	39,41	40,91	43,85	7,18%
Temporal indefinido	14,78	15,13	15,11	16,57	16,56	-0,09%
Persoal laboral DT 9ª bis IV Convenio (sen sentenxa)	0,96	0,76	0,77	0,86	0,83	-2,31%
Total	1.590,34	1.582,06	1.579,11	1.648,44	1.689,22	2,42%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Liquidación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma

- A evolución do número de efectivos de persoal da Administración xeral da Xunta de Galicia e das entidades incluídas no perímetro de consolidación definido no orzamento do exercicio 2016 que

reflicte a memoria da Conta Xeral pon de manifesto unha diminución significativa dos funcionarios (1.370 efectivos menos) e do persoal laboral (805 efectivos), así como moi leves variacións en persoal eventual (-2 efectivos) e en altos cargos (1 efectivo).

Cadro 46: Efectivos da Administración 2012-2016 (Volume medio de efectivos)

Tipo	Número efectivos					Variación 2015/2016	
	2012	2013	2014	2015	2016	Efectivos	%
Altos cargos	87	84	82	87	88	1	1,15%
Persoal eventual	170	163	162	165	163	-2	-1,21%
Funcionarios	43.386	42.870	44.408	47.084	45.714	-1.370	-2,91%
Laborais	10.871	10.533	11.315	12.421	11.616	-805	-6,48%
Total	54.514	53.650	55.967	59.757	57.581	-2.176	-3,64%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Conta Xeral da Comunidade Autónoma

V.3.4. GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS

5.36. Neste capítulo recóllense os recursos destinados a gastos en bens e servizos necesarios para o exercicio das actividades da Administración xeral que non produzan incremento do capital ou do patrimonio público. A execución orzamentaria do capítulo II recóllese no seguinte cadro:

Cadro 47: Gastos en bens correntes e servizos 2016. (Euros)

Artigo	Créditos iniciais	Modificacións	Créditos definitivos	Obrigas recoñecidas	Importancia s/capítulo	% Variación s/ano anterior	Grao de execución	Grao de cumprimento
20 Alugamentos e canons	6.665.335,00	-661.402,94	6.003.932,06	5.947.891,87	1,24%	-5,42%	99,07%	99,26%
21 Reparación, mantemento	13.052.103,00	-212.543,39	12.839.559,61	12.101.793,51	2,52%	4,32%	94,25%	96,05%
22 Material, subministracións	484.085.737,00	-9.991.655,01	474.094.081,99	454.809.941,36	94,64%	1,95%	95,93%	92,95%
23 Indemniz. por razón servizo	6.638.697,00	1.001.342,48	7.640.039,48	7.626.175,33	1,59%	26,32%	99,82%	72,58%
27 Publicacións	95.138,00	-45.775,73	49.362,27	42.732,74	0,01%	-19,53%	86,57%	90,25%
Total	510.537.010,00	-9.910.034,59	500.626.975,41	480.528.534,81	100,00%	2,22%	95,99%	92,78%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos en soporte informático (base de datos Access) da Conta Xeral facilitados pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

Nota: O total de obrigas recoñecidas neste capítulo segundo a liquidación da Conta Xeral non coincide co obtido da base de datos Access da Conta Xeral, por unha diferenza de 106,61 euros (superior na base de datos).

Estes gastos representan o 4,75% do total das obrigas recoñecidas durante o exercicio 2016. Con respecto ao ano anterior, incrementáronse nun 2,22% na Administración xeral e un 0,24% no orzamento consolidado.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria é a sección orzamentaria que rexistra un maior gasto en bens e servizos correntes (209.021.936 euros), cun 44,47% do total das obrigas recoñecidas no capítulo II.

A agrupación polo destino do gasto permite diferenciar entre o dirixido á prestación dos servizos aos cidadáns e os gastos operativos de funcionamento da Administración.

Gasto en prestación de servizos directos aos cidadáns

O gasto en prestación de servizos directos aos cidadáns, que ten como destino fundamental a educación e os servizos sociais, representa o 77,08% do gasto do capítulo II. Aumenta nun 1,06% con respecto ao ano anterior, maioritariamente na partida vinculada aos gastos de transporte escolar (2,19 millóns de euros) e aos gastos de funcionamento de centros e servizos sociais (1,98 millóns de euros). Pola contra, diminúen os gastos de funcionamento de comedores escolares en 0,66 millóns de euros.

Cadro 48: Gasto destinado á prestación de servizos 2015-2016. (Euros)

Destino	Importe 2016	Importe 2015	Variación 2016-2015	Variación % 2016-2015	% sobre total (2016)
1. EDUCACIÓN	213.812.625,97	212.056.649,41	1.755.976,56	0,83%	44,50%
22308 Transporte escolar	121.951.990,09	119.761.331,35	2.190.658,74	1,83%	25,38%
229 Gastos funcionamento de centros docentes non universitarios	67.575.528,27	67.345.627,26	229.901,01	0,34%	14,06%
22107 Comedores escolares	24.285.107,61	24.949.690,80	-664.583,19	-2,66%	5,05%
2. SERVICIOS SOCIAIS	156.554.520,28	154.429.255,09	2.125.265,19	1,38%	32,58%
228 Gastos de funcionamento de centros e servizos sociais	153.030.437,20	151.053.119,75	1.977.317,45	1,31%	31,85%
22765 Servizo Galego Mobilidade persoas discapacidade	3.524.083,08	3.376.135,34	147.947,74	4,38%	0,73%
3. INFRAESTRUTURAS	8.791,50	8.427,27	364,23	4,32%	0,00%
209 Canon de demanda	8.791,50	8.427,27	364,23	4,32%	0,00%
Total	370.375.937,75	366.494.331,77	3.881.605,98	1,06%	77,08%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Conta Xeral da Comunidade Autónoma

Gastos operativos de funcionamento

O restante 22,92% do gasto corresponde a gastos xerais operativos derivados do funcionamento da Administración. Este gasto aumentou nun 6,34% con respecto ao exercicio anterior.



No conxunto do capítulo II, segundo os datos facilitados pola Intervención Xeral, as obrigas xeradas no exercicio que foron imputadas ao ano seguinte (2017) ascenden a 10,3 millóns de euros, mentres as rexistradas neste exercicio procedentes de anos anteriores ascenden a 3,7 millóns, o que implica un desprazamento de gasto neto de 6,6 millóns de euros. Estas facturas deberían terse rexistrado financeiramente na conta *409 Acredores pendentes de imputar ao orzamento*.

V.3.5. TRANSFERENCIAS E SUBVENCIONS

5.37. As transferencias e subvencións supoñen o 57,4% do gasto total da Administración xeral. A execución orzamentaria deste capítulo recóllese no seguinte cadro:

Cadro 49: Liquidación do orzamento. Transferencias e subvencións 2016. (Euros)

Concepto	Previsións iniciais	Modificacións	Créditos definitivos	Obrigas	Importancia s/capítulo	Variación ano anterior	Grao execución	Grao cumprim.
40 Á Administración do Estado	3.513.175,00	347.882,92	3.861.057,92	3.860.857,92	0,08%	20,57%	99,99%	63,80%
43 A OO.AA.	3.259.154.548,00	318.937.878,55	3.578.092.426,55	3.574.871.863,83	75,13%	0,58%	99,91%	93,32%
44 A sociedades públicas	389.145.439,00	-943.824,14	388.201.614,86	387.982.169,40	8,15%	3,24%	99,94%	95,50%
46 A corporacións locais	235.182.708,00	22.481.688,48	257.664.396,48	235.615.896,79	4,95%	7,74%	91,44%	84,41%
47 A empresas privadas	80.871.395,00	19.289.083,32	100.160.478,32	70.767.578,12	1,49%	83,83%	70,65%	85,42%
48 A familias e inst. sen fins lucro	508.950.804,00	33.841.514,02	542.792.318,02	482.886.813,05	10,15%	7,62%	88,96%	95,99%
49 Ao exterior	2.553.137,00	-52.614,25	2.500.522,75	2.498.794,75	0,05%	5,43%	99,93%	100,00%
Transferencias correntes	4.479.371.206,00	393.901.608,90	4.873.272.814,90	4.758.483.973,86	100,00%	2,52%	97,64%	93,19%
70 Á Admón. do Estado	1.680.000,00	3.212,25	1.683.212,25	1.683.212,25	0,16%	0,22%	100,00%	70,66%
73 A OO.AA.	795.615.430,00	113.012.911,19	908.628.341,19	846.094.591,42	80,50%	8,65%	93,12%	77,23%
74 A soc. públ. e outros entes públicos	119.600.751,00	-40.626.341,36	78.974.409,64	78.963.172,42	7,51%	-33,90%	99,99%	68,79%
76 A corporacións locais	41.460.887,00	16.317.471,98	57.778.358,98	46.377.773,82	4,41%	18,69%	80,27%	61,21%
77 A empresas privadas	174.290.279,00	-79.716.593,62	94.573.685,38	48.756.655,24	4,64%	-70,93%	51,55%	83,96%
78 A fam. e inst. sen fins lucro	34.678.818,00	-3.768.624,95	30.910.193,05	28.342.363,03	2,70%	-38,93%	91,69%	73,67%
79 Ao exterior	936.254,00	-74.890,73	861.363,27	861.363,27	0,08%	-0,56%	100,00%	99,09%
Transferencias de capital	1.168.262.419,00	5.147.144,76	1.173.409.563,76	1.051.079.131,45	100,00%	-8,91%	89,57%	76,11%
Transferencias	5.647.633.625,00	399.048.753,66	6.046.682.378,66	5.809.563.105,31		0,24%	96,08%	90,10%

Fonte: Elaboración propia a partir da Liquidación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma

As transferencias correntes representan o 81,90% do total das transferencias e subvencións, cunha variación positiva do 2,52% con respecto ao exercicio anterior. Cuantitativamente, o maior incremento dáse no artigo 48 *Familias e institucións sen fins de lucro*.

Por outra parte, as transferencias de capital supoñen o 18,10% restante e presentan unha caída dun 8,91% respecto do ano anterior.

Un 89,05% do gasto en transferencias correntes e un 45,84% das transferencias de capital son gastos financiados por fondos propios libres da Comunidade Autónoma.

O conxunto de transferencias e subvencións poden ordenarse tamén en función do tipo de entidades receptoras dos fondos. O cadro seguinte amosa esa ordenación, que se analiza máis polo miúdo nos apartados seguintes.

Cadro 50: Transferencias e subvencións por entidades receptoras dos fondos 2014-2016. (Euros)

Concepto	2014	2015	2016	Variación 2015-16	Importancia relativa
Entidades públicas autonómicas	4.392.767.968,69	4.828.299.784,90	4.887.911.797,07	1,23%	84,14%
Corporacións locais	264.227.666,78	257.768.612,90	281.993.670,61	9,40%	4,85%
Familias e institucións sen fins lucro	478.394.480,06	495.097.919,09	511.229.176,08	3,26%	8,80%
Empresas privadas	188.397.098,37	206.192.536,43	119.524.233,36	-42,03%	2,06%
Outros gastos	8.726.791,55	8.118.067,71	8.904.228,19	9,68%	0,15%
Total	5.332.514.005,45	5.795.476.921,03	5.809.563.105,31	0,24%	100,00%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Liquidación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma

Transferencias e subvencións á Administración institucional

5.38. Segundo a liquidación orzamentaria, as achegas a entidades públicas autonómicas supoñen o 84,14% do gasto en transferencias da Administración xeral, distribuídas do seguinte xeito (inclúense as universidades públicas):

Cadro 51: Transferencias e subvencións á Administración institucional 2015-2016. (Millóns euros)

Entidades	2015			2016			Variación 2015-2016		
	Tr. corr.	Tr. cap.	Totais	Tr. corr.	Tr. cap.	Totais	Tr. corr.	Tr. cap.	Totais
A OO.AA. da Comunidade Autónoma	3.436,94	284,53	3.721,47	3.450,29	438,39	3.888,68	0,39%	54,07%	4,49%
Entidades públ. instrum. consul. ou asesoramento	1,80	0,01	1,80	1,83	0,01	1,84	2,15%	0%	2,08%
A axencias públicas autonómicas	115,59	494,16	609,75	122,75	407,70	530,45	6,20%	-17,50%	-13,01%
A entidades públicas empresariais	6,02	49,37	55,39	0,46	4,42	4,88	-92,36%	-91,05%	-91,19%
A sociedades mercantís públicas autonóm.	0,50	0,98	1,49	0,51	0,57	1,08	1,20%	-42,03%	-27,42%
A consorcios participados maioritariamente	50,16	4,62	54,77	57,22	10,23	67,44	14,07%	121,47%	23,13%
A fundacións públicas autonómicas	11,18	5,95	17,13	11,08	4,69	15,77	-0,88%	-21,19%	-7,94%
A universidades públicas da Com. Autónoma	307,96	58,54	366,50	318,71	59,06	377,77	3,49%	0,89%	3,08%
Total	3.930,14	898,16	4.828,30	3.962,85	925,06	4.887,91	0,83%	2,99%	1,23%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Liquidación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma

Adviértese que o importe das transferencias a entidades públicas autonómicas experimenta en 2016 un incremento do 1,23% con respecto ao ano anterior.

No anexo IV que acompaña a este informe amósanse as entidades públicas que recibiron estas subvencións e transferencias.

Agora ben, o financiamento público das entidades que forman o sector público autonómico non se esgota nas cantidades consignadas no cadro anterior, xa que a Administración xeral tamén proporciona recursos a estes entes a través doutros capítulos orzamentarios. No cadro seguinte reflíctense estas cantidades:

Cadro 52: Outro financiamento a entidades públicas autonómicas 2014-2016. (Millóns de euros)

Capítulo	Obrigas 2014	Obrigas 2015	Obrigas 2016	Variac. 15-16 (%)
Gastos en bens correntes e servizos	0,44	0,81	0,96	19,08
Investimentos reais	35,93	45,65	53,50	17,19
Activos financeiros	99,26	94,15	95,04	0,95
Total	135,63	140,61	149,51	6,33

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Liquidación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma

O capítulo VI recolle, basicamente, pagamentos realizados por obras e servizos ás empresas TRAGSA S.A., SEAGA S.A. e TRAGSATEC polas encomendas de xestión relacionadas con programas de sanidade animal, xestión de actividades relacionadas coa avaliación e calidade ambiental, e loita

contra o lume. No capítulo VIII cómpre salientar a transferencia a Televisión de Galicia S.A. para o financiamento do seu déficit de explotación.

No conxunto dos capítulos de gasto, o financiamento público proporcionado pola Administración xeral ascende a 4.887,91 millóns de euros, o que representa o 49,84% do orzamento total daquela, proporcionando unha visión aproximada do peso relativo do sector institucional, que se incrementou lixeiramente respecto do exercicio anterior (que ascendía a un 49,64%). Segundo o informe do sector público autonómico publicado polo Ministerio de Hacienda, o número efectivo de entidades na Comunidade Autónoma de Galicia a 01.01.2017 ascendía a 112 (inclúe a Administración xeral e as tres universidades galegas, así como a distintas entidades dependentes destas últimas).

Cadro 53: Financiamento público ao sector institucional 2011-2016. (Millóns de euros)

Conceptos	2011	2012	2013	2014	2015	2016
a. Transferencias	4.263,97	4.770,91	4.648,55	4.392,77	4.828,30	4.887,91
b. Outros capítulos de gasto	176,9	183,68	155,46	135,63	140,61	149,51
c. Subtotal (a+b)	4.440,87	4.954,59	4.801,01	4.528,40	4.968,91	5.037,42
d. Obrigas totais Administración	9.263,90	9.389,07	9.521,78	9.675,76	10.009,91	10.106,47
Total (c/d)	47,94%	52,77%	50,45%	46,80%	49,64%	49,84%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Liquidación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma

Transferencias e subvencións a corporacións locais

5.39. Á marxe das transferencias que corresponden á participación das corporacións locais nos ingresos do Estado (fondo complementario de financiamento e liquidacións definitivas de exercicios anteriores), a execución orzamentaria mostra achegas da Comunidade Autónoma a estas entidades por importe de 281,99 millóns de euros. A súa contía global incrementouse un 9,40% con respecto ao exercicio 2015. O fondo de cooperación local tivo unha lixeira variación (2,76%), mentres que, pola contra, os recursos achegados polas distintas consellerías a través de procedementos de concorrencia e de convenios de colaboración aumentaron con respecto ao ano anterior nun 14,96%.

No seguinte cadro reflíctense estas achegas sen incluír as subvencións que reciben as corporacións locais procedentes doutros organismos, entes e sociedades públicas; nin as rexistradas noutros artigos orzamentarios; nin aquelas subvencións en especie contabilizadas como investimentos da Administración outorgante (os gastos destinados ás corporacións locais durante os anos 2012-2016 coa variación con respecto do ano anterior).

No Anexo V que acompaña a este informe amósase o detalle das transferencias e subvencións que recibiron as diferentes entidades locais.

Cadro 54: Transferencias e subvencións a corporacións locais 2013-2016. (Euros)

Sección	Obrigas 2013	Obrigas 2014	Obrigas 2015	Obrigas 2016	Var. 15-16	% en 2016
Fondo de cooperación local	118.620.047,71	117.411.845,94	117.460.805,94	120.699.046,96	2,76%	42,80%
Transferencias	133.538.055,42	146.815.820,84	140.307.806,96	161.294.623,65	14,96%	57,20%
Total	252.158.103,13	264.227.666,78	257.768.612,90	281.993.670,61	9,40%	100,00%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Liquidación da Conta xeral da Comunidade Autónoma

Transferencias a empresas privadas

5.40. As axudas outorgadas a empresas privadas acadan os 119,52 millóns de euros no exercicio 2016, o que supón unha diminución dun 42% respecto do exercicio 2015. Desde un punto de vista funcional, o maior volume de gasto concéntrase nas seguintes funcións: promoción do emprego (43,69%); dinamización económica do medio rural (19,90%); pesca (9,81%); infraestruturas (9,28%); e desenvolvemento empresarial (7,25%).

Hai que sinalar que no total de obrigas recoñecidas con cargo aos artigos 47 e 77, de transferencias correntes e de capital a empresas privadas, están incluídas obrigas por importe total de 5,5 millóns de euros en concepto de axudas destinadas a AGROSEGURO –entidade colaboradora que actúa en nome e por conta da Consellería do Medio Rural e do Mar– e á Tesourería Xeral da Seguridade Social en concepto de axudas previas á xubilación ordinaria no sistema da seguridade social a traballadores (4 millóns e 1,5 millóns de euros, respectivamente).

Excluídos os importes referidos ás anteriores imputacións por non tratarse de entidades beneficiarias finais das axudas, no seguinte cadro amósase o número de empresas beneficiarias, así como o importe das achegas que perciben e a súa importancia relativa no conxunto das subvencións libradas no exercicio 2016:

Cadro 55: Administración xeral. Subvencións a empresas privadas 2016. (Euros)

Importes axudas	Núm. perceptores	%	Importe 2016	%
Entre 1.000.000 e 5.000.000	9	0,07%	12.345.507,71	10,83%
Entre 500.000 e 1.000.000	11	0,09%	8.201.137,95	7,19%
Entre 150.000 e 500.000	53	0,44%	13.774.515,24	12,08%
Entre 50.000 e 150.000	269	2,22%	22.086.650,71	19,37%
Entre 10.000 e 50.000	1.101	9,08%	21.990.532,94	19,29%
Entre 0 e 10.000	10.678	88,10%	35.600.202,38	31,23%
Total	12.121	100%	113.998.546,93	100,00%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Liquidación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma

O total das achegas non coincide co importe das transferencias concedidas a empresas privadas por motivo da exclusión das operacións realizadas a través de AGROSEGURO e Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Como ocorreu no exercicio 2015, obsérvase que ningunha empresa recibiu axudas por importe superior a 5 millóns de euros (a de maior importe, ORBE S.A, acada os 3,2 millóns de euros), e que a maior parte delas reciben subvencións de menos de 10.000 euros. Por outra parte, un reducido número de empresas (73 empresas), que representa un 0,60% do total, foron destinatarias do 30,10% do importe total das axudas.

A análise sobre as empresas recorrentes que recibiron subvencións nos exercicios 2015 e 2016 mostra un total de 42 empresas con achegas superiores a 150.000 euros, entre as que destacan Autos Cal Pita S.A, que recibiu entre os dous exercicios máis de dous millóns de euros, e outras 14 máis que recibiron, entre os dous exercicios, máis dun millón de euros cada unha.

No Anexo VI que acompaña este informe amósanse as empresas que recibiron subvencións por importe superior a 150.000 euros no exercicio 2016.

Transferencias a familias e institucións sen ánimo de lucro

5.41. As familias e institucións sen fins de lucro reciben 511,22 millóns de euros en concepto de transferencias e subvencións da Administración xeral da Comunidade Autónoma, un 3,26% máis que no exercicio anterior. No seguinte cadro reflíctese o importe das obrigas imputadas aos artigos 48 e 78 distribuídas por función, segundo a información rendida na Conta Xeral:



Cadro 56: Subvencións a familias e institucións sen ánimo de lucro 2016. (Euros)

Función	Importe	%
42 Educación	263.859.065,04	51,61%
31 Acción social e promoción social	167.099.446,54	32,69%
32 Promoción do emprego e Institucións do mercado do traballo	33.955.967,38	6,64%
13 Xustiza	10.793.689,72	2,11%
73 Industria, Enerxía e Minería	7.104.819,16	1,39%
44 Deportes	5.470.961,92	1,07%
71 Dinamización económica do medio rural	3.966.155,99	0,78%
75 Comercio	3.073.173,06	0,60%
Outras	15.905.897,27	3,11%
Total	511.229.176,08	100,00%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Liquidación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma

O 84,3% do gasto concéntrase en dúas funcións: *Educación* e *Acción social e promoción social*. Respecto dos anteriores exercicios, as funcións ás que se destinou o maior importe das axudas foron as mesmas, observándose lixeiras diferenzas do peso relativo de cada función de gasto, e coa excepción da función de *Cultura*, que desaparece da relación neste exercicio polo significativo descenso no peso destas subvencións e, pola contra, aparece *Comercio*.

V.3.6. INVESTIMENTOS REAIS

5.42. Os investimentos reais do exercicio 2016, por importe de 239,03 millóns de euros, supoñen o 2,37% do gasto total da Administración xeral, cunha diminución dun 8,50% respecto do exercicio 2015.

A distribución segundo a súa clasificación económica, a nivel de artigo, é a que reflicte o cadro seguinte:

Cadro 57: Liquidación do orzamento. Investimentos reais 2016. (Euros)

Artigo	Créd. iniciais	Modificacións	Créd. definitivos	Obrigas 2016	Importancia s/capítulo	Var. s/exerc. anterior	Índice execución	Índice cumprimento
60 Investimento novo en infraestruturas	102.820.299,00	-8.927.914,01	93.892.384,99	81.070.788,32	33,92%	-6,43%	86,34%	58,34%
61 Investimento de reposición infraestruturas	3.021.651,00	-743.614,84	2.278.036,16	1.890.049,16	0,79%	-73,12%	82,97%	65,03%
62 Investimento novo asociado funcionam. servizos	79.653.881,00	-10.945.890,40	68.707.990,60	57.873.058,91	24,21%	-32,36%	84,23%	68,55%
63 Investimento reposición asociado servizos	15.673.985,00	24.512.256,52	40.186.241,52	35.088.876,92	14,68%	135,46%	87,32%	81,52%
64 Gastos investimentos carácter inmaterial	80.139.622,00	-11.289.795,17	68.849.826,83	63.102.468,74	26,40%	-5,95%	91,65%	69,72%
65 Infraestrutura básica apoio	450.000,00	6.896.141,85	7.346.141,85	0,00	0,00%		0,00%	
Total	281.759.438,00	-498.816,05	281.260.621,95	239.025.242,05	100,00%	-8,50%	84,98%	67,27%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Liquidación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma

5.43. O índice de execución do gasto do capítulo VI no exercicio 2016 situouse no 84,98%, inferior en 4,85 puntos porcentuais á execución do exercicio anterior. Por seccións, o maior peso sobre a contía total das obrigas correspondeu ás seguintes: Medio Rural (34,28%) e Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (22,04%).

Segundo os datos facilitados pola propia Intervención Xeral, existen obrigas xeradas no exercicio que foron imputadas ao ano seguinte (2017) por importe de 2,1 millóns de euros, mentres que neste exercicio foron rexistradas obrigas procedentes de anos anteriores por 3,4 millóns. Estas facturas deberían terse rexistrado financeiramente na conta *409 Acredores pendentes de imputar ao orzamento*.

Neste exercicio, a diferenza de 22,44 millóns entre os créditos definitivos e as disposicións supón un leve incremento dun 3,17% con respecto ao exercicio anterior. Reiteramos a conveniencia de non apartarse do esforzo por reducir o distanciamento entre os créditos definitivos e as obrigas, aos efectos de acadar a redución, vía modificacións orzamentarias, das desviacións dos créditos para investimentos cara á atención doutras aplicacións que poidan resultar deficitarias. Débese ter en conta que o abuso desta práctica é contrario ao principio de especialidade, cuantitativa e cualitativa, dos créditos na xestión dos recursos públicos.

5.44. Neste capítulo imputáronse incorrectamente operacións que non teñen a consideración de gasto de capital. Entre estas encóntranse boa parte dos gastos de carácter inmaterial, gastos pola obtención de servizos e os xuros financeiros vinculados ás obras executadas a través da Sociedade Pública de Investimentos, o que contribúe a proporcionar unha imaxe sobredimensionada do esforzo investidor da Administración.

A maior parte das operacións rexistradas no artigo 64 non corresponden a activos inmateriais, nin tampouco se poden considerar investimentos. Como nos exercicios anteriores, entre estes gastos destacan os asociados á prevención e defensa contra os incendios e os gastos de publicidade realizada a través dos medios de comunicación. Esta incidencia véñse poñendo de manifesto por este órgano de control, de forma reiterada, nos informes anuais da Conta Xeral. É preciso que a Administración, sen máis dilación, deixe de rexistrar no capítulo VI como investimentos gastos que non teñen esa natureza.

O maior gasto en investimentos de carácter inmaterial (artigo 64) foi efectuado pola Consellería do Medio Rural (32,85%), destacando tamén a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que inviste unha porcentaxe superior en máis de 3 puntos á do ano anterior (17,97%), e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (agora separada de Infraestruturas e Vivenda), que destina un 13,11%, aínda que tódalas consellerías efectúan gastos contabilizados neste artigo.

No Anexo VII que acompaña este informe figura unha relación das obrigas recoñecidas cos medios de comunicación por importe superior a 100.000 euros nos distintos capítulos de gasto.

V.3.7. OPERACIÓNS FINANCEIRAS 2016

5.45. Os gastos por operacións financeiras no exercicio 2016 acadaron un importe de 1.685,30 millóns de euros, o que representa un lixeiro incremento con respecto ao exercicio 2015 (2,59%). As obrigas derivadas da carga financeira da débeda representaron un 92,95% destas operacións no exercicio 2016. O importe total das amortizacións en 2016, que ascendeu a 1.306,66 millóns de euros, aumenta un 5% respecto do exercicio anterior.

Cadro 58: Liquidación do orzamento. Gastos financeiros 2016. (Euros)

Artigo	Créditos iniciais	Modificacións	Créditos definitivos	Obrigas	Importancia s/capítulo	Variación s/ano anterior	Índice de execución	Índice de cumprimento
30 Débeda pública e préstamos	268.778.803,00	-9.103.563,65	259.675.239,35	259.675.239,35	99,75%	-12,04%	100,00%	100,00%
31 Gastos emisión, formal. e modif. prést.	1.400.000,00	-1.286.913,00	113.087,00	72.287,00	0,03%	-52,86%	63,92%	3,01%
35 Xuros demora e gastos financ.	70.230,00	511.461,01	581.691,01	581.691,01	0,22%	70,72%	100,00%	98,88%
Total capítulo III	270.249.033,00	-9.879.015,64	260.370.017,36	260.329.217,36	100,00%	-11,96%	99,98%	99,97%
95 Amortización débeda públ. e prést.	1.330.199.584,00	-526.104,37	1.329.673.479,63	1.306.662.979,40	100,00%	4,78%	98,27%	100,00%
Total capítulo IX	1.330.199.584,00	-526.104,37	1.329.673.479,63	1.306.662.979,40	100,00%	4,78%	98,27%	100,00%
Carga financeira débeda (30+31+95)	1.600.378.387,00	-10.916.581,02	1.589.461.805,98	1.566.410.505,75		1,56%	98,55%	100,00%
83 Concesión préstamos fóra sector público	111.061,00	331.905,56	442.966,56	442.966,56	0,37%	-26,40%	100,00%	99,28%
84 Constitución de depósitos e fianzas	0,00	3.000,00	3.000,00	3.000,00	0,00%			
85 Adquisicións accións no sector público	0,00	7.000.000,00	7.000.000,00	7.000.000,00	5,92%	33,22%	100,00%	100,00%
86 Adquisicións accións fóra sector público	0,00	3.402.407,28	3.402.407,28	3.402.407,28	2,88%			
87 Achegas á conta de capital	92.889.308,00	11.131.704,07	104.021.012,07	104.021.012,07	87,93%	10,48%	100,00%	99,33%
89 Fondo de garantía de avais	0,00	12.420.722,72	12.420.722,72	3.433.600,05	2,90%		27,64%	
Total capítulo VIII	93.000.369,00	34.289.739,63	127.290.108,63	118.302.985,96	100,00%	18,29%	92,94%	99,41%
Total gastos financeiros	1.693.448.986,00	23.884.619,62	1.717.333.605,62	1.685.295.182,72		2,59%	98,13%	99,95%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Liquidación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma

A análise do endebedamento, da variación da posición debedora da Administración e da carga financeira (que inclúe os artigos 30, 31 e 95) efectúase no epígrafe VI.4. deste informe.

5.46. Respecto destes gastos, merece tomar en consideración os seguintes puntos de vista:

O tipo de xuro medio do endebedamento descende no 2016 con respecto ao exercicio anterior debido ao cambio dos mercados financeiros. Ademais, obsérvase unha tendencia descendente na evolución dos gastos financeiros debido, en boa medida, ao acceso á facilidade financeira do Fondo de liquidez autonómico.

**Cadro 59: Evolución dos gastos financeiros executados e previsión. (Millóns de euros)**

Artigo	2011 (e)	2012 (e)	2013 (e)	2014 (e)	2015 (e)	2016 (e)	2017 (p)	% Var. 2017/2016
Artigo 30	209,04	249,75	291,48	345,65	295,21	259,68	231,76	-10,75%
Artigo 31	4,66	5,84	6,84	3,49	0,15	0,07	2,50	3471,43%
Artigo 35	0,35	0,14	0,31	0,42	0,34	0,58	0,04	-93,10%
Total	214,05	255,73	298,63	349,56	295,70	260,33	234,30	-10,00%

Fonte: Liquidacións orzamentarias 2011-2016 e Orzamentos 2017. (e) execución, (p) previsión

Como se pode comprobar no cadro anterior, o importe da previsión orzamentaria de gasto por xuros da débeda pública –artigo 30– nos orzamentos para 2017 ascende a 231,76 millóns de euros, o que representa unha minoración do 10,75% con respecto á cifra liquidada por xuros no exercicio 2016. Tamén se pode observar que as previsións orzamentarias por gastos de emisión e formalización de débeda pública –artigo 31– acadan os 2,5 millóns de euros en 2017, cun incremento moi importante con relación á cantidade liquidada no 2016.

5.47. No artigo 35 *Xuros de demora e outros gastos financeiros* non están rexistrados os xuros das obras financiadas a través da Sociedade Pública de Investimentos (SPI), que se contabilizan incorrectamente no capítulo VI do orzamento.

5.48. Os gastos do capítulo VIII, que ascenden a 118,30 millóns de euros, incrementáronse nun 18,29% respecto do exercicio 2015. Destacan cuantitativamente as obrigas imputadas no artigo 87, que representan o 87,93% do capítulo, no que se inclúe a achega patrimonial á CRTVG (94,02 millóns). Este Consello vén considerando que se trata dunha transferencia corrente para gastos de funcionamento; non obstante, a Administración mantén reiteradamente o criterio de que se trata de achegas para manter o equilibrio dos recursos propios, sen fundamentar esta decisión.

No concepto 854 *Adquisicións accións no sector público* recóllese unha achega de capital a favor da Sociedade Pública de Investimentos por 7 millóns de euros para a amortización dun préstamo, polo que non se pode considerar un activo financeiro. Tampouco as achegas á Fundación Deporte Galego, por importe de 0,7 millóns de euros.

Igual tratamento debería aplicarse, na parte que non financien ampliacións do fondo fundacional, ás achegas a favor da Fundación Semana Verde de Galicia (150.000 euros) e á Fundación Feiras e Exposicións de Lugo (165.550 euros).

Con cargo ao fondo de garantía de avais rexistráronse obrigas por importe de 3,43 millóns de euros. A análise detallada dos avais efectúase no epígrafe VI.4. deste informe.

V.3.8. ANÁLISE FUNCIONAL DO GASTO. EVOLUCIÓN TEMPORAL 2015-2016

5.49. No cadro seguinte amósanse as obrigas recoñecidas no exercicio 2016 en cada unha das funcións nas que se clasifica o gasto, así como o seu peso relativo e a evolución respecto do exercicio 2015:

Cadro 60: Análise funcional do gasto. Evolución temporal 2015-2016. (Euros)

Función	Descrición	Obrigas 2016	Peso	Evolución 2015-2016	
11	Alta dirección da Comunidade Autónoma	32.400.288,43	0,32%	506.593,58	1,59%
12	Administración xeral	68.127.941,92	0,67%	596.323,27	0,88%
13	Xustiza	123.137.086,76	1,22%	5.838.482,28	4,98%
14	Administración local	25.548.642,33	0,25%	12.285.894,42	92,63%
15	Normalización lingüística	6.544.683,76	0,06%	271.345,62	4,33%
16	Procesos electorais e órg. represen. política	7.562.403,77	0,07%	7.562.403,77	
21	Protección civil e seguridade	23.266.002,80	0,23%	-13.147.422,65	-36,11%
31	Acción social e promoción social	622.538.084,07	6,16%	61.884.631,75	11,04%
32	Promoción do emprego e instituc. do mercado trab.	176.761.177,45	1,75%	32.310.528,90	22,37%
33	Cooperación exterior e ao desenvolvemento	4.072.766,68	0,04%	-6.929,21	-0,17%
41	Sanidade	3.620.859.277,91	35,83%	62.329.036,31	1,75%
42	Educación	2.167.610.454,84	21,45%	53.855.378,78	2,55%
43	Cultura	58.529.844,90	0,58%	-20.070.839,82	-25,54%
44	Deportes	20.299.652,80	0,20%	-557.006,69	-2,67%
45	Vivenda	71.952.707,81	0,71%	4.557.088,74	6,76%
46	Outros servizos comunitarios e sociais	100.946.575,30	1,00%	558.413,05	0,56%
51	Infraestruturas	255.892.377,58	2,53%	-33.344.439,78	-11,53%
52	Ordenación do territorio	10.733.989,45	0,11%	-1.972.940,46	-15,53%
54	Actuacións ambientais	73.534.859,25	0,73%	-44.733.821,50	-37,82%
55	Actuacións e valorización do medio rural	116.005.600,84	1,15%	-6.879.929,94	-5,60%
56	Investigación, desenvolvemento e innovación	84.458.737,07	0,84%	-4.475.352,42	-5,03%
57	Sociedade da información e do coñecemento	80.939.432,99	0,80%	-24.091.121,78	-22,94%
58	Información estatística básica	4.016.399,17	0,04%	148.846,60	3,85%
61	Actuacións económicas xerais	23.693.027,01	0,23%	-2.569.250,95	-9,78%
62	Actividades financeiras	66.948.773,07	0,66%	17.447.381,88	35,25%
71	Dinamización económica do medio rural	396.135.785,91	3,92%	49.544.617,66	14,29%
72	Pesca	33.231.810,68	0,33%	-73.926.115,39	-68,99%
73	Industria, enerxía e minería	37.713.479,37	0,37%	7.860.673,93	26,33%
74	Desenvolvemento empresarial	56.119.734,22	0,56%	-33.440.402,56	-37,34%
75	Comercio	12.047.785,45	0,12%	2.656.330,43	28,28%
76	Turismo	39.391.037,46	0,39%	3.828.026,73	10,76%
81	Transferencias a entidades locais	120.699.046,96	1,19%	3.238.241,02	2,76%
91	Débeda pública	1.564.758.609,42	15,48%	28.498.955,26	1,86%
Total		10.106.478.077,43	100,00%	96.563.620,83	0,96%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da base Access da Conta Xeral da Comunidade Autónoma

A evolución das funcións de maior peso relativo mostra un incremento do 1,75% en Sanidade e dun 2,55% en Educación, así como dun 1,86% na Débeda pública e un 11,04% na función de Acción social e promoción social, cun menor peso relativo no conxunto das obrigas. Por outra parte, destacan pola súa diminución as funcións de Pesca; Actuacións ambientais; Desenvolvemento empresarial; e Protección civil e seguridade.

VI. MAGNITUDES FINANCEIRAS RELEVANTES

VI.1. RESULTADO ORZAMENTARIO E ESTABILIDADE ORZAMENTARIA

VI.1.1. RESULTADO ORZAMENTARIO

6.1. O resultado orzamentario da Administración xeral presentado na Conta Xeral para os exercicios 2015 e 2016 é o seguinte:

Cadro 61: Resultado orzamentario da Administración xeral 2015-2016. (Miles de euros)

Conceptos	Exercicio 2015			Exercicio 2016		
	Dereitos recoñecidos	Obrigas recoñecidas	Saldos	Dereitos recoñecidos	Obrigas recoñecidas	Saldos
1. (+) Operacións non financeiras	8.183.006	8.662.882	-479.876	8.234.440	8.681.508	-447.068
2. (+) Operacións con activos financeiros	21.374	100.008	-78.634	19.845	118.303	-98.458
I. Resultado orzamentario do exercicio (1+2)			-558.510			-545.526
II. Variación neta de pasivos financeiros	1.751.535	1.247.025	504.510	1.880.435	1.306.663	573.772
III. Saldo orzamentario do exercicio (I+II)			-54.000			28.246
3. (-) Desviacións de financiamento positivas			116.248			138.587
4. (+) Desviacións de financiamento negativas			98.041			213.610
IV. Superávit ou déficit de financiamento do exercicio			-72.207			103.269

Fonte: Memorias da Conta Xeral da Comunidade Autónoma 2015 e 2016

A Conta Xeral recolle un déficit orzamentario no exercicio 2016 de 545,53 millóns de euros para a Administración xeral. Atendendo á composición económica deste resultado, as operacións non financeiras presentan un saldo negativo de 447,07 millóns de euros.

As operacións con activos financeiros presentan tamén un saldo negativo de 98,46 millóns de euros. Ao igual que se puxo de manifesto no informe do exercicio 2015, o volume elevado de obrigas no capítulo VIII do orzamento de gastos débese esencialmente á incorrecta inclusión neste capítulo de operacións que non teñen natureza financeira, como a transferencia de fondos á sociedade pública TVG S.A. para cubrir o seu déficit de explotación, ou as achegas a determinadas fundacións.

A variación de pasivos financeiros mostra un endebedamento en termos netos de 573,77 millóns de euros. Desta forma, o saldo orzamentario do exercicio, que compara os ingresos e gastos de todos os capítulos do orzamento, acada un saldo positivo de 28 millóns de euros para a Administración xeral.

Finalmente, os axustes producidos polas desviacións de financiamento reflicten un superávit de financiamento para o exercicio 2016 de 103,26 millóns de euros.

VI.1.2. GASTO PENDENTE DE APLICAR AO ORZAMENTO. VALIDACIÓNS E IMPUTACIÓNS DE GASTO

6.2. O principio de anualidade orzamentaria supón a imputación ao exercicio orzamentario das obrigas derivadas de adquisicións, obras, prestación de servizos e demais gastos realizados no ano natural. A normativa admite, non obstante, unha serie de supostos nos que é posible imputar ao exercicio corrente obrigas xeradas en exercicios anteriores. En calquera caso, nos supostos nos que unha obriga é esixible nun exercicio e, sen embargo, o seu rexistro orzamentario realízase noutro posterior prodúcese un desprazamento do gasto que podería alterar a contía do resultado orzamentario.

A documentación remitida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma permitiu constatar a existencia no ano 2017 de validacións polo Consello da Xunta de gastos realizados no ano 2016, así como a imputación de obrigas deste exercicio aos anos seguintes con incidencia sobre ese resultado orzamentario. Mentres as validacións de gasto adoitan estar relacionadas con insuficiencias de crédito, as imputacións de obrigas teñen a súa causa en inexecucións dos créditos existentes por distintas razóns que se analizan nos apartados seguintes.

Validacións polo Consello da Xunta

6.2.1. No exercicio 2017 o Consello da Xunta ditou acordos de validación de gasto por importe de 1.842.972,68 euros, dos que 840.082,24 euros corresponden a gastos do exercicio 2016.

Habitualmente, o motivo fundamental que orixinaba este desprazamento de gasto era a insuficiencia de crédito no exercicio de orixe, o que impedía o recoñecemento da obriga e a súa contabilización. Con carácter xeral, esta insuficiencia dá lugar á omisión do trámite de fiscalización previa, polo que o gasto debe ser obxecto de validación polo Consello da Xunta, imputándose ao exercicio da validación independentemente de cando se xerara a obriga.

O desprazamento de obrigas por insuficiencia de crédito viña ligado anos atrás á atención de necesidades en servizos esenciais, como os sanitarios, que dificilmente se poden deixar de atender en base a insuficiencias orzamentarias.

Como se vén reiterando en informes anteriores, no momento actual existen dificultades para o seguimento e control dese desprazamento de gasto por terse eliminado no ámbito do Servizo Galego de Saúde a suxeición ao procedemento de validación dese gasto polo Consello da Xunta, logo de que no exercicio 2008 fora substituída a función interventora por un sistema de control financeiro permanente. Sen que poida contrastarse con outros mecanismos de control interno ou ratificación posterior, en substitución daquel procedemento de validación, o gasto declarado por este organismo como trasladado de anos anteriores ao exercicio 2017 ascende a 119,64 millóns de euros.

Por outro lado, a análise das imputacións de obrigas de exercicios anteriores ao ano 2017, realizada a partir da relación facilitada pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma (IXCA), puxo de manifesto un importe de obrigas sen rexistrar no 2016 por importe de 39,2 millóns de euros (cadro 64).

Aos efectos de chegar a unha aproximación do efecto neto que tería este gasto sobre o exercicio 2016 considerando tamén o gasto do exercicio anterior imputado a aquel, o resultado conxunto das distintas entidades sería o seguinte:

Cadro 62: Gasto pendente de aplicación ao orzamento. Efecto sobre o exercicio 2016. (Millóns de euros)

Administración	Gasto correspondente a exercicios anteriores a 2016	Gasto non contabilizado en 2016	Efecto neto sobre o exercicio 2016
Administración xeral	76,8	36,73	-40,07
Validacións	0,35	0,84	0,49
Imputacións 60.2.b)	76,45	35,89	-40,56
Administración institucional	95,02	123,03	28,01
SERGAS	88,88	119,64	30,76
Outras entidades	6,14	3,39	-2,75
Total	171,82	159,76	-12,06

Fonte: Datos facilitados pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e Anteproxecto Informe da Conta Xeral do SERGAS 2016

Cómpre sinalar que, aos efectos do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, estes axustes en ningún caso suporían maior déficit, aínda que non coinciden cos aplicados para o cálculo do mesmo pola IGAE, que ten considerado e rexistrado un axuste negativo por gasto pendente de imputar ao orzamento por importe de 24 millóns de euros (15 millóns no SERGAS e 9 millóns na Administración xeral) que reduce o saldo orzamentario.

En calquera caso, insistir en que tanto o recurso ao desprazamento de gasto como as insuficiencias de crédito que teñen que ser atendidas con transferencias de recursos doutros programas de gasto —operacións realizadas de maneira habitual— marxinan o documento orzamentario como instrumento de planificación e xestión e comprometen o orzamento de exercicios posteriores. Recoñecendo o esforzo de regularización deste gasto advertido no exercicio 2016, resulta necesario volver a contar con información precisa e fiable das contías dos gastos sen rexistrar no exercicio tanto na Administración xeral como no ámbito sanitario.

6.2.2. O problema relativo á existencia de obrigas que son recoñecidas a fin de exercicio para financialas con remanentes de crédito doutras partidas, regularizando así gastos xa realizados, reflíctese no importe de gasto do propio exercicio validado polo Consello da Xunta, que nos últimos anos se reducira de forma importante na Administración xeral e neste exercicio cambia esa tendencia. A súa evolución móstrase no seguinte cadro:

Cadro 63: Validacións de gasto. (Millóns de euros)

Validacións	2012	2013	2014	2015	2016	2017
Gasto de exercicios anteriores	27,93	21,28	3,50	1,34	0,19	1,00
Gasto do propio exercicio	22,96	8,62	3,17	0,70	0,35	0,84
Total	50,89	29,90	6,67	2,04	0,54	1,84

Fonte: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

O recurso a este mecanismo, reiterado ao longo dos anos, deriva en boa medida da insuficiencia estrutural dos créditos iniciais para dar cobertura ás obrigas de cada exercicio, e non incentiva aos xestores para contar con orzamentos realistas que incorporen unha distribución de créditos cunha adecuada priorización das necesidades a atender.

Imputacións de obrigas aos exercicios seguintes

6.2.3. O artigo 60.2.b) da Lei de réxime orzamentario e financeiro de Galicia permite aplicar aos créditos do orzamento vixente no momento da expedición de ordes de pagamento obrigas derivadas de compromisos de gastos debidamente adquiridos en exercicios anteriores. Ao tratarse de compromisos debidamente adquiridos enténdese, a diferenza das validacións, que para atender estas obrigas existe crédito adecuado e suficiente e que se ten seguido o procedemento adecuado na aprobación do gasto. Porén, a Administración non fai un recoñecemento formal destas obrigas, e polo tanto tampouco realiza a súa contabilización dentro do exercicio.

Baixo esta cobertura normativa ditáronse distintos acordos por diferentes consellerías e centros da comunidade autónoma, imputando ao exercicio 2017 gastos derivados de compromisos adquiridos en exercicios anteriores por importe de 67,49 millóns de euros.

Destes 67,49 millóns de euros imputados ao exercicio 2017, un importe de 39,28 millóns corresponden a servizos prestados ou axudas concedidas que foron xustificadas no exercicio 2016 polo que, aínda que poidan rexistrarse no orzamento do exercicio 2017 por terse ditado nese ano os actos administrativos necesarios para este recoñecemento, son esixibles no exercicio 2016 e constitúe gasto que, de acordo cos principios contables públicos, debía ter o seu reflexo na conta do resultado económico-patrimonial dese exercicio, e debe ter, polo tanto, a consideración de gasto desprazado ao exercicio seguinte.

A distribución deste gasto por consellerías e os resultados da súa revisión expóñense no cadro e nos apartados seguintes:

Cadro 64: Imputacións de gasto ao ano 2017. (Euros)

Sección	Obrigas imputadas a 2017	Gasto de 2016 sen rexistrar orzamentariamente	%
Consellería de Presidencia	78.177,41	73.803,01	94,40%
Consello da Cultura	756,40	756,40	100,00%
Consello Consultivo	1.355,82	1.355,82	100,00%
Vicepresidencia	4.169.646,90	842.329,63	20,20%
Consellería de Facenda	29.881,81	29.881,81	100,00%
Consellería de Medio Ambiente e Territorio	308.800,70	308.800,70	100,00%
Consellería Infraestruturas e Vivenda	96.176,36	96.176,36	100,00%
Consellería de Cultura e Educación	385.729,30	322.630,62	83,64%
Consellería de Sanidade	204.160,40	192.838,02	94,45%
Consellería de Política Social	8.855.557,42	8.808.609,75	99,47%
Consellería do Medio Rural	9.224.389,77	9.078.780,98	98,42%
Consellería do Mar	2.621.159,46	2.131.199,90	81,31%
Intervencións territoriais	32.452.312,05	14.008.589,46	43,17%
Administración xeral	58.428.103,80	35.895.752,46	61,44%
Administración instrumental	9.059.448,91	3.391.431,37	37,44%
Total	67.487.552,71	39.287.183,83	58,21%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos remitidos pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e dos traballos de fiscalización

Resulta preciso insistir na realización dunha adecuada planificación orzamentaria que faga posible atender sen dificultade as necesidades de gasto previstas para cada exercicio, de maneira que a liquidación orzamentaria recolla a totalidade das obrigas devindicadas no exercicio, en cumprimento do principio de anualidade orzamentaria. As imputacións de gasto de anos anteriores, á marxe do efecto sobre o resultado, afectan negativamente aos orzamentos futuros ao diminuír a capacidade para atender as necesidades previstas nos mesmos debido ás cargas arrastradas de exercicios anteriores.

VI.1.3. ESTABILIDADE ORZAMENTARIA. RESULTADO DO EXERCICIO EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL

6.3. A política orzamentaria en orde á consecución do obxectivo de estabilidade orzamentaria e financeira vén determinada pola Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEOSF), posteriormente modificada pola Lei orgánica 4/2012, do 28 de setembro. No ámbito autonómico, a Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, complementa esa regulación.

De acordo con esta lexislación, a Administración da Comunidade Autónoma e os seus entes e organismos dependentes que presten servizos ou produzan bens que non se financien maioritariamente a través de ingresos comerciais están obrigados a acadar unha situación de equilibrio ou superávit de acordo co Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

A delimitación de entes deste perímetro de consolidación é polo tanto determinante para verificar o cumprimento dos escenarios de déficit asumidos pola Comunidade Autónoma en termos de contabilidade nacional. Segundo o informe-memoria da Conta Xeral, un total de 85 entidades (incluídas as universidades), algunhas en proceso de extinción, ademais da Administración xeral, forman parte do mesmo.

As regras e principios aplicados polo SEC para o tratamento e valoración das operacións difiren dos aplicados en termos orzamentarios en varios aspectos, como consecuencia principalmente da distinta forma de aplicación do principio de devindicación e do rexistro das operacións entre Administracións e empresas públicas. Isto dá lugar a axustes no proceso de conversión do saldo de operacións non financeiras do orzamento en capacidade ou necesidade de financiamento en termos SEC95.

De forma positiva, o proxecto de orzamentos para este exercicio 2016 ofrece información sobre as diferenzas que se producen entre o orzamento e as contas en termos de contabilidade nacional como consecuencia das expresadas circunstancias, así como a explicación dos axustes necesarios para a súa conciliación, pero a liquidación orzamentaria non contén información detallada ao respecto que permita a verificación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

De acordo cos principios establecidos polo Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, a determinación da capacidade ou necesidade de financiamento en termos de contabilidade nacional efectúase pola IGAE realizando determinados axustes sobre o resultado orzamentario por operacións non financeiras dos distintos subsectores.

Para o exercicio 2016, a IGAE axustou o déficit orzamentario non financeiro de 391 millóns de euros nun importe total positivo de 50 millóns (inclúe saldos dos epígrafes de axencias, entes e sociedades públicas e Sanidade e servizos sociais transferidos), quedando cuantificada a necesidade de financiamento da Comunidade Autónoma, en termos de Contabilidade Nacional, en 341 millóns.

Segundo o cálculo provisional da IGAE sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, o resultado do exercicio 2016 en termos de Contabilidade Nacional da Comunidade Autónoma de Galicia presenta un déficit (necesidade de financiamento) de 341 millóns de euros, que representa un 0,59% do Produto Interior Bruto (PIB), cumpríndose o obxectivo de déficit previsto do 0,7% do PIB, cunha desviación positiva de 0,11 puntos do PIB. O cálculo que se reflicte na memoria da Conta Xeral, así como o dos exercicios anteriores, preséntase no seguinte cadro:

Cadro 65: Déficit en termos de contabilidade nacional 2016. (Millóns de euros)

Concepto	Importe 2013	Importe 2014	Importe 2015	Importe 2016
I. Saldos orzamentarios non financeiros	-551	-507	-466	-391
Administración xeral	-556	-522	-473	-442
OO.AA. administrativos	6	18	15	25
Universidades	-1	-3	-8	26
II. Axustes	-72	-12	19	-59
Transferencias da Administración central e da Seguridade Social	135	153	39	60
Transferencias de Fondos comunitarios	-21	-20	17	-12
Transferencias internas	6	-3	1	4
Impostos cedidos	65	75	27	27
Recadación incerta	-58	-59	-55	-41
Achegas de capital	-100	-115	-99	-102
Axustes conta 413	-14	-44	59	-9
Outros axustes	-85	1	30	14
III. Axencias, entes e sociedades públicas incluídas no sector AA.PP.	36	110	91	89
IV. Sanidade e servizos sociais transferidos	-39	-127	-22	20
Saldo orzamentario non financeiro	-5	-192	-26	23
Axustes por transferencias da Administración central e da Seguridade Social	4	6	-1	7
Axustes conta 413	-31	71	8	-15
Recadación incerta	-9	-6	0	-7
Outros axustes	0	-6	-3	-1
Capacidade de financiación de unidades empresariais que xestionan Sanidade e servizos sociais				-1
Transferencias de fondos comunitarios				14
Outras unidades consideradas como AA.PP.	2	--	--	--
V. Capacidade/necesidade de financiamento	-626	-536	-378	-341
Déficit por investimentos produtivos	0	0	0	0
Saldo liquidación sistema de financiamento	0	0	0	0
VI. Necesidade de financiamento a efectos do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria	-626	-536	-378	-341

Fonte: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

As contías en negra e cursiva son explicadas no punto seguinte

Este informe da Conta Xeral pon de manifesto algúns aspectos na liquidación orzamentaria con incidencia sobre o resultado orzamentario (Vid. cadro 62) que xa deron lugar aos pertinentes axustes en Contabilidade Nacional (aínda que se realizaron por importes diferentes aos que resultan do indicado cadro), cun maior gasto de 15 millóns no SERGAS e de 9 millóns na Administración xeral, pero que en ningún caso suporían unha maior necesidade de financiamento.

6.4. A partir dos saldos orzamentarios non financeiros, os principais axustes realizados pola IGAE para a determinación do resultado en termos de contabilidade nacional son os seguintes:

a) Transferencias da Administración central (60 millóns de euros): axuste pola diferenza entre os importes que a Administración central e a Seguridade Social contabilizan como obrigas a favor da

Comunidade Autónoma e os importes contabilizados como dereitos recoñecidos por esta. Habitualmente son importes que se recadan a principios de exercicio e que se recoñeceron como obrigas no exercicio precedente polas Administracións pagadoras.

b) Impostos cedidos (27 millóns de euros): ao igual que no caso anterior, constitúe un axuste aos dereitos rexistrados por tributos compartidos (saldos do IVE, IRPF e II.EE.) que resulta das liquidacións do sistema de financiamento de exercicios anteriores.

c) Recadación incerta (-41 millóns de euros): diferenza entre o importe dos dereitos recoñecidos nos capítulos I a III do orzamento de ingresos e o importe recadado nestes capítulos, tanto do exercicio corrente como de exercicios anteriores. Para o tratamento dos tributos en termos de contabilidade nacional aplícase o criterio de caixa fronte ao criterio orzamentario de devindicación.

d) Achegas de capital (-102 millóns de euros): considérase gasto non financeiro os importes das achegas de capital realizadas a entidades do sector público autonómico. A de maior importe é a realizada á CRTVG para compensar perdas.

e) Axustes por partidas pendentes de aplicación ao orzamento. Neste importe, que segundo a IGAE se refire á conta 413, queda reflectido un axuste positivo pola diferenza, atendendo ás normas SEC, entre o saldo inicial e o final desa conta *413 Partidas pendentes de aplicar ao orzamento*. Para a determinación deste importe de déficit incluíronse axustes negativos por partidas pendentes de aplicación por importe de 15 millóns de euros no SERGAS e por 9 millóns na Administración xeral. Explícanse porque as normas de contabilidade nacional esixen un axuste que consiste en aumentar ou reducir o gasto orzamentario do exercicio nun importe igual á variación da conta 413 entre o comezo e o peche do exercicio. Neste ano 2016 os datos de CN reflicten unha variación nesa conta polo importe aludido, que ten o efecto de aumentar o gasto do exercicio.

Cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria determinado polo MINHAFP

6.5. O apartado terceiro do artigo 17 da LOEOSF establece que o ministro de Hacienda y Función Pública elevará ao Goberno dous informes (un antes do 15 de abril e outro antes do 15 de outubro de cada ano) sobre o grao de cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública e da regra de gasto do exercicio inmediato anterior, así como da evolución real da economía e as desviacións respecto da previsión inicial contida no informe ao que se refire o artigo 15.5 desta Lei.

O 15 de abril de 2017 o MINHAFP publicou o primeiro informe sobre o grao de cumprimento destes obxectivos de gasto do exercicio 2016, no que reflicte un déficit da Comunidade Autónoma de Galicia en termos de contabilidade nacional de 315 millóns de euros. Un segundo informe do 13 de

outubro de 2017 eleva este déficit a 341 millóns de euros (0,59% do PIB rexional), o que supón igualmente o cumprimento do obxectivo de estabilidade para o ano 2016, fixado nun 0,7%.

Regra de gasto

6.6. No mesmo informe do MINHAFP especificase que Galicia, xunto con outras cinco comunidades autónomas, incumpriu coa regra de gasto. En concreto, para a Comunidade Autónoma de Galicia detalla un nivel de gasto en 2016 de 8.276 millóns de euros, que representa unha taxa de variación do 5,9% con respecto a 2015 (7.815 millóns de euros), cando o obxectivo da taxa de variación era dun 1,8%.

Como consecuencia deste incumprimento, a Comunidade Autónoma presentou o plan económico financeiro 2017-2018, que foi declarado idóneo polo CPFF o 27 de xullo de 2017.

O PEF explica que a superación da regra de gasto vén motivada polo substancial descenso dos gastos non computables a efectos do cálculo daquela, que baixan máis dun 29% (471 millóns de euros). Esta minoración é debida a diversas causas, como o retraso co que se están desenvolvendo os sistemas de xestión e certificación de fondos europeos do novo marco comunitario, ou a consideración finalista do convenio extraordinario de 85 millóns de euros acordado tras a entrada nos mecanismos de facilidade financeira, que non se puido replicar en 2016 e supuxo por tanto un menor gasto non computable nesa relevante contía.

O cumprimento do obxectivo de débeda analízase no apartado deste informe referido ao endebedamento.

VI.2. REMANENTE DE TESOURERÍA

6.7. O remanente de tesourería, calculado por diferenza entre a suma dos dereitos liquidables e os fondos líquidos e as obrigas esixibles, representa a situación financeira da Administración para facer fronte ás súas débedas a curto prazo na data do peche do exercicio.

A memoria da Conta Xeral da Comunidade Autónoma recolle o estado do remanente de tesourería da Administración e o consolidado cos organismos autónomos e axencias públicas. Non incorpora aos entes públicos, a pesar de que estes teñen a obriga de devolver o seu remanente líquido de tesourería á Administración xeral e de que a súa incorporación, tendo en conta a importancia dos

seus saldos individuais, contribuiría a ofrecer unha imaxe máis axeitada da situación financeira a curto prazo da Administración.

VI.2.1. REMANENTE DE TESOURERÍA DA ADMINISTRACIÓN XERAL

6.8. Como se amosa no seguinte cadro, o remanente de tesourería da Administración xeral en 2016 resultou positivo en 58,57 millóns de euros, o que supón unha diminución (11,15%) respecto do saldo do exercicio anterior (positivo en 65,92 millóns de euros).

Cadro 66: Remanente de tesourería da Administración xeral 2016. (Miles de euros)

Conceptos	2016	2015	% Variación
1. (+) Dereitos pendentes de cobro	704.635,63	718.994,14	-2,00%
(+) Do orzamento corrente	130.475,09	313.224,97	-58,34%
(+) De orzamentos pechados	296.198,09	243.180,31	21,80%
(+) De operacións non orzamentarias	328.515,93	209.162,97	57,06%
(+) De operacións comerciais			
(-) De dubidoso cobro	25.845,51	23.553,91	9,73%
(-) Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva	24.707,97	23.020,20	7,33%
2. (-) Obrigas pendentes de pagamento	990.127,15	920.055,89	7,62%
(+) Do orzamento corrente	690.751,07	658.253,99	4,94%
(+) De orzamentos pechados	108.796,67	104.861,48	3,75%
(+) De operacións non orzamentarias	193.373,75	158.994,13	21,62%
(+) De operacións comerciais			
(-) Pagamentos realizados pendentes de aplicación definitiva	2.794,34	2.053,71	36,06%
3. (+) Fondos líquidos	344.064,84	266.984,47	28,87%
Remanente de tesourería (1-2+3)	58.573,32	65.922,72	-11,15%

Fonte: Memoria da Conta Xeral exercicio 2016

O detalle que presentan os distintos compoñentes do remanente de tesourería é o seguinte:

Dereitos pendentes de cobro

6.9. Os dereitos pendentes de cobro experimentan unha lixeira diminución do 2% con respecto ao exercicio anterior. A maior variación localízase nos dereitos derivados de operacións do orzamento corrente, onde se produciu unha diminución do 58,34%.

- Os dereitos pendentes de cobro do exercicio corrente acadan os 130,48 millóns de euros. A súa variación presenta unha diminución do 58,34% respecto do exercicio anterior. O 45,63% deste saldo está integrado por dereitos pendentes dos capítulos de transferencias correntes (8,57 millóns) e de capital (50,96 millóns).

Nas transferencias correntes destacan os créditos do FSE P.O. (1,77 millóns de euros) e as subvencións finalistas da Administración do Estado (6,74 millóns de euros).

Dentro das transferencias de capital destacan os créditos pendentes dos fondos IFOP/FEP (41,14 millóns de euros) e dos OO.AA. do Estado (4,53 millóns de euros).

- Os dereitos pendentes de exercicios pechados cífranse en 296,19 millóns de euros. O 34,45% deste saldo pendente deriva dos dereitos recoñecidos no capítulo de transferencias de capital (102,04 millóns de euros), destacando os 57,73 millóns de euros pendentes de cobro dos fondos FEADER, FEAGA e os 30,24 millóns de euros derivados dos fondos IFOP, FEP. Detéctase unha diferenza de 4,55 millóns de euros entre o importe do saldo final a 31.12.2015 no capítulo 8 (12,02 millóns) e o que figura como inicial a 1.01.2016 (16,57 millóns), que se corresponde co centro de gasto Consellería de Infraestruturas e Vivenda.

- O importe dos dereitos pendentes de cobro procedentes de operacións non orzamentarias ascenden a 328,51 millóns de euros, cun significativo incremento con respecto ao exercicio anterior do 57,06%¹⁶.

- O saldo de dubidoso cobro elévase a 25,84 millóns de euros, experimentando un incremento con respecto ao exercicio anterior dun 9,73%. Para o seu cálculo, a Administración autonómica realiza unha previsión de créditos non cobrados do 12,5% dos saldos dos dereitos pendentes de cobro dos capítulos I, II e III dos orzamentos de ingresos de exercicios pechados e exercicio corrente. Sobre ese importe, aplica a porcentaxe do 15% como previsión de créditos incobrables no exercicio seguinte.

¹⁶ Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións.

Cadro 67: Provisión insolvencias de dubidoso cobro 2016. (Miles de euros)

Concepto	Importe
Provisión de saldos de dereitos pendentes de cobro do exercicio corrente	794,53
Provisión de saldos de dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados	25.050,98
Total	25.845,51

Fonte: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

▪ No que respecta ás partidas pendentes de aplicación, trasládase ao remanente de tesourería un saldo de 24,71 millóns de euros, que se determina por compensación entre cobros e pagos realizados pendentes de aplicación, cando o estado de remanente de tesourería presenta epígrafes distintos para imputalos separadamente. Neste exercicio detéctase unha diferenza de 2,79 millóns de euros que concilia co saldo reflectido na partida de pagamentos realizados pendentes de aplicación definitiva de dito remanente. Esta compensación non afecta ao saldo neto.

Obrigas pendentes de pagamento

6.10. O saldo das obrigas pendentes de pagamento do orzamento ascende a 990,12 millóns de euros, das cales 690,75 millóns proceden do exercicio corrente; 108,79 millóns de euros proceden de exercicios pechados; 193,37 millóns de euros derivan de operacións non orzamentarias; e 2,79 millóns correspóndense con pagamentos realizados pendentes de aplicación definitiva. Tamén, sinalar que o saldo de obrigas pendentes de pagamento do exercicio corrente reflectido na liquidación do presuposto (690.755,23 miles de euros) non coincide co saldo que figura na memoria da Conta Xeral (690.751,07 miles de euros), constatándose unha diferenza de 4,16 miles de euros.

Respecto deste saldo pendente do exercicio corrente, destaca cun 46,92% (324,12 millóns de euros) o capítulo de transferencias correntes; cun 36,35% (251,10 millóns de euros) o capítulo de transferencias de capital; e o capítulo de investimentos reais absorbe un 11,3%, con 78,22 millóns de euros. Os pagos pendentes máis significativos, derivados de obrigas asumidas con órganos dependentes, presentan o seguinte detalle:

Cadro 68: Pagamentos pendentes máis significativos (>10.000.000€) orzamento corrente 2016. (Miles de euros)¹⁷

Acredor	Importe
SERGAS	243.536,60
AGI	33.721,24
Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)	32.453,24
Universidades	26.342,14
IGVS	23.270,06
Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER)	22.161,28
AMTEGA	17.903,64
ATURGA	16.641,70
GAIN	16.599,96
INEGA	11.085,74
Total:	443.715,60

Fonte: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

6.10.1. Coas reservas dos axustes que poidan resultar da análise do desprazamento de gasto, o saldo das obrigas de orzamentos pechados ascende a 108,79 millóns de euros, o que supón un incremento dun 3,75% con respecto ao exercicio anterior. Un 44,44% deste importe (48,34 millóns de euros) corresponde a obrigas do exercicio 2008, mentres que dos exercicios 2007 e 2015 figuran obrigas por importe de 4,59 millóns e 39,38 millóns, respectivamente (que representan un 4,22% e un 36,20% do saldo total). A meirande parte das obrigas concéntrase no capítulo VII do orzamento de gastos, cun 86,21% das obrigas pendentes totais. Constan 64,67 millóns de euros en obrigas recoñecidas anteriores ao 2011, o que supón que un 59,44% da débeda ten unha antigüidade de máis de 5 anos.

Entre as obrigas de maior importe figuran distintas transferencias de capital a entidades públicas que están pendentes de pagamento desde os exercicios 2008 e 2015. Estes fondos deixan de librarse a partir do exercicio 2008 como transferencias periódicas de financiamento para aboarse previa xustificación dos investimentos que financian, o que motivou retencións no pagamento que na actualidade se están regularizando en función das necesidades de tesourería das entidades beneficiarias.

Cadro 69: Pagamentos pendentes máis significativos (>5.000.000€) de exercicios pechados. (Euros)

Exercicio de procedencia	Denominación	Importe	Porcentaxe
2008	Transferencias de capital ENTES PÚBLICOS EMPRESARIAIS	35.918.982,25	33,01%
2008	Transferencias de capital FUNDACIÓNS	8.000.000,00	7,35%
2015	Transferencias de capital a AXENCIA GALEGA DESENVOLVEMENTO RURAL	28.743.248,37	26,42%
Totais		72.662.230,62	66,79%

Fonte: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

¹⁷ Cadro modificado como consecuencia das alegacións.

6.10.2. O importe de obrigas pendentes de pago por operacións non orzamentarias supón 193,37 millóns de euros e engloba as retencións de IRPF sobre empregados, as cotas da Seguridade Social, os depósitos en metálico, o fondo de avais, expropiacións e seguros¹⁸.

Fondos líquidos de tesourería

6.11. Os fondos líquidos de tesourería presentan un importe de 344,06 millóns de euros, cun incremento con respecto ao exercicio anterior de 77,08 millóns de euros, o que representa unha variación positiva dun 28,87%.

VI.2.2. SITUACIÓN FINANCEIRA A CURTO PRAZO DA ADMINISTRACIÓN

6.12. No exercicio 2016 a Administración xeral presenta un remanente positivo 58,57 millóns de euros. A pesar de terse reducido nun 11,15% con respecto ao ano anterior, este saldo positivo indica que os recursos líquidos e liquidables a curto prazo da Administración deberían ser suficientes para facer fronte ás débedas a curto prazo.

Porén, existen unha serie de factores e limitacións que afectan ao remanente presentado pola Administración e condicionan a interpretación do seu saldo.

Desviacións de financiamento acumuladas

6.12.1. A Administración non declara, e polo tanto tampouco computa, as desviacións de financiamento acumuladas no saldo do remanente de tesourería, aos efectos de determinar a parte afectada e a parte de libre disposición, de acordo co establecido no Documento nº 7 dos Principios Contables Públicos. Esta situación non permite determinar o efecto que poden ter estas desviacións sobre o remanente de tesourería.

¹⁸ Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións.

Gasto non contabilizado

6.12.2. O cálculo do remanente de tesourería vese afectado polo gasto non contabilizado e desprazado a outros exercicios. Da información remitida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma despréndese a existencia de gastos validados no exercicio 2017 que se orixinaron nos exercicios anteriores, así como obrigas imputadas ao exercicio 2017 que corresponden ao ano 2016 (ver cadro 62), que por non imputarse ao orzamento correspondente non figuran no cálculo do remanente do exercicio 2016.

Saldos de dubidoso cobro

6.12.3. Tal e como se expuxo neste informe, a dotación de saldos de dubidoso cobro, por importe de 25,84 millóns de euros, calcúlase pola Administración considerando como incobrables unhas porcentaxes dos dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados e correntes. Estas porcentaxes foron estimadas no ano 2005 baseándose na porcentaxe de insolvencias e na evolución no período executivo das débedas xestionadas pola Administración. De acordo con este sistema, a provisión de saldos do exercicio corrente suma 0,79 millóns de euros e a de pechados 25,05 millóns de euros. Existen, non obstante, saldos que pola súa antigüidade deben ser anulados ou en todo caso ser obxecto dunha dotación de saldos de dubidoso cobro pola súa totalidade na medida en que a antigüidade do recoñecemento do dereito de cobro supera cando menos os catro anos.

Cadro 70: Dereitos de cobro de difícil realización 2016. (Euros)

Concepto	Descrición	Exercicio	Importe
890	Aval a GESRUBER S.A., falido no ano 2000	2000	2.910.888,13
890	Fondo de garantía de avais		13.358.828,73
Total			16.269.716,86

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Liquidación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma

VI.3. CONTA DE TESOURERÍA

6.13. A Conta de Tesourería intégrase na Conta Xeral da Administración da Comunidade Autónoma coa seguinte estrutura:

- a) Conta de tesourería relativa aos 11 centros contables existentes neste exercicio (Central, SERGAS, e Delegacións da Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Santiago, Axencia Galega de Infraestruturas, Axencia de Modernización Tecnolóxica e Axencia Galega de Servizos Sociais), que se presenta indistintamente de xeito agregado e individualizado para cada un dos referidos centros.
- b) Detalle das existencias de tesourería e valores ao inicio e ao final do exercicio, así como dos ingresos e pagamentos efectuados ao longo deste.
- c) Actas de arqueo relativas aos centros contables descritos, comprensivas dos movementos e existencias de fondos e valores no exercicio, conciliacións das diferenzas entre saldos contables e bancarios ao final do exercicio, e certificados dos saldos bancarios.

O seguinte cadro resume a información rendida en relación co exercicio 2016:

Cadro 71: Conta de Tesourería 2016. (Euros)

Ingresos		Pagamentos	
De orzamento corrente	10.004.244.769	De orzamento corrente	9.415.722.842
Residuos orzamentos pechados	230.800.384	Residuos orzamentos pechados	654.288.758
Operacións extraorxamentarias	44.791.745	Operacións extraorxamentarias	132.744.927
Subtotal	10.279.836.898	Subtotal	10.202.756.527
Valores	108.010.517	Valores	80.891.012
Total ingresos	10.387.847.415	Total pagamentos	10.283.647.539
Existencias iniciais		Existencias finais	
Entidades financeiras	266.984.470	Entidades financeiras	344.064.842
Valores	813.007.235	Valores	840.126.740
Total existencias iniciais	1.079.991.705	Total existencias finais	1.184.191.581
Total	11.467.839.120	Total	11.467.839.121

Fonte: Conta Xeral da Comunidade Autónoma 2016

- Verificouse a formación da Conta de Tesourería mediante a agregación das correspondentes aos 11 centros contables existentes, así como a coherencia dos saldos que a integran cos que figuran nos estados da Conta Xeral. Porén, existe unha diferenza de 0,07 millóns de euros entre o saldo que reflicte a Conta de Tesourería (344,06 millóns de euros) e o rexistrado no subgrupo 57 do balance de situación a 31 de decembro de 2016 (344,13 millóns de euros). Esta diferenza procede da

aplicación 332001 Remesas de efectivo recibidas entre Delegacións de Facenda e a DX de Política Financeira e Tesouro, que orixina un saldo acredor na conta 578 Movements internos de tesourería.

- As existencias de tesourería ao inicio e ao final do exercicio son as seguintes, detalladas para cada un dos centros contables:

Cadro 72: Tesourería. Distribución por centros 2016. (Euros)

	Saldo a 01.01.2016	Saldo a 31.12.2016	Variación neta	Existencias finais s/certificado bancario	Diferenza
Caixa	I	II	III=II-I	IV	V=IV-II
01 Central	254.682.766	305.358.162	50.675.396	305.357.763	-399
02 A Coruña	374.615	579.667	205.052	592.588	12.921
03 Lugo	1.004.112	311.864	-692.248	312.702	838
04 Ourense	545.367	673.898	128.531	678.574	4.677
05 Pontevedra	487.846	228.897	-258.949	228.897	0
06 Vigo	347.745	424.151	76.406	438.512	14.361
07 Sergas	7.329.696	34.367.310	27.037.614	34.367.310	0
08 Santiago	18.915	209.123	190.208	209.123	0
10 AGI	1.675.322	245.694	-1.429.628	245.694	0
11 AMTEGA	467.529	1.652.899	1.185.370	1.652.899	0
12 Ax. Gal. Serviz. Sociais	50.559	13.175	-37.384	13.175	0
Total	266.984.472	344.064.842	77.080.370	344.097.237	32.395

Fonte: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

O fluxo neto de tesourería no exercicio elevouse a 77,08 millóns de euros, experimentando as existencias finais de efectivo un aumento do 28,87% ao longo do exercicio 2016.

A diferenza global de 32.395 euros entre o saldo contable e o certificado polas entidades financeiras explícase a través dos estados de conciliación dos saldos contables e bancarios que figuran na Conta de Tesourería. A salvo do que se expresará en relación coas contas de habilitación, verificouse a corrección das conciliacións practicadas.

6.14. De conformidade cos datos que obran nos certificados bancarios que se xuntan á Conta Xeral, os saldos a 31 de decembro de 2016 son os seguintes, clasificados por centro e natureza da conta:

Cadro 73: Tesourería segundo as certificacións bancarias 2016. (Euros)

Caixa	Cta. Banco de España		Ctas. operativas de gastos		Ctas. restrinxidas de ingresos		Total contas	
	Número	Saldo	Número	Saldo	Número	Saldo	Número	Saldo
01 Central	1	335.202	12	305.022.960	0	0	13	305.358.162
02 A Coruña			1	248.304	1	331.364	2	579.667
03 Lugo			1	226.177	1	85.688	2	311.864
04 Ourense			1	155.825	1	518.072	2	673.898
05 Pontevedra			1	222.415	1	6.482	2	228.897
06 Vigo			1	399.830	1	24.321	2	424.151
07 Sergas			6	34.367.310	0	0	6	34.367.310
08 Santiago			1	209.123	0	0	1	209.123
10 AGI			1	245.694	0	0	1	245.694
11 AMTEGA			2	1.652.899	0	0	2	1.652.899
12 Ax. Gal. Serv. Soc.			1	13.175	0	0	1	13.175
Total	1	335.202	28	342.763.713	5	965.927	34	344.064.842

Fonte: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

En relación cos xuros xerados polos depósitos bancarios, verificouse a coincidencia entre os dereitos recoñecidos e realizados a teor da execución do orzamento de ingresos (concepto 520.00), que ascendían a 585.631,70 euros, e o rexistrado contablemente na rúbrica *769.1 Xuros de depósitos*. Esta contía é inferior aos 1,15 millóns acadados en 2015.

Contas de habilitación e contas restrinxidas de ingresos

6.15. A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma remitiu unha relación da totalidade das contas abertas (co seu saldo) nas entidades financeiras a 31 de decembro de 2016 que, ademais das relativas ás 11 centrais contables, comprendían, entre outras, as contas correntes xestionadas polas distintas habilitacións. O número de contas que figuran nas relacións remitidas era de 315 no exercicio 2009; 550 no ano 2010; 474 no 2011; 535 no 2012; 294 no 2013; 267 no 2014; 265 no 2015; e 266 contas en 2016.

Segundo a información destas contas, o saldo total do exercicio 2016 elévase a 365.007.383,28 euros (288.800.277 euros en 2015), dos que 341.570.658,41 euros corresponden ás contas operativas da Administración xeral e os 23.436.724,87 euros restantes ás contas xestionadas polas habilitacións. Sen embargo, ao non atoparse aquela relación das contas acompañada de certificacións bancarias (e, no seu caso, das oportunas conciliacións), a exactitude e a corrección daqueles saldos resulta cuestionable.

Cadro 74: Contas xestionadas polas habilitacións 2016. (Euros)

Concepto	Nº contas	Importe
Contas especiais	2	809.505,87
Pagos en firme	33	7.584.256,38
Fondos de manobra (SERGAS)	9	946.261,85
Pagos nómina	87	9.039.127,54
Pensións	3	65.900,60
Pagos a xustificar	106	4.991.672,63
Total	240	23.436.724,87

Fonte: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Estas contas de habilitación non figuran recollidas na Conta de Tesourería nin na contabilidade financeira da Administración xeral. Os recursos, xestionados polos habilitados, proveñen dos fondos xirados con cargo ás contas abertas nas centrais contables sinaladas anteriormente, quedando fóra do sistema de información contable, que deixa de recoller tanto a información dos gastos efectuados como a relativa aos saldos e á evolución das contas bancarias. Como xa se ten recordado en informes anteriores, esta práctica incumpre o artigo 1 do Decreto 51/1985, do 21 marzo, da Consellería de Economía e Facenda, cando sinala que os saldos das contas correntes por fondos “en firme” e “a xustificar”, coa excepción das contas das habilitacións encargadas do pago dos haberes, consideraranse integrantes da Tesourería da Comunidade Autónoma.

Tampouco figuran integradas nos saldos de tesourería determinadas contas de recadación que son titularidade da Comunidade Autónoma pero están xestionadas pola ATRIGA, con fondos que periodicamente se traspasan ás contas operativas sobre os que a Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos só vai exercer as facultades de control a partir do momento no que son traspasados.

Tanto desde a perspectiva contable como de cara á obtención dunha maior transparencia e eficacia no control dos fondos públicos e na súa aplicación, resulta inaprazable a integración no sistema de información contable da totalidade das contas de habilitación e de recadación.

VI.4. ENDEBEDAMENTO

6.16. Neste epígrafe analízase a posición global de endebedamento da Comunidade Autónoma, a variación da súa posición neta debedora (VPND), o cumprimento do obxectivo de débeda para o exercicio 2016 e a xestión da débeda no exercicio por parte da Administración xeral. Pola súa vinculación co endebedamento, tamén se fiscalizan as operacións avaladas.

VI.4.1. DÉBEDA TOTAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

6.17. A análise da débeda da Comunidade Autónoma non pode cingirse só á conta de endebedamento incluída na Conta Xeral, xa que esta unicamente inclúe a débeda da Administración xeral. A normativa europea e estatal sobre estabilidade orzamentaria concentra a atención no endebedamento do sector Administracións públicas, no que se inclúen, ademais da Administración xeral, o resto de entidades e sociedades públicas que non se financian maioritariamente con ingresos comerciais. Esta magnitude é o endebedamento en termos SEC2010 ou en termos de protocolo de déficit excesivo.

O endebedamento da Comunidade en termos SEC2010, segundo o Banco de España, situábase a 31 de decembro de 2016 en 10.854 millóns de euros, dos cales 10.015 millóns corresponden á débeda da Administración xeral. O resto da débeda consolidable en termos SEC procede fundamentalmente da Sociedade Pública de Investimentos (SPI), con 245 millóns de euros —na que se integrou a débeda da sociedade absorbida ACEOUSA¹⁹—; da entidade Xestión do Solo de Galicia Xestur S.A., que agrupou o endebedamento das antigas Xestures, con 124 millóns de euros; e o préstamo imputado en relación coa construción das autovías do Salnés, Barbanza, Santiago-Brión e Ourense-Celanova polo método de peaxe en sombra, con 389 millóns. En relación con estas infraestruturas, o Grupo de Traballo formado polo Instituto Nacional de Estadística, o Banco de España e a Intervención General del Estado (IGAE) emitiu un informe no que consideraba que non se transferían a maior parte dos riscos e beneficios ao concesionario privado.

¹⁹ O acordo de fusión por absorción de ACEOUSA por parte da SPI formalizouse mediante escritura pública o 13 de xuño de 2011 con efectos retroactivos. Dita fusión por absorción implicou a disolución sen liquidación de Autoestrada Alto de Santo Domingo-Ourense S.A. (ACEOUSA) e a transmisión en bloque de todo o seu patrimonio social á Sociedade absorbente. A SPI incorporou os activos e pasivos da sociedade absorbida polos valores contables existentes a 1 de xaneiro de 2011, data de efectos contables da fusión.

Polo tanto, para os efectos da contabilidade nacional, a infraestrutura e o endebedamento asociado deben computar nas contas da Administración.

Fóra do perímetro de consolidación do sector Administracións públicas, e polo tanto á marxe da débeda anterior, figura o endebedamento das empresas públicas que se financian maioritariamente con ingresos comerciais. A finais do exercicio 2016 esta débeda ascendía, segundo o Banco de España, a 18 millóns de euros.

No seguinte cadro amósase a composición da débeda da Comunidade Autónoma a 31 de decembro de 2016, segundo os datos mencionados anteriormente:

Cadro 75: Débeda total da Comunidade Autónoma a 31 de decembro de 2016. (Millóns de euros)

Sector Administracións Públicas en termos SEC2010 (*)	Importe
[1]. Administración xeral da Comunidade Autónoma	10.015
ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA (SEGUNDO CONTA ENDEBEDAMENTO)	9.966
FACTORING SEN RECURSO	49
[2]. Organismos autónomos administrativos e entes públicos	80
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO	19
FUNDACIÓN FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE LUGO	0,1
FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE	0,8
SERVIZO GALEGO DE SAÚDE (SERGAS)	0,1
INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA (IGAPE)	30
FACTORING SEN RECURSO (a)	30
[3]. Empresas públicas que se clasifican como Administración Pública	370
SOCIEDADE PÚBLICA DE INVESTIMENTOS (SPI)	245
XESTIÓN DO SOLO DE GALICIA XESTUR S.A.	124
FACTORING SEN RECURSO (b)	1
[4]. Autovías de peaxe en sombra	389
Préstamos imputados das autovías do Salnés, Barbanza, Santiago-Brión e Ourense-Celanova	389
TOTAL SECTOR INSTITUCIONAL ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS [1]+[2]+[3]+[4]	10.854

Fonte: Consellería de Facenda a partir de datos do Banco de España (BE Marzo/2017 SEC2010) e Contas Anuais da Administración xeral

(*) No cómputo total do endebedamento do Sector Institucional Administracións Públicas en termos SEC inclúese un importe adicional de 80 millóns de euros, correspondente a créditos comerciais financiados mediante operacións de "factoring sen recurso", como resultado da aplicación da decisión de Eurostat do 31 de xullo de 2012. De acordo coa citada decisión, cando os provedores de bens e servizos ás AAPP transfiren completa e irrevogablemente os seus créditos comerciais a institucións financeiras, estes pasivos deben rexistrarse como préstamos concedidos ás AAPP por esas institucións e, polo tanto, incluírse na débeda das AAPP segundo o PDE. Este novo tratamento supón a inclusión na débeda das AAPP das operacións denominadas como factoring sen recurso. Mediante estas operacións, os provedores das AAPP obteñen das institucións financeiras o cobro dos seus créditos comerciais e, como consecuencia, nas contas das AAPP dáse de baixa o pasivo fronte ao provedor e contabilízase unha débeda fronte ás institucións financeiras.

(a) Coa seguinte desagregación: 1.256 miles de euros da AMTEGA; 3.721 miles de euros da AGI; 8 miles de euros do GAIN; 10 miles de euros da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos; 159 miles de euros do CIXTEC; 245 miles de euros do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar; 13, 434 e 396 miles de euros das EOXI's de Lugo-Cervo, Ourense-Verín-Barco e de Vigo, respectivamente; 905 miles de euros da Fundación de Urxencias Sanitarias de Galicia 061; 94 miles de euros do INEGA; 34 miles de euros do IGC; 27 miles de euros do Parlamento de Galicia; 22,66 miles de euros do SERGAS; 27, 16 e 9 miles de euros da USC, da UDC e da UVI, respectivamente; e 226,54 e 1 miles de euros, das Xerencias de Xestión Integradas da Coruña-Santiago e Pontevedra-O Salnés, respectivamente.

(b) Coa seguinte desagregación: 556 miles de euros da Corporación de Radio e Televisión de Galicia SAU e 4 miles de euros de SEAGA S.A.

Cadro 76: Débeda empresas públicas que non consolidan a 31.12.2016. (Millóns de euros)

Empresas públicas que non consolidan en termos SEC2010	Importe
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A. (SOGAMA)	13
CIDADE UNIVERSITARIA S.A.	1
ESTACIÓN INVERNAL MANZANEDA S.A.	4
FACTORING SEN RECURSO (*)	0,3
TOTAL EMPRESAS PÚBLICAS	18,03

Fonte: Consellería de Facenda a partir de datos do Banco de España (BE Marzo/2017 SEC2010) e Contas Anuais das empresas públicas

(*) Neste importe inclúense 303 miles de euros correspondentes a créditos comerciais financiados mediante operacións de “factoring sen recurso”, da Sociedade Galega do Medioambiente S.A., e 27 miles de euros de Portos de Galicia.

En relación coa débeda das empresas públicas, esta volveu a reducirse con respecto ao exercicio anterior, pasando de 39 millóns de euros a 18 millóns –o que representa unha minoración do 53,8%–, destacándose ademais o feito do seu pequeno volume relativo en comparación coa débeda consolidada da Comunidade Autónoma, dado que tan só representa o 0,16% da mesma. Deste endebedamento, o 72,2% (13 millóns de euros) corresponde ao endebedamento de SOGAMA.

VI.4.2. CUMPRIMENTO DO OBOXECTIVO DE DÉBEDA E DA AUTORIZACIÓN PARLAMENTARIA DA VARIACIÓN DA POSICIÓN NETA DEBEDORA (VPND) DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

a) Cumprimento do obxectivo de débeda

6.18. A partir do ano 2013, coa entrada en vigor da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, as comunidades autónomas deixan de acordar co Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas²⁰ o denominado Programa anual de endebedamento (PAE) ao que debían axustar as súas operacións de endebedamento, debendo cumprir, no seu lugar, cos obxectivos de débeda pública aprobados polo Consejo de Ministros de conformidade co establecido na citada lei orgánica.

²⁰ En virtude do Real Decreto 415/2016, do 4 de novembro, polo que se reestruturan os departamentos ministeriais, pasou a denominarse Ministerio de Hacienda y Función Pública (MINHAFP).

Neste senso, segundo o recollido no primeiro *Informe sobre o grao de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, de débeda pública e da regra de gasto do exercicio 2016*, do 15 de abril de 2017, elaborado polo Ministerio de Hacienda y Función Pública (MINHAFP), a Comunidade Autónoma de Galicia tiña fixado inicialmente un obxectivo máximo de débeda do 19% do seu PIB rexional, se ben unha vez axustado polo MINHAFP –no incremento de débeda incluído nos obxectivos– alcanzou o 18,8% do PIB rexional.

Cadro 77: Cumprimento do obxectivo de débeda 2016 – 1º Informe MINHAFP do 15/04/2017. (Millóns de euros)

[1]	Obxectivo débeda inicial 2016 (19% s/ PIB rexional)	10.781
[2]	Débeda a 31/12/2015 (SEC2010)(*)	10.375
[3]=[1]-[2]	VPND inicialmente autorizada (Obxectivo de déficit 0,7% s/PIB) (**)	406
[4]	<i>Mecanismos adicionais de financiamento</i>	39
[5]	<i>Incremento débeda permitido (Liquidacións negativas 2008 e 2009)</i>	85
[6]=[3]+[4]+[5]	VPND autorizada finalmente (Obxectivos + excepcións)	530
[7]=[2]+[6]	Obxectivo de débeda 2016 incluíndo excepcións (Valor absoluto)	10.905
[7] / PIB	Obxectivo de débeda 2016 incluíndo excepcións (% s/ PIB rexional)(**)	18,8%
[8]	Débeda real a 31/12/2016 s / BDE (Valor absoluto) (SEC2010)(*)	10.854
[8] / PIB	Débeda real a 31/12/2016 s / BDE (% s/PIB rexional)	18,7%
[9]=[8]-[2]	VPND real	479
VERIFICACIÓN	OBXECTIVO DE DÉBEDA 2016 (Valores absolutos: 10.854 < 10.905)	CUMPRE
	OBXECTIVO DE DÉBEDA 2016 (% s/PIB rexional: 18,7% < 18,8%)	CUMPRE
	VPND real < VPND autorizada finalmente (479 < 530)	CUMPRE

Fonte: Elaboración propia. Consellería de Facenda e MINHAFP. (*) BDE (BE Marzo/2017) e INE pro memoria. (**) Cifra de PIB p.m. rexional de Galicia segundo publicación INE 30 de marzo de 2017.

Como se pode observar no cadro anterior, a débeda da Comunidade Autónoma galega situábase ao final do exercicio 2016 no 18,7% do PIB rexional, cumpríndose, en consecuencia, co obxectivo de débeda establecido para Galicia.

Dun obxectivo de débeda inicial para 2016 –en termos absolutos– de 10.781 millóns de euros, que autorizaba unha variación neta do endebedamento da Comunidade Autónoma por un importe de 406 millóns de euros, correspondente ao obxectivo de déficit do 0,7% fixado para Galicia, pásase a un importe de 10.905 millóns de euros. Este incremento no obxectivo de débeda da Comunidade Autónoma para 2016 obedece –tal e como se reflicte no cadro adxunto– á incorporación aos obxectivos de senllos importes de 85 millóns de euros correspondentes ás liquidacións negativas do sistema de financiamento autonómico (exercicios 2008 e 2009) e 39 millóns en concepto de excepcións permitidas por Acordo de Consejo de Ministros que se engaden aos obxectivos.

Tendo en conta que o endebedamento autonómico realmente incorrido a 31 de decembro de 2016 –segundo as cifras do BDE BE Marzo/17 (SEC2010)– acadou os 10.854 millóns de euros, este atópase por debaixo do obxectivo de débeda finalmente autorizado, verificándose, en consecuencia, tamén o cumprimento do mesmo en termos de % sobre o PIB rexional. Do mesmo xeito, a variación neta da débeda autonómica, por importe de 479 millóns de euros, atópase por debaixo da variación neta de débeda finalmente autorizada.

Así mesmo, conforme ao establecido no artigo 17.4. da LOEPSF, o MINHAFP elevou ao Goberno da Nación un segundo *Informe sobre o grao de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, de débeda pública e da regra de gasto do exercicio 2016*, no mes de outubro de 2017, segundo o cal a cifra da débeda da Comunidade Autónoma galega de 10.854 millóns de euros situárase ao final do exercicio 2016 no 18,6% do PIB rexional, que seguiría a cumprir co obxectivo de débeda establecido para Galicia, o cal acadaría segundo as cifras recollidas no segundo informe do MINHAFP o 18,8 % do PIB rexional de Galicia.

b) Cumprimento da autorización parlamentaria da VPND

6.19. Da información complementaria facilitada pola Administración autonómica cómpre verificar tamén se o endebedamento do exercicio respecta os límites cuantitativos autorizados polo Parlamento de Galicia a través da Lei de orzamentos xerais de Galicia para 2016.

Como se pode observar no seguinte cadro, o incremento do endebedamento da Administración xeral da Comunidade Autónoma, que acadou os 511 millóns de euros, correspóndese coa diferenza entre o novo endebedamento do exercicio –capítulo IX do orzamento de ingresos– e a amortización da débeda existente –capítulo IX do orzamento de gastos–. Segundo os datos de consolidación da Administración xeral, organismos autónomos e axencias, incluídos na memoria da Conta Xeral de 2016 rendida, a variación da posición neta da débeda acadou os 522 millóns de euros.

A Lei 12/2015, do 24 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016, elabórase baixo os límites establecidos polo Consello de Política Fiscal e Financeira (CPFF), de xeito que no apartado un do seu artigo 37 establécese que “*A posición neta debedora da Comunidade Autónoma poderase incrementar durante o ano 2016 nunha contía máxima equivalente ao 0,3% do produto interior bruto da Comunidade Autónoma*”.

Cadro 78: Cumprimento da autorización parlamentaria Lei de orzamentos 2016. (Millóns de euros)²¹

Variación Posición Neta da Comunidade Autónoma (VPN):		2016
[1]	Administración xeral (Diferenza de Capítulos IX de Ingresos e Gastos) (*)	511
[A]	Importe da Variación da Posición Neta da CA s/ datos Liquidación consolidados (**)	522
Xustificación do límite da autorización da Lei de orzamentos 2016		
[2]	Autorización xeral de endebedamento da CA (0,3% do PIB galego). <i>Art.37.Un da Lei 12/2015</i>	203
(+)	Autorizacións específicas empregadas (<i>Art.37.Dous da Lei 12/2015</i>)	
[3]	Incremento límite déficit ata o 0,7% PIB galego por Acordo CPFF. Art. 37. Dous. f) Lei 12/2015 (***)	203
[4]	Importe adic. liquidacións negativas 08 e 09 amparado por Acordo CPFF. <i>Art.37.Dous.f) da Lei 12/2015</i> (***)	85
[5]	Marxe sobre Obxectivo de débeda autorizado para 2016 (18,8% s/PIB galego) (2º informe MINHAFF)	63
[B]	Importe total da autorización da Lei de orzamentos 2016	554
[B]-[A]	Endebemento non utilizado sobre límite máximo autorizado segundo Lei de orzamentos 2016	32

Fonte: Elaboración propia. Consellería de Facenda e MINHAFF

(*) Esta cifra correspóndese coa variación de pasivos segundo a liquidación dos orzamentos da Administración xeral de 2016, que acadou os 511 millóns de euros como diferenza entre 1.816 millóns de euros de ingresos por novas operacións de endebedamento e 1.305 millóns de gastos por amortización. Non se computan a efectos da variación da débeda pública os importes correspondentes a un préstamo outorgado pola Administración do Estado rexistrados na Sección 09 Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

(**) Esta cifra correspóndese coa variación do endebedamento consolidado –Administración xeral, OO.AA. e axencias–. Non concilia coa VPN a efectos de PDE do Banco de España segundo os datos contidos no BE Marzo/2016 (SEC2010), segundo o cal a VPN sería de 479 millóns de euros.

(***) Segundo a letra f) do apartado dous do artigo 37 da Lei de orzamentos para 2016, a posición neta debedora efectiva ao termo do exercicio poderá ser excedida no curso deste, quedando automaticamente revisada polos importes adicionais que se amparen nos acordos do Consello de Política Fiscal e Financeira.

Porén, o CPFF na súa sesión do 28 de abril de 2016, aprobou os novos obxectivos de estabilidade propostos polo Goberno de España a raíz da recomendación autónoma da Comisión europea do 9 de marzo, que se incorporan á Actualización do Programa de Estabilidade 2016-2019 do Reino de España. Deste xeito, o obxectivo de déficit para Galicia estableceuse no 0,7% do PIB rexional, mentres que o obxectivo de débeda fixouse inicialmente no 19% do PIB rexional. Finalmente, o obxectivo de débeda incluíndo o incremento correspondente aos importes dos aprazamentos das liquidacións negativas situouse no 18,8% do PIB rexional, permitindo unha variación neta de débeda máxima de 554 millóns de euros²².

Estes son, pois, os acordos que, ao amparo do establecido no apartado Dous do artigo 37 da Lei de orzamentos para 2016, permiten o rebasamento das cifras inicialmente establecidas, considerándose que a posición neta debedora ao termo do exercicio quedará automaticamente revisada nas contías autorizadas.

Polo tanto, a Administración da Comunidade Autónoma cumpre cos límites parlamentarios establecidos para o exercicio 2016.

²¹ Cadro modificado como consecuencia das alegacións.

²² Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións.


VI.4.3. EVOLUCIÓN DA CARGA FINANCEIRA E CUMPRIMENTO DOS LÍMITES DA LOFCA NO EXERCICIO 2016

6.20. A carga financeira defínese como o gasto anual por xuros e amortizacións da débeda pública e operacións de endebedamento –obrigas recoñecidas dos capítulos III e IX do orzamento de gastos–. O índice de carga financeira (ICF) mide a porcentaxe de ingresos correntes que se teñen que destinar ao pagamento das cargas financeiras, tratándose, pois, dunha ratio que avalía o nivel de endebedamento.

No cadro seguinte recóllese a evolución do ICF en relación cos ingresos correntes consolidados liquidados ao longo do período 2007-2016, incluíndose ademais, a efectos da análise, os datos de execución mensual acumulada ata o mes de novembro de 2017 (Avance), dispoñibles na central de información do Ministerio de Hacienda y Función Pública (MINHAFP).

Cadro 79: Evolución do índice de carga financeira (ICF) 2007-2016. (Millóns de euros)

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017 (A)
(1) Custo financeiro da débeda (Cap. III)	150	135	111	122	214	257	302	364	308	270	200
(2) Amortizacións da débeda (Cap. IX)	457	348	246	520	420	508	1.025	1.460	1.306	1.334	1.281
Carga financeira liquidada (1+2)	607	483	357	642	634	765	1.327	1.824	1.614	1.604	1.481
Ingresos correntes (Cap. I a V)	8.816	9.158	9.165	7.890	7.479	7.347	7.426	7.291	7.674	8.055	7.814
% Xuros s/ ingresos correntes	1,7%	1,5%	1,2%	1,5%	2,9%	3,5%	4,0%	5,0%	4,0%	3,3%	2,6%
% Amortizacións s/ ingresos correntes	5,2%	3,8%	2,7%	6,6%	5,6%	6,9%	13,8%	20,0%	17,0%	16,6%	16,4%
% Carga s/ ingresos correntes (ICF)	6,9%	5,3%	3,9%	8,1%	8,5%	10,4%	17,8%	25,0%	21,0%	19,9%	19,0%



Fonte: Consellería de Facenda. (A) Avance segundo datos de execución orzamentaria mensual das CC.AA. da Central de Información MINHAFP

Como se pode constatar no cadro anterior, no exercicio fiscalizado, correspondente a 2016, cúmprese co límite establecido na Lei orgánica de financiamento das Comunidades Autónomas (LOFCA) en relación coa carga financeira da Administración autonómica, toda vez que esta supuxo un 19,9% dos ingresos correntes liquidados do exercicio (1,1 puntos porcentuais menos que no exercicio anterior ou unha redución do 5,2% con respecto ao ano anterior), dentro do límite do 25% establecido no artigo 14 da LOFCA.

Segundo o avance dos datos de execución orzamentaria acumulada ata o mes de novembro de 2017, o ICF manteríase a finais dese exercicio por debaixo do 20%, cunha redución adicional de 0,9 puntos porcentuais, e, en todo caso, por debaixo do límite legal do 25%.

Tal e como se pode observar no gráfico adxunto ao cadro anterior, o ICF experimenta a partir do exercicio 2009, e nos anos sucesivos, unha dinámica de crecemento asociada á forte contracción do ingreso corrente, e tamén aos incrementos sucesivos dos xuros e das amortizacións asociados ao paulatino incremento do volume do endebedamento autonómico. Deste xeito, o ICF alcanza o seu valor máximo do 25% a finais do exercicio 2014. Foron as novacións de diversas operacións da carteira de préstamos realizada no mes de decembro do exercicio 2013 as que permitiron unha redución substancial do volume das amortizacións inicialmente previstas nos orzamentos para o 2014 –de 1.700 millóns de euros a 1.460 millóns de euros–, posibilitando deste xeito a redución do índice de carga financeira proxectada do 28,4% ao 25%, cumprindo en consecuencia co límite do 25% establecido pola LOFCA (artigo 14.2.b).

Con todo, cabe advertir que estes incrementos da carga financeira debéronse á compresión dos perfís de vencementos das operacións concertadas nos exercicios anteriores, relacionada coas decisións de refinanciamento dun volume cada vez máis significativo de débeda ao obxecto de mellorar as súas condicións financeiras, consistentes basicamente no aproveitamento dunha futura rebaixa de xuros.



VI.4.4. SOSTIBILIDADE DO ENDEBEDAMENTO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Evolución do aforro bruto, do saldo primario e do índice de sostibilidade da débeda

6.21. No exercicio 2016 continúa a recuperación do aforro bruto²³ liquidado en termos consolidados da Comunidade Autónoma, que alcanza un montante de 449 millóns de euros –o que supón un incremento do 120% con respecto aos 204 millóns liquidados no 2015–. Esta cifra, xunto coa diminución do gasto financeiro liquidado –270 millóns de euros fronte a 308 millóns– permite así mesmo unha recuperación do saldo primario²⁴, que experimenta en relación co exercicio anterior un incremento do 40,2%, alcanzando os 718 millóns de euros. Deste xeito, o gasto financeiro do exercicio fiscalizado pasa a representar o 37,4 % do saldo primario –fronte ao 130% no 2014 e o 60,2% no 2015– poñendo de manifesto a mellora na sostibilidade do pagamento de xuros –capítulo III de gastos financeiros– da débeda, en termos da xeración de saldo primario suficiente para o seu financiamento.

6.22. A sostibilidade da débeda pódese definir como a capacidade da entidade emisora para o cumprimento das obrigas derivadas da mesma. Para elo compáranse o número de anos teóricos necesarios para a amortización completa da débeda –vida media da mesma– co aforro bruto deducido das liquidacións orzamentarias anuais, aos efectos de comprobar se co importe do aforro bruto actual multiplicado polo número de anualidades da vida media se xera aforro suficiente para facer fronte ao reintegro do total da débeda.

Neste senso, a mellora da cifra de aforro bruto liquidado en relación co importe total da débeda autonómica a 31 de decembro de 2016 –10.854 millóns de euros–, permitiría a súa devolución completa en 24,1 anos, fronte aos 51,1 anos do endebedamento a 31 de decembro do exercicio anterior.

²³ O aforro bruto por operacións correntes, definido como a diferenza entre os ingresos correntes (capítulos I a V) e os gastos correntes (capítulos I a IV), constitúe unha medida da capacidade da Comunidade autónoma para financiar os investimentos –operacións de capital dos capítulos VI e VII dos orzamentos de gastos –, ben directa ou indirectamente a través da capacidade de soportar endebedamento adicional.

²⁴ O saldo primario por operacións correntes, definido como a diferenza entre os ingresos correntes e os gastos correntes –excluído o capítulo III correspondente aos gastos financeiros–, constitúe unha medida da capacidade de financiamento previa ao pagamento do custo financeiro derivado da débeda actual.

VI.4.5. EVOLUCIÓN COMPARADA DO ENDEBEDAMENTO POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

6.23. En termos de ratio débeda/PIB a prezos de mercado, a Comunidade Autónoma de Galicia presenta un nivel de endebedamento a finais de 2016 do 18,6%, porcentaxe inferior en 6,2 puntos porcentuais ao da media do subsector das CC.AA., que se sitúa no 24,8%. No cadro seguinte pódese observar a evolución da posición relativa do endebedamento de Galicia en relación coas demais comunidades autónomas de España e co endebedamento medio daquelas.

Cadro 80: Evolución posición relativa do Endebedamento da CA de Galicia 2011-2016 (% PIB rexional)

CA	2011	CA	2012	CA	2013	CA	2014	CA	2015	CA	2016
Madrid	8,2	Madrid	10,7	Madrid	11,9	Madrid	13,0	Madrid	14,1	Madrid	14,4
Pais Vasco	8,6	Pais Vasco	11,4	Pais Vasco	13,2	Pais Vasco	13,9	Pais Vasco	14,2	Pais Vasco	14,5
Canarias	9,1	Canarias	11,8	Canarias	13,4	Canarias	15,2	Canarias	16,2	Canarias	16,3
Asturias	9,6	Asturias	12,5	Asturias	14,8	Asturias	16,9	Navarra	17,9	Navarra	18,1
Aragón	10,0	La Rioja	13,6	La Rioja	15,2	La Rioja	17,0	Asturias	18,1	Galicia (5ª)	18,6
Andalucía	10,2	Aragón	14,2	Extremadura	15,7	Navarra	17,9	La Rioja	18,1	La Rioja	18,8
Cantabria	10,3	Extremadura	14,4	Castilla y León	16,4	Castilla y León	18,0	Galicia (7ª)	18,5	Asturias	19,0
Murcia	10,3	Castilla y León	14,8	Aragón	16,5	Aragón	18,3	Castilla y León	19,6	Castilla y León	20,4
Castilla y León	10,5	Andalucía	15,1	Galicia (9ª)	17,2	Galicia (9ª)	18,5	Aragón	20,5	Aragón	21,8
La Rioja	11,4	Galicia (10ª)	15,4	Andalucía	17,8	Extremadura	18,6	Extremadura	20,6	Andalucía	22,3
Extremadura	11,5	Navarra	16,2	Navarra	17,9	Cantabria	20,3	Cantabria	21,8	Extremadura	22,7
Galicia (12ª)	12,7	Cantabria	16,7	Cantabria	18,5	Andalucía	21,2	Andalucía	21,9	Cantabria	23,0
Navarra	13,4	Murcia	17,4	Media	20,5	Media	22,9	Media	24,4	Media	24,8
Media	13,6	Media	18,2	Murcia	20,9	Murcia	25,7	Murcia	27,5	Murcia	28,5
Castilla - LM	17,8	Baleares	23,9	Baleares	27,0	Baleares	29,7	Baleares	30,5	Baleares	29,9
Baleares	18,3	Cataluña	26,8	Cataluña	30,1	Cataluña	32,7	Cataluña	35,4	Cataluña	35,1
Valencia	21,7	Castilla - LM	27,2	Castilla - LM	31,0	Castilla - LM	36,0	Castilla - LM	36,2	Castilla - LM	36,5
Cataluña	22,0	Valencia	31,2	Valencia	34,1	Valencia	38,5	Valencia	41,3	Valencia	42,7
Diferencial	-0,9		-2,8		-3,3		-4,4		-5,9		-6,2

Fonte: Elaboración propia. Banco de España. (BE Xan/2018 SEC2010)

Ademais, o crecemento da débeda pública en Galicia, nos últimos anos, é inferior ao experimentado pola media estatal, se ben esta está condicionada polo forte crecemento do endebedamento nas comunidades de Valencia, Castilla-La Mancha, Cataluña, Illes Balears e Murcia.

Polo que respecta ao endebedamento das empresas públicas que non consolidan en termos do SEC2010 coa Administración, Galicia presenta un nivel de débeda significativamente inferior á media. A ratio débeda/PIB a prezos de mercado destas sociedades, ao peche do exercicio 2016, era do 0,07% fronte ao 0,46 % da media do conxunto das comunidades autónomas do Estado.



VI.4.6. XESTIÓN DA DÉBEDA DA ADMINISTRACIÓN XERAL

Estrutura e características do endebedamento da Administración xeral

Endebedamento a curto prazo (operacións de tesourería)

6.24. Ao longo do exercicio 2016 a Administración xeral acudiu ao financiamento de tesourería a curto prazo, por medio da vixencia dos contratos de oito operacións de tesourería subscritas e novadas en anos anteriores ata un importe máximo total de 441,5 millóns de euros, que se recollen no cadro seguinte:

Cadro 81: Operacións de tesourería contratadas e vixentes a 31 de decembro de 2016. (Euros)

Operación	Data do contrato	Novación	Vixencia ata	Diferencial	Importe
Nº 1	13/06/2014	09/09/2015	08/04/2017	0,40%	175.000.000,00
Nº 2	13/06/2014	06/04/2015	06/04/2017	0,40%	50.000.000,00
Nº 3	13/06/2014	06/04/2015	06/04/2017	0,40%	45.500.000,00
Nº 4	24/07/2015	07/04/2015	07/04/2017	0,40%	50.000.000,00
Nº 5	13/06/2014	06/08/2015	13/06/2017	0,40%	49.500.000,00
Nº 6	13/06/2014	-	3 AÑOS	2,00%	10.500.000,00
Nº 7	13/06/2014	13/06/2016	3 AÑOS	0,40%	40.000.000,00
Nº 8	13/06/2014	-	3 AÑOS	2,00%	21.000.000,00
Total					441.500.000,00

Fonte: D.X. de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos. Consellería de Facenda

Porén, das oito liñas de tesourería dispoñibles –cinco delas novadas no exercicio 2015 e unha no exercicio fiscalizado–, utilizáronse só cinco delas, a través de sucesivas disposicións por importes de 30 a 175 millóns de euros efectuadas entre o 2 de febreiro e o 20 de decembro de 2016, con duracións de entre 7 días e tres meses, en función das necesidades da tesourería xeral da Comunidade Autónoma. Esta apelación da Tesourería autonómica ao endebedamento a curto prazo para a cobertura de necesidades transitorias de liquidez ao longo do exercicio 2016 tivo un custo financeiro en xuros de 152.286,93 euros, superior ao do exercicio anterior onde estas operacións de tesourería supuxeron un custo financeiro de 22.881,24 euros.

En calquera caso, estas cifras atópanse lonxe das alcanzadas nos exercicios 2011 e 2012, onde o custo financeiro total do endebedamento a curto ascendeu a uns importes, respectivos de 5.928.404,20 euros e 1.848.243,75 euros, respectivamente, poñendo de manifesto que a Administración autonómica mantén a súa posición financeira de liquidez a curto prazo ao non precisar cubrir necesidades transitorias de financiamento de tesourería significativas ao longo do exercicio fiscalizado.


Endebedamento financeiro a longo prazo (emisións de obrigas e préstamos)

6.25. O endebedamento financeiro a longo prazo da Administración xeral a 31 de decembro de 2016 ascendía a 9.966,3 millóns de euros. No Anexo VIII que acompaña este informe recóllense as operacións nas que se materializa o devandito endebedamento.

6.25.1. Polo que respecta á estrutura da débeda a longo prazo, esta atópase instrumentada en operacións de préstamos e emisións de obrigas. Como se pode observar no gráfico adxunto, o peso relativo de cada un destes instrumentos financeiros evolucionou ao longo do tempo, adquirindo inicialmente maior importancia a emisión de obrigas como fonte de financiamento.

Porén, a partir dos exercicios 2007 e 2008 esta tendencia inverteuse, cobrando cada vez máis peso os préstamos. Este importante incremento das operacións de préstamo como modalidade de financiamento nos últimos exercicios relaciónase co aumento da necesidade de endebedamento e co endurecemento das condicións de acceso e de colocación das operacións de emisión de débeda nos mercados —aquela que se articula mediante títulos valores—, como consecuencia da crise económica e financeira.

Gráfico 1: Evolución da estrutura do endebedamento autonómico. Exercicios 2006-2016



Fonte: Conta do endebedamento da Conta Xeral da Administración xeral. Exercicios 2006-2016


Porén, obsérvase certa estabilización nesta tendencia iniciada nos exercicios anteriores do paulatino incremento do peso relativo das operacións de préstamos, que dun mínimo do 17,7% no 2006 pasan a representar ao redor do 41% nos exercicios 2010 e 2011. No exercicio 2012, a anterior tendencia inverteuse con claridade, volvendo as emisións de obrigas a gañar peso con respecto ás operacións de préstamos, de xeito que aquelas representan o 61,7% do endebedamento total fronte ao 38,3% instrumentado nas segundas.



No exercicio 2013 consolídase o peso das emisións de obrigas, que pasan a representar o 67,8% da débeda fronte a un 32,2% dos préstamos. No exercicio 2014 volven a gañar peso relativo os préstamos cun 35,3% da débeda fronte ás emisións que baixan lixeiramente ao 64,7%. No exercicio 2015 prodúcese un forte incremento do peso dos préstamos, que pasan a representar o 47,9% do total do endebedamento, debido ao efecto da adhesión da Comunidade Autónoma á Facidade Financeira (FF) do Estado e a subscrición dun préstamo co ICO de 1.542,5 millóns de euros. No exercicio da fiscalización continúa a tendencia iniciada no 2014 e 2015 do incremento paulatino do peso dos préstamos, que por primeira vez superan amplamente o 50% do endebedamento total, froito da adhesión á FF do Estado e da subscrición dun novo préstamo ICO de 1.862,7 millóns de euros²⁵.

6.25.2. Como se pode comprobar no gráfico adxunto, ao igual que no exercicio anterior, no 2016 consolídase o patrón de concertación de operacións de financiamento –que en anos anteriores foi primando cada vez en maior medida o endebedamento a tipo de xuro fixo–, de xeito que o 100% do volume de endebedamento contratado faise a tipo fixo, situación inversa que contrasta cos exercicios 2006 e 2008 –precise– onde o 100% do novo endebedamento se subscribía a xuros variables.

Gráfico 2: Proporción xuro fixo/variable no endebedamento anual Admon. xeral 2006-2016



Fonte: Conta do endebedamento da Conta Xeral da Administración xeral. Exercicios 2006-2016

A vida media estimada das operacións de endebedamento do exercicio 2016 mantense, ao igual que no ano anterior, en torno aos 6,5 anos. O tipo medio de xuro estimado do endebedamento diminúe dun xeito significativo neste exercicio con respecto ao anterior, en consonancia coa tendencia dos mercados financeiros, mentres que o custo financeiro total experimenta unha nova redución do 12,6% con respecto ao exercicio anterior, consolidando deste xeito a tendencia á súa diminución iniciada no exercicio anterior.

²⁵ Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións.

Operacións do exercicio

6.26. No marco do obxectivo de endebedamento autorizado e dentro dos límites de endebedamento establecidos nos acordos do Consello de Política Fiscal e Financeira aplicables ao exercicio fiscalizado, a Administración xeral dispuxo dun volume efectivo de novo endebedamento por un importe máximo de 1.862,7 millóns de euros. Como se pode comprobar no cadro seguinte, este importe instrumentouse nun contrato de préstamo e catro addendas subscritos co ICO (operación 1+16).

Cadro 82: Contrato e Addendas do Préstamo ICO 2016 (Adhesión á Facidade Financeira do Estado). (Euros)

Documentos	Data	Acordo CDGAE	Distribución FF	Tramo I	Tramo II	Tramo III	Importe nominal máx.
				Vencementos	Liquid. Negativas	Déficit	
Contrato inicial	21/03/2016	11/02/2016	1er Trimestre	95.340.000,00	21.210.000,00	43.600.000,00	160.150.000,00
Primeira Addenda	03/06/2016	31/03/2016	2º Trimestre	286.180.000,00	21.210.000,00	43.600.000,00	350.990.000,00
Segunda Addenda	13/07/2016	08/06/2016	3er Trimestre	40.390.000,00	21.210.000,00	43.040.000,00	104.640.000,00
Terceira Addenda	27/10/2016	29/09/2016	4º Trimestre	990.100.000,00	21.210.000,00	43.040.000,00	1.054.350.000,00
Cuarta Addenda	29/12/2016	23/12/2016	Déficit ampliado	-37.020.000,00	0,00	229.570.000,00	192.550.000,00
Importe Nom. Max				1.374.990.000,00	84.840.000,00	402.850.000,00	1.862.680.000,00

Fonte: Consellería de Facenda. Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos

O préstamo subscrito co ICO correspóndese coa utilización por parte da Administración autonómica do Fondo de Financiamento a Comunidades Autónomas creado a través do Real decreto-lei 17/2014, do 26 de decembro, de medidas de sostibilidade financeira das CC.AA. e EE.LL. e outras de carácter económico. A participación de Galicia realízase a través do compartimento de Facidade Financeira, especialmente dirixido a aquelas comunidades autónomas que cumpren cos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública e o seu período medio de pago a provedores non supere en máis de 30 días o prazo máximo previsto na normativa sobre morosidade durante dous meses consecutivos.

A Xunta de Galicia tramitou a adhesión da Comunidade Autónoma ao devandito compartimento de Facidade Financeira para este exercicio 2016 a través da correspondente solicitude formulada o 31 de xullo de 2015 pola Consellería de Facenda, sendo respondida en sentido favorable mediante Resolución do 15 de setembro de 2015 da Secretaría de Estado de Administracións Públicas.

Posteriormente, ao longo do exercicio 2016 a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos adoptou con datas 11 de febreiro, 31 de marzo, 8 de xuño e 29 de setembro, senllos acordos de distribución trimestral do financiamento dos compartimentos da Facidade Financeira e Fondo de Liquidez Autonómico.

Ademais, o 23 de decembro adóptase un acordo de asignación de recursos destinado a cubrir as necesidades de financiamento derivadas da ampliación do obxectivo de déficit de 2016 do 0,3% ao 0,7% do PIB rexional.

A consecuencia do anterior, o Consello de Goberno da Xunta de Galicia adoptou sucesivos acordos do 10 de marzo, 19 de maio, 30 de xuño, 13 de outubro e 29 de decembro, nos que consta a vontade de adhesión ao compartimento de Facilidade Financeira para cada un dos catro trimestres e o correspondente á ampliación do obxectivo de déficit, e o compromiso de destinar os fondos recibidos ás necesidades de financiamento aprobadas pola Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos e o compromiso de cumprir co disposto no Real decreto-lei 17/2014, nas disposicións e acordos do CPFF das CC.AA. e da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos que desenvolvan dito mecanismo de financiamento.

Como se pode observar no cadro anterior, o total do financiamento concedido, ata un importe global máximo de 1.862,7 millóns de euros, desglósase en tres tramos:

- Tramo I para a cobertura de vencementos de débeda pública, ata un importe de 1.374,9 millóns de euros;
- Tramo II para o financiamento da anualidade a devolver en 2016 correspondente ás liquidacións negativas do sistema de financiamento dos anos 2008 e 2009, ata 84,8 millóns de euros;
- Tramo III para as necesidades de financiamento do déficit público ata os 402,8 millóns de euros.

Polo que ás condicións financeiras da operación se refire, o prazo do préstamo esténdese ata o 31 de xaneiro de 2026, con dous anos de período de carencia na amortización, establecéndose un tipo de xuro do 0% anual no exercicio 2016 e ata o 31 de xaneiro de 2019, a partir do cal o tipo aplicable estímase no 0,842% anual²⁶.

6.27. Ao longo do exercicio 2016 non se formalizaron novas operacións de derivados financeiros –*swaps* de cobertura de risco de xuros–, polo que a finais daquel continúan en vigor as operacións contratadas en exercicios anteriores (unha en 2011 e dúas en 2010). O detalle e as características de ditas operacións recóllense no Anexo IX do presente informe de fiscalización.

²⁶ Estas condicións financeiras parecen coherentes co sinalado na exposición de motivos do Real decreto-lei 17/2014, dado que o que se pretende coa creación do compartimento *Facilidade Financeira* é estender os beneficios asociados aos mecanismos a aquelas Comunidades Autónomas que –como Galicia– cumpren os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública e que controlan a demora no pagamento da súa débeda comercial. Por elo, como vantaxe para aqueles que cumpriron cos obxectivos, permítese que os esforzos orzamentarios e as reformas estruturais realizadas se acompañen da redución dos custos de financiamento que os mecanismos supoñen. Só o aforro financeiro en xuros ata o 31 de xaneiro de 2019 pode estimarse en máis de 30 millóns de euros.

VI.4.7. RISCO POR AVAIS E PRÉSTAMOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

Risco vivo

6.28. Ao igual que no exercicio anterior, a liquidación do orzamento da Conta Xeral do exercicio 2016 xa non inclúe o apartado *XII Estado de situación dos avais concedidos pola Comunidade Autónoma*, ao terse depurado o aval concedido en data 3 de xuño de 1985 á empresa VECINO S.A., que aínda figuraba cun saldo de 236.295,48 euros na Conta Xeral do exercicio 2013.

Porén, non se considera correcta a supresión de dito apartado dado que, como se vén reiterando en anteriores informes do Consello de Contas, neste estado de avais a render coa Conta Xeral debería incluírse a situación dos avais financeiros concedidos polo IGAPE, por ser a Administración xeral quen responde dos riscos.

A memoria das contas anuais do IGAPE reflicte a situación en termos de risco vivo destes avais, ofrecendo a seguinte información:

Cadro 83: Risco vivo avais financeiros do IGAPE. Exercicio 2016. (Euros)

Saldo 01.01.2016	Altas	Baixas	Saldo a 31.12.2016
114.922.498,22	0,00	(11.118.789,68)	103.803.708,54

Fonte: Memoria das contas anuais do IGAPE correspondentes ao exercicio 2016


No Anexo X que se acompaña a este informe preséntase unha relación de avais formalizados a 31.12.2016 e a concentración do risco vivo por entidade avalada.

Como se pode comprobar no cadro anterior, o risco vivo a 31 de decembro de 2016 ascende á cantidade de 103,8 millóns de euros, polo que se volve a producir unha nova redución dun 9,6% con respecto ao exercicio anterior.

Continúa a consolidarse deste xeito –como se pode observar no seguinte gráfico– a tendencia á diminución do volume de risco vivo efectivo, que desde uns valores máximos no contorno dos 280 millóns de euros, acadados a finais dos anos 2010 e 2011, tense reducido nun 62,9% a 31 de decembro do exercicio da fiscalización.



Gráfico 3: Evolución risco vivo avais financeiros do IGAPE. 2007-2016. (Euros)



Fonte: Memoria das contas anuais do IGAPE. Exercicios 2007-2016

6.29. Non obstante o exposto no parágrafo anterior, segundo a información facilitada polo IGAPE o importe dos avais concedidos e non cancelados a 31 de decembro de 2016 ascende a 132 millóns de euros, cun importe total comprometido de 129,8 millóns de euros. As diferenzas entre as cifras sinaladas obedecen á existencia de avais concedidos non formalizados ou que non xeran risco efectivo na medida en que non se cumpran determinados condicionantes previstos no acordo de concesión.

En calquera caso, estas cantidades atópanse dentro do límite previsto pola Lei de orzamentos para o exercicio 2016, que fixa no seu artigo 41.Tres un saldo efectivo máximo de 500 millóns de euros –douscentos millóns máis con respecto ao exercicio 2008–.

Polo que respecta ao grao de concentración do risco vivo por entidades avaladas a 31 de decembro de 2016, obsérvase no cadro seguinte que 15 empresas –que representan o 22,7% do número total de entidades avaladas– dispoñen de 40 avais cun risco vivo efectivo de 71,8 millóns de euros, que representa o 69,2% do risco vivo total. Estes avais, formalizados por un importe total de 82,6 millóns de euros, responden de diversas operacións financeiras subscritas por un montante total de 144,7 millóns de euros.

Cadro 84: Risco vivo a 31.12.2016 por entidade avalada polo IGAPE. (Euros)

Entidade avalada	Número avais	Operación garantida	Aval concedido	Aval formalizado	Risco a 31/12/2016	Risco avais % s/total RV
ISIDRO DE LA CAL FRESCO, S.L.	3	34.776.308,57	14.650.000,00	14.650.000,00	12.731.562,84	12,27%
GRUPO COPO DE INVERSIONES, S.A.	1	16.200.000,00	10.860.000,00	10.800.000,00	9.720.000,00	9,36%
PAQUITO, S.L.	10	15.349.449,15	7.678.471,19	7.678.471,19	7.074.471,41	6,82%
PUERTO DE CELEIRO, S.A.	3	13.278.141,83	8.000.000,00	8.000.000,00	5.311.256,73	5,12%
PÓRTICO, S.A.	1	9.279.864,62	5.000.000,00	5.000.000,00	4.639.932,31	4,47%
BLUSENS TECHNOLOGY, S.L.	1	7.008.333,36	7.800.000,00	6.060.000,00	4.205.000,02	4,05%
MADERAS IGLESIAS, S.A.	1	6.454.182,56	5.200.000,00	5.200.000,00	4.195.218,66	4,04%
DYGRA FILMS, S.L.	2	6.217.447,73	3.950.000,00	3.950.000,00	3.773.926,64	3,64%
INVERSIONES E INFRAESTRUCTURAS ATLANTE, S.L.	4	7.343.000,00	3.671.500,00	3.671.500,00	3.671.500,00	3,54%
S.A. EDUARDO VIEIRA	1	4.855.555,56	4.200.000,00	4.200.000,00	3.398.888,89	3,27%
FOMENTO DE ARIDOS Y OBRAS, S.L.	1	4.400.000,00	3.080.000,00	3.080.000,00	3.080.000,00	2,97%
MECANIZADOS RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, S.L.	1	5.392.839,11	3.000.000,02	3.000.000,02	2.968.535,31	2,86%
CONSERVAS SELECTAS MAR DE COUSO, S.A.	1	7.400.000,00	2.775.000,00	2.775.000,00	2.775.000,00	2,67%
GRUPO TAMEGA, S.L.	1	3.200.000,00	2.240.000,00	2.240.000,00	2.240.000,00	2,16%
SAN MARTÍN, S.A.	9	3.593.995,58	2.257.900,00	2.257.900,00	2.076.397,35	2,00%
Totais	40	144.749.118,07	84.362.871,21	82.562.871,21	71.861.690,16	69,23%

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos facilitados polo IGAPE correspondentes ao exercicio 2016

Avais falidos e cobertura do risco polo Fondo de garantía de avais

6.30. Ao longo do exercicio 2016 producíronse os seguintes avais falidos:

Cadro 85: Avais falidos no exercicio 2016. (Euros)

Data de pagamento	Terceiro	Importes falidos
18/03/2016	AV/181 VIAJES VINCIT, S.L.	301.208,57
28/04/2016	AV/400-1 TEX DIGITAL, S.L.	962.500,00
28/04/2016	AV/400-3 TEX DIGITAL, S.L.	481.079,68
20/07/2016	AV/622 FISTERRA TIG, S.L.	146.686,33
22/07/2016	AV/647 GRÁFICAS DEL NOROESTE, S.L.	169.082,17
22/07/2016	AV/394-1 BRAURON, S.L.	375.000,00
21/11/2016	AV/701 CONSTRUCCIONES MON, S.L.	998.043,30
Totais		3.433.600,05

Fonte: Consellería de Facenda. Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos




Como se pode observar, trátase de 7 avais falidos por un importe total de 3,4 millóns de euros, dos que dous deles correspóndense coa entidade avalada TEX DIGITAL S.L., por un importe conxunto de 1,4 millóns de euros.

En relación con estes avais, tense solicitado á ATRIGA o inicio dos correspondentes expedientes de regreso, agás para o primeiro deles (AV/181 de VIAJES VINCIT S.L.), dado que en data 7 abril de 2016 recibíuse no Tesouro unha transferencia do acredor concursal por importe de 238.945,33 euros²⁷.

Neste exercicio fiscalizado volven a realizarse pagamentos por avais falidos, despois de que no exercicio anterior non se producira ningún pago por este concepto. Con todo, cabe sinalar que o importe aboado no 2016 é inferior ao pagado no 2014, confirmando a tendencia á baixa deste tipo de pagamentos, que experimentaron un forte incremento por mor da crise económica e que acadaron o seu máximo importe no exercicio 2012, tal e como se pode constatar no cadro seguinte:

Cadro 86: Evolución dos pagamentos por avais falidos 1994-2016. (Euros)



Fonte: Consellería de Facenda. Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos

Como se pode comprobar, os pagamentos realizados ao longo do período 2010-2016 totalizan un montante de 57,4 millóns de euros, fronte aos 28,2 millóns aboados pola Xunta de Galicia por este concepto desde o exercicio 1994 ata o 2009, e do que en informes de exercicios anteriores xa se ten recollido a súa composición.

O 2015 foi o primeiro exercicio desde o comezo da crise económica e financeira no que a Administración autonómica non tivo que facer fronte ao pagamento de cantidades derivadas de avais falidos. Estas acadaron o seu importe máximo no exercicio 2012, cun desembolso de 37,1 millóns de euros, para pasar aos 9,7 millóns de euros aboados no 2013 e aos 4,3 millóns de euros no 2014.

²⁷ Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións.

6.31. En previsión do pagamento de posibles falidos, ao igual que en exercicios anteriores, constitúese dentro do capítulo VIII do orzamento de gastos –Activos financeiros– un Fondo de garantía de avais. Para o exercicio 2016, a lei de orzamentos mantén a regulamentación de dito Fondo, incorporada pola lei de orzamentos do exercicio 2010 atendendo en parte as recomendacións formuladas por este Consello de Contas.

Neste exercicio, a aplicación 2016.23.03.621A.890.0 *Fondo de garantía de avais* figura sen consignación orzamentaria de créditos iniciais nos orzamentos xerais da Administración xeral para o 2016, declarándose o seu carácter de ampliable con cargo a baixas nas dotacións de gastos por transferencias de capital ao IGAPE.

Cabe sinalar que neste exercicio a dotación do Fondo realízase por medio da incorporación de remanentes de crédito –correspondente ao saldo non utilizado do Fondo de garantía do exercicio anterior–, instrumentada en tres expedientes de modificación de créditos por importes respectivos de 4.494.099,09 euros (Ref. IC-23-001-16), 1.200.715,58 euros (Ref. IC-23-003-16) e 5.235.042,04 euros (Ref. IC-23-005-16).

Ademais das anteriores incorporacións de remanentes do saldo non utilizado do Fondo de garantía, ao longo do exercicio tramitouse un expediente de modificación de crédito adicional ao Fondo de garantía por importe de 1.490.866,01 euros (Ref. AM-23-001-16), correspondente a unha ampliación de crédito financiada con cargo á baixa de crédito de gasto para transferencias de capital ao IGAPE consignados no aplicativo 2016.09.10.741A.732.05.

Deste xeito, o Fondo de garantía de avais acadou ao longo do exercicio un montante total de créditos por importe de 12.420.722,72 euros. Ao terse efectuado pagamentos por avais falidos ao longo do exercicio fiscalizado por un importe de 3.433.600,05 euros, a 31 de decembro de 2016 a partida orzamentaria do Fondo recolle un remanente de crédito por unha contía de 8.987.122,67 euros, o cal poderá incorporarse ao ano seguinte.

Á súa vez, a 31 de decembro de 2016 a provisión para avais que figura na contabilidade financeira do IGAPE ascende a 13,6 millóns de euros. Esta cifra correspóndese con aqueles avais concedidos que, de acordo cos criterios establecidos e sobre a base dun estudo individualizado, a dirección do ente instrumental estima que poden ser reclamados.

Así, é a contabilidade financeira do IGAPE a que reflicte a provisión, e non a da Comunidade Autónoma, que é quen procede, no seu caso, ao pagamento dos falidos.

Risco derivado da concesión de préstamos

6.32. Con data 1 de xuño de 2007 o IGAPE asinou co Banco Europeo de Investimentos (BEI) un contrato de financiamento mediante o cal o BEI concedeu ao Instituto un préstamo global de 30 millóns de euros, que se poderá destinar a financiar a concesión de préstamos por parte do IGAPE a empresas que desenvolvan proxectos empresariais con investimentos en Galicia.

Como se pode comprobar no cadro seguinte, a 31 de decembro de 2008 tiñase producido unha disposición do préstamo por importe de 20 millóns de euros cun prazo de reembolso de 7 anos.

Cadro 86: Evolución de pasivos financeiros a l/p do IGAPE 2008-2016. (Millóns de euros)

Concepto	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016 ²⁸
Débeda a 1 de xaneiro	0	20	50	73	86,1	76,5	60,9	44,2	29,6
Aumentos	20	30	25	20	-	-	-	-	11,6
Diminución por reembolso	0	0	2	6,9	9,6	15,6	16,6	14,6	-11,6
Débeda a 31 de decembro	20	50	73	86,1	76,5	60,9	44,2	29,6	29,6

Fonte: Contas anuais do IGAPE. Exercicios 2008 ao 2016

No exercicio 2009 efectuouse unha segunda disposición polo importe restante de 10 millóns de euros. Con data 30 de xaneiro de 2009, o IGAPE obtivo unha nova liña de financiamento mediante un novo contrato asinado co BEI para un préstamo global por un importe máximo de 200 millóns de euros que se destinará a financiar a concesión por parte do Instituto de préstamos a PEMES, podéndose solicitar o seu desembolso en un ou varios tramos ata o 30 de xaneiro de 2011.

A finais do exercicio 2009 o IGAPE dispuxo de 20 millóns de euros deste préstamo, realizándose unha segunda disposición por importe de 25 millóns de euros en novembro de 2010, e unha terceira en maio de 2011 por un importe de 20 millóns de euros.

²⁸ Desde o exercicio 2012, tal e como advirten os informes de auditoría que acompañan as contas da entidade, o IGAPE exhibía un Fondo de manobra negativo, froito da reclasificación a curto prazo do saldo dos seus pasivos financeiros que ata entón figuraban clasificados a longo prazo, debido á activación dunha cláusula dos contratos de préstamos subscritos co BEI pola cal a entidade financeira podía esixir o vencemento anticipado dos saldos dos préstamos concedidos debido ao deterioro da cualificación crediticia da débeda da Comunidade Autónoma experimentada no exercicio 2012, sen que a entidade accedese a autorizar a correspondente dispensa financeira (*weaver*).

Porén, no exercicio 2016 o IGAPE decidiu a reclasificación do vencemento da débeda co BEI de acordo co novo clausulado da novación do contrato de financiamento subscrito o 28 de abril de 2015, polo que a entidade volve a exhibir un Fondo de manobra positivo.


No exercicio 2016, o IGAPE non incrementa a súa posición debedora, senón que mantén a do exercicio anterior. Porén, como se pode observar, nos exercicios anteriores 2015, 2014, 2013, 2012 e 2011 tiñanse producido diminucións de débeda por reembolso, por importes respectivos de 14,6 millóns de euros; 16,6 millóns de euros; 15,6 millóns de euros; 9,6 millóns de euros; e 6,9 millóns de euros.

Porén o anterior, con data 28 de abril de 2015, previo informe favorable da Consellería de Facenda, foi aprobada unha proposta de novación do contrato de financiamento co BEI, ata un importe máximo de 135 millóns de euros e cunha contía máxima a desembolsar no exercicio orzamentario 2016 de 11,6 millóns de euros.

6.33. Con cargo ao mencionado financiamento obtido a través do correspondente endebedamento autorizado polas leis anuais de orzamentos da Comunidade Autónoma, o IGAPE procedeu desde o exercicio 2007 á concesión de préstamos a longo prazo a PEMES por importes cando menos equivalentes aos montantes do endebedamento disposto con cargo ás liñas do Banco Europeo de Investimentos (BEI).

Cadro 87: Evolución dos préstamos concedidos polo IGAPE con financiamento BEI 2007-16. (Millóns de Euros)

Concepto	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016
Créditos a l/p PEMES finan. BEI	0,4	20,6	58,9	75,8	108,4	82,1	69	56,2	43,1	40,2



Fonte: Memorias das contas anuais do IGAPE correspondentes aos exercicios 2007 ao 2016

Como se pode observar no cadro e gráfico anteriores, o volume de préstamos concedidos a PEMES creceu dunha forma sostida desde o exercicio 2007 ata finais do 2011, onde se acadou un saldo máximo de 108,4 millóns de euros. Porén, pode comprobarse como no exercicio 2012 se produce un cambio de tendencia, ao diminuír o montante de préstamos concedidos pendentes de recuperación aos 82,1 millóns de euros, o que supón unha minoración dun 24,2% nun exercicio. Esta tendencia continúa no exercicio 2016, ao reducirse o saldo de créditos pendentes a 40,2 millóns de euros, isto é, un 6,7% menos que no exercicio anterior.

Ás cifras anteriores débense engadir os saldos da conta *Créditos a c/p PEMES financiamento BEI*, correspondentes aos vencementos por amortización dos préstamos. Deste xeito, o saldo de préstamos vivos a 31 de decembro de 2016 acada un importe total de 50,5 millóns de euros –40,2 millóns a longo prazo e 10,3 millóns a curto prazo–.

Aos efectos da valoración do risco asociado á carteira de préstamos concedidos, o IGAPE procedeu á dotación das correspondentes provisións por posibles insolvencias de créditos a l/p e c/p. Os importes destas provisións pasaron de 3,8 millóns de euros en 2009 ata un máximo de 33,6 millóns no exercicio 2013, revelando a situación de deterioro económico das empresas prestatarias.

Porén, a partir do exercicio 2014 as provisións comezaron a reducirse, acadando un importe de 29,5 millóns de euros. A finais do 2015 estas supoñían un montante de 27,6 millóns de euros, para situarse no exercicio fiscalizado nun volume de 23,6 millóns de euros, o que representa unha diminución con respecto ao exercicio anterior dun 14,5%²⁹.

VI.5. COMPROMISOS DE GASTOS CON CARGO A EJERCICIOS FUTUROS

6.34. A Conta Xeral da Administración xeral do exercicio 2016 non ofrece información consolidada dos compromisos de gastos con cargo a exercicios futuros. Tampouco a memoria que acompaña esta Conta aporta información agregada cos seus organismos autónomos e axencias sobre as magnitudes destes compromisos. Neste sentido, este órgano de control insta á Xunta para que ofrezca unha información do conxunto da xestión da Administración pública autonómica, de forma que, sen máis dilación, os estados contables conteñan a información dos compromisos de gastos futuros adquiridos polo conxunto das entidades que integran o sector público autonómico.

²⁹ Parágrafo modificado como consecuencia das alegacións.

Ante a falta desta información consolidada, tomáronse os datos das contas dos organismos autónomos, axencias públicas e entidades instrumentais de consulta ou asesoramento dependentes da Xunta, obtendo un importe total de compromisos futuros da Administración xeral e destas entidades do sector público inferior en 21,3 millóns de euros ao exercicio anterior. A desagregación deste importe amósase no seguinte cadro, por tipo de entidade:

Cadro 88: Compromisos de gastos futuros por tipo de entidade autonómica. (Euros)

Tipo de entidade	Importe
Total Administración xeral	12.283.401.089
Total organismos autónomos	2.499.461.318
Total entidades públicas de consulta ou asesoramento	25.777
Total axencias públicas	2.963.813.550
Total futuros	17.746.701.734

Fonte: Elaboración propia a partir da liquidación do estado de futuros da Conta Xeral, organismos autónomos, entidades públicas de consulta ou asesoramento e das axencias públicas

Por tipo de entidade, destacan entre os organismos autónomos os compromisos futuros do SERGAS, por importe de 2.417,20 millóns de euros; e entre as axencias, a Axencia Galega de Infraestruturas, cuns compromisos de 2.676,72 millóns de euros.

O importe máis significativo dos compromisos de gastos futuros corresponde á Administración xeral. No ano 2016 experimentaron un incremento de 252,82 millóns respecto do exercicio 2015, con aumentos nos capítulos de pasivos financeiros, gastos de persoal e transferencias de capital, mentres que os compromisos futuros do resto dos capítulos diminuíron.

Cadro 89: Compromisos de gastos futuros, distribución económica. (Euros)

Capítulo	2017	2018	2019	2020	2021 a 2035	Total	%
1 Gastos de persoal	1.737.446,24	561.747,88	0,00	0,00	0,00	2.299.194,12	0,02%
2 Gastos bens correntes e servizos	328.482.161,27	34.671.974,78	20.926.724,79	17.566.625,10	144.126.415,89	545.773.901,83	4,44%
3 Gastos financeiros	223.315.465,67	166.165.532,43	138.932.277,16	122.039.575,04	375.007.649,68	1.025.460.499,98	8,35%
4 Transferencias correntes	233.058.243,75	20.461.671,99	11.479.503,25	5.453.744,35	8.087.950,57	278.541.113,91	2,27%
6 Investimentos reais	101.061.908,49	34.744.579,55	8.959.151,36	2.120.377,71	12.706.359,35	159.592.376,46	1,30%
7 Transferencias de capital	145.218.902,82	83.564.777,74	13.455.406,11	3.833.552,67	27.451,08	246.100.090,42	2,00%
9 Pasivos financeiros	1.639.656.241,16	1.087.149.598,60	1.593.607.278,69	1.367.772.467,88	4.337.448.325,74	10.025.633.912,07	81,62%
Total	2.672.532.386,40	1.427.321.900,97	1.787.362.360,36	1.518.788.362,75	4.877.404.152,31	12.283.401.088,79	100,00%

Fonte: Elaboración propia a partir da liquidación do estado de futuros da Conta Xeral

Desde a perspectiva da distribución económica, como vén sendo habitual, a maior parte do gasto comprometido concéntrase nos capítulos IX e III e correspóndese coa amortización da débeda e os gastos financeiros derivados da súa adquisición.

No Anexo XI amósase a distribución temporal dos gastos comprometidos pola Administración xeral ao peche do exercicio 2016. Os compromisos de maior duración corresponden á carga financeira da débeda pública (ata 2035) e aos contratos de xestión das residencias de maiores (ata 2031). Á súa vez, no Anexo XII amósase a distribución orgánica dos gastos con cargo a exercicios futuros comprometidos pola Administración xeral ao peche do exercicio 2016.

6.35. A carga financeira da débeda, que recolle os pagamentos previstos en concepto de amortización e de xuros, tanto fixos como variables, representa o 89,97% dos compromisos futuros totais da Administración xeral. No exercicio 2016 experimentou novamente un incremento global de 329,20 millóns de euros con respecto ao exercicio 2015.

En canto á actualización dos compromisos futuros relativos ás operacións de endebedamento, as estimacións de tipo de xuro realizadas por AFI (previsións novembro 2016) para as operacións referenciadas ao euríbor amosan un tipo medio para o ano 2017 do -0,13%. Sen embargo, a elevada volatilidade dos mercados financeiros e a aplicación do criterio de prudencia determinaron que a Administración non modificara á baixa o tipo de xuro co que están contabilizados os compromisos futuros para este tipo de operacións e que actualizara tan só o primeiro ano inmediatamente posterior.

Conforme ao principio de prudencia, considérase adecuada a aplicación do tipo do 1,25% para a contabilización dos compromisos futuros destas operacións.

6.36. Os compromisos contabilizados no estado de futuros para facer fronte ás devolucións dos capitais recibidos en préstamo (10.012,7 millóns de euros) non coinciden coa débeda viva a 31 de decembro de 2016 incluída na Conta Xeral (9.966,2 millóns). A diferenza (46,5 millóns) explícase pola diferente contabilización dun préstamo do Instituto de Crédito Oficial (ICO), xa que na débeda viva recóllese o importe efectivamente desembolsado a 31 de decembro de 2016 (1.816,2 millóns) mentres que no estado de futuros tense en conta o importe asinado no contrato (1.862,7 millóns).

6.37. Dentro dos compromisos de gastos futuros do sector público autonómico destacan os relativos ás peaxes na sombra que no exercicio 2016 rexistrou a Axencia Galega de Infraestruturas (AGI) no estado de futuros do seu sistema contable. Estes compromisos de gastos corresponden aos pagamentos que a Administración deberá realizar ás concesionarias das autovías construídas polo sistema de peaxe na sombra e pola supresión e redución das peaxes.

No seguinte cadro móstrase a desagregación dos compromisos futuros por estes conceptos, recollidos nos estados contables da AGI:

Cadro 90: Compromisos de gastos futuros. Peaxe na sombra. (Millóns de euros)

Infraestrutura	Prazo	Importes comprometidos a 31.12.2016
AUTOESTRADA COSTA DA MORTE CONCESIONARIA	2017-2038	622,84
CONVENIO XUNTA/ACEOSA. SUPRESIÓN PEAXES	2017-2057	536,37
CONCESIONARIA SANTIAGO-BRIÓN, S.A.	2017-2035	306,67
AUTOVÍA DO BARBANZA, C.X.G., S.A.	2017-2036	281,20
AUTOESTRADA OURENSE CELANOVA SOCIEDADE	2017-2040	228,32
CONVENIO XUNTA/AG ESTADO/AUDASA. SUPRESIÓN PEAXES MORRAZO-A BARCALA	2017-2049	174,96
AUTOESTRADA DO SALNÉS, SOCIEDADE CONCESIONARIA	2017-2035	145,20
CONVENIO XUNTA/ACEGA. SUPRESIÓN PEAXES	2017-2073	8,87
AUT. GALICIA, AUTOP. GALICIA CONCESIONARIA XUNTA	2017-2019	1,84

Fonte: Elaboración propia a partir da liquidación do estado de futuros da AGI

6.38. No exercicio fiscalizado incorpóranse novos compromisos de gasto por importe de 1,84 millóns de euros nos anos 2017-2019 derivados do convenio entre a Xunta e Autoestradas de Galicia, Autopistas de Galicia, concesionaria da Xunta de Galicia S.A. polo que se regula a bonificación da peaxe das autoestradas A Coruña-Carballo (AG-55) e Puxeiros-Val Miñor (AG-57).

No referido á contabilización dos pagamentos que a Administración deberá realizar ás concesionarias das autovías construídas polo sistema de peaxe na sombra, considérase que os compromisos deberían contabilizarse polo valor actual á data de peche do exercicio sen incluír a inflación futura, actualizando ao mesmo tempo ano tras ano o valor correspondente ao exercicio seguinte segundo as previsións de inflación dese ano. As cantidades anteriores deben actualizarse anualmente en función dos resultados de tráfico de anos anteriores e da información dispoñible baixo un criterio prudente. Desta forma, a Administración tería cubertos para cada exercicio os gastos polo uso das infraestruturas.

Por outra parte, a AGI, en coherencia coa contabilidade nacional, contabiliza estes gastos dentro do capítulo VI por tratarse de infraestruturas autonómicas. Sen embargo, para non ofrecer unha imaxe sobredimensionada dos investimentos da Administración, non se debería rexistrar neste capítulo a parte do canon que se corresponda con gastos financeiros, que se deberían contabilizar no capítulo III, e tampouco con gastos de conservación e mantemento, que se deberían imputar ao capítulo II en función da parte da cota destinada a aboar o custo de mantemento. Recoñecendo a complexidade da aplicación no capítulo III dos gastos financeiros, a Administración debería incluír na memoria información que permitira diferenciar de forma aproximada a parte que corresponde a investimento real e a que se corresponde coa carga financeira orixinada polo aprazamento do pago.

En relación cos pagamentos pola peaxe suprimida nos tramos do Morrazo e A Barcala da autoestrada AP-9, o Consello de Contas ten advertido en informes anteriores que os compromisos consignados estanse a manifestar claramente insuficientes, tal e como se reflicte no seguinte cadro:

Cadro 91: Compromisos futuros. Supresión peaxe AP-9. (Euros)

Tráfico (pagado no exercicio seguinte)	Previsto	Real*	Diferenza
2006	2.977.360	2.556.490	420.870
2007	3.250.680	4.673.076	-1.422.396
2008	3.549.090	4.768.281	-1.219.192
2009	3.874.900	5.151.860	-1.276.960
2010	4.090.930	4.562.806	-471.876
2011	4.319.000	5.817.585	-1.498.585
2012	5.039.780	5.697.902	-1.138.122
2013	5.702.231	6.081.894	-379.663
2014	6.041.222	6.320.692	-279.470
2015	5.301.771	6.461.534	-1.159.763
2016	5.301.771	6.481.313	-1.179.542

Fonte: Elaboración propia a partir da liquidación das contas anuais da Administración xeral e da AGI

*A execución reflicte unicamente os pagamentos realizados pola Administración autonómica, á que lle corresponde o 50% do custo da supresión da peaxe, asumindo a Administración central un importe equivalente

Obsérvase que as previsións de compromisos futuros rexistrados nos anos 2007 a 2016 resultaron inferiores ao gasto realmente producido. Polo tanto, a Administración debería revisar e axustar os compromisos plurianuais á execución real deste gasto en función dos resultados do tráfico de anos anteriores e da información dispoñible cara ao futuro.

6.39. O orzamento do exercicio fiscalizado non inclúe información sobre os compromisos de gastos futuros que se prevén contraer no exercicio a través de fórmulas de colaboración público-privada, tal

e como establece o artigo 19.5 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira. Por outra parte, esta regulación non aborda a conveniencia de establecer límites cualitativos e cuantitativos á Administración autonómica para contraer novos compromisos futuros. Os límites xerais que establece a normativa vixente neste exercicio poden excepcionarse mediante autorización do Consello da Xunta, polo que se poderían xerar problemas que afecten á sustentabilidade das finanzas públicas. No exercicio 2016 este órgano aprobou 93 modificacións das porcentaxes e anualidades de compromisos de gastos plurianuais, 2 máis que no exercicio 2015, polo que a redución do seu número en 2015 respecto do 2014 non tivo continuidade e o seu número continúa sendo maior que en períodos anteriores, como o de 2011 a 2013.

6.40. En informes anteriores advertíase que a adquisición de novos compromisos futuros a través de fórmulas de colaboración público-privada pola Xunta requiría unha determinación moi precisa entre as necesidades que prioritariamente se deben atender con recursos públicos e cales son os proxectos ou infraestruturas para os que está xustificado diferir o gasto a orzamentos futuros. A utilización de fórmulas de pago aprazado para o financiamento de infraestruturas públicas xera incerteza en canto á sustentabilidade futura das finanzas e traslada a carga dos investimentos presentes ás xeracións futuras.

VI.6. SITUACIÓN PATRIMONIAL

6.41. A Comunidade Autónoma de Galicia non ten elaborado un Plan de Contabilidade Pública que tome como referencia o novo Plan Xeral de Contabilidade Pública aprobado mediante Orde EHA/1037/2010, do 13 de abril, aplicable ás entidades integrantes do sector público administrativo estatal e con carácter de plan marco para tódalas Administracións Públicas. Polo tanto, as contas do exercicio 2016 seguen presentándose de acordo co Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia aprobado pola Orde do 28 de novembro de 2001, que non está adaptado ás Normas Internacionais aplicables á contabilidade do sector público.

A Conta Xeral do exercicio 2016 segue sen presentar unha información financeira que consolide ou agregue os estados contables da Administración xeral, organismos autónomos e sociedades públicas, o que provoca a ausencia dunha información global da situación financeira do sector público autonómico.

Nos seguintes epígrafes tómanse en consideración os estados correspondentes ao balance de situación, a conta do resultado económico-patrimonial e a memoria da Administración xeral aos efectos de verificar se expresan de xeito razoable a súa situación patrimonial e financeira, así como os resultados obtidos.

VI.6.1. BALANCE DE SITUACIÓN ANO 2016

6.42. O balance de situación incluído na memoria da Conta Xeral de 2016 amosa a situación patrimonial da Administración xeral referida ao peche do exercicio en dúas masas, activo e pasivo, que alcanzan para o exercicio 2016 un total de 11.561,75 millóns de euros, experimentando un incremento do 1,76% con respecto ao exercicio anterior.

O peso relativo das distintas masas patrimoniais reflíctese no seguinte cadro:

Cadro 92: Importancia relativa das distintas masas patrimoniais a 31.12.2016. (Millóns de euros)

Activo	Importe 2016	% respecto total	Pasivo	Importe 2016	% respecto total
Inmobilizado	10.378,39	89,76%	Fondos propios	271,83	2,35%
Gastos a distribuír en varios exercicios	50,62	0,44%	Provisións para riscos e gastos	0,63	0,01%
Activo circulante	1.132,74	9,80%	Acredores a longo prazo	10.131,12	87,63%
			Acredores a curto prazo	1.158,17	10,02%
Total activo	11.561,75	100,00%	Total pasivo	11.561,75	100,00%

Fonte: Elaboración propia a partir da información do balance

Dos datos mostrados obsérvase que os recursos a curto prazo (activo circulante) son insuficientes para facer fronte á débeda a curto prazo (acretores a curto prazo) por unha diferenza de 25,43 millóns de euros, de maneira que a Administración xeral presenta un fondo de manobra negativo no exercicio 2016. Así mesmo, é preciso sinalar que a magnitude dos fondos propios vén condicionada por unha cifra de patrimonio negativa que se mantén desde os exercicios precedentes, o que pon de manifesto que no seu funcionamento non se seguen as normas do Plan xeral de contabilidade pública. Así, dado que no activo do balance existen investimentos destinados ao uso xeral, deberían terse producido movementos na conta de Patrimonio entregado en cesión de uso.

No Anexo XIII deste informe reproducése o balance de situación a 31 de decembro, recollido na memoria da Conta Xeral do exercicio 2016.

Activo

6.43. En relación cos importes rexistrados no activo do balance, obsérvanse as mesmas incidencias sinaladas nos informes de exercicios anteriores. A continuación sinálanse as máis significativas:

- *Existencia de debilidades no Inventario Xeral, así como a ausencia de coordinación entre este e o sistema contable.*

Esta falta de coordinación afecta non só á transparencia e imaxe fiel esixibles á actuación administrativa, senón que afecta sensiblemente ao bo exercicio das funcións de identificación, xestión, control, investigación e defensa do patrimonio público. Ao igual que en informes anteriores, insístese na necesidade de que a Administración complete e actualice o inventario de modo que recolla a totalidade dos bens e dereitos que integran o inmovilizado da Comunidade Autónoma, debidamente valorado e coa información esixida pola normativa.

A comparación dos importes rexistrados no inventario e no balance de situación pon de manifesto que a Administración, de forma recorrente, presenta no balance uns importes non coincidentes cos importes que recolle o inventario. Así, a contía á que ascende a totalidade dos bens inmoebles valorados no inventario xeral (967,85 millóns de euros) é notoriamente inferior á das contas *Infraestruturas e bens destinados ao uso xeral* (7.531,47 millóns de euros) e *Terreos e construcións* (2.690,26 millóns de euros); o balance de situación recolle a existencia de bens na conta *Patrimonio histórico, artístico e cultural* por importe de 43,17 millóns de euros, mentres que o inventario xeral presenta unha relación de bens moebles de carácter histórico-artístico de apreciable valor económico da Comunidade Autónoma carente de valoración económica.

En relación co reflexo do inmovilizado inmaterial no inventario xeral, a descoordinación é manifesta con respecto aos rexistros da contabilidade financeira; no inventario unicamente figura unha relación das patentes e marcas inventariadas polos diferentes departamentos autonómicos a finais do exercicio 2016, sen que se inclúa a súa valoración económica.

O inventario xeral ofrece senllas relacións de bens moebles e vehículos da Comunidade Autónoma individualmente valorados sen que conste a data da súa adquisición nin o seu valor global, así como unha relación de bens semoventes da Comunidade Autónoma (1,44 millóns de euros), non sendo posible avaliar a fiabilidade do inventario e a súa coordinación cos rexistros da contabilidade financeira.

Tampouco existe correlación entre a contía dos investimentos financeiros segundo o balance de situación a 31.12.2016, que ascende a 417,10 millóns de euros, e a que reflicte o inventario patrimonial, por importe de 139,03 millóns de euros.

- *Operacións contabilizadas no inmovilizado inmaterial sen natureza de activos inmateriais*

Examinadas as altas do exercicio (por importe de 62,85 millóns de euros), detectouse a reiteración dos incumprimentos postos de manifesto nos informes de fiscalización da Conta Xeral correspondentes aos exercicios anteriores; a maior parte das operacións contabilizadas na conta 219 *Outro inmovilizado inmaterial* non son activos inmateriais, senón que se trata de gastos correntes (subministracións, servizos, asistencia técnica, convenios con medios de comunicación, etc.), que deberían imputarse directamente como gastos do exercicio na conta do resultado económico-patrimonial, sen reflexo no balance de situación, ao carecer de efecto patrimonial.

- *Amortizacións practicadas sobre o inmovilizado que non reflicten a depreciación real*

As amortizacións practicadas sobre o inmovilizado material seguen sen dotarse en función da porcentaxe que resulta da estimación da vida útil de cada ben, non existindo constancia do momento en que se produce a alta dos distintos bens a efectos do inicio do proceso amortizador. O criterio seguido de forma reiterada pola Administración, en tanto non se establezan os coeficientes de amortización, é o establecido na Orde de peche do exercicio 2016 (2% para inmoables e o 10% para o restante inmovilizado amortizable). A aplicación deste procedemento non atopa amparo na normativa contable relativa ao inmovilizado material.

A contabilización dos investimentos de carácter inmaterial debería realizarse en contas separadas en función da natureza do ben ou dereito incorporado, o que permitiría aplicar distintos criterios de amortización en función dos distintos tipos de ben. Ademais, a dotación anual á amortización do inmovilizado inmaterial, efectuada conforme á orde citada, non se efectúa tomando en consideración a data de alta dos bens.

Non figuran individualizados contablemente os bens adscritos ou cedidos a entidades dependentes ou vinculadas á Comunidade Autónoma. O inventario xeral refire a situación xurídica dos bens, pero non existe evidencia de que figuren inscritos a totalidade dos mesmos. A falta de rexistro e valoración destes activos non permite a adecuada contabilización e amortización polas entidades que os utilizan.

Pasivo

3.4. En relación cos importes rexistrados no pasivo do balance, cómpre formular as seguintes observacións:

- A conta de *Patrimonio* permanece invariable nos últimos anos, integrándose no mesmo as contas *100 Patrimonio* (-922,27 millóns de euros) e *108 Patrimonio entregado en cesión* (-78,17 millóns de euros).

Dado que no activo do balance existen investimentos destinados ao uso xeral, deberían terse producido movementos na conta *109 Patrimonio entregado ao uso xeral* polo importe dos bens que fosen entregados en cesión de uso. Non se ten producido en 2016 nin nos exercicios precedentes ningún cargo nesta conta, evidenciándose a inexecución dos asentos relativos ás entregas dos bens ao uso xeral, polo que o activo e o pasivo do balance de situación encóntranse sobrevalorados.

- A conta *120 Resultados positivos de exercicios anteriores*, como nos exercicios anteriores, reflicte un saldo incorrecto no pasivo do balance do exercicio.
- No exercicio 2016 non se dotaron provisións na conta *142 Provisión para responsabilidades*, que presenta o mesmo saldo que no anterior exercicio por importe de 638.157,78 euros.

Non se rexistra na contabilidade financeira o fondo de garantía de avais. De acordo coa regulación establecida pola Lei de orzamentos para o exercicio 2016, o IGAPE –ente instrumental da Administración encargado da concesión dos avais– recolle no pasivo a provisión para a garantía; realízase a través das dotacións do artigo 89 do capítulo VIII *Fondo de garantía de avais* do orzamento da Administración xeral, que se amplían con cargo a baixas polo mesmo importe nas transferencias ao IGAPE. Consecuentemente, o IGAPE ve reducidos os seus ingresos e o gasto polo mesmo importe que a diminución das transferencias da Administración xeral.

Así, é a contabilidade financeira do IGAPE a que reflicte a provisión, e non a da Comunidade Autónoma, que é quen procede, no seu caso, ao pagamento dos falidos. A 31 de decembro de 2016 a provisión para avais que figura na contabilidade financeira do IGAPE ascende a 13,6 millóns de euros.

- O importe do endebedamento financeiro rexistrado na contabilidade financeira non coincide co endebedamento que recolle a memoria. A contía da débeda por emisión de valores que contén o balance é 1.860,04 millóns de euros maior que o importe do saldo vivo da emisión de obrigas segundo a Conta Xeral do endebedamento. Tampouco o importe das débedas con entidades de crédito, que figura rexistrada no balance por 818,61 millóns de euros, concilia co saldo vivo da débeda con entidades financeiras segundo a Conta Xeral do endebedamento, por importe de 6.204,76 millóns de euros.

Por outra parte, dentro das débedas a longo prazo do pasivo rexistrouse un importe de 3.627,58 millóns de euros na conta *Outras débedas*, sen que a Administración achegara documentación acreditativa das partidas rexistradas neste epígrafe.

- A débeda, da Administración xeral esixible a curto prazo alcanza a final de exercicio un importe de 1.158,17 millóns de euros, que corresponde na súa totalidade ao epígrafe *Acredores*. Neste epígrafe incorporáronse os rexistros da conta *409 Acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento*, por importe de 68,64 millóns de euros, correspondentes ás obrigas derivadas de gastos realizados ou bens e servizos recibidos para as que non se produciu a súa aplicación ao orzamento, sendo procedente. O epígrafe de acredores do balance non ten rexistrada a débeda contraída coa Administración do Estado como consecuencia das liquidacións negativas do sistema de financiamento correspondentes aos exercicios 2008 e 2009, que a 31.12.2016 ascende a 1.272,93 millóns de euros.

VI.6.2. CONTA DO RESULTADO ECONÓMICO-PATRIMONIAL

6.44. A conta do resultado económico-patrimonial (que se reproduce no Anexo XIV) presenta un desaforro de 399,10 millóns de euros, que coincide co resultado negativo do exercicio reflectido no pasivo do balance.

A contabilidade financeira da Administración xeral xérase de xeito automático co rexistro das operacións orzamentarias; polo tanto, como en exercicios anteriores, non se contabilizaron a maior parte das operacións que teñen transcendencia financeira pero non orzamentaria, excepto as amortizacións, que se contabilizan de xeito incorrecto. Tal e como se puxo de manifesto na análise do balance, as dotacións á amortización non reflicten adecuadamente a depreciación real dos activos no exercicio, xa que non se practican tendo en conta a natureza do ben, a vida útil dos diferentes elementos e o momento da súa entrada en funcionamento.





VII. ALEGACIONES



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA
Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981544170 Fax: 981544173
intervencionxeral@conselleriadeconomia.es




Asunto: Alegacións do Anteproxecto de informe de fiscalización da Conta Xeral da Administración, correspondente ao exercicio 2016

Achégolle as alegacións formuladas ao Anteproxecto de Informe de Fiscalización relativo á Conta Xeral da Administración, correspondente ao exercicio 2016.

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2018

A interventora xeral da Comunidade Autónoma.


Almudena Chacón Pichel

CONSELLEIRO DA ÁREA DE CONTA XERAL
CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA

**Conta Xeral
2016**

Alegacións ao Anteproxecto do Informe de Fiscalización

9 de maio de 2018



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981544170 Fax: 981544173
Intervencionxeral@conselleriadeconomia.es

galicia

INTRODUCCIÓN

O obxecto deste documento é a formulación de alegacións ao anteproxecto de informe do Consello de Contas de Galicia, de fiscalización da Conta Xeral da Administración, correspondente ao exercicio 2016.

A elaboración deste documento baséase nas observacións realizadas polas diferentes áreas afectadas polos contidos do anteproxecto de informe e ás que lle foi remitido previamente o contido do dito anteproxecto.

A redacción final do documento foi elaborada pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, respectando ao máximo posible as ditas observacións.

O formato escollido é o que se ven utilizando tradicionalmente, consistente na reprodución literal do punto do anteproxecto de informe ao que se manifesta un desacordo, seguida da alegación da Administración ao mesmo por entender que aporta unha maior claridade ás alegacións realizadas.

Como resultado do proceso anterior, e coa intención de que sexan tidas en conta polo Consello de Contas na redacción definitiva do informe, fórmulanse ás seguintes alegacións.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tf.: 981544170 Fax: 981544173
Intervencionxeral@conselleriadeconomia.es

galicia

- **OBSERVACIÓN:**

"2.3.3. Por outro lado, no exercicio 2016 non renderon contas 19 entidades públicas (5 sociedades públicas, 3 consorcios e 11 fundacións), así como os fondos de capital risco xestionados por Xesgalicia, e as tres fundacións para a investigación vinculadas aos centros hospitalarios do SERGAS."

(Páx. 16 do anteproxecto)

"4.6. (...) Tampouco renderon contas os fondos de capital risco xestionados por Xesgalicia."

(Páx. 34 do anteproxecto).

- **ALEGACIÓN**

As contas correspondentes aos fondos de capital risco foron presentadas polas entidades ante esta Intervención Xeral. Por erro non foron incluídas no seu momento ao elaborar a conta Xeral.

Este feito xa foi apreciado polo Consello de Contas no marco do informe económico-financiero das entidades instrumentais autonómicas do exercicio 2016. As ditas contas foron achegadas pola Intervención xeral da Comunidade Autónoma no trámite de alegacións ao dito informe.

- **OBSERVACIÓN:**

2.3.5. As contas da Administración xeral, organismos autónomos, axencias públicas autonómicas e os consorcios presentáronse de acordo co Plan xeral de contabilidade pública de Galicia, aprobado no ano 2001, que segue, non obstante, pendente dunha actualización ao novo plan xeral aprobado no ano 2010. En calquera caso, como consecuencia de que o sistema contable da Administración xeral da Xunta é basicamente orzamentario, a elaboración da documentación de carácter económico-patrimonial a partir daquel segue presentando deficiencias relevantes, reiteradamente sinaladas nos anteriores informes de fiscalización."



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tif: 981544170 Fax: 981544173
Intervenciónxeral@conselleriadefacenda.es



(Páx. 16-17 do anteproxecto)

"4.10. A calidade da información económica e financeira rendida tanto pola Administración xeral como polas entidades públicas está condicionada pola falta de actualización do marco contable que serve de base para a súa presentación."

(Páx. 37 do anteproxecto)

- **ALEGACIÓN**

Dende a Consellería de Facenda estase a traballar na elaboración e implantación dun novo Plan Xeral de Contabilidade Pública axustado ao Plan Xeral aprobado pola Administración do Estado do ano 2010, dando tamén cumprimento a proposta de resolución número 16 aprobada pola Comisión Permanente non Lexislativa para as Relacións co Consello de Contas na súa sesión do 27 de abril de 2017. Está previsto que as labores de elaboración do Plan conclúan ao longo do ano 2018.

- **OBSERVACIÓN:**

"As actuais esixencias derivadas da necesidade dun maior rigor no gasto e na información contable deste aconsellan unha intensificación do control interno coa extensión da función interventora ás distintas entidades públicas (organismos autónomos e axencias) do sector institucional. Porén, o réxime de control previsto para as novas axencias, que asumen parcelas de xestión ata agora en mans de órganos administrativos, non vai nesa dirección."

(Páx. 18 do anteproxecto)

- **ALEGACIÓN**

As axencias creadas ao abeiro da lei 18/2010 de Organización e Funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia, que asumen competencias ata ese momento xestionadas por órganos administrativos, manteñen como forma de control a que correspondía ao órgano administrativo ao que substitúen.

Q Así naquelas axencias que proceden directamente de extintas dirección



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981544170 Fax: 981544173
Intervenciónxeral@conselleriadeconomia.es

galicia

Así naquelas axencias que proceden directamente de extintas dirección xerais da administración xeral (nas que o réxime de control era a fiscalización) tense respectado este réxime de control. Isto acontece na Axencia Galega de Infraestruturas, na Axencia Galega de Servizos Sociais, na Axencia de Turismo de Galicia, na Axencia Galega de Modernización Tecnolóxica e na Axencia Galega de Innovación; e mesmo na Axencia Galega da Industria Forestal, creada no ano 2017.

No caso da Axencia Galega de Industrias Culturais mantense o réxime de control financeiro desde o momento da súa creación. No caso da Axencia para a Xestión e o Coñecemento en Saúde e a Axencia galega de Sangue, Órganos e Tecidos proceden fundamentalmente de entidades para as que estaba previsto o réxime de control financeiro permanente, réxime que se mantén.

Por último no caso da Axencia Tributaria de Galicia substituíuse o antigo réxime que combinaba a fiscalización do gasto e a toma de razón en contabilidade e control posterior dos ingresos, polo control financeiro permanente de ambos aspectos.

Solicítase polo tanto unha maior precisión do informe posto que non é certo que non se estea intensificando o réxime de control interno coa extensión da función interventora as distintas entidades públicas.

• **OBSERVACIÓN:**

"2.3.11. Respecto da execución do orzamento de ingresos, segundo o estado de liquidación do orzamento consolidado presentado na Conta Xeral os dereitos recoñecidos netos ascenden a 10.417 millóns de euros. Na Administración xeral os ingresos non financeiros experimentan neste exercicio un repunte do 0,61%. A liquidación presenta un grao de realización do 98,68%, ascendendo os dereitos recoñecidos totais a 10.139,77 millóns de euros, o que supón un aumento do 1,78% con relación ao exercicio anterior. "

2.3.12. Respecto da execución do orzamento de gastos, segundo os estados de liquidación incluídos na memoria da Conta Xeral as obrigas recoñecidas netas consolidadas ascenden a 10.154 millóns de euros."



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tif.: 981544170 Fax: 981544173
Intervencionxeral@conselleriadeconomia.es

galicia

(Páx. 20 do anteproxecto)

"2.3.14. O resultado orzamentario consolidado cos organismos autónomos e axencias presentado na Conta Xeral foi de -285 millóns de euros."

(Páx. 21 do anteproxecto)

"V.1.2. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO CONSOLIDADO."

(Páx. 44-46 do anteproxecto).

• ALEGACIÓN

Na memoria da conta Xeral do ano 2016 inclúense información sobre os estados consolidados. Ditos estados consolidados de ingresos (apartado 5.1. da memoria da Conta Xeral) e de gastos (apartado 6.1 da memoria da Conta Xeral) non inclúen o importe dos ingresos e dos gastos, respectivamente, financiados polo FEAGA.

Incorpóranse a estas alegacións, como anexo I os cadros de ingresos e de gastos engadindo os ingresos procedentes do FEAGA e os gastos financiados con FEAGA.

Dende a Intervención Xeral, e como resposta a unha petición do Consello de Contas para a revisión dos datos da execución consolidada de ingresos, enviouse soamente por erro o cadro de ingresos consolidado que incluía os ingresos financiados polo FEAGA. Porén non se lles remitiu o cadro de gastos consolidados incluíndo os gastos financiados polo FEAGA.

Salientase como o saldo orzamentario incluíndo e non incluíndo o FEAGA é practicamente o mesmo, posto que o importe executado como gasto financiado con FEAGA é obxecto dunha total certificación e polo tanto o gasto coincide co ingreso, de tal xeito que o déficit en termos de Contabilidade nacional non se modifica. Tampouco á regra de gasto por canto os gastos financiados con fondos europeos, FEAGA neste caso, exclúense do computo.

En calquera caso realizarase a oportuna corrección de erros da Conta Xeral do ano 2016 que se remitirá ao Consello de Contas.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tif.: 981544170 Fax: 981544173
Intervencionxeral@conselleriadefacenda.es

galicia

- **OBSERVACIÓN:**

"2.3.21. Os compromisos futuros encóntranse infravalorados pola infraestimación dos compromisos coa empresa AUDASA pola supresión da peaxe, xa que de novo as previsións resultaron ser inferiores ao gasto realmente producido."

(Páx. 25 do anteproxecto)

- **ALEGACIÓN**

As previsións de compromisos futuros responden aos estudos técnicos e económicos elaborados no seu momento. O feito de que nun ano as previsións quedáranse curtas resultando o gasto previsto do exercicio inferior ao realizado non parece por si mesmo suficiente para anular a validez de todas as previsións realizadas.

- **OBSERVACIÓN:**

"RECOMENDACIÓN

3.1. En relación coas medidas adoptadas pola Comunidade Autónoma para o cumprimento das recomendacións formuladas no Informe de fiscalización do exercicio 2015, ponse de manifesto que, en xeral, non se apreciaron avances salientables, polo que, á vista do seu insuficiente grao de implantación, van ser reiteradas no presente informe."

(Páx. 25 do anteproxecto)

- **ALEGACIÓN**

A Intervención Xeral e o Consello de Contas teñen iniciado, no marco da Comisión Mixta (creada en cumprimento do disposto na Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas), unhas actuacións de seguimento das recomendacións realizadas polo Consello de Contas no seu informe.

En datas recentes foi remitido pola Intervención Xeral un documento elaborado especificamente sobre estas recomendacións.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tif: 981544170 Fax: 981544173
intervencionxeral@conselleriadeconomia.es

galicia

Entendese polo tanto que o inicio e desenvolvemento destas actuacións constitúe xa un avance salientable que permite afondar na implantación práctica das recomendacións realizadas polo consello de Contas.

• **OBSERVACIÓN:**

“RECOMENDACIÓN

3.2. Faise necesario que por parte da Administración se aborde con urxencia unha reforma e actualización do marco normativo en materia económica, orzamentaria e contable, que inclúa a delimitación das entidades que integran o perímetro orzamentario e da Conta Xeral, a formación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma, e a regulación dos procesos de consolidación das contas destas entidades; e tamén a aprobación dun novo Plan de contabilidade pública da Comunidade Autónoma que cumpra co proceso de harmonización contable.

No marco destas modificacións normativas, sería aconsellable incorporar a destinada ao adianto do prazo da rendición da Conta Xeral.”

(Páx. 27 do anteproxecto)

• **ALEGACIÓN**

Tal como foi posto en documentos anteriores da IXCA, esta administración entende que é preciso abordar a reforma e actualización do marco normativo en materia económica, orzamentaria e contable, que inclúa a aprobación dun novo plan de contabilidade pública da Comunidade Autónoma que cumpra co proceso de harmonización contable das normas internacionais aplicables á contabilidade do sector público. Así como as directrices necesarias para poder acadar unha visión consolidada das contas do sector público autonómico. Como xa foi posto de manifesto, estímase que ao longo de 2018 pode estar aprobado un novo Plan de Contabilidade Pública de Galicia, que é unha das pezas fundamentais na reforma normativa recomendada polo consello de Contas.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981544170 Fax: 981544173
Intervencionxeral@conselleriadeconomia.es

galicia

En relación ao adianto do prazo da rendición da Conta Xeral compre recordar que o prazo actual responde a unha recente modificación legal (Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas) aprobada polo Parlamento de Galicia, e que xa supuxo un adianto respecto ao prazo fixado pola normativa anterior.

- **OBSERVACIÓN**

“ RECOMENDACIÓN

3.3. En aras ao cumprimento do principio de transparencia da actividade pública, recoméndase unha revisión profunda da memoria da Conta Xeral, incorporando información sobre todos aqueles aspectos previstos na normativa de aprobación, e en especial: ...b) da execución de beneficios fiscais;...”

(Páx. 27 do anteproxecto)

V.2.5 BENEFICIOS FISCAIS

“5.21. Se ben na memoria que se xunta ao proxecto de orzamentos para o ano 2016 existen avances na información facilitada, segue constatándose a carencia dunha xustificación que avale o establecemento e mantemento dos beneficios fiscais, e que asocie cada beneficio a unhas determinadas políticas de gasto, así como uns indicadores ou obxectivos que permitan avaliar a súa eficacia e eficiencia dun xeito continuado no tempo.

(Páx. 60 do anteproxecto)

- **ALEGACIÓN FORMULADA POLA AXENCIA TRIBUTARIA GALEGA**

Dende a ATRIGA traballouse no senso de acoller as recomendacións feitas, polo Consello de Contas, no referente á inclusión na Conta Xeral dunha liquidación dos beneficios fiscais aplicados no exercicio e fixéronse as adaptacións oportunas no sistema de xestión tributaria que permiten obter de xeito fiable esta información, co obxectivo de poder avaliar o impacto das medidas tributarias aprobadas se ben a determinación dos indicadores e obxectivos non corresponden en todos os casos a

**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE FACENDA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tif.: 981544170 Fax: 981544173
intervencionxeral@conselleriadeconomia.es

galicia

esta axencia senón ao órgano competente por razón da materia. Deste xeito, na memoria que se xunta ó proxecto de orzamentos para o ano 2016 consta a devandita xustificación do establecemento e mantemento dos beneficios fiscais, como por outra banda se recoñece no Anteproxecto de informe de fiscalización da conta Xeral da Administración para o exercicio 2016 que se remite para observacións. Concretamente no apartado V.2.5, parágrafo terceiro se sinala: "No proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma para 2016 consta unha memoria explicativa da cuantificación destes beneficios fiscais. Esta estimación contempla tanto os beneficios fiscais aprobados pola normativa estatal como os acordados pola Comunidade Autónoma no exercicio da súa capacidade normativa(...)"

- **OBSERVACIÓN:**

"RECOMENDACIÓN

3.6. De cara ás incorporacións de créditos finalistas, recoméndase coidar que o desfase temporal entre o recoñecemento do dereito e a obriga a financiar non poña en dificultade o seu financiamento por utilizar os dereitos finalistas para outras aplicacións diferentes ás que estean dirixidos. Neste sentido, o proxecto de orzamentos debería contar cunha dotación de crédito suficiente destinada a dar cobertura ás incorporacións de fondos propios libres co obxectivo de non afectar á distribución de créditos prevista. "

(Páx. 28 do anteproxecto)

- **ALEGACIÓN FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS**

As diferencias entre o exercicio orzamentario e o ciclo de xestión de algúns proxectos de gasto non coincidentes co ano natural existen dende que xorde a institución do orzamento público e o principio de anualidade, de feito é parte da propia xestión anual afacer os créditos ao ritmo temporal da execución, non sempre coincidente, lembrando que o orzamento constitúe a expresión conxunta cifrada e sistemática das obrigas que como máximo se poden recoñecer nun ano (...), por tanto as necesidades de crédito



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981544170 Fax: 981544173
Intervenciónxeral@conselleriadeconomia.es



para encaixar as contías comprometidas e non executadas do exercicio anterior e que queden ao peche do corrente haberán de enxugarse coas correspondentes modificacións cando o crédito inicial non sexa abondo.

Estamos, por tanto, totalmente en contra de orzamentar bolsas de fondos propios para cofinanciar incorporacións de fondos non executadas, como semella recomendar o informe, por ser a porta para unha execución desordenada e atemporal da execución de proxectos cofinanciados con fondos europeos e, ademais, por ser contrarias a un proceso de orzamentación de cara a resultados como o que tenta desenvolver, con moito esforzo, a Xunta de Galicia.

- **OBSERVACIÓN:**

“RECOMENDACIÓN

“3.8. O principio de transparencia esixe que tanto o proxecto como a liquidación orzamentaria inclúan información suficiente e adecuada respecto ás diferenzas entre o orzamento e as contas en termos de contabilidade nacional, así como os axustes necesarios para a súa conciliación co fin de verificar o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.”

(Páx. 28 do anteproxecto)

- **ALEGACIÓN**

A información que se proporciona en termos de contabilidade nacional ten unha natureza diferente, primando o aspecto estatístico sobre o contable. Os seus principios veñen marcados por EUROSTAT, sendo a IGAE o órgano encargado de realizar a agregación da información relativa ao sector público de España. A diferenza do que sucede coa información de natureza contable (orzamentaria e financeira), a información da contabilidade nacional pode ser revisada con posterioridade (mesmo varios exercicios despois) do peche de cada exercicio. Este funcionamento supón que os datos que, sobre un exercicio determinado, se elaboren nun momento dado poden



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tif: 981544170 Fax: 981544173
Intervencionxeral@conselleriadeconomia.es

galicia

sufrir variacións posteriormente. Por esta circunstancia os datos poden ser cambiantes no tempo.

Nos orzamentos recóllese esta obriga nun apartado específico "Orzamento en termos de contabilidade nacional", no que se ten en conta os axustes positivos e negativos que se estima experimentarán os ingresos e os gastos pola aplicación dos criterios SEC-95, obtendo así o límite de gasto non financeiro en termos de contabilidade nacional.

No que atinxe á liquidación do orzamento, esta Administración ven incorporando como parte da Memoria resumo da Conta Xeral o cadro elaborado pola IGAE en relación á Comunidade Autónoma de Galicia, que inclúe a información suficiente e adecuada respecto ás diferenzas que se producen entre o orzamento e as contas en termos de contabilidade nacional, así como os axustes necesarios para a súa conciliación.

O informe completo que elabora a IGAE remítese ao Consello de Contas cando o solicita. Esta é a información que está en poder da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma xa que non lle corresponde a este centro directivo o cálculo definitivo dos ditos axustes.

- **OBSERVACIÓN:**

"RECOMENDACIÓN

3.9. Na liña das recomendacións anteriores, insístease na necesidade de incorporar un sistema completo de seguimento dos gastos con financiamento afectado, que permita coñecer de xeito fiable as desviacións de financiamento producidas no exercicio e as acumuladas desde o inicio dos proxectos de gasto."

(Páx. 28 do anteproxecto)

- **ALEGACIÓN**

O sistema contable xa incorpora a información necesaria para coñecer de xeito fiable as desviacións de financiamento producidas no exercicio ademais esta información se



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981544170 Fax: 981544173
Intervencionxeral@conselleriadefacenda.es



elabora pola Intervención xeral e se envía como información adicional ao Consello de Contas.

• **OBSERVACIÓN:**

“Tódalas entidades incluídas no ámbito orzamentario da Comunidade Autónoma aparecen integradas na Conta Xeral. O consorcio local dos Peares aparece integrado na Conta Xeral pero non no ámbito orzamentario da Comunidade Autónoma.”

(Páx. 31 do anteproxecto)

• **ALEGACIÓN:**

O consorcio dos Peares pasou a estar adscrito á Xunta de Galicia durante o exercicio 2016. Nos Orzamentos da Comunidade Autónoma do exercicio 2018 aparece como parte do ámbito orzamentario.

• **OBSERVACIÓN:**

“Tendo en conta os datos das entidades inventariadas polo MINHAC (108), así como os criterios da LOFAXGA para delimitar o sector público autonómico (83), podemos dicir que na actualidade a Conta Xeral comprende todas as entidades dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia (71), coa excepción de:

- entidades que non presentan actividade (Turgalicia e Consorcio Oncolóxico de Galicia)*
- entidades que non teñen a condición de residentes (Fundación Galicia-Saúde e Fundación Galicia-América)*
- entidades que se teñen incluído recentemente no ámbito do SEC (as tres fundacións de investigación sanitaria: Fundación Ramón Domínguez; Fundación Profesor Novoa Santos; e Fundación Biomédica Galicia-Sur)*
- entidades nas que a participación pública é maioritaria aínda que a da Xunta de Galicia non supera o 50% (dúas sociedades públicas: Sotavento e Meisa; e catro fundacións: Sotavento, Aqua Querquenaís, Rosalía de Castro e IFEVI)*



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tif.: 981544170 Fax: 981544173
intervencionxeral@conselleriadeconomia.es

galicia

Estas entidades deben integrarse nos orzamentos futuros e na Conta Xeral ou, cando menos, débense arbitrar medidas de transparencia e de control sobre a súa actividade económico-financeira."

(Páx 31 do anteproxecto)

• **ALEGACIÓN**

Segundo o artigo 48 do TRLRFOG incluíranse nos orzamentos xerais da Comunidade, entre outros:

"1. Os orzamentos de explotación e de capital das sociedades mercantís do artigo 12 de esta lei e de aquelas nas que concorran os requisitos determinados por el SEC para integrarse no sector da administración pública autonómica de Galicia.

2. Os orzamentos de explotación e de capital das fundacións do sector público autonómico nas que concorran os requisitos determinados polo Sistema Europeo de Contas para integrarse no sector da administración pública autonómica de Galicia."

As sociedades Sotavento e MEISA non reúnen os requisitos previstos na LOFAXGA para considerarse sociedades mercantís autonómicas. E ademais tampouco se integran no sector da administración autonómica ao non cumprir os requisitos previstos no SEC 2010. Polo tanto, ningunha destas dúas sociedades cumpre os requisitos do artigo 48 para incluírse nos orzamentos.

As fundacións Galicia América, Sotavento e IFEVI non teñen a consideración de Administración Pública segundo o SEC e polo tanto non teñen que incluírse no orzamento.

As fundacións Galicia Saúde, Rosalía de Castro e as tres fundacións de investigación sanitaria están pendentes de calificación, de xeito que no ano 2016 aínda non poden considerarse sector Administración Pública en termos do SEC 2010, e polo tanto tampouco teñen que incluírse nos orzamentos.

Pola súa banda o Consorcio Oncolóxico de Galicia non ten actividade no ano 2016.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981544170 Fax: 981544173
intervenciónxeral@conselleriadefacenda.es



• **OBSERVACIÓN:**

“O grao de cobertura desde plan de control financeiro sen incluír por tanto a administración xeral abarcou o 77% do total das entidades do sector público autonómico que integran a Conta Xeral”

“Cadro 6: Actuación de control 2016.”

(Páx 36 do anteproxecto)

• **ALEGACIÓN**

Dende a IXCA remitiuse o listado inicial das actuacións de control previstas no plan de 2017, que logo foi modificado suprimíndose una entidade que aínda non comezara a funcionar como axencia no exercicio 2016, e tampouco se incluíron no listado tres entidades máis das que se prevía a realización de auditoría de contas nun plan anterior. Dita modificación non foi comunicada ao Consello de Contas.

En total fíxose auditoría das contas anuais do ano 2016 de 19 entidades (3 recollidas no plan de control de 2017 e 3 recollidas no plan de control do ano 2016). Solicitase a corrección do cadro número 6 de xeito que recolla 19 auditorías de contas e un total de 57 entidades controladas.

Ademais no anteproxecto de informe recóllese como o grao de cobertura do plan de control financeiro abarcou o 77% do total das entidades (55 controladas dun total de 71 entidades na Conta Xeral excluída a Administración Xeral). Porén neste análise falta por excluír os 8 organismos autónomos, sobre os que o réxime de control é a función interventora e polo tanto deberían excluírse do calculo ao igual que o propio Consello exclúe a Administración xeral e engadirse o control do SERGAS para o que está previsto un plan de control financeiro específico.

En consecuencia o número total de entidades obxecto de actuacións de control financeiro durante o ano 2016 é de 58 entidades. Deste xeito o grao de cobertura é dun 92% (58 entidades controladas dun total de 63 entidades non sometidas a fiscalización).



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tif.: 981544170 Fax: 981544173
intervencionxeral@conselleriadeacenda.es



Polo tanto non se realizan actuacións de control sobre a anualidade 2016 sobre fundacións que por criterios de risco audítanse cada dous anos conforme a estratexia plurianual de control.

- **OBSERVACIÓN:**

"Por último, tamén resulta necesaria información consolidada das magnitudes dos compromisos de gastos con cargo a exercicios futuros do conxunto das entidades que integran o sector público autonómico, xa que a memoria límitase a mostrar as contías dos compromisos futuros da Administración Xeral"

(Páx. 39 do anteproxecto)

- **ALEGACIÓN**

Na memoria da Conta Xeral inclúese información relativa aos compromisos futuros de todas as entidades con orzamento de gastos limitativo que forman parte do perímetro de consolidación (Administración Xeral, Organismos Autónomos, Axencias Públicas e Entidades instrumentais de consulta e Asesoramento). Para estas entidades no caso de que non figuren datos de compromisos futuros é porque efectivamente non existen compromisos de gastos en exercicios posteriores contabilizados.

- **OBSERVACIÓN:**

"No portal de transparencia da Xunta ... Non figura o plan económico-financeiro 2017-2018 aprobado pola Comunidade Autónoma..."

(Páx. 40 do anteproxecto)

- **ALEGACIÓN FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS**

O plan económico financeiro 2017-2018, elaborado co gallo da superación da regra de gasto no exercicio 2016, foi informado favorablemente no Consello de Política Fiscal e Financeira de 27 de xullo de 2017, e como tal foi incorporado á páxina web do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tif.: 981544170 Fax: 981544173
intervencionxeral@conselleriadefacenda.es



<http://www.minhafp.gob.es/es->

[ES/CDI/Paginas/EstabilidadPresupuestaria/InformacionCCAAs/PEFCCAA2017.aspx](http://www.minhafp.gob.es/es-ES/CDI/Paginas/EstabilidadPresupuestaria/InformacionCCAAs/PEFCCAA2017.aspx)

Nese mesmo mes foi informado positivamente pola autoridade independente de responsabilidade fiscal, informe que figura na páxina web do antedito órgano independente.

<http://www.airef.es/documents/10181/524602/Galicia/b071a71a-2889-43a9-a673-0453d5b79b94>

Un problema co enlace coa web do ministerio retrasou a aparición do devandito plan na web da consellería e de transparencia da Comunidade Autónoma. En todo caso, se de algo non adoece o plan, é de publicidade e transparencia, á vista dos anteriores datos que deberían matizar o parágrafo quinto do punto 4.11 para reflectir fielmente a realidade.

<http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/orzamentos/orzamentos/plan-economico-financeiro>

• **OBSERVACIÓN:**

"No exercicio fiscalizado publicáronse as seguintes convocatorias de subvencións tendentes ao fomento da igualdade e a loita contra a violencia de xénero:"

(Páx. 42-43 do anteproxecto)

• **ALEGACIÓN FORMULADA POLA SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE**

Co obxecto de completar a información propónse a inclusión das convocatorias que se citan a continuación que non aparecen no anteproxecto, algunhas delas son resolucións do ano 2015, porque se tramitaron polo procedemento de tramitación anticipada do gasto, pero correspondentes á convocatoria 2016, ano obxecto da fiscalización:

- Resolución do 28 de decembro de 2015, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as axudas para a realización, polas



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tif.: 081544170 Fax: 081544173
Intervencionxeral@conselleriadeconomia.es

galicia

asociacións de nais e pais do alumnado, nos centros educativos de Galicia sostidos con fondos públicos, de programas de actividades complementarias e extraescolares que teñan como fin facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE), con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o curso escolar 2015/16.

- Resolución do 18 de decembro de 2015, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de proxectos de atención integral dirixidos a persoas en situación de explotación sexual, preferentemente inmigrantes, e/ou vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e/ou laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciada polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016.

- Resolución do 21 de decembro de 2015, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras que rexerán as subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para programas dirixidos a mulleres en situación de especial vulnerabilidade cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020, e se procede a súa convocatoria para o ano 2016.

- Resolución do 27 de abril de 2016, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de programas de inserción laboral dirixidos a mulleres en situación de violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para os anos 2016 e 2017.

- Resolución do 5 de abril de 2016, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se regulan as bases para a concesión das axudas establecidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981544170 Fax: 981544173
intervencionxeral@conselleriadeconomia.es



prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016.

- **OBSERVACIÓN:**

"...Fondo social europeo, aínda que este ano é significativo o descenso nun 83,31% dos dereitos recoñecidos nesta partida con relación ao exercicio anterior, así como a escasa porcentaxe do índice de liquidación."

(Páx. 54 do anteproxecto)

"a) Fondos europeos... Estes fondos son obxecto dun informe específico por parte deste Consello. Presentan un importante descenso de 134 millóns de euros (o que supón un 27,11%) respecto do exercicio anterior, como consecuencia principalmente das significativas reducións no FEDER e FEADER con respecto ao ano 2015."

(Páx. 55 do anteproxecto)

- **ALEGACIÓN**

Entendemos que non son comparables os dereitos recoñecidos no exercicio 2015 cos do exercicio 2016, posto que no exercicio 2015 prodúcese un feito relevante como é o peche do marco 2007-2013. A isto hai que engadir que o inicio do novo marco viuse afectado pola dilación na negociación da súa aprobación, feito recoñecido nese outro informe específico ao que o propio anteproxecto fai referencia.

- **OBSERVACIÓN:**

"Dentro dos activos financeiros, as partidas máis significativas son a devolución dos préstamos concedidos ao persoal (15,62 millóns de euros)."

(Páx. 56 do anteproxecto)



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tif. 981544170 Fax: 981544173
Intervencionxeral@conselleriadeconomia.es

galicia

- **ALEGACIÓN**

A devolución dos préstamos concedidos por importe de 15,62 millóns de euros non se corresponden a préstamos ao persoal, senón a préstamos concedidos ao sector público, como se reflicte no propio cadro 21: Ingresos financeiros 2016, da mesma páxina.

- **OBSERVACIÓN:**

“RECOMENDACIÓN

3.4. Recoméndase a adopción de medidas legislativas e de control parlamentario que limiten o uso excesivo do programa 621B Imprevistos e funcións non clasificadas.”

(Páx. 27 do anteproxecto)

3.5. As necesidades atendidas co Fondo de continxencia deben responder estritamente ao carácter de imprevistas e non discrecionais, como esixe a LOEOSF. Con esta finalidade, sería recomendable determinar normativamente os supostos de aplicación e a súa dotación anual.”

(Páx. 28 do anteproxecto)

“V. LIQUIDACIÓN ORZAMENTARIA”

- **ALEGACIÓN FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS.**

Primeiro .- Consideracións iniciais.

Os traballos de control e auditoría alén dun cadro no que se compare o cadro macro previsto co realizado, deberían partir dun análise de contexto económico e financeiro no que se desenvolve o proceso de execución orzamentaria.

Isto é así porque a xestión financeira en escenarios de crise económica ou política (ausencia goberno central) como os vividos nos últimos anos condiciona fortemente o proceso de toma de decisións e execución orzamentaria, por elo, o mesmo feito non



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tif.: 981544170 Fax: 981544173
Intervenciónxeral@conselleriadeconomia.es

galicia

pode dar lugar á mesma conclusión en diferentes contextos (vg. Sobre o referido uso excesivo das modificacións orzamentarias nun ano no que se muda o obxectivo de estabilidade en medio do exercicio, de xeito especial cando a muda é para posibilitar máis capacidade de endebedamento, e, por tanto, máis investimentos que apoien a recuperación económica e o emprego).

Os obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública e da regra de gasto para o exercicio 2016 establecéronse ab initio por Acuerdo de Consejo de Ministros de 10 de julio de 2015, sendo estes os recollidos inicialmente na lei de orzamentos da Comunidade Autónoma.

No entanto, en agosto de 2016, o Consello da UE mudou a senda de consolidación ao ampliar os obxectivos intermedios de déficit global que permiten a corrección do déficit excesivo para o conxunto das Administracións Públicas, establecendo uns obxectivos de déficit do 4,6% do PIB para 2016, 3,1% do PIB para 2017 e 2,2% do PIB para 2018.

Nesa data o Goberno do España estaba en funcións, co que o acordo do Consello de Política Fiscal e Financeira de 2015 era o único compromiso que autoriza un obxectivo de déficit a cada Comunidade Autónoma, se ben había un acordo do CPFF de maio cun novo obxectivo de estabilidade máis laxo (0,7% do PIB, é dicir un 0,4% por enriba do inicialmente fixado, en liña con plan orzamentario plurianual remitido á Comisión Europea).

Unha vez investido o Presidente e nomeado o goberno do Estado, con data 1 de decembro voltase a producir acordo Consello de Política Fiscal e con data 22 de decembro se autoriza o obxectivo de cada Comunidade Autónoma, entre elas Galicia, no 0,7 % previsto. (Pleno 94 do CPFF).

A Xunta de Galicia decide aproveitar a marxe adicional en canto se acorda no CPFF a modificación do obxectivo xeral para poder impulsar novos investimentos, sempre garantindo o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, xa que a consolidación da incipiente recuperación da economía e do emprego da Comunidade Autónoma requirían o urxente emprego deses recursos adicionais.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981544170 Fax: 981544173
Intervenciónxeral@conselleriadeconomia.es

galicia

2.- Análise da Recomendación 3.4.

No capítulo V do orzamento de gastos figuran tres aplicacións diferenciadas que obedecen a diferentes funcións e finalidades:

23.02.621B.500- Fondo de continxencia de execución orzamentaria.

23.02.621B.520- Outros imprevistos

23.02.621B.530. Fondo de recuperación retributiva.

- O fondo de continxencia de execución orzamentaria, regúlase polo artigo 55 bis do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e artigo 7 da Lei 7/2016, do 1 de xullo, polo que se aproba unha retribución de carácter extraordinario para os empregados do sector público autonómico de Galicia, en concepto de recuperación dos importes deixados de percibir de acordo coa Lei 2/2013, de 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2013. Este fondo utilizouse exclusivamente para as finalidades especificadas en ditas normas.
- Fondo de recuperación retributiva: É un fondo extraordinario creado ao abeiro do disposición adicional décimo cuarta da lei de orzamentos da comunidade autónoma para 2016, adicado a atender os pagos dimanantes do 49,73 % dos importes efectivamente deixados de percibir da recuperación da paga extraordinaria e adicional de decembro de 2012, por aplicación do mencionado Real decreto lei 20/2012.
- Outros imprevistos: esta aplicación empregase como fondo de manobra a finais de cada exercicio para canalizar os remanentes de crédito non executados a 31 de decembro e aplicalos a partidas de gasto (normalmente ampliables) con desviacións sobre as previsións de gasto e o crédito que as soporta posibilitando un pago máis acelerado das mesmas, ademais de xeito extraordinario recollen recursos adicionais do sistema de financiamento/capacidade de endebedamento superiores a os previstos



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981544170 Fax: 981544173
Intervenciónxeral@conselleriadefacenda.es



inicialmente no orzamento, así no 2016 dotouse con xeracións de crédito por importe de 203.379.224,46 €, correspondentes a:

1.- Xeración de crédito por importe de 160.000.000 €, baseada no artigo 37.dous f) da Lei 12/2015, do 24 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o 2016 que establece que a posición neta debedora poderá ser revisada polos importes adicionais que se amparen nos acordos do Consello de Política Fiscal e Financeira en materia de endebedamento.

Esta modificación realizouse para aproveitar a marxe adicional unha vez modificados os obxectivos de estabilidade orzamentaria, tal e como xa se explicou no apartado primeiro desta alegación.

En relación con iso, debe indicarse que o orzamento inicial do capítulo IX ascendeu a 1.644.798.773 €, sendo os dereitos recoñecidos de 1.880.434.922,43 €, o que significa un incremento de 235.636.149,43 € no que estaría comprendido o aumento da posición neta debedora da Comunidade Autónoma prevista no artigo 37. Dous f) da Lei 12/2015, de 24 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016, no que se permite o incremento polas modificacións resultantes que deriven de acordos do Consello de Política Fiscal e Financeira.

Polo tanto entendemos que si hai un compromiso de ingreso que nos permite xerar crédito.

Tendo en conta o anterior, co obxecto de poder dispor desa maior capacidade, procedeuse a tramitar unha xeración de crédito no capítulo V da sección 23, para a súa posterior reasignación, con destino a un plan extraordinario de investimentos.

De non realizar esta operación de xeración de crédito, non sería posible executar esta maior capacidade de endebedamento.

2.- Xeracións de crédito por importe de 43.379.224,46 €, fundamentadas no artigo 5j) da Lei 12/2015, do 24 de decembro, de orzamentos xerais da



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981544170 Fax: 981544173
intervencionxeral@conselleriadefacenda.es

galicia

Comunidade Autónoma para 2016, que autoriza á persoa titular da Consellería de Facenda para xerar crédito no programa 621B "imprevistos e funcións non clasificadas", por un importe igual á diferenza que poida existir entre a liquidación definitiva de exercicios anteriores correspondentes aos distintos mecanismos financeiros do sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e a estimada no estado de ingresos de dito concepto".

As Xeracións de crédito por importe de 43.379.224,46 €, fundamentadas no artigo 5j) da Lei 12/2015, do 24 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2016, que autoriza á persoa titular da Consellería de Facenda para xerar crédito no programa 621B "imprevistos e funcións non clasificadas", por un importe igual á diferenza que poida existir entre a liquidación definitiva de exercicios anteriores correspondentes aos distintos mecanismos financeiros do sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e a estimada no estado de ingresos de dito concepto".

Con data 18 de xullo de 2016, recibense tres ingresos do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, correspondentes ás liquidacións de 2014, por un importe de 413.129.039,46 €, superiores ás comunicadas no mes de outubro do exercicio anterior que eran as que lucían nos orzamentos de ingresos, 363.197.250,00 €, en 49.931.789,46 €.

3.- Por outra banda, ao final do exercicio se tramitaron transferencias das dotacións non utilizadas nos distintos capítulos do orzamento de gastos por unha contía de 227.591.194,39€.

Os anteriores recursos permitiron financiar transferencias de crédito por importe de 115.014.682,21 €.

Por outra banda no programa 621B realizáronse baixas crédito por 298.667.030,20 €.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981544170 Fax: 981544173
Intervenciónxeral@conselleriadeconomia.es



A utilización do programa se detalla no apartado específico destinado ao programa 621B.

As incorporacións de crédito financiadas con cargo ao resultado do exercicio corresponden as realizadas con destino ao Fondo de Garantía de Avais, por un importe de 10.929.856,71 €.

Estas incorporacións se financiaron con cargo ás inexecucións en distintos capítulos de gasto. Concretamente, neste mesmo concepto a fin de ano, existía un remanente non executado por importe de 8.987.122,67€. En base ao histórico de execución sobre vixente, resulta evidente que existe unha ampla folgura para financiar esta incorporación sen afectar ao cumprimento do obxectivo de estabilidade.

3.- Análise da Recomendación 3.5.

O fondo de continxencia empregouse para atender necesidades especificamente habilitadas pola lei de orzamentos do exercicio. De seguido detállanse as disposicións realizadas do mesmo e a motivación das mesmas, que podemos clasificar en dous grupos:

1 Expediente TR-23-005-16 financiamento de gastos de funcionamento dos partidos políticos, para facer fronte á contía establecida no artigo 33 da lei 9/2015, do 7 de agosto, de financiamento das formacións políticas, xa que a cantidade non se coñecía no intre de elaborar os orzamentos.

2 Expedientes TR-23-011-16, TR 23-012-16 e TR 23-015-16, a disposición transitoria segunda da lei de orzamentos para 2016 remata indicando que no exercicio 2016 poderá empregarse con carácter excepcional "(...) para financiar os axustes no capítulo IV que precisa a disposición adicional decimocuarta da presente lei" e dicir para completar as transferencias de financiamento cando sexa preciso para atender á recuperación retributiva dos entes instrumentais.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tif. 981544170 Fax: 981544173
intervencionxeral@conselleriadeconomia.es

galicia

- **OBSERVACIÓN:**

" V.3.1. MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS "

(Páx. 61 do Anteproxecto).

- **ALEGACIÓN FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS.**

Neste punto compre reafirmar o compromiso de rebaixar substancialmente o número de modificacións limitándoas as precisas para atender a necesidades xurdidas durante o ano en curso que non poden esperar ao orzamento seguinte e adecuación dos créditos iniciais a procedementos de xestión non coincidentes co ano natural.

Novamente para situar en contexto a evolución das modificacións orzamentarias resulta preciso sinalar que estamos perante un exercicio extraordinario dende o punto de vista orzamentario, no que houbo unha muda de obxectivo de estabilidade financeira a mediados de exercicio, feito que necesariamente ten impacto no número e volume das modificacións orzamentarias.

- **OBSERVACIÓN:**

"Nos expedientes de modificacións orzamentarias examinados obsérvase que, en numerosas ocasións, ou ben non se realiza unha adecuada valoración dos obxectivos."

(Páx. 62 do Anteproxecto).

- **ALEGACIÓN FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS.**

Estamos de acordo con que o requisito normativo debe ser atendido con datos de máis calidade cando se afirma que non afecta aos obxectivos establecidos.

Porén, respecto do indicado nas últimas liñas do parágrafo, tendo en conta a pretendida limitación das modificacións orzamentarias sinalada no punto anterior, na medida que o orzamento relevante é o inicial, o aprobado polo Parlamento de Galicia,



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tif.: 981544170 Fax: 981544173
intervencionxeral@conselleriadeconomia.es



tanto os indicadores financeiros como os operativos a ter en conta para o seguimento do desempeño das políticas de gasto deben ser os iniciais. Nos indicadores de resultado a medio prazo do PEG 2015-2020 apenas ten impacto a modificación dos obxectivos a mediados dun exercicio dimanantes dunha modificación orzamentaria.

- **OBSERVACIÓN:**

"5.23.2 Respecto da clasificación económica, tal e como se pon de manifesto no cadro seguinte, o efecto neto das modificacións incrementa principalmente o gasto corrente (90%), e en menor medida o gasto financeiro (8%) e o gasto de capital. En contraposición ao exercicio anterior, incrementáanse os créditos do Fondo de continxencia, que ao final do exercicio superan aos créditos iniciais en 4,6 millóns de euros. O incremento máis significativo prodúcese no capítulo de transferencias correntes pola incidencia das ampliacións de crédito."

(Páx. 62-63 do Anteproxecto).

- **ALEGACIÓN FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS.**

O feito da revisión do obxectivo de estabilidade é o que dá lugar a un aumento do programa de imprevistos e funcións non clasificadas para recoller o aumento de crédito ao que habilita a revisión da posición neta debedora dimanante de esa decisión. Se o informe recollera tal circunstancia extraordinaria quedaría explicada a sinalada evolución do incorrectamente denominado na páxina 63 "fondo de continxencia".

- **OBSERVACIÓN:**

"...na liquidación orzamentaria os dereitos netos recoñecidos tan so superan as previsións iniciais en 102,22 millóns de euros."

(Páx. 64 do Anteproxecto).



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981544170 Fax: 981544173
Intervenciónxeral@conselleriadeconomia.es



• **ALEGACIÓN FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE
PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS.**

A este respecto a nosa opinión é que non se pode reflectir unha análise tan lixeira sobre o financiamento das modificacións orzamentarias, en primeiro lugar porque o propio texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, permite as xeracións de crédito derivadas de compromisos firmes de ingreso.

Pero sobre todo, esta afirmación xeral sen unha avaliación máis polo miúdo da orixe dos dereitos recoñecidos netos leva a conclusión errónea que recolle o informe; xa que dentro dos dereitos recoñecidos netos figuran os maiores ingresos por endebedamento neto, e por maiores recursos dos previstos inicialmente (máis FEAGA 161,6 millóns de euros, e máis liquidación do sistema de financiamento 50 millóns de euros); por tanto estaban axeitadamente financiadas as modificacións orzamentarias financiadas con maiores recursos, a diferenza entre previsións vixentes de ingresos e dereitos recoñecidos (que a afirmación do informe netea fomentando unha análise incorrecta) é que o que non se executan son outros ingresos (maiormente operacións financiadas con fondos europeos que non se chegan a certificar), sen que en ningún caso isto afecte ao obxectivo de estabilidade orzamentaria final.

• **OBSERVACIÓN:**

"...a falta de concreción dos recursos que van amparar as incorporacións... O artigo 64 do TRLRFOG só contempla como fontes de financiamento as retencións noutros créditos, os maiores recursos a obter, o remanente de tesourería, o endebedamento dentro dos límites autorizados, ou outras formas de financiamento que non entrañen déficit, ao que as leis anuais de orzamentos engaden as baixas de crédito. A alusión á inexecución ao final do exercicio como fonte de financiamento apártase da normativa orzamentaria aludida."

(Páx. 64 do Anteproxecto).



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981544170 Fax: 981544173
intervencionxeral@conselleriadeconomia.es



• **ALEGACIÓN FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS.**

A alusión á inexecución ao final do exercicio ten pleno encaixe ao noso entender dentro das “outras formas de financiamento que non entrañen déficit”. Ademais, de novo non se relativiza o acceso puntual e non material a esta forma de financiamento, que, en todo caso non pon en risco o cumprimento das regras fiscais. (O recurso a esta forma de financiamento foi de 16,8 millóns de euros, o seu reducido tamaño respecto ao orzamento consolidado 8.644 millóns de euros executados ou fronte ao PIB, apenas é significativo.)

• **OBSERVACIÓN:**

“ atendendo aos efectos que producen as transferencias de crédito sobre a distribución da clasificación económica. Advírtese un fluxo dos créditos dos distintos capítulos de gasto, principalmente de capital, cara ao fondo de continxencia (100 millóns de euros”.

(Páx. 67 do Anteproxecto).

• **ALEGACIÓN FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS.**

Entendemos que compre sinalar ao respecto que, o fondo de continxencia como tal é o previsto na aplicación 23.02.621B.500, dotado neste exercicio con 10.420.000,00 €, e disposto na súa totalidade.

Este fondo utilizouse de acordo co previsto no artigo 55 bis do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e na disposición transitoria segunda da lei 12/2015, do 24 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2016.

Posteriormente o emprego do fondo de imprevistos para dotar de créditos os ampliables con remanentes non executados, non se pode interpretar como unha alteración da distribución económica, senón ao emprego como fondo de manobra para



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tif.: 981544170 Fax: 981544173
intervencionxeral@conselleriadeconomia.es



vehicular unha non execución ao peche de exercicio de algunhas partidas, para posibilitar o financiamento de gastos ampliables nos que xa se ten incorrido, como así se fai.

Que se empreguen a finais de exercicio para financiar gastos ampliables nos que xa se ten incorrido e que están rexistrados na conta 413 de acredores por operacións orzamentarias, simplemente permite dar soporte crediticio ás devanditas obrigas de pago, e acelerar o seu pago, pero o gasto financiado xa estaba realizado.

• **OBSERVACIÓN:**

"O artigo 8.Un da Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma para 2016 dispón que non se tramiten expedientes de transferencias de crédito que atinxan os capítulos VI e VII cando deles derive un incremento de gasto corrente, con determinadas excepcións enumeradas no mesmo. Aínda que a translación non é directa, a través do programa 621B Imprevistos e funcións non clasificadas estanse diminuindo os créditos dos capítulos VI e VII para incrementar o gasto corrente."

(Páx. 68 do Anteproxecto).

• **ALEGACIÓN FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS.**

Entendemos que se reitera o inadecuado plantexamento sinalado no parágrafo anterior, os créditos que se dotan a través destas transferencias corresponden a partidas de gasto de carácter recorrente e necesarias a fin de exercicio, de non tramitarse estas modificacións quedarían sen atender ou pendentes de pagamento necesidades de gasto ineludibles.

Debe indicarse ademais que, de acordo co artigo 68.3 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, as limitacións das modificacións non afectan ás transferencias de crédito que se refiran ao programa 621B.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981544170 Fax: 981544173
intervenciónxeral@conselleriadeconomia.es



- **OBSERVACIÓN:**

" En contra do disposto no artigo 8.Tres.c) da Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma para 2016, que non permite diminuír os créditos consignados no programa 312D Servizos sociais de atención ás persoas dependentes"

(Páx. 68 do Anteproxecto).

- **ALEGACIÓN FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS.**

As transferencias ás que se refire o informe realizáronse con destino ao programa de imprevistos e funcións non clasificadas, ao que non lle afectan as limitacións a que se refire o artigo 8 da lei de orzamentos e, por outro lado, tramitáronse ao peche do exercicio, cando xa se coñecía o importe exacto da execución do programa 312D, e, polo tanto, sabíase o seu remanente de fondos propios, e non se produce, polo tanto, desvío de gasto algún.

Como no caso anterior, os saldos de crédito existentes nestas partidas, a fin de exercicio, utilizouse para financiar créditos ampliáveis e outras insuficiencias que era preciso atender ao peche de exercicio.

- **OBSERVACIÓN:**

" O artigo 8.Tres.d) da Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma para 2016 dispón que non se poderán tramitar transferencias de crédito do capítulo VIII..."

(Páx. 68 do Anteproxecto).

- **ALEGACIÓN FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS.**

O remanente de crédito por importe de 883.078,66 € que figuraba a fin de ano non se utilizou, por tanto non se financia nada con capítulo VIII.

Debe indicarse, tal e como se fai nos apartados anteriores, que de acordo co artigo 68.3 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, as



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981544170 Fax: 981544173
intervencionxeral@conselleriadeconomia.es

galicia

limitacións das modificacións non afectan as transferencias de crédito que afecten ao programa 621B.

• **OBSERVACIÓN:**

...“tramítase unha ampliación de crédito no capítulo VIII para exercer os dereitos de subscripción da ampliación de capital proxectada pola sociedade Gas Galicia Sociedad para el Desarrollo de Gas S.A, e para exercer o dereito preferente sobre as accións doutro accionista que ten a vontade de transmitir. Compre salientar que nin no TRLRFOG nin na Lei de Orzamentos para o 2016, contemplan como ampliables os créditos do capítulo VIII”.

(Páx. 69 do Anteproxecto).

• **ALEGACIÓN FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS.**

Esta ampliación de crédito tramitouse ao abeiro do artigo 64.1g), do TRLRFOG, e fundamentase no acordo de colaboración subscrito entre a Axencia Galega de Innovación e a Consellería de Facenda para :

1. Exercer o dereito de subscripción preferente de 10.755 accións por un importe total de 602.409,06 € da sociedade Gas Galicia Sociedad para el Desarrollo del Gas, S.A. (322.650 euros de valor nominal e 279.759,06 euros de prima de emisión).
2. Exercer o dereito de adquisición preferente das participación que Abanca Corporación Industrial y Empresarial, S.L. ten na sociedade Gas Galicia Sociedad para el Desarrollo del Gas, S.A. dada a vontade de esta de transmitir a totalidade das súas accións por importe de 3.546.664,42 euros.

• **OBSERVACIÓN:**

” No expedientes AM-11-006-16 tramítase unha ampliación de crédito con cargo a maiores recursos dos previstos, constando a autorización do conselleiro de Facenda,



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981544170 Fax: 981544173
Intervenciónxeral@conselleriadeconomia.es

galicia

pero non o resto da documentación que debe integrar o expediente. De acordo coa resolución. Incrementábase os créditos destinados ao Sergas para atender gasto farmacéutico en 75,2 millóns de euros. A financiación desta ampliación baseada na modificación da posición neta debedora polo Consello de Política Fiscal e Financeira, que pasou do 0,3 % do PIB ao 0,7 %, no cal queda unha marxe por importe de 68.647.435 euros, e nos maiores ingresos derivados da liquidación definitiva do sistema de financiamento polo importe restante (6,5 millóns de euros). Falta no expediente o informe da Intervención Xeral, porén reproducimos as conclusións deste mesmo centro fiscal para outras modificacións realizadas con cargo á capacidade de endebedamento, sinalando a estes efectos que o incremento da capacidade de endebedamento por si so non xustifica unha ampliación de crédito. a falta de ingresos efectivos ou dereitos recoñecidos vinculados a esta ampliación de crédito cuestiona a adecuación da súa aprobación".

(Páx. 69-70 do Anteproxecto).

• ALEGACIÓN FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS.

Os créditos correspondentes a farmacia hospitalaria e receitas médicas teñen carácter ampliable, segundo se dispón no artigo 7 da Lei de orzamentos, así como a transferencia de financiamento que o financia, solicitándose por parte da Consellería de Sanidade unha ampliación de crédito por importe de 75.200.000 €, para atender ditos gastos, para atender gastos de natureza imprescindible que resultaba preciso atender dentro do exercicio.

Entre as formas de financiamento previstas no artigo 64.2 do TRLRFOG, figuran as empregadas neste expediente: Maior endebedamento, dentro dos límites autorizados e maiores recursos. Ambos requisitos se compren neste expediente.

Este expediente forma parte dunha solicitude máis ampla de 100.000.000,00 €, no que consta informe da intervención delegada. (AM 11-006-16 e TR 23-020-16).



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tif.: 981544170 Fax: 981544173
Intervencionxeral@conselleriadefacenda.es



- **OBSERVACIÓN:**

“...fai albergar dúbidas sobre a posibilidade de financiamento da totalidade daquelas incorporacións...”

(Páx. 71 do Anteproxecto).

- **ALEGACIÓN FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS.**

Creemos que non cabe dúbida sobre a posibilidade de incorporar os fondos europeos e FCI, dado que trata de gastos que non se certificaron e polo tanto o dereito non está recoñecido.

A estes efectos cómpre ter en conta que as incorporacións de crédito correspondentes a fondos finalistas deben realizarse obrigatoriamente, xa sexa para completar a súa execución ou cando proceda a devolución ao ministerio de orixe do remanente non executado.

Respecto do FCI, estamos a establecer liñas de actuación nos mesmos para poder facer un mellor seguimento dos mesmos, vinculando o código de proxecto da Xunta e o que figura na sección 33 dos orzamentos do Estado.

- **OBSERVACIÓN:**

“...persisten incorporacións de crédito sen unha xustificación razoable para a non utilización do crédito a incorporar dentro do propio exercicio, ...”

(Páx. 71 do Anteproxecto).

- **ALEGACIÓN FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS.**

Cómpre ter en conta que na súa gran maioría os expedientes de incorporación de créditos corresponden a ingresos afectados, así, unha parte moi importante das incorporacións de crédito (as correspondentes a fondos europeos e FCI) tramítáronse de forma automática, ao amparo do previsto na Orde da Consellería de Economía e



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tif.: 981544170 Fax: 981544173
Intervencionxeral@conselleriadefacenda.es



Facenda, do 20 de decembro de 2007, pola que se estableceu o procedemento para a incorporación automática dos remanentes de crédito de exercicios anteriores, polo que non pode figurar unha xustificación da razón pola que non se executaron.

• **OBSERVACIÓN:**

"Con cargo a créditos financiados con fondos propios da Comunidade Autónoma aprobáronse incorporacións por importe de 24,75 millóns de euros."

(Páx. 71 do Anteproxecto).

• **ALEGACIÓN**

En canto ás incorporacións de crédito de fondos propios, por importe de 24,75 millóns de Euros, corresponden a :

- Créditos financiados con cargo ao Fondo de compensación ambiental.

Dito fondo se regula no capítulo II do título III da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se crea o canon eólico e o Fondo de compensación ambiental.

No artigo 24 da citada Lei establece que o Fondo de compensación ambiental financiarase cos ingresos obtidos do canon eólico, deducidos os gastos de xestión. Trátase polo tanto dun ingreso de financiamento afectado. A incorporación do remanente afectado ascendeu a 7.752.674,22 €. En expediente de referencia BC-23-029-16 tramitouse baixa de crédito por dito importe que financia tal incorporación.

Crédito correspondente ao Fondo de atención derivado do artigo 4 da lei 12/1995, o artigo 5.b) da Lei 12/2015, do 24 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016, faculta á persoa titular da consellería de Facenda para incorporar os créditos que non acadasen a fase de recoñecemento de obriga en cada exercicio, do fondo de reserva constituído consonte ao establecido no artigo 4 da Lei 12/1995, do 29 de decembro, pola que se aproba o imposto sobre a contaminación atmosférica.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981544170 Fax: 981544173
intervencionxeral@conselleriadeconomia.es

galicia

O importe incorporado ascendeu a 6.010.121,09 €, no mesmo expediente tramitouse unha baixa polo mesmo importe na aplicación 23.02.621B.520.

- Créditos correspondentes ao fondo de garantía de avais. As incorporacións realizadas ascenderon a un total de 10.929.856,71 €, o financiamento destas incorporacións realizouse con cargo ás inexecucións existentes ao fin de exercicio. De feito na mesma aplicación existiu un remanente non executado por importe de 8.987.122,67 €, polo que as incorporacións de crédito non poñen en risco o equilibrio orzamentario.

En relación con estas dúas alegacións, tendo en conta as recomendacións contidas no informe, compre sinalar que desde a Xunta de Galicia estamos a impulsar as actuacións pertinentes de cara ao establecemento de novos procedementos que permitan mellorar a identificación e o seguimento dos remanentes de tesourería afectados en exercicios orzamentarios futuros.

- **OBSERVACIÓN:**

Xeracións de créditos por ingreso

(Páxs. 72-74 do Anteproxecto).

- **ALEGACIÓN FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS.**

En todos os expedientes de xeración de crédito faise constar a súa fonte de financiamento e sempre se realizan por importes non previstos no orzamento inicial, quedando garantida a non duplicidade de ingresos.

O artigo 69 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, permite a xeración de crédito, ademais de con cargo a dereitos recoñecidos e ingresos efectivos, con cargo a compromisos firmes de ingresos.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981544170 Fax: 981544173
intervenciónxeral@conselleriadeconomia.es



- **OBSERVACIÓN:**

"O expediente XC-23-001-16 incorpora 160 millóns de euros."

(Páx. 73 do Anteproxecto).

- **ALEGACIÓN FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS.**

Neste expediente tramitouse unha xeración de crédito por importe de 160.000.000 €, fundamentada na posibilidade de incrementar o endebedamento neto da Comunidade Autónoma pasando do 0,3 % do PIB ao 0,7% , tal como consta nos acordos do Consello de Política Fiscal e Financeira, co obxecto de aproveitar a maior capacidade de gasto da Comunidade Autónoma e atender investimentos nas consellarías.

O artigo 37.un da Lei 12/2015, do 24 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o 2016, establécese que a posición neta debedora da Comunidade Autónoma poderá incrementarse durante o 2016 nunha contía máxima equivalente ao 0,3% do PIB.

O artigo 37.dous f) de dita lei establece que a posición neta debedora poderá ser revisada polos importes adicionais que se amparen nos acordos do Consello de Política Fiscal e Financeira en materia de endebedamento.

O Pleno 94 do Consello de Política Fiscal e Financeira, aprobou fixar o obxectivo de déficit para a Comunidade Autónoma de Galicia, para o presente exercicio no 0,7%, é dicir un 0,4% por enriba do inicialmente fixado.

Tendo en conta o anterior, procedeuse a tramitar unha xeración de crédito no capítulo 5 da sección 23, para a súa posterior adscrición, con destino a un plan extraordinario de investimentos.

- **OBSERVACIÓN:**

"O expediente XC-13-003-16 xustifícase no aboamento das axudas correspondentes a primas gandeiras que son financiadas polo FEAGA e xestionadas polo FOGGA. Na



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981544170 Fax: 981544173
Intervencionxeral@conselleriadeconomia.es

galicia

medida en que este Consello ven mantendo o carácter extraorxamentario destes fondos tamén procede, pola mesma razón, cuestionar a procedencia destas xeracións."

(Páx. 73 do Anteproxecto).

• ALEGACIÓN FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS.

A estes efectos cómpre ter en conta que dende esta dirección xeral considerouse a recomendación do Consello de Contas, e as actuacións financiadas con FEAGA correspondentes a primas gandeiras son excluídas do orzamento a partir do exercicio 2018. En tanto sexan recollidas no perímetro orzamental entendemos que a referida xeración é correcta, pertinente e válida.

É máis, orzamentanse pola contía recollida no exercicio anterior para non desvirtuar o peso das diferentes políticas de gasto na comparativa co exercicio anterior e a diferenza é obxecto de xeración en cada exercicio.

• OBSERVACIÓN:

XC-06-001-16; XC-06-011-16 e XC-04-003-16

(Páx. 74 do Anteproxecto).

• ALEGACIÓN FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS.

Faise referencia a varias xeracións de crédito con destino a incrementar o capítulo VIII e baseadas no artigo 37.dous da Lei de Orzamentos. Indícase que non queda acreditado os ingresos no capítulo IX.

No expediente figurou informe favorable da intervención delegada.

O citado artigo 37. Dous da Lei 12/2015, establece que a posición neta debedora quedará automaticamente revisada nas contías necesarias para financiar as adquisicións de activos financeiros con destino a suxeitos non comprendidos na



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981544170 Fax: 981544173
intervencionxeral@conselleriadeconomia.es



alínea 1b) do artigo 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, que poidan xurdir ao longo do exercicio.

En relación con iso, debe indicarse que o orzamento inicial do capítulo IX ascendeu a 1.644.798.773 €, sendo os dereitos recoñecidos de 1.880.434.922,43 €, o que significa un incremento de 235.636.149,43 € no que estaría comprendido o aumento da posición neta debedora da Comunidade Autónoma prevista no artigo 37. Dous f) da Lei 12/2015, de 24 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016, no que se permite o incremento polas modificacións resultantes que deriven de acordos do Consello de Política Fiscal e Financeira.

• **OBSERVACIÓN:**

"En canto á utilización deste fondo a través das transferencias TR-23-011-16, TR-23-012-16 e TR-23-015-16, realízase ao abeiro do artigo 7 da Lei 7/2016, do 1 de xullo, que aproba unha retribución de carácter extraordinario para os empregados do sector público autonómico. Porén, o que se dispón na citada lei para a articulación das medidas adoptadas instruméntase mediante a aprobación dun crédito extraordinario e non dunha transferencia de crédito."

(Páx. 77 do Anteproxecto).

• **ALEGACIÓN FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS.**

No artigo 7 da citada lei establece que o financiamento do crédito extraordinario realizarase con cargo aos remanentes de crédito en proxección do o capítulo I e os fondos de continxencia aos que se refire a disposición transitoria segunda da Lei 12/2015, do 24 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2016.

Nos expedientes de referencia, transferíronse directamente ás aplicacións afectadas os créditos necesarios dende o fondo de continxencia.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tif.: 981544170 Fax: 981544173
Intervenciónxeral@conselleriadefacenda.es

galicia

- **OBSERVACIÓN.**

“Mediante o expediente TR-23-034-16 traspásase o saldo de 3,81 millóns de euros cara ao concepto 500 Fondo de continxencia. O traspaso entre os dous fondos non se axusta ao establecido no artigo 55 bis do TRLRFOG e obedece unicamente a facilitar a disposición de ditos fondos sometendo os créditos a una normativa menos restritiva.”

(Páx. 77 do Anteproxecto).

- **ALEGACIÓN FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN E ORZAMENTOS.**

Esta dirección xeral non comparte o criterio do Consello de Contas, a transferencia realizouse ao amparo do acordo do Consello da Xunta de Galicia de 29 de decembro de 2016, polo que se autorizaba o traspaso á aplicación 23.02.621B.520, os remanentes de fondos non comprometidos correspondentes a fondos propios.

- **OBSERVACIÓN.**

Cadro 68 “Pagamentos pendentes mais significativos”

(Páx. 109 do Anteproxecto).

- **ALEGACIÓN**

Os datos que reflicte o cadro 68 “Pagamentos pendentes mais significativos” corresponden ao exercicio 2015, dado que foron enviados por erro por esta Intervención xeral.

Xuntase no anexo II os cadros cos importes pendentes de pagamento a 31 de decembro de 2016 con entidades dependentes da Xunta de Galicia, e incluídas no perímetro de consolidación orzamentario.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tif.: 981544170 Fax: 981544173
Intervenciónxeral@conselleriadefacenda.es



- **OBSERVACIÓN.**

“Non obstante, detéctase unha diferenza de 0,57 millóns de euros ao non coincidir o saldo reflectido na memoria da Conta Xeral co que figura no maior do estado de acredores non orzamentarios (192,77 millóns de euros), sen que esta diferenza –ao igual que en anos anteriores– fora conciliada pola Administración.”

Páx. 110 do Anteproxecto).

- **ALEGACIÓN**

Nos estados maiores de operación extraorxamentarias existe como agregación separada un grupo específico de conceptos para recoller as operacións extraorxamentarias por IVE (grupo 7).

O saldo de 192,77 millóns que figura na memoria é a suma dos saldos correspondentes ao estado de acredores non orzamentarios e ao estado das operacións por IVE (0,57 millóns).

Como se indica que isto xa aconteceu en anos anteriores, e dende este centro directivo quérese facer constar que no trámite de alegacións ao anteproxecto de informe da Conta Xeral do exercicio 2015 a diferenza foi conciliada, sen que se tivera modificado o anteproxecto nin se realizara réplica algunha á alegación presentada.

- **OBSERVACIÓN:**

“VI.3. CONTA DE TESOURERÍA”

(Páx. 112-115 do anteproxecto).

- **ALEGACIÓN FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA FINANCEIRA, TESOURO E FONDOS EUROPEOS.**

Na actualidade esta dirección xeral está traballando na elaborando unha Orde na que se regula o funcionamento e xestión das contas bancarias e os fondos integrantes da Tesourería, na que se recolle os distintos tipos de contas, procedemento a seguir para a súa apertura e cancelación, funcionamento e réxime de control. Así mesmo nesta



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981544170 Fax: 981544173
intervenciónxeral@conselleriadeconomia.es

galicia

mesma orde, vaise regular o Rexistro de Contas autorizadas, establecendo o eu funcionamento e a información que debe conter.

A previsión é que antes de finalizar o ano 2018 esta orde estea en vigor.

- **OBSERVACIÓN:**

"VI.4.2. Cumprimento do obxectivo de débeda e da autorización parlamentaria da VPND."

(Páx. 118-121 do anteproxecto).

- **ALEGACIÓN FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA FINANCEIRA, TESOURO E FONDOS EUROPEOS.**

Entendemos que o Informe sobre o grao de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, de débeda pública e regra do gasto do exercicio 2016, do 15 de abril de 2017, contén un erro ao incluír un importe de -23 millóns de euros na columna relativa aos mecanismos adicionais de financiación.

O Informe sobre o grao de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, de débeda pública e regra do gasto do exercicio 2016, do 13 de outubro de 2017, corrixe o mencionado erro, de xeito que o importe máximo de débeda incrementase de 10.905 a 10.930 millóns de euros, o que permite cumprir co obxectivo de débeda con maior folgura.

Entendemos que resulta máis razoable que a análise detallada do obxectivo de débeda se realice atendendo ao segundo informe, dado que, ademais de corrixir un erro, ten un carácter definitivo, fronte o carácter provisional do primeiro informe.

Deste xeito, o importe que figura no punto 5 do cadro 78 correspondente ao marxe sobre o obxectivo de débeda autorizado para 2016 debería ser de 63 millóns de euros, de acordo ao 2º Informe MINHAP.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981544170 Fax: 981544173
intervencionxeral@conselleriadefacenda.es



- **OBSERVACIÓN.**

IV.4.4 SUSTENTABILIDADE DO ENDEBEDAMENTO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA

(Páx. 124 do anteproxecto)

- **ALEGACIÓN FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA FINANCEIRA, TESOURO E FONDOS EUROPEOS.**

Consideramos que para realizar unha análise sobre a sostibilidade da débeda debería considerarse múltiples variables que entrar en xogo e deben ser tidas en conta para analizar a sostibilidade, entendida esta como a capacidade da entidade emisora para o cumprimento das obrigas derivadas da débeda.

Neste sentido a Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, emitiu en marzo de 2018 un informe relativo á sostibilidade que considera 14 variables que agrupa en 5 factores ou dimensións principais (nivel de endebedamento, condicións económicas, fluxo de endebedamento, capacidade de repagamento e espazo tributario) e que establece 5 niveis de risco agregado para a sostibilidade (de baixo a moi alto). Este informe conclúe que o risco da Comunidade Autónoma de Galicia é lixeiramente baixo, o que reflexa unha mellor posición relativa fronte á media das CCAA, tal e como reflexa o seguinte cadro:




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tif.: 981544170 Fax: 981544173
intervencionxeral@conselleriadeconomia.es

galicia



<http://www.airef.es/observatorio-de-deuda>

• **OBSERVACIÓN:**

"...debido ao efecto da adhesión da Comunidade Autónoma á Facidade Financeira (FF) do Estado e a subscripción dun préstamo co ICO de 1.545 millóns de euros. No exercicio da fiscalización continúa a tendencia iniciada no 2014 e 2015 do incremento paulatino do peso dos préstamos que por primeira vez superan amplamente o 50% do endebedamento total, froito da adhesión á FF do Estado e a subscripción dun novo préstamo ICO de 1.855,3 millóns de euros."

(Páx. 128 do anteproxecto)

• **ALEGACIÓN FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA FINANCEIRA, TESOURO E FONDOS EUROPEOS.**

Os importes formalizados en 2015 e 2016 respectivamente foron 1.542,5 e 1.862,68 millóns de euros e os importes efectivamente desembolsados en 2015 e 2016 respectivamente foron 1.504,8 e 1.816,2 millóns de euros.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981544170 Fax: 981544173
intervencionxeral@conselleriadefacenda.es



- **OBSERVACIÓN:**

"... a partir do cal o tipo aplicable estímase no 0,842% anual."

(Páx. 130 do anteproxecto)

- **ALEGACIÓN FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA FINANCEIRA, TESOURO E FONDOS EUROPEOS.**

No punto 6.26 indícase que o tipo de xuro da operación 1+16 (préstamos Facidade Financeira 2016) aplicable a partir do 31 de xaneiro de 2016 estímase nun 0,842%.

Actualmente o tipo aplicable xa é definitivo e é do 0,396%.

- **OBSERVACIÓN:**

"6.30. Ao longo do exercicio 2016 producíronse os seguintes avais fallidos:

Cadro 85: Avais fallidos no exercicio 2016. (Euros)."

(Páx. 133 do anteproxecto)

- **ALEGACIÓN FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA FINANCEIRA, TESOURO E FONDOS EUROPEOS.**

Non é correcto o sinalado en relación cos fallidos, xa que non se produciron fallidos por importe de 3.433.600,05 €, senón que este é o importe dos fallidos pagados no exercicio 2016, como consta na información achegada por esta Dirección xeral.

A redacción correcta deste apartado sería: *No exercicio 2016 producíronse os seguintes pagamentos de avais fallidos.*

- **OBSERVACIÓN:**

"En relación con estes avais, tense solicitado á Dirección Xeral de Tributos o inicio dos correspondentes expedientes de regreso,..."

(Páx. 133 do anteproxecto)



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981544170 Fax: 981544173
Intervenciónxeral@conselleriadeconomia.es

galicia

- **ALEGACIÓN FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA FINANCEIRA, TESOIRO E FONDOS EUROPEOS.**

En lugar de Dirección Xeral de Tributos debe constar ATRIGA, Axencia Tributaria de Galicia, á cal solicitamos o inicio dos correspondentes expedientes de regreso en 2016.

- **OBSERVACIÓN:**

“...para situarse no exercicio fiscalizado nun volume de 13,6 millóns de euros”, o que representa unha diminución con respecto ao exercicio anterior dun 50,7%.”

(Páx. 138 do anteproxecto).

- **ALEGACIÓN FORMULADA POLO INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA.**

As provisións no exercicio fiscalizado sitúanse nun volume de 23,6 millóns de euros, o que representa unha diminución con respecto ao exercicio anterior dun 14,5 %.

- **OBSERVACIÓN:**

6.36. Os compromisos contabilizados no estado de futuros para facer fronte ás devolucións dos capitais recibidos en préstamo (10.012,74 millóns de euros) non coinciden coa débeda viva a 31 de decembro de 2015 incluída na Conta Xeral (9.966,27 millóns). A diferenza (46,5 millóns) explícase pola diferenza na contabilización dun préstamo do Instituto de crédito oficial (ICO), xa que na débeda viva recóllese o importe efectivamente desembolsado a 31 de decembro de 2016 (1.816,2 millóns), mentres que no estado de futuros recóllese o importe asignado no contrato (1.862,7 millóns).

(Páx. 140 do anteproxecto)



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981544170 Fax: 981544173
intervencionxeral@conselleriadefacenda.es



- **ALEGACIÓN FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA FINANCEIRA, TESOURO E FONDOS EUROPEOS.**

Unha vez coñecidas as condicións financeiras definitivas da operación formalizada co ICO en 2016, que se fixaron definitivamente en 2017 de acordo ao previsto contractualmente, realizáronse os axustes contables oportunos, de tal xeito que dende maio de 2017 os compromisos contabilizados no estado e futuros coinciden co importe efectivamente desembolsado.

- **OBSERVACIÓN:**

VI.5 COMPROMISOS DE GATOS CON CARGO A EJERCICIOS FUTUROS

"No referido á contabilización dos pagamentos que a Administración deberá realizar ás concesionarias das autovías construídas polo sistema de peaxe na sombra, considérase que os compromisos deberían contabilizarse polo valor actual á data de peche do exercicio sen incluír a inflación futura, actualizando ao mesmo tempo ano tras ano o valor correspondente ao exercicio seguinte segundo as previsións de inflación dese ano. As cantidades anteriores deben actualizarse anualmente en función dos resultados de tráfico de anos anteriores e da información dispoñible baixo un criterio prudente. Desta forma, a Administración tería cubertos para cada exercicio os gastos polo uso das infraestruturas."

(Páx. 141 do anteproxecto)

- **ALEGACIÓN FORMULADA POLA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS.**

A consideración do Consello de Contas de aplicarse a actualización das tarifas cada ano unicamente ao exercicio económico seguinte, implicaría, por exemplo, que no exercicio 2020 revisárase a anualidade do ano 2021 para expresar o seu montante en moeda dese exercicio pero o resto de anualidades do contrato figurarían expresadas en euros do ano 2018 (partindo de compromisos contabilizados na actualidade). Esta metodoloxía carece de alcance a efectos comparativos.

**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE FACENDA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Gaetano
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981544170 Fax: 981544173
intervencionxeral@conselleriadeconomia.es**galicia**

A aplicación do criterio de prudencia esixe revisar as estimacións de acordo coa información relevante e actualizada tal e como se procedeu nas revisións contractuais de referencia tramitadas no ano 2014, sen que isto signifique que non poden producirse desviacións respecto de dúas variables que non son controladas pola Administración nin polo contratista (demanda e inflación).

- **OBSERVACIÓN:**

"Por outra parte, a AXI, en coherencia coa contabilidade nacional, contabiliza estes gastos dentro do capítulo VI por tratarse de infraestruturas autonómicas. Sen embargo, para non ofrecer unha imaxe sobredimensionada dos investimentos da Administración, non se debería rexistrar neste capítulo a parte do canon que se corresponda con gastos financeiros, que se deberían contabilizar no capítulo III, e tampouco con gastos de conservación e mantemento, que se deberían imputar ao capítulo II en función da parte da cota destinada a aboar o custo de mantemento. Recoñecendo a complexidade da aplicación no capítulo III dos gastos financeiros, a Administración debería incluír na memoria información que permitira diferenciar de forma aproximada a parte que corresponde a investimento real e a que se corresponde coa carga financeira orixinada polo aprazamento do pago."

(Páx. 141-142 do anteproxecto)

- **ALEGACIÓN FORMULADA POLA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS.**

A Axencia Galega de Infraestruturas contabilizou os compromisos de gasto relativos aos contratos de concesión no capítulo VI dos seus investimentos atendendo á natureza principal do gasto, segundo os criterios de contabilidade presupuestaria.

A diferenciación do canon de demanda como retribución por amortización da inversión (capítulo 6), gastos de explotación (capítulo 2) e carga financeira (capítulo 3) responde a unha distinción do gasto privado do concesionario que non coincide coa tarifa (gasto público/ingreso privado), polo que non se considera a efectos de contabilidade presupuestaria.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981544170 Fax: 981544173
Intervenciónxeral@conselleriadeconomia.es



• **OBSERVACIÓN:**

"En relación cos pagamentos pola peaxe suprimida nos tramos do Morrazo e A Barcala da autoestrada AP-9, o Consello de Contas ten advertido en informes anteriores que os compromisos consignados estanse a manifestar claramente insuficientes, tal e como se reflicte no seguinte cadro:

Cadro 91: Compromisos futuros. Supresión peaxe AP-9. (Euros)

Tráfico (pagado no exercicio seguinte)	Previsto	Real*	Diferenza
2006	2.977.360	2.556.490	420.870
2007	3.250.680	4.673.076	-1.422.396
2008	3.549.090	4.768.281	-1.219.192
2009	3.874.900	5.151.860	-1.276.960
2010	4.090.930	4.562.806	-471.876
2011	4.319.000	5.817.585	-1.498.585
2012	5.039.780	5.697.902	-1.138.122
2013	5.702.231	6.081.894	-379.663
2014	6.041.222	6.320.692	-279.470
2015	5.301.771	6.461.534	-1.159.76
2016	5.301.771	6.481.313	-1.179.542

Obsérvase que as previsións de compromisos futuros rexistrados nos anos 2007 a 2016 resultaron inferiores ao gasto realmente producido. Polo tanto, a Administración debería revisar e axustar os compromisos plurianuais á execución real deste gasto en función dos resultados do tráfico de anos anteriores e da información dispoñible cara ao futuro."

(Páx.142 do anteproxecto).

• **ALEGACIÓN FORMULADA POLA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS.**

Con data do 22 de maio de 2006, asinou se o convenio de colaboración entre a Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e Autopistas do Atlántico, Concesionaria Española, Sociedade Anónima, polo que se modifican determinados termos da concesión para a construción, conservación e explotación da autopista do

**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE FACENDA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981544170 Fax: 981544173
Intervencionxeral@conselleriadeconomia.es**galicia**

Atlántico, AP-9, que ostenta a dita sociedade, para que esta última deixe de cobrar aos usuarios a peaxe correspondente polos percorridos: Morrazo- Vigo, e A Coruña- A Barcala e inversos.

Na súa cláusula quinta establecíase que a Xunta de Galicia, dentro de cada exercicio económico, incluíría con cargo aos seus orzamentos xerais as contías dos pagos que debería de satisfacer a Audasa no exercicio seguinte.

Mediante o Real Decreto 803/2017, de 28 de xullo, polo que se modifica o "Convenio entre la Administración General del Estado, la Xunta de Galicia y Autopistas del Atlántico, Concesionaria Española, Sociedad Anónima, aprobado por Real Decreto 633/2006, de 19 de mayo", (BOE 29/07/2017), a retribución a Audasa pola supresión do cobro da peaxe contemplada no convenio orixinal pasa a ser asumida na súa totalidade pola Administración Xeral do Estado mediante a realización dos correspondentes pagos ata o 18 de agosto de 2048, final do prazo da concesión da autoestrada AP-9.

- **OBSERVACIÓN:**

"ANEXO VIII. OPERACIÓNS DE ENDEBEDAMENTO VIXENTES A 31.12.2016

Cadro relativo a préstamos."

(Páx. 168 do anteproxecto)

- **ALEGACIÓN**

O cadro relativo a préstamos amosa un saldo vivo da operación 2+15 de 1.504.793.804,93€. Este foi o importe efectivamente desembolsado en 2015 (correspóndese á operación de Facilitade Financeira de 2015), pero en xaneiro e febreiro de 2016 produxéronse novos desembolsos por un importe total de 62.610.245,52€. Deste xeito, o saldo vivo desta operación a 31 de decembro de 2016 foi de 1.567.404.050,45€ e a débeda viva total ascendeu a 9.966.269.855,30, tal e como figura na Conta de Endebedamento da Comunidade Autónoma correspondente



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE FACENDA

Intervención Xeral da Comunidade Autónoma

Edificio Administrativo San Caetano
15781 Santiago de Compostela
Tif.: 981544170 Fax: 981544173
Intervenciónxeral@conselleriadefacenda.es



ao exercicio 2016, rendida pola Dirección Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos.

- **OBSERVACIÓN:**

"ANEXO X. AVAIS FORMALIZADOS E EFECTIVOS A 31.12.2016"

(Páx. 171-173 do anteproxecto)

- **ALEGACIÓN**

A D.X. de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos non é a fonte deste anexo, indicar que a fonte da información é o IGAPE (organismo a quen lle corresponde a concesión e formalización dos avais).



ANEXO I

Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma. Exercicio 2016

EXECUCIÓN DO ORZAMENTO INGRESOS POR CAPÍTULOS CONSOLIDADO. EJERCICIO 2016

CAPÍTULO	PREVISIONS DEFINITIVAS	DEREITOS RECONOCIDOS	RECADACIÓN LÍQUIDA
1	2.194.296	2.261.776	2.242.819
2	3.242.789	3.222.196	3.212.469
3	178.752	177.122	140.940
4	2.443.696	2.374.820	2.357.852
5	16.060	19.123	18.154
TOTAL INGRESOS CORRENTE	8.075.605	8.055.036	7.972.234
6	13.000	8.209	6.969
7	786.540	437.104	384.447
TOTAL INGRESOS CAPITAL	799.540	445.313	391.416
TOTAL INGRESOS NON FINANCIEROS	8.875.144	8.500.349	8.363.650
8	32.426	34.807	23.747
9	1.666.435	1.881.621	1.856.531
TOTAL INGRESOS FINANCIEROS	1.698.861	1.916.428	1.880.278
TOTAL INGRESOS	10.574.005	10.416.777	10.243.928

(Datos en miles de euros)

EXECUCIÓN DO ORZAMENTO GASTOS POR CAPÍTULOS CONSOLIDADO. EJERCICIO 2016

CAPÍTULO	CRÉDITO DEFINITIVO	OBRIGAS	PAGAMENTOS
1	3.679.823	3.667.770	3.665.741
2	1.679.702	1.650.152	1.494.357
3	270.251	269.727	269.650
4	2.139.384	2.018.713	1.871.676
5	17.554	0	0
TOTAL GASTOS CORRENTE	7.786.694	7.606.362	7.301.425
6	783.047	691.660	530.997
7	682.620	560.079	474.513
TOTAL GASTOS DE CAPITAL	1.465.668	1.251.739	1.005.510
TOTAL GASTOS NON FINANCIEROS	9.252.361	8.858.102	8.306.935
8	198.600	176.273	175.529
9	1.357.070	1.334.042	1.334.042
TOTAL GASTOS FINANCIEROS	1.855.670	1.510.315	1.509.572
TOTAL GASTOS	10.808.031	10.368.416	9.816.506

(Datos en miles de euros)

ESTADO DO RESULTADO ORZAMENTARIO CONSOLIDADO

EXERCICIO: 2016

CONCEPTOS	DEREITOS RECONOCIDOS NETOS	OBRIGAS RECONOCIDAS NETAS	SALDOS
1. (+) Operacións non financeiras	8.495.304	8.858.102	-362.798
2. (+) Operacións con activos financeiros	34.795	176.273	-141.478
I. RESULTADO ORZAMENTARIO (1 + 2)			-504.276
II. VARIACIÓN NETA DE PASIVOS FINANCIEROS	1.881.821	1.334.042	547.779
III. SALDO ORZAMENTARIO (I + II)			43.503

(Datos en miles de euros)



ANEXO II

Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma. Exercicio 2016

TRANSFERENCIAS INTERNAS LIQUIDACIÓN CONSOLIDADA (miles de euros)				
Gastos		Crédito vixente	Obrigas	Pagamentos
	2	0,00	19.150,47	18.864,47
	4	3.587.564,03	3.584.130,80	3.345.031,01
	7	909.025,17	846.278,75	653.408,80
Total		4.496.589,20	4.449.560,02	4.017.304,28

Ingresos		Previsións definitivas	Dereitos recoñecidos	Recadación líquida
	3	19.308,35	22.366,73	18.761,76
	4	3.256.659,05	3.581.610,53	3.343.123,00
	7	791.715,32	852.935,49	964.098,98
Total		4.067.682,72	4.456.912,75	4.325.983,74



TRANSFERENCIAS DE ADMINISTRACIÓN XERAL A ORGANISMOS AUTÓNOMOS. EJERCICIO 2016

(miles de euros)

Entidade	Gastos Adm Xeral			Ingresos OAAA		
Cap 3	Crédito vixente	Obrigas	Pagosmentos	Previsións definitivas	Dereitos	Recadación
Iet					32,2	
Total cap 3	0,00	0,00	0,00	0,00	32,20	0,00
Cap 4	Crédito vixente	Obrigas	Pagosmentos	Previsións definitivas	Dereitos	Recadación
Egap	2.793,10	2.793,10	2.559,43	3.014,00	2.793,19	2.559,43
Ige	2.949,03	2.949,03	2.949,03	2.956,46	2.949,03	2.949,03
Sergas	3.412.465,87	3.412.465,87	3.196.470,70	3.100.483,36	3.412.465,87	3.196.470,70
Agsp	2.065,57	2.065,57	1.896,02	2.276,84	2.111,70	1.942,15
Iet	2.459,75	2.459,75	2.389,25	2.060,71	2.459,75	2.389,25
Igc	3.615,46	3.615,46	297,42	4.035,93	3.615,46	297,42
Cgc	295,06	295,06	295,06	0,00	295,06	295,06
Issga	4.740,37	4.740,37	4.182,64	5.803,56	4.773,37	4.182,64
Igvs	17.331,29	14.273,20	10.750,71	14.127,10	14.273,20	10.750,71
Foga	4.645,26	4.627,96	3.613,19	4.663,90	4.627,96	3.613,19
Total OAAA	3.463.380,76	3.460.285,37	3.225.403,45	3.139.233,84	3.450.364,51	3.225.448,58
Ces	808,77	808,77	808,77	808,77	808,77	808,77
Cgrl	1.025,57	1.025,57	1.025,57	1.025,57	1.025,57	1.025,57
TOTAL EPI	1.834,34	1.834,34	1.834,34	1.834,34	1.834,34	1.834,34
Agadic	4.114,23	4.114,23	3.710,63	3.848,44	4.114,23	3.710,63
Agi	17.400,26	17.400,26	17.400,26	16.784,95	17.400,26	17.400,26
Amtega	20.678,92	20.625,27	19.474,64	20.772,34	20.625,27	19.474,64
Gain	8.354,03	8.354,03	7.655,78	8.477,50	8.354,03	7.655,78
Axega	488,72	488,72	488,72	488,72	488,72	488,72
Cixtec	5.922,20	5.922,20	5.922,20	6.072,20	5.922,20	5.922,20
Atriga	18.944,95	18.944,95	17.875,08	13.037,89	18.944,95	17.875,08
Igape	9.978,62	9.978,62	8.348,51	10.292,53	9.978,62	8.348,51
Inega	1.875,44	1.875,44	646,36	1.875,44	1.875,44	646,36
Agader	3.727,32	3.723,56	0,00	4.617,47	3.723,56	0,00
Ingacal	1.108,13	1.050,75	511,15	1.054,06	1.050,75	511,15
Intecmar	2.204,71	2.204,56	1.478,36	2.224,81	2.204,56	1.478,36
Aturga	13.978,08	13.978,08	11.666,90	14.936,77	13.978,08	11.666,90
Agss	11.564,85	11.564,85	11.531,23	11.117,74	11.564,85	11.531,23
Acis	2.239,49	2.209,26	1.748,16	1.962,81	2.313,72	1.810,58
Ados	317,37	317,37	317,37	317,37	317,37	317,37
Total axencias	122.897,33	122.752,16	108.775,35	116.590,67	120.225,52	108.709,81
Total cap 4	3.578.092,43	3.574.871,86	3.336.013,14	3.256.659,05	3.572.424,36	3.333.993,73
Cap 7	Crédito vixente	Obrigas	Pagosmentos	Previsións definitivas	Dereitos	Recadación
Egap	94,23	94,23	72,01	134,57	94,23	72,01
Ige	972,53	972,53	797,82	1.010,40	972,53	797,82
Sergas	145.996,29	137.127,45	109.586,01	136.276,37	137.127,45	109.586,01
Agsp	48,13	48,13	48,13	28,04	48,13	48,13
Iet	627,87	627,87	370,96	508,02	627,87	370,96
Igc	438,65	438,65	0,00	593,74	438,65	0,00
Issga	33,00	33,00	0,00	33,00	33,00	0,00
Igvs	72.067,51	57.679,51	37.931,94	60.730,87	57.679,51	37.931,94
Foga	251.124,22	241.371,00	240.640,23	82.601,75	241.371,00	240.526,88
Total OAAA	471.402,43	438.392,37	389.347,11	261.916,76	438.392,37	389.333,76
Cgrl	6,66	6,66	6,66	6,67	6.661,34	6.661,34
Total EPI	6,66	6,66	6,66	6,67	6.661,34	6.661,34
Agadic	5.843,41	5.843,41	5.158,18	6.530,72	5.843,41	5.158,18
Agi	209.443,14	209.345,23	175.623,99	225.130,38	209.345,23	175.623,99
Amtega	62.104,99	60.291,44	43.538,43	75.617,25	60.291,44	43.538,43
Gain	34.763,44	26.282,69	10.380,96	52.313,59	26.282,69	10.380,96
Axega	5.917,32	5.917,32	5.014,46	6.223,13	5.917,32	5.014,46
Cixtec	4.135,11	4.058,76	3.973,87	6.179,13	4.058,76	3.973,87
Atriga	333,20	333,20	331,53	272,96	333,20	331,53
Igape	44.007,95	37.419,90	6.596,77	53.127,76	37.419,90	6.596,77
Inega	20.876,65	10.686,05	829,39	27.820,41	10.869,97	3.255,46
Agader	19.702,71	18.437,73	0,00	27.680,03	18.437,73	13.670,91
Ingacal	1.287,32	1.095,34	0,00	971,26	1.097,64	2,30
Intecmar	1.080,50	1.074,93	287,19	684,81	1.074,93	287.194,82
Aturga	25.422,18	25.412,96	11.082,44	25.315,65	25.412,96	12.124,38
Agss	947,45	947,45	870,57	1.000,00	947,45	870,57
Acis	1.271,90	471,51	367,23	833,80	471,51	367,23
Ados	82,00	77,68	0,00	82,00	77,68	0,00
Total axencias	437.219,25	407.695,56	264.055,03	509.791,89	407.681,79	566.103,88
Total cap 7	908.628,34	846.094,59	653.408,80	791.716,32	852.936,49	964.096,98

Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma. Exercicio 2016

TRANSFERENCIAS DE ORGANISMOS AUTÓNOMOS A ADMINISTRACIÓN XERAL. EXERCICIO 2016

(miles de euros)

Entidade	Ingresos Adm Xeral			Gastos OAAA		
	Previsións definitivas	Dereitos	Recadación	Crédito vixente	Obrigas	Pagamentos
Cap 4						
Egap		377,66	377,66	377,66	377,66	377,66
Sergas						
Agsp		124,12	124,12	124,12	124,12	124,12
Iet		42,76	42,76	42,76	42,76	42,76
Igc						
Cgc		111,39	111,39			
Issga						
Igvs						
Foga		56,90		56,90	56,90	
Total OAAA		712,93	655,93	601,45	601,45	544,54
Cgrl		8,13	8,13	8,13	8,13	8,13
Total EPI		8,13	8,13	8,13	8,13	8,13
Agadic		318,78	318,78	318,78	318,78	318,78
Agf						
Amtega		1.822,25	1.822,25	1.822,25	1.822,25	1.822,25
Gain		4.794,93	4.794,93	4.794,93	4.794,93	4.794,93
Afriga		1.001,61	1.001,61	1.001,61	1.001,61	1.001,61
Axega						
Cixtec		527,64	527,64	527,64	527,64	527,64
Ces						
Igape						
Inega						
Agader						
Ingacal						
Intecmar						
Total axencias		8.465,21	8.465,21	8.465,20	8.465,20	8.465,20
Total cap 4		9.186,2	9.129,3	9.074,78	9.074,8	9.017,9
Cap 7						
Inega				396,83	184,16	-
Total cap 7				396,8	184,2	

OPERACIONES ENTRE ORGANISMOS AUTÓNOMOS E AXENCIAS. EXERCICIO 2016

(miles de euros)

Entidade	Ingresos Adm Xeral			Gastos OAAA		
	Previsións definitivas	Dereitos	Recadación	Crédito vixente	Obrigas	Pagamentos
Cap 4						
Egap		377,66	377,66	377,66	377,66	377,66
Sergas						
Agsp		124,12	124,12	124,12	124,12	124,12
Iet		42,76	42,76	42,76	42,76	42,76
Igc						
Cgc		111,39	111,39			
Issga						
Igvs						
Foga		56,90		56,90	56,90	
Total OAAA		712,93	655,93	601,45	601,45	544,54
Cgrl		8,13	8,13	8,13	8,13	8,13
Total EPI		8,13	8,13	8,13	8,13	8,13
Agadic		318,78	318,78	318,78	318,78	318,78
Agf						
Amtega		1.822,25	1.822,25	1.822,25	1.822,25	1.822,25
Gain		4.794,93	4.794,93	4.794,93	4.794,93	4.794,93
Afriga		1.001,61	1.001,61	1.001,61	1.001,61	1.001,61
Axega						
Cixtec		527,64	527,64	527,64	527,64	527,64
Ces						
Igape						
Inega						
Agader						
Ingacal						
Intecmar						
Total axencias		8.465,21	8.465,21	8.465,20	8.465,20	8.465,20
Total cap 4		9.186,2	9.129,3	9.074,78	9.074,8	9.017,9
Cap 7						
Inega				396,83	184,16	-
Total cap 7				396,8	184,2	

TRANSFERENCIAS INTERNAS REMANENTE CONSOLIDADO 2016

TRANSFERENCIAS DE ADMINISTRACIÓN XERAL A ORGANISMOS AUTÓNOMOS

Entidade	Pendente pagamento Adm Xeral			Pendente sobre OGA			(miles de euros)		
	Corrente CA	Corrente CT	Anteriores CA	Anteriores CT	Cap 3	Corrente CA	Corrente CT	Anteriores CA	Anteriores CT
Espg	233,68	22,22				233,68	22,22		
Ige		174,71					174,71		
Sergas	216.995,16	27.541,44				216.995,16	27.541,44		
Agpp	109,26			322,64		109,26			
GC	3.316,04	438,66	1.521,28			3.316,04	438,66	1.521,28	392,64
CC	557,79	33,00				560,79			
CCga	70,50	296,91			32,20	70,50	296,91		
ISys	3.522,49	19.747,57				3.522,49	19.747,57		
Foga	1.014,77	530,77		78,65		1.014,77	944,12		78,65
Antu								692,28	
Total OGA	224.891,92	48.045,27	1.521,28	471,28	32,20	224.914,92	49.028,65	2.213,57	471,28
Agadac	403,60	685,23				403,60	685,23		
Ajl		33.721,24					33.721,24		18,51
Antigua	1.150,63	16.753,01				1.150,63	16.753,01		
Galn	698,26	15.801,71				698,26	15.801,71		1,26
Atuga	1.099,89	1,66				1.099,89	1,66		
Aluga	2.311,18	14.300,52				2.311,18	13.298,57		
Agos	33,62	76,88				33,62	76,88		
Avega	922,66	84,69				922,66	84,69		
Conco									
Cas	1.530,11	30.823,13				1.530,11	30.823,13		
ISpge	1.225,06	9.669,66				1.225,06			
Aspex	3.723,65	18.437,75		2.887,60		3.723,65	7.614,61	593,33	4.846,16
Idugal	539,59		3.251,93	20.743,25		539,59	4.766,82	3.251,63	40.553,32
Intecmar	786,20	787,79				786,20	1.066,34	70,59	300,59
Relacións laborais									528,55
Acia	461,10	104,27				505,14	104,27		
Ajunt		77,69					77,69		
Total ix e cons	13.976,80	143.540,54	3.251,93	31.630,85		14.018,84	126.695,23	3.395,25	46.235,82
Total	238.868,72	192.685,81	4.773,22	32.402,14	32,20	238.933,76	179.711,15	6.148,82	46.074,93

TRANSFERENCIAS DE ORGANISMOS AUTÓNOMOS E AGENCIAS A ADMINISTRACIÓN XERAL

Entidade	Pendente de cobra Adm Xeral			Pendente de pagamento OGA			(miles de euros)		
	Cap 4	Cap 7	Anteriores	Cap 4	Cap 7	Anteriores	Cap 4	Cap 7	Anteriores
Foga	56,50								
Indega			282,26						
Total	56,50		282,26						

TRANSFERENCIAS ENTRE ORGANISMOS AUTÓNOMOS E AGENCIAS

Entidade	Pendente de cobra			Pendente de pagamento OGA			(miles de euros)		
	Cap 3	Cap 4	Anteriores	Cap 3	Cap 4	Anteriores	Cap 3	Cap 4	Anteriores
Sergas									
Agos	3.438,27		0,67						
Galn	133,51								
Total	3.571,78		0,67						

VIII. RÉPLICAS

RÉPLICAS DO CONSELLO DE CONTAS ÁS ALEGACIÓNS FORMULADAS POLA INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA AO ANTEPROXECTO DE INFORME DE FISCALIZACIÓN DA CONTA XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2016

Trámite de alegacións

En cumprimento do disposto no artigo 47.1. do Regulamento de réxime interior do Consello de Contas, aprobado pola Comisión permanente non lexislativa para as relacións co Consello de Contas o día 23 de febreiro de 2017 (DOG nº 46, do 7 de marzo de 2017), a interventora xeral da Comunidade Autónoma, no prazo sinalado no escrito de remisión do informe de fiscalización do Consello de Contas, formulou as correspondentes alegacións, que se xuntan a este informe de fiscalización.

Con relación ao seu contido e tratamento, independentemente das aclaracións e puntualizacións que en cada caso figuran nas réplicas, cómpre sinalar con carácter xeral que excepto nos casos concretos que así o requiran, non se valoran as alegacións que confirmen deficiencias ou irregularidades sinaladas no informe; que expoñan criterios e opinións sen soporte documental ou normativo ou ben que non rebatan o contido do informe, senón que se trate de explicacións ou xustificacións sobre as actuacións da entidade fiscalizada. Nos supostos nos que se modifica total ou parcialmente o contido dalgún punto do informe, indicárase este feito expresamente mediante nota a pé de páxina.

Réplicas ás alegacións

Réplica ás alegacións formuladas aos puntos **2.3.3 e 4.6** do informe de fiscalización, relativos á rendición de contas.

Alégase que as contas dos fondos de capital risco foron presentadas ante a Intervención Xeral pero non incluídas por erro na Conta.

O informe alude á non rendición de contas destes fondos ao Consello de Contas. As alegacións confirman o indicado no anteproxecto de informe, polo que non supoñen a súa modificación.

Réplica ás alegacións formuladas aos puntos **2.3.5** e **4.10** do informe de fiscalización, relativos á información económico-financeira rendida.

Alégase que desde a Consellería de Facenda estase a traballar na elaboración e implantación dun novo Plan xeral de contabilidade pública axustado ao Plan xeral aprobado pola Administración do Estado do ano 2010, dando tamén cumprimento á proposta de resolución número 16 aprobada pola Comisión permanente non lexislativa para as relacións co Consello de Contas na súa sesión do 27 de abril de 2017. Está previsto que os labores de elaboración do plan conclúan ao longo do ano 2018.

As alegacións non contradín o indicado no anteproxecto de informe, polo que non supoñen a súa modificación.

Réplica ás alegacións formuladas ao punto **2.3.8.** do informe de fiscalización, relativo á necesidade de intensificación do control nas entidades instrumentais.

Alégase que resulta necesaria maior precisión no informe posto que non se considera que non se estea intensificando o réxime de control interno coa extensión da función interventora ás distintas entidades públicas.

En efecto, tal e como se manifesta nas alegacións, as novas axencias que se crearon ao abeiro da Lei 16/2010 manteñen como forma de control a que correspondía ao órgano administrativo ao que substitúen e respectan a fiscalización naquelas que proceden das extintas direccións xerais.

Estímase a alegación e modifícase o informe no senso de suprimir a alusión a que o réxime de control das novas axencias non vai na dirección apuntada.

Réplica ás alegacións formuladas aos puntos **2.3.11**, **2.3.12** e **2.3.14** do informe de fiscalización, relativos aos orzamentos e ao resultado consolidado.

Na memoria da Conta Xeral do ano 2016 inclúese información sobre os estados consolidados. Ditos estados consolidados de ingresos (apartado 5.1 da memoria da Conta Xeral) e de gastos (apartado 6.1 da memoria da Conta Xeral) non inclúen o importe dos ingresos e dos gastos, respectivamente, financiados polo FEAGA.

Incorpóranse a estas alegacións, como anexo I, os cadros de ingresos e de gastos engadindo os ingresos procedentes do FEAGA e os gastos financiados con FEAGA.

Desde a Intervención Xeral, e como resposta a unha petición do Consello de Contas para a revisión dos datos da execución consolidada de ingresos, enviouse soamente por erro o cadro de ingresos consolidado que incluía os ingresos financiados polo FEAGA. Porén non se lles remitiu o cadro de gastos consolidados incluíndo os gastos financiados polo FEAGA.

Saliéntase como o saldo orzamentario incluíndo e non incluíndo o FEAGA é practicamente o mesmo, posto que o importe executado como gasto financiado con FEAGA é obxecto dunha total certificación e polo tanto o gasto coincide co ingreso, de tal xeito que o déficit en termos de contabilidade nacional non se modifica. Tampouco a regra de gasto, por canto os gastos financiados con fondos europeos, FEAGA neste caso, exclúense do cómputo.

En calquera caso, realizarase a oportuna corrección de erros da Conta Xeral do ano 2016, que se remitirá ao Consello de Contas.

Como se indica no anteproxecto de informe, a falta de presentación dunha conta consolidada impide a fiscalización da información que ofrece a memoria sobre as variables dos estados consolidados, limitándose o informe a recoller a evolución destas variables.

Na conta deste exercicio 2016 a incoherencia dos datos da liquidación de ingresos consolidados co resto da información orzamentaria dispoñible levou a solicitar da Intervención Xeral a revisión desta liquidación, que foi corrixida no curso da fiscalización. Por tratarse dunha rectificación puntual, os novos datos incorporáronse ao informe pola súa maior coherencia co resto da información, como se sinalou no anteproxecto de informe.

Porén, nesta fase de alegacións ao anteproxecto de informe alúdese a novas rectificacións que afectan tamén á liquidación de gastos consolidados, o que nos leva á conclusión de que nin a liquidación de ingresos nin a de gastos reflectidas na memoria representan, segundo as propias rectificacións da Intervención Xeral, as magnitudes correctas dos ingresos e gastos consolidados.

Polo tanto, consideramos que o alcance destas correccións aconsella unha rectificación formal de erros na Conta Xeral rendida e a publicidade da Conta Xeral corrixida, así como a súa remisión ás restantes instancias ás que se remitiu a liquidación orzamentaria consolidada.

Dado o alcance desas correccións, tamén consideramos que o informe de fiscalización debe recoller os importes destas magnitudes reflectidos na memoria da Conta Xeral actualmente aprobada e rendida, así como, cando proceda, recoller as incertezas que existen derivadas das rectificacións propostas pola Intervención Xeral, e polo tanto modifícase o informe nese senso.

Réplica ás alegacións formuladas ao punto **2.3.21** do informe de fiscalización, relativo aos compromisos futuros derivados da supresión de peaxes.

Alégase que as previsións de compromisos futuros responden aos estudos técnicos e económicos elaborados no seu momento. O feito de que nun ano as previsións se quedaran curtas, resultando o gasto previsto do exercicio inferior ao realizado, non parece por si mesmo suficiente para anular a validez de todas as previsións realizadas.

As previsións de compromisos futuros lévanse realizando tódolos anos coa mesma sistemática e a mesma limitación reiteradamente advertida nos informes de fiscalización do Consello de Contas

En consecuencia, as alegacións formuladas non supoñen a modificación do informe de fiscalización.

Réplica ás alegacións formuladas ao punto **3.1** do informe de fiscalización, relativo ao avance no cumprimento das recomendacións dos informes de fiscalización.

Alégase que a Intervención Xeral e o Consello de Contas teñen iniciado, no marco da Comisión Mixta (creada en cumprimento do disposto na Lei 8/2015, do 7 de agosto, de reforma da Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas), unhas actuacións de seguimento das recomendacións realizadas polo Consello de Contas no seu informe.

En datas recentes foi remitido pola Intervención Xeral un documento elaborado especificamente sobre estas recomendacións. Enténdese polo tanto que o inicio e desenvolvemento destas actuacións constitúe xa un

avance salientable que permite afondar na implantación práctica das recomendacións realizadas polo Consello de Contas.

En efecto, o inicio desas actuacións constitúe un avance salientable que permite afondar na metodoloxía e no seguimento da implantación práctica das recomendacións realizadas polo Consello de Contas. O informe de fiscalización refírese ao cumprimento efectivo de recomendacións realizadas nos informes anteriores, de cuxa implementación dáse conta no propio informe e que avala a conclusión xeral que se presenta no parágrafo alegado.

En consecuencia, as alegacións formuladas non supoñen a modificación do informe de fiscalización.

Réplica ás alegacións formuladas ao punto **3.2** do informe, relativo á reforma e actualización do marco normativo en materia económica, orzamentaria e contable.

Alégase que a Administración entende que é preciso abordar esa actualización normativa e que ao longo de 2018 pode estar aprobado o novo plan de contabilidade pública de Galicia. E que o adiamento do prazo de rendición da Conta Xeral xa foi abordado pola Lei 8/2015.

Este Consello de Contas valora os traballos que a Administración está a levar a cabo para a elaboración e implantación dun novo Plan xeral contable; porén, as alegacións formuladas non supoñen a modificación do informe de fiscalización.

Réplica ás alegacións formuladas aos puntos **3.3** e **5.21** do informe, relativos ás limitacións da información da memoria da Conta Xeral e aos beneficios fiscais.

Alégase que desde a ATRIGA se traballou no senso de acoller as recomendacións feitas polo Consello de Contas. Deste xeito, na memoria que se xunta ao proxecto de orzamentos para o ano 2016 consta a devandita xustificación do establecemento e mantemento dos beneficios fiscais, como por outra banda se recoñece no anteproxecto de informe de fiscalización da Conta Xeral para o exercicio 2016.

En efecto, as melloras aludidas xa están recoñecidas no anteproxecto de informe de fiscalización; en consecuencia, as alegacións formuladas non supoñen a modificación do informe de fiscalización.

Réplica ás alegacións formuladas ao punto **3.6** do informe, relativo ás incorporacións de crédito finalistas.

Alégase que se está en contra de orzamentar bolsas de fondos propios para cofinanciar incorporacións de fondos non executadas, como semella recomendar o informe, por ser a porta para unha execución desordenada e atemporal da execución de proxectos cofinanciados con fondos europeos e, ademais, por ser contrarias a un proceso de orzamentación de cara a resultados, como o que tenta desenvolver, con moito esforzo, a Xunta de Galicia.

O informe non descoñece que a maioría das incorporacións de créditos corresponden a ingresos afectados, nin o carácter obrigado das incorporacións daqueles créditos financiados con fondos finalistas. Sen prexuízo do procedemento de incorporacións automáticas, a Lei de réxime financeiro e orzamentario esixe a existencia de causas xustificativas para a non utilización do crédito a incorporar, o que parece obvio tendo en conta que a incorporación supón unha prolongación da vixencia temporal do orzamento e unha creba do principio orzamentario de anualidade.

Consta, ademais, que se incorporan créditos financiados tanto con fondos finalistas como con fondos propios libres para atender gastos xa realizados e xustificados no exercicio, amparándose na súa non contabilización, pese a que a lei os limita a aqueles compromisos que non puideran executarse a fin do exercicio por causas xustificadas. En parte dos expedientes de incorporación, a única xustificación desta inexecución parece estar na finalidade do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

O feito de que os dereitos se recoñezan en exercicios anteriores e que resulte notorio que neses exercicios non existen excedentes para financiar os créditos incorporados fai albergar dúbidas sobre a posibilidade de financiamento da totalidade daquelas incorporacións, en especial dos créditos incorporados con cargo a fondos propios libres da Comunidade Autónoma.

En consecuencia, as alegacións formuladas non supoñen a modificación do informe de fiscalización.

Réplica ás alegacións formuladas ao punto **3.8** do informe, relativo á necesaria información sobre as diferenzas entre o orzamento e as contas en termos de contabilidade nacional.

Alégase que nos orzamentos recóllese esta obriga nun apartado específico “Orzamento en termos de contabilidade nacional”, no que se ten en conta os axustes positivos e negativos que se estima que experimentarán os ingresos e os gastos pola aplicación dos criterios SEC-95, obtendo así o límite de gasto non financeiro en termos de contabilidade nacional. No que atinxe á liquidación do orzamento, esta Administración vén incorporando como parte da Memoria o cadro elaborado pola IGAE en relación coa Comunidade Autónoma de Galicia, que inclúe a información suficiente e adecuada respecto ás diferenzas que se producen entre o orzamento e as contas en termos de contabilidade nacional, así como os axustes necesarios para a súa conciliación. O informe completo que elabora a IGAE remítese ao Consello de Contas cando o solicita. Esta é a información que está en poder da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, xa que non lle corresponde a este centro directivo o cálculo definitivo dos ditos axustes.

No informe xa se recoñece que, de forma positiva, o proxecto de orzamentos desde o exercicio 2015 ofrece información sobre as diferenzas que se producen entre o orzamento e as contas en termos de contabilidade nacional como consecuencia das expresadas circunstancias, así como a explicación dos axustes necesarios para a súa conciliación, pero na memoria non existe información detallada respecto das desviacións producidas para o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

En consecuencia, as alegacións formuladas non supoñen a modificación do informe de fiscalización.

Réplica ás alegacións formuladas á recomendación **3.9** do informe, en relación co seguimento de gastos con financiamento afectado.

Alégase que o sistema contable xa incorpora a información necesaria para coñecer de xeito fiable as desviacións de financiamento producidas no exercicio e que esta se envía como información adicional ao Consello de Contas.

A incidencia expresada no informe deriva de que a Administración non declara, e polo tanto tampouco computa, as desviacións de financiamento acumuladas no saldo do remanente de tesourería, aos efectos de determinar a parte afectada e a parte de libre disposición, de acordo co

establecido no Documento nº 7 dos Principios Contables Públicos. Esta situación non permite determinar o efecto que poden ter estas desviacións sobre o remanente de tesourería.

En consecuencia, as alegacións formuladas non supoñen a modificación do informe de fiscalización.

Réplica ás alegacións formuladas ao apartado **4.1** do informe de fiscalización, relativo á integración no ámbito orzamentario do Consorcio dos Peares.

Alégase que o Consorcio dos Peares pasou a estar adscrito á Xunta de Galicia durante o exercicio 2016. Nos orzamentos da Comunidade Autónoma do exercicio 2018 aparece como parte do ámbito orzamentario.

Constatada a adscrición deste Consorcio á Xunta de Galicia no exercicio 2016, engádese esa precisión ao contido do informe.

Réplica ás alegacións formuladas ao punto **4.1** do informe de fiscalización (último inciso), relativo ás entidades que non integran a Conta Xeral.

Alégase que as sociedades Sotavento e MEISA non reúnen os requisitos previstos na LOFAXGA para considerarse sociedades mercantís autonómicas. E ademais tampouco se integran no sector da Administración autonómica ao non cumprir os requisitos previstos no SEC 2010. Polo tanto, ningunha destas dúas sociedades cumpre os requisitos do artigo 48 para incluírse nos orzamentos. A fundación Galicia América, Sotavento e IFEVI non teñen a consideración de Administración Pública segundo o SEC e polo tanto non teñen que incluírse no orzamento. As fundacións Galicia Saúde, Rosalía de Castro e as tres fundacións de investigación sanitaria están pendentes de cualificación, de xeito que no ano 2016 aínda non poden considerarse sector Administración Pública en termos do SEC 2010, e polo tanto tampouco teñen que incluírse nos orzamentos. Pola súa banda, o Consorcio Oncolóxico de Galicia non ten actividade no ano 2016.

O informe trata de conciliar as entidades inventariadas polo MINHAC coas que aparecen delimitadas no sector público autonómico, dando unha explicación das diferenzas e da súa xustificación, e concluíndo sobre a necesidade de integración futura ou de medidas de control sobre aquelas.

Neste sentido, xa se recoñece no informe que no exercicio 2016 o Consorcio Oncolóxico de Galicia non ten actividade, ou que algunhas entidades foron recentemente incluídas no ámbito SEC, o que deberá levar a esa integración no futuro.

Seguindo os criterios xa postos de manifesto no informe da actividade económico-financeira das entidades instrumentais 2016, a sociedade Parque Eólico de Sotavento ten no seu capital participación maioritaria de Administracións Públicas (Xunta 30,5% e Estado 20,5%), e polo tanto debe render contas pola súa natureza pública. Respecto da sociedade MEISA, dáse unha situación similar.

Ao igual que acontece nos consorcios e fundacións públicas, ao noso xuízo estas sociedades deberían ter unha Administración “matriz” ou de referencia en cuxos orzamentos xerais e Conta Xeral se integren os seus estados contables e que exerza, en última instancia, as competencias de control. Deste xeito, a súa actividade será máis transparente e os fondos públicos estarán debidamente sometidos a control. No ámbito estatal, esta previsión está contida na Disposición adicional novena da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

As alegacións non contradín ningún aspecto reflectido no informe, polo que non supoñen a súa modificación.

Réplica ás alegacións formuladas ao punto **4.8** (parágrafo terceiro) do informe de fiscalización, en relación co grao de cobertura do plan de control financeiro.

Alégase que desde a Intervención Xeral remitiuse o listado inicial das actuacións de control previstas no plan de 2017, que logo foi modificado suprimíndose unha entidade que aínda non comezara a funcionar como axencia no exercicio 2016, e tampouco se incluíron no listado tres entidades máis das que se prevía a realización de auditoría de contas nun plan anterior. Ditas modificacións non foron comunicadas ao Consello de Contas.

Na análise do Consello falta por excluír os 8 organismos autónomos, sobre os que o réxime de control é a función interventora, e engadirse o control do SERGAS, para o que está previsto un plan de control financeiro específico. Deste xeito, o grao de cobertura é dun 92% (58 entidades controladas dun total de 63 entidades non sometidas a fiscalización).

As 17 actuacións de auditoría de contas referidas no informe correspóndense coas auditorías realizadas sobre 10 axencias e 7 consorcios comunicadas ao Consello, sen que se dispoña de documentación acreditativa de novas actuacións, que tampouco se remite nesta fase de alegacións.

Acéptase non obstante que o cálculo do grao de cobertura se realice sobre o total dos organismos non sometidos a fiscalización ou con plans específicos, e modifícase o informe nese sentido.

Réplica ás alegacións formuladas ao punto **4.10.2** do informe de fiscalización, relativo á información consolidada das magnitudes dos compromisos de futuros.

Alégase que na memoria da Conta Xeral inclúese información relativa aos compromisos futuros de todas as entidades con orzamento de gastos limitativo que forman parte do perímetro de consolidación (Administración xeral, organismos autónomos, axencias públicas e entidades instrumentais de consulta ou asesoramento). Para estas entidades, no caso de que non figuren datos de compromisos futuros é porque efectivamente non existen compromisos de gastos en exercicios posteriores contabilizados.

Na memoria da Conta Xeral inclúese información relativa aos compromisos futuros de todas as entidades con orzamento limitativo, pero non información consolidada. Os compromisos de futuros do SERGAS (entidade con orzamento limitativo que ten compromisos de futuros) non aparecen consolidados cos da Administración xeral.

En consecuencia, as alegacións formuladas non supoñen a modificación do informe de fiscalización.

Réplica ás alegacións formuladas ao punto **4.11** do informe de fiscalización, relativo á publicación do PEF 2017-2018 no portal de transparencia da Xunta.

O plan económico-financeiro 2017-2018, elaborado co gallo da superación da regra de gasto no exercicio 2016, foi informado favorablemente no Consello de Política Fiscal e Financeira do 27 de xullo de 2017, e como tal foi incorporado á páxina web do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas. Un problema

co enlace coa web do ministerio retrasou a aparición do devandito plan na web da consellería e no portal de transparencia da Comunidade Autónoma.

As alegacións confirman o expresado no informe e, en consecuencia, non supoñen a súa modificación.

Réplica ás alegacións formuladas ao punto **4.14** do informe de fiscalización, relativo ás convocatorias de axudas ao fomento da igualdade.

Alégase que co obxecto de completar a información propónse a inclusión das convocatorias que se citan nas alegacións que non aparecen no anteproxecto, algunhas delas son resolucións do ano 2015, porque se tramitaron polo procedemento de tramitación anticipada do gasto, pero correspondentes á convocatoria 2016, ano obxecto da fiscalización.

No momento de redacción do informe entendemos que relacionar a totalidade das convocatorias non engadía información significativa ao contido actual deste punto. Non obstante, atendendo a petición das alegacións, relaciónase o número total das convocatorias realizadas, destacando as que xa figuran actualmente no anteproxecto de informe. En consecuencia, modifícase o informe no senso indicado.

Réplica ás alegacións formuladas ao punto **5.14** do informe de fiscalización, relativo ao descenso dos fondos comunitarios.

Alégase que non son comparables os dereitos recoñecidos no exercicio 2015 cos do exercicio 2016, posto que no exercicio 2015 prodúcese un feito relevante como é o peche do marco 2007-2013. A isto hai que engadir que o inicio do novo marco viuse afectado pola dilación na negociación da súa aprobación, feito recoñecido no informe específico ao que o propio anteproxecto fai referencia.

Estímase a alegación, e en consecuencia modifícase o informe no senso de incorporar a explicación da caída dos ingresos rexistrados por transferencias de fondos europeos.

Réplica ás alegacións formuladas ao punto **5.15** do informe de fiscalización, relativo á devolución de préstamos ao persoal.

Alégase que a devolución dos préstamos concedidos, por importe de 15,62 millóns de euros, non se corresponden a préstamos ao persoal, senón a préstamos concedidos ao sector público, como se reflicte no propio cadro 21 do informe.

Estímase a alegación e corríxese o erro no informe de fiscalización.

Réplica ás alegacións formuladas como consideracións xerais á liquidación orzamentaria.

En resumo, alúdese a que os traballos de control deberían partir dunha análise do contexto económico e financeiro no que se desenvolve o proceso de execución orzamentaria. Isto é así porque a xestión financeira en escenarios de crise económica ou política condiciona fortemente o proceso de toma de decisións e execución orzamentaria, por elo o mesmo feito non pode dar lugar á mesma conclusión en diferentes contextos. Como exemplo, sobre o referido uso excesivo das modificacións orzamentarias nun ano no que se muda, como sucedeu neste exercicio, o obxectivo de estabilidade en medio do exercicio, de xeito especial cando a muda é para posibilitar máis capacidade de endebedamento e, por tanto, máis investimentos que apoién a recuperación económica e o emprego.

O Consello de Contas comparte que a análise do contexto económico e financeiro no que se desenvolve o proceso de execución orzamentaria é relevante para a xestión financeira e que unha crise económica ou política condiciona fortemente o proceso de toma de decisións. En tódolos exercicios, un apartado do informe relativo aos escenarios orzamentarios trata de expoñer de forma sucinta, e polo tanto pode que precise dunha maior profundidade, a situación na que se executarán os orzamentos.

En calquera caso, o feito aludido de ser un ano no que se muda o obxectivo de estabilidade en medio do exercicio foi cumpridamente exposto ao longo do informe, de forma particular para valorar algunha das modificacións orzamentarias aprobadas.

Por outro lado, non é este o exercicio no que as modificacións orzamentarias teñan unha especial significación cuantitativa dentro dos últimos anos –cuxo volume excesivo parece querer xustificarse neste contexto–; todo o contrario, xa o informe alude a que “O importe neto das modificacións deste exercicio 2016, por importe de 422,31 millóns de euros, incrementou o orzamento inicial nun 4,21%, rebaixando este índice notablemente respecto dos últimos cinco exercicios”, e tamén “Respecto do exercicio anterior, o importe das modificacións orzamentarias reduciuse nun 55,79%.”

En todo caso, as modificacións orzamentarias, na medida en que supoñen unha alteración dos principios orzamentarios de competencia, anualidade e especialidade dos créditos, configúranse como instrumentos que a lei só permite dentro duns límites regrados e xustificadas. Polo tanto, á marxe do contexto, esta xustificación só é admisible cando teña amparo nos parámetros da normativa orzamentaria.

En consecuencia, as alegacións formuladas non supoñen a modificación do informe de fiscalización.

Réplica ás alegacións formuladas ás recomendacións **3.4** e **3.5** do informe, relativas á aplicación do programa de imprevistos e funcións non clasificadas e ao fondo de continxencia.

Alégase que no capítulo V do orzamento de gastos figuran tres aplicacións diferenciadas que obedecen a diferentes funcións e finalidades, xustificando as modificacións que dotan este fondo e que este empregouse para atender necesidades especificamente habilitadas pola lei de orzamentos do exercicio.

Estas alegacións danse por contestadas nas réplicas ás alegacións formuladas aos puntos específicos nos que se abordan as modificacións orzamentarias que sustentan estas recomendacións.

Réplica ás alegacións formuladas aos puntos **5.22** e **5.23** do informe, en relación coa evolución manifestada polas modificacións orzamentarias.

Alégase un compromiso de redución das modificacións e de adecuación do orzamento inicial, sinalando ademais o carácter extraordinario do exercicio fiscalizado pola modificación do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

A modificación do obxectivo de estabilidade orzamentaria xa forma parte do contido da xustificación dalgunhas modificacións orzamentarias e xa foi considerado na análise dos expedientes que se tramitaron con ese fin. As alegacións non rebaten o contido do anteproxecto de informe, amosando por parte do contadante o compromiso de adecuación do orzamento inicial ás necesidades de xestión.

En consecuencia, as alegacións formuladas non supoñen a modificación do informe de fiscalización.

Réplica ás alegacións formuladas ao punto **5.23.1** do informe, relativo á ausencia dunha axeitada valoración nos expedientes do impacto das modificacións orzamentarias nos obxectivos programados.

Alégase, en definitiva, a necesidade de atender con máis rigor as esixencias normativas cando se afirma que as modificacións orzamentarias non afectan aos obxectivos establecidos. Sínálase ademais que os obxectivos a considerar deben ser os obxectivos sinalados no orzamento inicial.

As alegacións comparten o indicado no informe de que nos expedientes de modificación orzamentaria non existe unha axeitada valoración do impacto sobre os obxectivos programados.

En consecuencia, as alegacións formuladas non supoñen a modificación do informe de fiscalización.

Réplica ás alegacións formuladas ao punto **5.23.2** do informe, onde se describe o efecto neto das modificacións orzamentarias respecto da clasificación económica de gastos.

Alégase que o feito da revisión do obxectivo de estabilidade orzamentaria deu lugar a un aumento do programa de imprevistos e funcións non clasificadas. Alégase ademais un erro na referencia ao fondo de continxencia.

Nos últimos exercicios non é unha novidade que as modificacións orzamentarias incrementen os créditos do capítulo V Fondo de continxencia. Desde o exercicio 2010, as modificacións orzamentarias incrementaron reiteradamente os créditos destinados a este capítulo, coa única excepción do exercicio 2015. No cadro do informe amósase a variación que experimenta o exercicio 2016 fronte ao exercicio anterior, sinalando a estes efectos como muda de signo. Sen entrar en máis detalle, cómpre sinalar que o único que se expón neses parágrafos introdutorios é unha descrición das principais variacións interanuais do orzamento, sen entrar en valoracións. Por outra parte, respecto do último inciso da alegación, a referencia que se fai ao fondo de continxencia tampouco é incorrecta pois vai referida, dun xeito claro, ao capítulo V do orzamento de gastos e non ao concepto 23.02.621B.500 *Fondo de continxencia de execución orzamentaria* como parece entender o contadante.

En consecuencia, as alegacións formuladas non supoñen a modificación do informe de fiscalización.

Réplica ás alegacións formuladas ao punto **5.23.4** (primeiro inciso) do informe, relativo ao incremento dos estados de gastos do orzamento e o correlativo incremento que manifesta o estado de ingresos.

Alégase que a lexislación permite as xeracións de ingresos ao abeiro de compromisos firmes de ingreso, o que fai cuestionar a análise realizada sobre o financiamento das modificacións orzamentarias. Afirmase que as modificacións con maiores recursos están axeitadamente financiadas, faltando por executar outros ingresos, pero que en ningún caso se ve afectado o obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Este Consello non descoñece, e así se pon de manifesto no mencionado parágrafo, a posibilidade –ás veces, obrigatoriedade– de proceder a tramitar unha modificación orzamentaria sen que exista

un correlativo recoñecemento de dereitos no orzamento. En determinados casos basta, tal e como se manifesta nas alegacións, coa contabilización dun compromiso de ingreso. Pero, á marxe destas posibilidades no marco da lexislación orzamentaria, o desequilibrio existente –por riba dos 400 millóns de euros– entre os dereitos recoñecidos no orzamento de ingresos fronte ás posibilidades de gasto contidas no orzamento definitivo de gastos, podería xerar tensións de tesourería no caso de acadar altos niveis de execución orzamentaria.

En consecuencia, as alegacións formuladas non supoñen a modificación do informe de fiscalización.

Réplica ás alegacións formuladas ao punto **5.23.4** (terceiro inciso) do informe, relativo á falta de concreción dos recursos que amparan as modificacións orzamentarias cando se alude como fonte de financiamento á “inexecución a final de exercicio”.

Alégase o pleno encaixe da “inexecución a final do exercicio” como unha forma de financiamento que non entraña déficit. Ademais, o acceso puntual a esta forma de financiamento debe ser relativizado por escaso, xa que non pon en risco o cumprimento das regras fiscais.

Tal e como se expón no informe, reiteramos aquí que a inexecución a final de exercicio non pode servir como argumento de financiación no momento de aprobar unha modificación orzamentaria, dado o descoñecemento naquel momento dos niveis de execución ao final de exercicio. Tal e como regula o TRLRFOG, debe tomarse razón en contabilidade da respectiva retención de crédito ou –como se engade na lei de orzamentos– da correspondente baixa de crédito para así poder ter garantías da existencia dun orzamento equilibrado.

Por outra parte, respecto do segundo argumento, cabe sinalar que o recurso a esta fonte de financiamento por 16,8 millóns de euros, independentemente de que sexa ou non significativo como alude o contadante, apártase da normativa orzamentaria establecida. Polo tanto, exista ou non unha incidencia de resultado material no marco do déficit público, o que se produce é unha incidencia formal no marco da normativa orzamentaria.

En consecuencia, as alegacións formuladas non supoñen a modificación do informe de fiscalización.

Réplica ás alegacións formuladas ao punto **5.24** do informe, relativo ao efecto das transferencias de crédito sobre a clasificación económica, onde se sinala o fluxo de créditos dos capítulos de gasto cara ao fondo de continxencia.

Alégase que o fondo de continxencia como tal é o previsto na aplicación 23.02.621B.500, dotado neste exercicio con 10.420.000,00 €, e foi disposto regulamentariamente na súa totalidade. Engádese que o emprego do fondo de imprevistos para dotar de créditos os ampliables con remanentes non executados non se pode interpretar como unha alteración da distribución económica, senón como emprego como fondo de manobra para vehicular unha non execución ao peche de exercicio dalgunhas partidas, para posibilitar o financiamento de gastos ampliables nos que xa se ten incorrido, como así se fai.

No parágrafo do informe cuestionado, cando se fai referencia ao fondo de continxencia, enténdese que queda suficientemente claro que se está a falar do capítulo V do orzamento. O precedente cadro 33 do informe, do que se extraen os comentarios deste parágrafo cuestionado, amosa unha táboa de dobre entrada onde aparecen reflectidos, un a un, os distintos capítulos de gasto, polo que non debe dar lugar a confusión co concepto 23.02.621B.500 relativo ao fondo de continxencia de execución orzamentaria.

Por outra parte, este parágrafo amosa unha síntese dos datos reflectidos no cadro aludido, sinalando as principais variacións que experimentaron os capítulos de gasto a través das transferencias de crédito aprobadas. As alegacións formuladas non contradín a realidade dos datos, senón que tratan de explicar ditos movementos aludindo á necesidade de atender ao financiamento de gastos xa realizados durante o exercicio.

En consecuencia, as alegacións formuladas non supoñen a modificación do informe de fiscalización.

Réplica ás alegacións formuladas ao punto **5.25** (inciso primeiro) do informe de fiscalización, relativo ás transferencias de crédito que atinxen aos capítulos VI e VII do orzamento cando delas deriva incremento de gasto corrente.

Alégase que, de acordo co artigo 68.3 do TRLRFOG, as limitacións das modificacións non afectan ás transferencias de crédito que afecten ao programa 621B.

Aínda que, efectivamente, as transferencias que se refiran ao programa de imprevistos e funcións non clasificadas quedan exceptuadas das limitacións xerais establecidas no TRLRFOG, por expresa dispensa desa norma, a utilización deste programa non debe servir para eludir as limitacións da xestión orzamentaria establecidas de forma singular na propia Lei de orzamentos.

As transferencias desde os capítulos de gasto de capital cara ao programa de imprevistos e funcións non clasificadas para ser destinadas inmediatamente á atención de gasto corrente supón unha utilización inadecuada deste programa, que lonxe de atender imprevistos está a ser usado como ferramenta que posibilita eludir as limitacións orzamentarias.

En consecuencia, as alegacións formuladas non supoñen a modificación do informe de fiscalización.

Réplica ás alegacións formuladas ao punto **5.25** (inciso segundo) do informe de fiscalización, relativo aos créditos do programa *312D Servizos sociais de atención ás persoas dependentes*.

Alégase que as transferencias ás que se refire o informe realizáronse con destino ao programa de imprevistos e funcións non clasificadas, ao que non lle afectan as limitacións a que se refire o artigo 9 da Lei de orzamentos e, por outro lado, tramitáronse ao peche do exercicio, cando xa se coñecía o importe exacto da execución do programa 312D, e polo tanto sabíase o remanente de fondos propios do mesmo, e non se produce polo tanto ningún desvío de gasto.

A prohibición normativa de diminución destes créditos non contempla ningunha excepción en función da súa execución; ademais, non se pode aceptar o argumento de que neste programa 312D non era posible unha maior execución de créditos con cargo ao exercicio 2016, xa que existiron imputacións de obrigas ao exercicio seguinte que, aínda non sendo significativas, evidencian a posibilidade dunha maior execución.

En consecuencia, as alegacións formuladas non supoñen a modificación do informe de fiscalización.

Réplica ás alegacións formuladas ao punto **5.25** (inciso terceiro) do informe de fiscalización, relativo ás transferencias de crédito desde o capítulo VIII aos restantes capítulos do orzamento.

Alégase novamente que, de acordo co artigo 68.3 do TRLRFOG, as limitacións das modificacións non afectan ás transferencias de crédito que afecten ao programa 621B.

Efectivamente, as transferencias que se refiran ao programa de imprevistos e funcións non clasificadas quedan exceptuadas das limitacións xerais establecidas no TRLRFOG, por expresa dispensa desa norma, pero a utilización deste programa non debe servir para eludir as limitacións da xestión orzamentaria establecidas de forma singular na propia Lei de orzamentos de cada ano pola contradición que suporía o establecemento daquelas limitacións para seguidamente deixalas sen contido amparándose na excepción dese programa.

En consecuencia, as alegacións formuladas non supoñen a modificación do informe de fiscalización.

Réplica ás alegacións formuladas ao punto **5.27** (inciso cuarto) do informe de fiscalización, relativo ás incidencias manifestadas no expediente AM-11-04-16.

Alégase que esta ampliación de crédito tramitouse ao abeiro do artigo 64.1g) do TRLRFOG fundamentándose no acordo de colaboración subscrito coa Axencia Galega de Innovación e a Consellería de Facenda.

De acordo coa normativa establecida para as modificacións orzamentarias, os créditos do capítulo VIII non figuran entre os créditos que nomeadamente teñen a consideración de ampliáveis; porén, permítese a ampliación de créditos de forma xenérica cando a execución corresponda a unha consellería e a contía se module pola aportación doutras consellerías ou organismos autónomos, o que parece excluír a casos como este onde o suxeito que aporta a financiación é unha axencia pública.

Ademais, segundo os seus estatutos esta actuación ten difícil encaixe entre as competencias e funcións da GAIN, e non figura no expediente de modificación, nin foi aportado coas alegacións, o acordo asinado entre as dúas entidades. Tampouco figura nas contas anuais da GAIN ningunha referencia a este tipo de actuación, nin consta nas base de datos dos convenios asinados pola Xunta de Galicia e polas entidades integrantes do sector público autonómico de Galicia en cumprimento da lei de transparencia e bo goberno.

A maior abundamento, cómpre sinalar que, segundo se desprende dos termos das alegacións, a Axencia está a financiar á Administración xeral na compra dunhas accións e na execución duns dereitos de subscripción que pertencerán á Administración xeral, e que se integran no patrimonio da Administración xeral, cando a axencia é un medio propio e servizo técnico da Administración xeral.

En consecuencia, as alegacións formuladas non supoñen a modificación do informe de fiscalización.

Réplica ás alegacións formuladas ao punto **5.27** (inciso cuarto) do informe de fiscalización, relativo ás incidencias manifestadas no expediente AM-11-06-16 por 75,2 millóns de euros.

Alégase que entre as formas de financiamento previstas no artigo 64.2 do TRLRFOG figuran as empregadas neste expediente: maior endebedamento, dentro dos límites autorizados, e maiores recursos. Ambos requisitos se cumpren neste expediente. Este expediente forma parte dunha solicitude máis ampla de 100.000.000,00 de euros, no que consta informe da Intervención Delegada (TR-23-020-16).

Á vista das alegacións formuladas e do contido do expediente TR-23-020-16, advírtese que o informe da Intervención Delegada, así como tódolos restantes documentos que integran este expediente de modificación orzamentaria, van dirixidos á tramitación dunha transferencia de crédito por importe de 100 millóns de euros desde o programa de imprevistos e funcións non clasificadas. Finalmente, a resolución do conselleiro, desvinculándose deste procedemento, optou por aprobar dúas modificacións orzamentarias: unha ampliación de crédito por 75,2 millóns de euros e unha transferencia de crédito polo resto (24,8 millóns de euros). Cómpre salientar que unha transferencia de crédito conta co financiamento procedente da aplicación onde se minoran os créditos, mentres que no expediente de ampliación debe sinalarse cales van ser os recursos cos que se financia dita ampliación.

Neste sentido, a resolución de aprobación da ampliación por 75,2 millóns de euros sinala como fonte de financiamento a maior capacidade de endebedamento. Porén, non é a maior capacidade de endebedamento senón un maior endebedamento o que contempla o artigo 64 do TRLRFOG como posible fonte de financiamento.

A Intervención Xeral non informou esta ampliación de crédito, senón a tramitación dunha transferencia de crédito desde o programa de imprevistos. Polo tanto, o que reproduce o parágrafo de informe aludido é a circunstancia da insuficiente acreditación da fonte de financiamento coa



mera alusión á capacidade de endebedamento, posta de manifesto pola propia Intervención Xeral para outros expedientes de modificación nos que se aludía ao mesmo fundamento.

En consecuencia, as alegacións formuladas non supoñen a modificación do informe de fiscalización.

Réplica ás alegacións formuladas ao punto **2.26** do informe de fiscalización, relativo ás incorporacións de crédito.

Alégase que, na súa gran maioría, os expedientes de incorporación de créditos corresponden a ingresos afectados. Que as incorporacións de crédito con fondos finalistas deben realizarse obrigatoriamente. Por outro lado, unha parte moi importante das incorporacións de crédito (as correspondentes a fondos europeos e FCI) tramitáronse de forma automática, ao amparo do previsto na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 20 de decembro de 2007, pola que se estableceu o procedemento para a incorporación automática dos remanentes de crédito de exercicios anteriores, polo que non pode figurar nas mesmas unha xustificación da razón pola que non se executaron.

O informe non descoñece que a maioría das incorporacións de créditos corresponden a ingresos afectados, nin o carácter obrigado das incorporacións daqueles créditos financiados con fondos finalistas. Sen prexuízo do procedemento de incorporacións automáticas, a Lei de réxime financeiro e orzamentario esixe a existencia de causas xustificativas para a non utilización do crédito a incorporar, o que parece obvio tendo en conta que a incorporación supón unha prolongación da vixencia temporal do orzamento e unha creba do principio orzamentario de anualidade.

Consta, ademais, que se incorporan créditos financiados tanto con fondos finalistas como con fondos propios libres para atender gastos xa realizados e xustificados no exercicio, amparándose na súa non contabilización, pese a que a lei os limita a aqueles compromisos que non puideran executarse a fin do exercicio por causas xustificadas. En parte dos expedientes de incorporación, a única xustificación desta inexecución parece estar na finalidade do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

O feito de que os dereitos se recoñezan en exercicios anteriores e que resulta notorio que neses exercicios non existen excedentes para financiar os créditos incorporados fai albergar dúbidas sobre a posibilidade de financiamento da totalidade daquelas incorporacións, en especial dos créditos incorporados con cargo a fondos propios libres da Comunidade Autónoma.

En consecuencia, as alegacións formuladas non supoñen a modificación do informe de fiscalización.

Réplica ás alegacións formuladas ao apartado do informe de fiscalización relativo ás incorporacións de créditos cuxa fonte de financiamento é a inexecución a final de exercicio.

Alégase que o crédito incorporado ao Fondo de garantía de avais non se executou na súa meirande parte ao final de exercicio. Concretamente, dos 10,9 millóns de euros incorporados, 8,9 millóns de euros quedaron sen executar. Por outra parte, alégase o compromiso de que desde a Xunta de Galicia estase a impulsar de cara ao establecemento de novos procedementos que permitan mellorar a identificación e o seguimento dos remanentes de tesourería afectados en exercicios orzamentarios futuros.

As alegacións aluden á baixa execución que tivo o crédito incorporado de cara aos efectos sobre o equilibrio orzamentario. É dicir, ao remanente que resultou a final do exercicio orzamentario na aplicación do Fondo de avais, que acadou os 8,9 millóns de euros. Porén, este baixo nivel de execución non cuestiona o exposto no anteproxecto de informe, onde se fai fincapé na falta de concreción dos recursos que financian a incorporación de crédito, máxime cos continuos niveis de déficit orzamentario que se veñen amosando nos últimos exercicios.

En consecuencia, as alegacións formuladas non supoñen a modificación do informe de fiscalización.

Réplica ás alegacións formuladas ao apartado do informe de fiscalización relativo ás xeracións de crédito por ingresos.

Alégase que en todos os expedientes de xeración de crédito faise constar a súa fonte de financiamento e sempre se realizan por importes non previstos no orzamento inicial, quedando garantida a non duplicidade de ingresos. Ademais, o artigo 69 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia permite a xeración de crédito, ademais de con cargo a dereitos recoñecidos e ingresos efectivos, con cargo a compromisos firmes de ingresos.

Neste caso as alegacións non rebaten ningún parágrafo concreto do anteproxecto. Estamos ante observacións formuladas dun xeito xenérico e global á sección do informe adicado ás xeracións de crédito por ingresos, polo que a súa toma en consideración faise depender do resultado das tres seguintes alegacións presentadas, onde se manifesta dun xeito concreto as diferenzas existentes respecto das afirmacións que se fan no informe acerca de determinados expedientes.

Estas alegacións en ningún caso se consideran que desvirtúen o contido do informe, polo que non supoñen a súa modificación.

Réplica ás alegacións formuladas ao apartado **5.30** do informe de fiscalización (inciso primeiro), relativo ao expediente de xeración de crédito XC-23-001-16.

Alégase que tralo establecemento pola lei de orzamentos da posición neta debedora da Comunidade Autónoma no 0,3% do PIB, o Consello de Política Fiscal e Financeira aprobou fixar o obxectivo de déficit para a Comunidade Autónoma de Galicia para este exercicio no 0,7%, é dicir un 0,4% por enriba do inicialmente fixado. Tendo en conta o anterior, procedeuse a tramitar unha xeración de crédito no capítulo 5 da sección 23.

O expediente XC-23-001-16 incorporou ao orzamento 160 millóns de euros ao abeiro da modificación da capacidade de endebedamento. Tal e como se expón no anteproxecto, o expediente foi aprobado sen o preceptivo informe da Intervención Delegada. Con posterioridade á súa aprobación, este centro emitiu o informe, onde precisamente subliña que no expediente non se dan os requisitos que se sinalan no artigo 69 do TRLRFOG para levar a cabo a modificación, na medida en que non existe un ingreso nin un compromiso firme de ingreso. O acordo do Consello de Política Fiscal e Financeira mudando o obxectivo de déficit non basta polo tanto para proceder a esta modificación do orzamento.

En consecuencia, as alegacións formuladas non supoñen a modificación do informe de fiscalización.

Réplica ás alegacións formuladas ao punto **5.30** do informe (inciso segundo), relativo á procedencia da xeración de crédito das primas gandeiras dado o seu carácter extraorzamentario.

Alégase a toma en consideración das recomendacións do informe e, consecuentemente, desde os orzamentos de 2018 estes fondos veñen tendo un tratamento extraorzamentario.

As alegacións comparten o tratamento destes fondos nos termos indicados polo informe.

En consecuencia, non supoñen a modificación do informe de fiscalización.

Réplica ás alegacións formuladas ao punto **5.30** do informe (incisos terceiro, cuarto e quinto), relativos a tres expedientes de xeración de crédito que non contan cunha fonte de ingreso específica.

Alégase que no expediente cóntase co informe da Intervención Delegada. Así mesmo, o exceso de dereitos recoñecidos sobre a orzamentación inicial é de 235.636.149,43 euros, no que está comprendido o aumento da posición neta debedora da Comunidade Autónoma, polo que se permite o incremento do orzamento.

A Orde da Consellería de Economía e Facenda do 3 maio de 1989 sobre documentación e tramitación de expedientes de modificación esixe, respecto das xeracións de crédito, que a consellería ou organismo que solicite a modificación xunte á memoria explicativa unha copia do documento que ampare a xeración de crédito, así como certificado da Intervención Delegada da Consellería de Facenda da aplicación dada ao ingreso ou, no seu caso, certificado do recoñecemento dos dereitos. Engádese ademais que na memoria xustificarase a necesidade de que tal ingreso xere crédito no orzamento de gastos da Comunidade Autónoma.

Á vista da documentación que integra os expedientes XC-06-001-16; XC-06-011-16 e XC-04-003-16, obsérvase que existe en todos eles o informe da Intervención Delegada. Pero no ámbito da Consellería de Facenda –sección 06–, ditos informes veñen a cuestionar ditas xeracións, dado que non queda acreditado no expediente o ingreso ou compromiso de ingreso preciso que lle sirva de xustificación, opinión compartida polo Consello de Contas e que se traslada ao informe de fiscalización.

Por outra parte, as alegacións dan a entender que pese a non estar acreditado no expediente, si que se produciron estes ingresos no orzamento, dado que o exceso de dereitos recoñecidos no capítulo IX do orzamento sobre a previsión inicial é de 235.636.149,43 euros. Ao respecto, cómpre salientar que non pode compartirse esta forma de xustificar as xeracións de crédito por ingresos, pero que, en calquera caso, este importe non alcanza a financiar o incremento do orzamento de gastos producido a través destes tres expedientes e da ampliación de crédito mencionada en páxinas precedentes que goza do mesmo fundamento, que totalizan 252 millóns de euros –17 millóns de euros máis que a indicada cifra de exceso de ingresos–.

En consecuencia, as alegacións formuladas non supoñen a modificación do informe de fiscalización.

Réplica ás alegacións formuladas ao punto **5.33.1** do informe de fiscalización, relativo ao tratamento orzamentario dado aos créditos dotados para atender as obrigas contempladas na Lei 7/2016, do 1 de xullo, pola que se aproba unha retribución de carácter extraordinario para os empregados do sector público autonómico.

Alégase que nos expedientes de referencia transferíronse directamente ás aplicacións afectadas os créditos necesarios desde o fondo de continxencia.

De acordo coas normas orzamentarias sinaladas na propia Lei 7/2016, do 1 de xullo, o artigo único, puntos seis e sete, establece que para atender as obrigas de pagamento derivadas desta lei “concédese un crédito extraordinario no orzamento da sección 23 «Gastos de diversas consellarías», servizo 02 «Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos», programa 621B «Imprevistos e funcións non clasificadas», capítulo I «*Gastos de persoal*», artigo 17 *Fondo de recuperación retributiva*, concepto 171 *Fondo de recuperación retributiva*, por importe de 23.977.872 euros”, con cargo ao cal realizáranse as correspondentes transferencias de crédito para dotar nas seccións do orzamento de gastos da Comunidade Autónoma os créditos precisos para proceder ao aboamento de tal retribución.

Engádesse ademais que o crédito extraordinario financiarase con cargo aos remanentes de crédito en proxección do capítulo I e aos fondos de continxencia a que se refire a disposición transitoria segunda da Lei 12/2015, do 24 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016 –*Fondo de continxencia de execución orzamentaria*–, nos que se practicarán as correspondentes retencións polo centro directivo competente en materia de orzamentos para proceder á súa baixa.

Porén, á vista da contabilización orzamentaria obsérvase que esta non reflicte nin a aprobación dun crédito extraordinario nin a creación do concepto 171 *Fondo de recuperación retributiva*. O tratamento contable adoptado para atender as necesidades xurdidas nestes tres casos citados no informe consistiu na aprobación de sucesivas transferencias de crédito a medida que se precisaban fondos, procedentes do *Fondo de continxencia de execución orzamentaria*.

En consecuencia, as alegacións formuladas non supoñen a modificación do informe de fiscalización.

Réplica ás alegacións formuladas ao punto **5.33.1** do informe de fiscalización, relativo á transferencia de crédito TR-23-034-16, onde se afirma que o traspaso entre os dous fondos non se axusta ao establecido no artigo 55 bis do TRLRFOG e obedece unicamente a facilitar a disposición de ditos fondos sometendo os créditos a unha normativa menos restritiva.

Alégase que a transferencia realizouse ao amparo do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29 de decembro de 2016, polo que se autorizaba o traspaso á aplicación 23.02.621B.520 dos remanentes de fondos non comprometidos correspondentes a fondos propios.

Mediante este expediente o Consello da Xunta acordou o traspaso do saldo do concepto *500. Fondo de continxencia de execución orzamentaria* cara ao concepto *520. Fondo de continxencia. Outros imprevistos*. O feito de que a transferencia de crédito fose aprobada mediante acordo do Consello da Xunta constitúe o aspecto formal esixido no artigo 55.bis do TRLRFOG para poder dispoñer do *Fondo de continxencia de execución orzamentaria*.

Xunto a esta precisa norma de competencia xerárquica, o *Fondo de continxencia de execución orzamentaria*, segundo os aspectos materiais do citado artigo 55.bis do TRLRFOG, unicamente pode ser empregado para o financiamento de ampliacións de crédito, créditos extraordinarios e suplementos de crédito ou incorporacións de crédito vinculados a unha necesidade económica que xustifique a aplicación do fondo, sinalando a estes efectos que no expediente de aplicación do mesmo a sección solicitante de financiación deberá acreditar que non conta coa dispoñibilidade no seu orzamento. Cómpre engadir que o punto 2 in fine do artigo sinala que en ningún caso poderá aplicarse este fondo para financiar modificacións derivadas de decisións discrecionais da Administración e que carecen de cobertura orzamentaria.

A tenor da regulación desta específica partida orzamentaria, consideramos que a súa disposición cara a concepto *520 Fondo de continxencia. Outros imprevistos* aparece desvinculada dunha específica e concreta necesidade económica que xustifique a súa disposición; ao non sinalar un destino específico non se pode xustificar no expediente a falta de fondos na aplicación orzamentaria de destino; e realízase a través dunha tipoloxía de modificación (transferencia de crédito) para a cal non está permitida. Por outra parte, á vista do citado artigo, tampouco se comparte que os remanentes existentes no concepto *500 Fondo de continxencia de execución orzamentaria* poidan ter o mesmo tratamento orzamentario que os remanentes dos restantes conceptos. Estes están

vinculados a operacións económicas de gasto, e na medida en que non sexan utilizados poden transferirse cara ao programa de imprevistos cara á súa posterior asignación.

Polo tanto, consideramos que esta transferencia de crédito responde unicamente á vontade de trasladar o saldo do *Fondo de continxencia de execución orzamentaria* a outro fondo con menos restricións de disposición.

En consecuencia, as alegacións formuladas non supoñen a modificación do informe de fiscalización.

Réplica ás alegacións formuladas ao punto **6.10.** do informe, referido aos pagamentos pendentes máis significativos.

Alégase que os datos que reflicte o cadro 68 "Pagamentos pendentes máis significativos" corresponden ao exercicio 2015, dado que foron enviados por erro por esta Intervención Xeral. Xúntase no anexo II o cadro cos importes pendentes de pagamento a 31 de decembro de 2016 con entidades dependentes da Xunta de Galicia, e incluídas no perímetro de consolidación orzamentario.

Acéptase a alegación e modifícase o informe cos datos actualizados.

Réplica ás alegacións formuladas ao punto **6.10.2** do informe, referido á conciliación dos datos da memoria e da conta de acredores.

Alégase que nos estados maiores de operacións extraorxamentarias existe como agregación separada un grupo específico de conceptos para recoller as operacións extraorxamentarias por IVE (grupo 7). O saldo de 192,77 millóns que figura na memoria é a suma dos saldos correspondentes ao estado de acredores non orxamentarios e ao estado das operacións por IVE (0,57 millóns).

Como se indica que isto xa aconteceu en anos anteriores, e desde este centro directivo quérese facer constar que no trámite de alegacións ao anteproxecto de informe da Conta Xeral do exercicio 2015 a diferenza foi conciliada, sen que se tivera modificado o anteproxecto nin se realizara ningunha réplica á alegación presentada.

Comprobada a conciliación realizada, estímase a alegación, modificándose en consecuencia o informe no senso de retirar a incidencia sinalada tanto neste apartado (6.10.2) como no relativo á conta de dereitos pendentes de cobro de operacións non orzamentarias (punto 6.9. 6).

Réplica ás alegacións formuladas ao apartado VI.3 do informe, referido á conta de tesourería.

Alégase que na actualidade esta dirección xeral está elaborando unha orde na que se regula o funcionamento e xestión das contas bancarias e os fondos integrantes da Tesourería, na que se recolle os distintos tipos de contas, procedemento a seguir para a súa apertura e cancelación, funcionamento e réxime de control. Así mesmo, nesta mesma orde vaise regular o Rexistro de contas autorizadas, establecendo o seu funcionamento e a información que debe conter. A previsión é que antes de finalizar o ano 2018 esta orde estea en vigor.

As alegacións formuladas confirman o indicado no informe e, en consecuencia, non supoñen a súa modificación.

Réplica ás alegacións formuladas aos puntos **6.19** e **6.20** do apartado **VI.4.2** do informe de fiscalización, en relación co cumprimento do obxectivo de débeda e da autorización parlamentaria da VPND da Comunidade Autónoma.

Alégase, en relación co Informe sobre o grao de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, de débeda pública e regra de gasto do exercicio 2016, do 15 de abril de 2017, que este contén un erro ao incluír un importe de -23 millóns de euros na columna relativa aos mecanismos adicionais de financiación, sendo este corrixido no 2º Informe do Ministerio de Hacienda y Función Pública do 13 de outubro de 2017, de xeito que o importe máximo de débeda incrementase dos 10.905 millóns de euros aos 10.930 millóns, permitindo cumprir co obxectivo de débeda con máis folgura. En consecuencia, o importe que figura no punto 5 do cadro 78 correspondente á marxe sobre o obxectivo de débeda autorizado para 2016 debería ser de 63 millóns de euros de acordo co 2º Informe do MINHFP.

Comprobada a observación realizada, estímase a alegación e modifícase en consecuencia o informe no senso de corrixir o importe que figura no punto 5 do cadro 78 correspondente á marxe sobre o obxectivo de débeda autorizado para 2016, así como as cifras de importe total da autorización da Lei de orzamentos para 2016 e de endebedamento non utilizado sobre o límite máximo autorizado.

Réplica ás alegacións formuladas aos puntos **6.21** e **6.22** do apartado **VI.4.4** do informe de fiscalización, en relación coa sostibilidade do endebedamento da Comunidade Autónoma.

Alégase que para realizar unha análise sobre a sostibilidade da débeda deberían considerarse múltiples variables que entran en xogo e que deben ser tidas en conta. Neste senso, faise referencia ao recente informe sobre sostibilidade emitido pola AIREF no mes de marzo de 2018, onde se consideran 14 variables agrupadas en cinco factores e cinco niveis de risco agregado para a sostibilidade, e que conclúe para o caso da Comunidade Autónoma de Galicia cun nivel de risco para a sostibilidade da débeda lixeiramente baixo, reflectindo unha mellor posición relativa fronte á media do conxunto das CC.AA.

O informe de fiscalización da Conta Xeral contén unha análise da sostibilidade do endebedamento baseado en tres variables fundamentais: a capacidade de xeración de aforro bruto, a capacidade de xeración de saldo primario, e a capacidade de repagamento ou devolución da débeda. Dado que o obxectivo non é establecer unha comparativa dos niveis de sostibilidade relativa dos endebedamentos de todas as comunidades autónomas, considérase unha análise suficiente.

Porén o anterior, a metodoloxía de análise da sostibilidade relativa dos endebedamentos autonómicos empregada pola AIREF no citado traballo, incorporárase aos traballos de fiscalización para a realización do *Informe de seguimento da débeda correspondente ao período 2013-2017*, previsto no Plan de traballo do Consello de Contas para o exercicio 2018.

En consecuencia, as alegacións formuladas non supoñen a modificación do informe de fiscalización.

Réplica ás alegacións formuladas ao punto **6.25.1** do apartado **VI.4.6** do informe de fiscalización, en relación cos importes formalizados co ICO.

Alégase, en relación cos importes formalizados co ICO, que estes ascenderon en 2015 e 2016, respectivamente, a 1.542,5 millóns de euros e a 1.862,7 millóns, e que os importes efectivamente desembolsados ascenderon a 1.504,8 millóns e a 1.816,2 millóns, respectivamente.

Comprobada a observación realizada, estímase a alegación, modificándose en consecuencia o informe no senso de corrixir o importe relativo ao novo préstamo ICO subscrito.

Réplica ás alegacións formuladas ao punto **6.26** do apartado **VI.4.6** do informe de fiscalización, en relación co tipo aplicable á operación de préstamo co ICO.

Alégase que o tipo de xuro da operación 1+16 (préstamos Facillidade Financeira 2016) aplicable a partir do 31 de xaneiro de 2016, inicialmente estimado nun 0,842%, na actualidade xa é definitivo e é do 0,396%.

Os datos relativos ás condicións da operación son os que figuran nos contratos subscritos pola Administración autonómica co ICO.

En consecuencia, as alegacións formuladas non supoñen a modificación do informe de fiscalización.

Réplica ás alegacións formuladas ao punto **6.30** do apartado **VI.4.7** do informe de fiscalización, relativo aos avais falidos.

Alégase que non é correcto o sinalado en relación cos falidos, xa que non se produciron falidos por importe de 3.433.600,05 euros, senón que este é o importe dos falidos pagados no exercicio 2016, como consta na información achegada, sinalando que o correcto sería referirse a pagamentos de avais falidos.

Da redacción deste apartado do informe –que vén mantendo a mesma estrutura de informes de anos anteriores– despréndese con claridade que as expresións “falidos” ou “avais falidos” refírense sempre ao pagamento de importes de avais falidos. Neste senso, por exemplo, o cadro 85 recolle os importes de avais falidos, as súas datas de pagamento e o terceiro. A maior abundamento, o cadro 86 é aínda máis explícito ao intitularse *Evolución dos pagamentos por avais falidos 1994-2016*.

En consecuencia, as alegacións formuladas non supoñen a modificación do informe de fiscalización.

Réplica ás alegacións formuladas ao punto **6.30** do apartado **VI.4.7** do informe de fiscalización, relativo ás solicitudes das accións de regreso.

Alégase, en relación coas solicitudes de inicio dos correspondentes expedientes de regreso en 2016, que estes solicítanse á ATRIGA, en lugar de á Dirección Xeral de Tributos.

Comprobada a observación realizada, estímase a alegación, modificándose en consecuencia o informe no senso de corrixir a referencia á Dirección Xeral de Tributos pola de ATRIGA.

Réplica ás alegacións formuladas ao punto **6.33** do apartado **VI.4.7** do informe de fiscalización, en relación coas provisións por posibles insolvencias de créditos a l/p e c/p do IGAPE.

Alégase que as provisións no exercicio fiscalizado sitúanse nun volume de 23,6 millóns de euros, o que representa unha diminución con respecto ao exercicio anterior dun 14,5%.

Comprobada a observación realizada, estímase a alegación, modificándose en consecuencia o informe no senso de corrixir as cifras observadas.

Réplica ás alegacións formuladas ao **Anexo VIII** do informe de fiscalización, relativo ao cadro de préstamos vixentes a 31 de decembro de 2016.

Alégase, en relación co Anexo VIII do informe, que o cadro relativo aos préstamos amosa un saldo vivo da operación 2+15 de 1.504.793.804,93 euros, sinalándose que este foi o importe efectivamente desembolsado no exercicio 2015 (correspondente á operación de Facilidade Financeira de 2015), pero que en xaneiro de 2016 producíronse novos desembolsos por un importe total de 62.610.245,52 euros. Polo que, deste xeito, o saldo vivo desta operación a 31 de decembro de 2016 ascendeu a 1.567.404.050,45 euros e a débeda viva total a 9.966.269.855,30 euros, tal e como figura na Conta de Endebedamento da Comunidade Autónoma correspondente ao exercicio 2016.

Comprobada a observación formulada, estímase a alegación, modificándose en consecuencia os datos do cadro de préstamos do Anexo VIII do informe.

Réplica ás alegacións formuladas ao **Anexo X** do informe de fiscalización, relativo ao cadro de avais formalizados efectivos a 31 de decembro de 2016.

Alégase, en relación co Anexo X do informe, que a D.X. de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos non é a fonte do cadro de avais do anexo, senón que a fonte da información é o IGAPE, organismo ao que lle corresponde a concesión e formalización dos avais.

Comprobada a observación formulada, estímase a alegación, modificando en consecuencia a fonte do cadro de avais do Anexo X do informe.

Réplica ás alegacións formuladas ao punto **6.38** do informe, referido á consideración do Consello de Contas sobre a actualización das tarifas derivadas das peaxes na sombra unicamente ao exercicio económico seguinte.

Alégase que a consideración do Consello de Contas de aplicar a actualización das tarifas cada ano unicamente ao exercicio económico seguinte implicaría, por exemplo, que no exercicio 2020 revisárase a anualidade do ano 2021 para expresar o seu montante en moeda dese exercicio pero o resto de anualidades do contrato figurarían expresadas en euros do ano 2018 (partindo de compromisos contabilizados na actualidade). Esta metodoloxía carece de alcance a efectos comparativos. A aplicación do criterio de prudencia esixe revisar as estimacións de acordo coa información relevante e actualizada tal e como se procedeu nas revisións contractuais de referencia tramitadas no ano 2014, sen que isto signifique que non poden producirse desviacións respecto de dúas variables que non son controladas pola Administración nin polo contratista (demanda e inflación).

O Consello de Contas considera que os compromisos futuros de pago ás concesionarias das autovías non deben incluír a inflación futura e que tan só se deben actualizar, ano a ano, os compromisos do exercicio seguinte, segundo as previsións de inflación e do tráfico esperado para ese ano. Desta forma, a Administración tería cubertos para cada exercicio os gastos polo uso das infraestruturas. Como se sabe, un comportamento prudente da Administración require unha previsión adecuada dos gastos de cada exercicio.

En consecuencia, as alegacións formuladas non supoñen a modificación do informe de fiscalización.

Réplica ás alegacións formuladas ao punto **6.38** (parágrafo terceiro) do informe, referido á contabilización dos compromisos coas empresas concesionarias das autovías no capítulo VI de gastos.

Alégase que a AXI contabilizou os compromisos de gastos relativos aos contratos de concesións no capítulo VI atendendo á natureza principal do gasto, segundo criterios da contabilidade orzamentaria.

Recoñecendo a dificultade da distribución deste gasto entre os capítulos II, III e VI, no informe suxíreselle á Administración que inclúa información na memoria que permita diferenciar, de xeito

aproximado, entre a parte do investimento e a carga financeira, co fin de non ofrecer unha imaxe sobredimensionada dos investimentos. Segundo se deduce da alegación, a Administración non adoptou medidas para dar cumprimento á recomendación.

En consecuencia, as alegacións non supoñen a modificación do informe de fiscalización.

Réplica ás alegacións formuladas ao punto **6.38** (parágrafo cuarto) do informe, referido á insuficiencia dos compromisos contabilizados pola supresión da peaxe na AP-9.

Alégase que con data 22 de maio de 2006 asinouse o convenio de colaboración entre a Administración xeral do Estado, a Xunta de Galicia e Autopistas do Atlántico Concesionaria Española, Sociedade Anónima, polo que se modifican determinados termos da concesión para a construción, conservación e explotación da autoestrada do Atlántico AP-9, que ostenta a dita sociedade, para que esta última deixe de cobrar aos usuarios a peaxe correspondente polos percorridos Morrazo-Vigo, e A Coruña-A Barcala e inversos. Na súa cláusula quinta establecíase que a Xunta de Galicia, dentro de cada exercicio económico, incluíría con cargo aos seus orzamentos xerais as contías dos pagos que debería satisfacer a Audasa no exercicio seguinte.

Mediante o Real decreto 803/2017, do 28 de xullo, polo que se modifica o “Convenio entre la Administración General del Estado, la Xunta de Galicia y Autopistas del Atlántico, Concesionaria Española, Sociedad Anónima, aprobado por Real Decreto 633/2006, de 19 de mayo” (BOE 29/07/2017), a retribución a Audasa pola supresión do cobro da peaxe contemplada no convenio orixinal pasa a ser asumida na súa totalidade pola Administración xeral do Estado mediante a realización dos correspondentes pagos ata o 18 de agosto de 2048, final do prazo da concesión da autoestrada AP-9.

No informe sinálase que as previsións de compromisos futuros foron inferiores ao gasto realmente producido no período 2007 a 2016. O convenio obriga a reservar para o exercicio seguinte a cantidade necesaria para facer fronte á factura emitida en cada exercicio económico. Para determinar a contía a reservar, teranse en conta as previsións de tráfico que resulten da avaliación dos tránsitos dos anos anteriores. Por isto, mantense a recomendación para que a Administración axuste, cun criterio prudente, os compromisos á execución real en función do tráfico de anos anteriores e da información dispoñible cara ao futuro.

O Real decreto 803/2017, do 28 de xullo, aprobado con posterioridade ao exercicio fiscalizado, non afecta ao disposto no informe sobre a insuficiencia das previsións dos compromisos futuros.

En consecuencia, as alegacións non supoñen a modificación do informe de fiscalización.



ANEXOS

ANEXO I: SECCIÓNS ORZAMENTARIAS 2016

Estrutura aprobada polo Decreto 116/2015, do 4 de outubro e Decreto 129/2015, do 8 de outubro	
Sección	Descrición
01	Parlamento
02	Consello de Contas
03	Consello da Cultura Galega
04	Presidencia da Xunta
05	Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
06	Consellería de Facenda
07	Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio
08	Consellería de Infraestruturas e Vivenda
09	Consellería de Economía, Emprego e Industria
10	Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
11	Consellería de Sanidade
12	Consellería de Política Social
13	Consellería do Medio Rural
14	Consellería do Mar
20	Consello Consultivo de Galicia
21	Transferencias a Corporacións Locais
22	Débeda Pública da Comunidade Autónoma
23	Gastos de diversas consellerías

Fonte: Memoria Conta Xeral 2016

ANEXO II: EVOLUCIÓN ORZAMENTOS INICIAIS DE INGRESOS E GASTOS 2012-2016

(Miles de euros)

Créditos iniciais	2012	2013	2014	2015	2016	V 12-13	V 13-14	V 14-15	V 15-16
Gastos de persoal	1.977.678	1.819.628	1.801.197	1.806.196	1.891.233	-7,99%	-1,01%	0,28%	4,71%
Gasto corrente	506.447	487.775	489.151	488.694	510.537	-3,69%	0,28%	-0,09%	4,47%
Gastos financeiros	293.184	297.300	350.421	334.740	270.249	1,40%	17,87%	-4,48%	-19,27%
Transferencias correntes	4.628.267	4.298.536	4.248.949	4.283.974	4.479.371	-7,12%	-1,15%	0,82%	4,56%
Fondo de continxencia	0	7.779	32.181	52.420	12.949	0	313,69%	62,89%	-75,30%
A. Gastos correntes	7.405.576	6.911.018	6.921.899	6.966.024	7.164.339	-6,68%	0,16%	0,64%	2,85%
Investimentos reais	401.605	251.836	234.666	245.427	281.759	-37,29%	-6,82%	4,59%	14,80%
Transferencias de capital	1.088.674	1.065.870	1.036.494	1.017.304	1.168.262	-2,09%	-2,76%	-1,85%	14,84%
B. Gastos capital	1.490.279	1.317.706	1.271.160	1.262.731	1.450.022	-11,58%	-3,53%	-0,66%	14,83%
I. Gastos non financeiros (A+B)	8.895.855	8.228.724	8.193.059	8.228.754	8.614.361	-7,50%	-0,43%	0,44%	4,69%
Activos financeiros	123.733	93.654	90.351	95.794	93.000	-24,31%	-3,53%	6,02%	-2,92%
Pasivos financeiros	537.931	814.713	1.722.771	1.182.555	1.330.200	51,45%	111,46%	-31,36%	12,49%
II. Gastos financeiros	661.664	908.367	1.813.122	1.278.349	1.423.200	37,29%	99,60%	-29,49%	11,33%
Total (I+II)	9.557.519	9.137.091	10.006.181	9.507.103	10.037.561	-4,40%	9,51%	-4,99%	5,58%
Previsións ingresos	2012	2013	2014	2015	2016	V 12-13	V 13-14	V 14-15	V 15-16
Impostos directos	2.030.159	1.912.627	1.937.444	2.019.852	2.194.298	-5,79%	1,30%	4,25%	8,64%
Impostos indirectos	2.958.639	2.943.769	3.133.418	3.117.547	3.242.799	-0,50%	6,44%	-0,51%	4,02%
Taxas, prezos e outros ingresos	118.904	118.593	92.192	87.809	95.289	-0,26%	-22,26%	-4,75%	8,52%
Transferencias correntes	2.487.782	2.184.895	1.821.274	2.037.496	2.258.976	-12,17%	-16,64%	11,87%	10,87%
Ingresos patrimoniais	12.607	12.323	17.230	13.005	10.300	-2,25%	39,82%	-24,52%	-20,80%
A. Ingresos correntes	7.608.091	7.172.207	7.001.558	7.275.710	7.801.662	-5,73%	-2,38%	3,92%	7,23%
Alleamento de investimentos	1.749	434	75	150	160	-75,19%	-82,72%	100,00%	6,67%
Transferencias de capital	623.290	551.034	494.969	529.325	574.869	-11,59%	-10,17%	6,94%	8,60%
B. Ingresos de capital	625.039	551.468	495.044	529.475	575.029	-11,77%	-10,23%	6,96%	8,60%
I. Ingresos non financeiros (A+B)	8.233.130	7.723.675	7.496.602	7.805.185	8.376.691	-6,19%	-2,94%	4,12%	7,32%
Activos financeiros	628	1.279	2.174	2.107	16.071	103,66%	69,98%	-3,09%	662,80%
Pasivos financeiros	1.323.761	1.412.137	2.507.406	1.699.811	1.644.799	6,68%	77,56%	-32,21%	-3,24%
II. Ingresos financeiros	1.324.389	1.413.416	2.509.580	1.701.918	1.660.870	6,72%	77,55%	-32,18%	-2,41%
Total (I+II)	9.557.519	9.137.091	10.006.182	9.507.103	10.037.561	-4,40%	9,51%	-4,99%	5,58%

Fonte: Liquidación do orzamento



ANEXO III: EVOLUCIÓN OBRIGAS E DEREITOS RECOÑECIDOS 2012-2016

(Importes en miles de euros)

Obrigas recoñecidas	2012	2013	2014	2015	2016	V 12-13	V 13-14	V 14-15	V 15-16
Gastos de persoal	1.805.232	1.792.724	1.794.233	1.840.384	1.892.062	-0,69%	0,08%	2,57%	2,81%
Gasto corrente	508.432	499.645	480.967	470.080	480.533	-1,73%	-3,74%	-2,26%	2,22%
Gastos financeiros	255.727	298.629	349.567	295.707	260.329	16,78%	17,06%	-15,41%	-11,96%
Transferencias correntes	4.740.328	4.556.302	4.355.488	4.641.586	4.758.484	-3,88%	-4,41%	6,57%	2,52%
A. Gastos correntes	7.309.719	7.147.300	6.980.255	7.247.758	7.391.408	-2,22%	-2,34%	3,83%	1,98%
Investimentos reais	293.330	246.508	179.403	261.233	239.025	-15,96%	-27,22%	45,61%	-8,50%
Transferencias de capital	1.095.698	1.017.302	977.026	1.153.891	1.051.079	-7,15%	-3,96%	18,10%	-8,91%
B. Gastos capital	1.389.028	1.263.810	1.156.429	1.415.124	1.290.104	-9,01%	-8,50%	22,37%	-8,83%
I. Gastos non financeiros (A+B)	8.698.747	8.411.110	8.136.684	8.662.882	8.681.512	-3,31%	-3,26%	6,47%	0,22%
Activos financeiros	192.143	103.975	121.498	100.008	118.303	-45,89%	16,85%	-17,69%	18,29%
Pasivos financeiros	498.181	1.006.713	1.417.582	1.247.025	1.306.663	102,08%	40,81%	-12,03%	4,78%
II. Gastos financeiros	690.324	1.110.688	1.539.080	1.347.033	1.424.966	60,89%	38,57%	-12,48%	5,79%
Total (I+II) (*)	9.389.071	9.521.798	9.675.764	10.009.914	10.106.478	1,41%	1,62%	3,45%	0,96%

Dereitos recoñecidos	2012	2013	2014	2015	2016	V 12-13	V 13-14	V 14-15	V 15-16
Impostos directos	2.019.966	2.023.413	1.999.416	2.089.475	2.257.260	0,17%	-1,19%	4,50%	8,03%
Impostos indirectos	2.733.396	2.892.246	3.141.436	3.151.003	3.221.999	5,81%	8,62%	0,30%	2,25%
Taxas, prezos e outros ingresos	104.990	114.365	105.491	113.700	93.312	8,93%	-7,76%	7,78%	-17,93%
Transferencias correntes	2.265.197	2.158.411	1.810.982	2.083.470	2.218.685	-4,71%	-16,10%	15,05%	6,49%
Ingresos patrimoniais	15.646	33.876	19.468	8.715	13.561	116,52%	-42,53%	-55,24%	55,61%
A. Ingresos correntes	7.139.195	7.222.311	7.076.793	7.446.363	7.804.817	1,16%	-2,01%	5,22%	4,81%
Alleamento de investimentos	536	1.114	2.095	1.848	1.587	107,84%	88,06%	-11,80%	-14,14%
Transferencias de capital	632.803	631.690	535.718	734.795	428.037	-0,18%	-15,19%	37,16%	-41,75%
B. Ingresos de capital	633.339	632.804	537.813	736.643	429.623	-0,08%	-15,01%	36,97%	-41,68%
I. Ingresos non financeiros (A+B)	7.772.534	7.855.115	7.614.606	8.183.006	8.234.440	1,06%	-3,06%	7,46%	0,63%
Activos financeiros	7.318	4.365	13.744	21.374	19.845	-40,35%	214,87%	55,51%	-7,15%
Pasivos financeiros	1.624.450	1.880.900	2.198.129	1.751.535	1.880.435	15,79%	16,87%	-20,32%	7,36%
II. Ingresos financeiros	1.631.768	1.885.265	2.211.873	1.772.909	1.900.280	15,54%	17,32%	-19,85%	7,18%
Total (I+II)	9.404.302	9.740.380	9.826.479	9.955.915	10.134.720	3,57%	0,88%	1,32%	1,80%

Fonte: Liquidación do orzamento

(*) O Total das obrigas recoñecidas no ano 2016, por importe de 10.106.478 miles de euros, non coincide co reflectido no Informe-memoria (10.106.474 miles de euros).

ANEXO IV: SUBVENCIONS E TRANSFERENCIAS A ENTIDADES PÚBLICAS (ARTIGOS 43, 44, 73 E 74). EJERCICIO 2016. (EUROS)

Denominación	Obrigas
Organismos autónomos	
SERVIZO GALEGO DE SAÚDE CGA	3.549.593.316,26
FONDO GALEGO DE GARANTÍA AGRARIA (FOGGA)-PAGAMENTOS FEADER	245.998.962,16
INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO	71.952.707,81
INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL	4.773.369,88
INSTITUTO GALEGO DE CONSUMO	4.054.105,48
INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA	3.921.558,09
INSTITUTO DE ESTUDOS DO TERRITORIO	3.087.624,32
ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	2.887.329,59
ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA	2.113.704,52
CONSELLO GALEGO DA COMPETENCIA	295.062,00
Entidades públicas de asesoramento	
CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS	1.032.233,34
CONSELLO ECONÓMICO E SOCIAL	808.765,00
Axencias	
AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS	226.745.485,73
AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA	80.916.709,28
INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA	47.398.518,12
AXENCIA TURISMO DE GALICIA	39.391.037,46
AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN	34.636.720,10
AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL	22.161.283,96
AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA	19.278.150,30
INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA	12.561.485,70
AXENCIA GALEGA DE SERVIZOS SOCIAIS	12.512.295,27
C.I.X.T.E.C.	9.980.960,09
AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS (AGADIC)	9.957.644,56
AXENCIA GALEGA DE EMERXENCIAS (AXGE)	6.406.031,44
INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL MEDIO MARIÑO	3.279.488,68
AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO	2.680.770,51
INSTITUTO GALEGO DA CALIDADE ALIMENTARIA	2.146.085,19
AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS	395.050,41
Entidades públicas empresariais	
ENTE PÚBLICO AUGAS DE GALICIA	559.743,08
PORTOS DE GALICIA	4.271.449,61
CONSELLO ASESOR DE RTVE EN GALICIA CGA	50.436,00
Sociedades mercantís	
GALICIA CALIDADE, S.A.	672.000,00
TELEVISIÓN GALICIA, S.A.	256.000,00
XENÉTICA FONTAO, S.A.	150.000,00

Denominación	Obrigas
Consortios	
CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR	57.397.851,14
CONSORCIO PROV. A CORUÑA PRESTAC. SERV. INCEND.	3.296.799,66
CONSORCIO PROV. LUGO PREST. SERVIZO CONTRA	2.060.425,80
CONSORCIO PROVINCIAL DE OURENSE PARA O S	1.219.541,15
CONSORCIO AX. PARA A CALIDADE DO SIST.UNIVERSITARIO DE GALICIA	1.204.955,00
CONSORCIO PRVOVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A PRESTAC.	840.000,00
CONSORCIO BOMBEIROS DEZA-TABEIRÓS-TERRA DE MONTES	405.519,26
CONSORCIO PARA O DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓNS DE XESTIÓN UNIVERSITARIA	190.000,00
CONSORCIO PARA O SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO	102.289,51
CONSORCIO SERV.CONTRA INCENDIOS E SALV.COMARC.	87.577,19
CONSORCIO CONTRA INCENDIOS E DE SALVAMENTO	80.435,53
Fundacións	
FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA	9.394.752,45
FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO	1.741.384,00
FUNDACIÓN GALEGA PARA O IMPULSO DA AUTONOMÍA	1.052.388,78
FUNDACIÓN CENTRO GALEGO DA ARTESANÍA	696.300,00
FUNDACIÓN ROF CODINA	644.997,21
FUNDACIÓN GALICIA EUROPA	604.407,39
FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA CARNE	486.547,88
CENTRO TECNOLÓXICO DO MAR	427.143,08
FUNDACIÓN GALEGA DA FORMACIÓN PARA O TRABALLO	412.290,53
FUNDACIÓN CAMILO JOSÉ CELA	257.294,00
FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA	238.701,63
FUNDACIÓN FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE OURENSE	107.050,00
FUNDACIÓN FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE LUGO	77.769,23
FUNDACIÓN DE EXPOSICIÓNS E CONGRESOS DA ESTRADA	45.300,00
INSTITUTO FEIRAL DE VIGO	26.400,00
FUNDACIÓN DO INSTITUTO FEIRAL DA CORUÑA (IFECO)	15.000,00
Universidades	
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	161.065.012,82
UNIVERSIDADE DE VIGO	118.343.195,58
UNIVERSIDADE DA CORUÑA	96.125.271,11
CONSORCIO INSTITUTO TECNOLÓXICO DE MATEMÁTICA	105.268,85
PADROADO DO CENTRO DA UNIVERSIDADE A DISTANCIA DA CORUÑA	85.320,75
UNED CENTRO ASOCIADO PONTEVEDRA	77.304,62
UNED CENTRO ASOCIADO OURENSE	50.753,47
UNED CENTRO ASOCIADO LUGO	49.821,16
GRUPO COMPOSTELA DE UNIVERSIDADES	12.610,00
Outras institucións	
VALEDOR DO POBO	6.700,00
Total artigos 43, 44, 73 e 74	4.887.911.797,07

Fonte: Conta Xeral da Administración da Comunidade Autónoma

ANEXO V: TRANSFERENCIAS E SUBVENCIONS A CORPORACIONS LOCAIS (ARTIGOS 46 E 76). EXERCICIO 2016. (EUROS)

ENTIDADE	IMPORTE
DEPUTACIONS	
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA	447.935,97
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO	131.761,53
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE	49.297,69
CONCELLOS	
CONCELLO DA CORUÑA	10.860.704,61
CONCELLO DE VIGO	9.434.446,25
CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	7.527.159,27
CONCELLO DE OURENSE	5.552.538,58
CONCELLO DE LUGO	5.060.911,05
CONCELLO DE FERROL	4.221.309,71
CONCELLO DE PONTEVEDRA	3.213.528,22
CONCELLO DE VILALBA	2.958.223,91
CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA	2.472.574,18
CONCELLO DE NARÓN	2.374.939,83
CONCELLO DE LALÍN	2.189.350,11
CONCELLO DA ESTRADA	2.167.188,06
CONCELLO DE PONTEAREAS	2.163.762,08
CONCELLO DE ARTEIXO	2.135.372,29
CONCELLO DE REDONDELA	2.116.355,59
CONCELLO DE OLEIROS	2.084.763,86
CONCELLO DE CARBALLO	2.071.109,15
CONCELLO DE CANGAS	1.853.618,41
CONCELLO DE RIBEIRA	1.850.039,57
CONCELLO DE MOS	1.808.052,20
CONCELLO DE BOIRO	1.725.654,69
CONCELLO DE OZA CESURAS	1.723.056,37
CONCELLO DE AMES	1.669.424,91
CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ	1.647.580,21
CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS	1.622.448,05
CONCELLO DE VIVEIRO	1.593.412,16
CONCELLO DE CULLEREDO	1.593.132,66
CONCELLO DE MARÍN	1.571.628,83
CONCELLO DE CAMBRE	1.548.750,34
CONCELLO DE COTOBADE	1.535.002,64
CONCELLO DE ORTIGUEIRA	1.528.668,76
CONCELLO DO PORRIÑO	1.480.031,36
CONCELLO DE SANTA COMBA	1.380.978,54
CONCELLO DE SARRIA	1.376.000,80
CONCELLO DE FENE	1.316.935,87
CONCELLO DO CARBALLIÑO	1.262.588,41
CONCELLO DE NOIA	1.256.293,03
CONCELLO DE FOZ	1.255.584,68
CONCELLO DE VERÍN	1.219.603,78



ENTIDADE	IMPORTE
CONCELLO DE SANXENXO	1.215.576,64
CONCELLO DE MURAS	1.191.696,29
CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS	1.167.887,05
CONCELLO DE CAMBADOS	1.156.305,02
CONCELLO DA CAÑIZA	1.144.465,57
CONCELLO DE ORDES	1.142.928,35
CONCELLO DA LARACHA	1.141.194,85
CONCELLO DE TOMIÑO	1.139.569,86
CONCELLO DE BETANZOS	1.135.141,90
CONCELLO DE SADA	1.129.782,01
CONCELLO DE TEO	1.127.494,72
CONCELLO DE VALGA	1.126.524,19
CONCELLO DO GROVE	1.117.135,03
CONCELLO DE SILLEDA	1.102.812,26
CONCELLO DE PORTO DO SON	1.089.915,66
CONCELLO DE CERCEDA	1.082.704,48
CONCELLO DE GUITIRIZ	1.077.907,99
CONCELLO DE CURTIS	1.074.548,81
CONCELLO DE CERDEDO	1.067.463,84
CONCELLO DE VIMIANZO	1.056.350,60
CONCELLO DA FONSAGRADA	1.037.669,53
CONCELLO DE MELIDE	1.037.253,76
CONCELLO DE NEGREIRA	1.023.157,02
CONCELLO DE MOAÑA	1.020.441,45
CONCELLO DE ABADÍN	1.009.154,08
CONCELLO DE CERVO	998.539,91
CONCELLO DE CHANTADA	992.102,33
CONCELLO DE PALAS DE REI	983.562,77
CONCELLO DE OUTEIRO DE REI	978.758,11
CONCELLO DE BURELA	978.477,34
CONCELLO DE RIBADEO	975.598,65
CONCELLO DE OUTES	970.970,88
CONCELLO DE VILA DE CRUCES	964.592,60
CONCELLO DE ANTAS DE ULLA	962.523,73
CONCELLO DE TUI	952.870,67
CONCELLO DE BOQUEIXÓN	936.874,92
CONCELLO DE VILAMARÍN	933.154,29
CONCELLO DE NIGRÁN	912.454,88
CONCELLO DE MAZARICOS	912.173,75
CONCELLO DE PONTEDEUME	902.766,19
CONCELLO DE FRIOL	894.588,99
CONCELLO DE XINZO DE LIMIA	891.919,47
CONCELLO DE RIBADAVIA	889.930,10
CONCELLO DE RIANXO	874.518,29
CONCELLO DE FORCAREI	870.723,24
CONCELLO DE CEDEIRA	868.703,57
CONCELLO DE CHANDREXA DE QUEIXA	858.692,82
CONCELLO DE POIO	852.722,74
CONCELLO DE CARBALLEDO	849.458,94
CONCELLO DO SAVIÑAO	848.848,41

Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma. Exercicio 2016

ENTIDADE	IMPORTE
CONCELLO DE MUROS	847.755,25
CONCELLO DE PADRÓN	841.689,06
CONCELLO DE QUIROGA	839.743,05
CONCELLO DO VICEDO	829.950,22
CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS	822.475,95
CONCELLO DE GONDOMAR	822.082,71
CONCELLO DE CELANOVA	821.884,49
CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA	817.409,69
CONCELLO DE ARBO	814.354,44
CONCELLO DE CAMARIÑAS	809.261,85
CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO	805.380,08
CONCELLO DE MONDOÑEDO	799.875,32
CONCELLO DE DUMBRÍA	798.317,75
CONCELLO DA BAÑA	793.855,20
CONCELLO DE ALLARIZ	787.188,15
CONCELLO DE BEGONTE	783.531,72
CONCELLO DE ABEGONDO	780.845,60
CONCELLO DA POBRA DO CARAMIÑAL	779.352,12
CONCELLO DE VEDRA	776.482,41
CONCELLO DE VALDOVIÑO	775.215,12
CONCELLO DE XOVE	772.300,74
CONCELLO DE CALDAS DE REIS	768.325,42
CONCELLO DE ARES	766.503,48
CONCELLO DE AGOLADA	766.400,42
CONCELLO DE SOUTOMAIOR	754.594,97
CONCELLO DE PANTÓN	753.968,96
CONCELLO DE BARREIROS	753.844,51
CONCELLO DE CUNTIS	753.004,89
CONCELLO DE DODRO	752.530,77
CONCELLO DAS NEVES	746.795,43
CONCELLO DA GUARDA	741.553,28
CONCELLO DE BAIONA	729.523,31
CONCELLO DE OUROL	725.075,11
CONCELLO DE TOURO	724.114,49
CONCELLO DE COSPEITO	721.294,28
CONCELLO DA PASTORIZA	713.279,92
CONCELLO DE TABOADA	705.727,50
CONCELLO DE BECERREÁ	703.935,16
CONCELLO DO VALADOURO	702.755,61
CONCELLO DA VEIGA	699.559,08
CONCELLO DE NEDA	697.867,46
CONCELLO DE VIANA DO BOLO	692.907,55
CONCELLO DE MONTERREI	685.205,60
CONCELLO DA LAMA	685.047,53
CONCELLO DE BUEU	684.837,65
CONCELLO DE CABANA	680.977,54
CONCELLO DE CASTRO DE REI	672.268,44
CONCELLO DE RODEIRO	670.408,78
CONCELLO DE MAÑON	669.747,01
CONCELLO DAS SOMOZAS	667.974,80

ENTIDADE	IMPORTE
CONCELLO DE BERGONDO	665.515,39
CONCELLO DE OÍMBRA	664.985,05
CONCELLO DE BANDE	664.699,16
CONCELLO DE XERMADE	662.969,48
CONCELLO DE ARZÚA	656.449,77
CONCELLO DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS	655.930,27
CONCELLO DE BARBADÁS	654.798,65
CONCELLO DE NOGUEIRA DE RAMUÍN	653.178,42
CONCELLO DE CASTROVERDE	647.289,13
CONCELLO DO CORGO	644.486,91
CONCELLO DE PONTECESO	640.949,45
CONCELLO DE GUNTÍN	640.205,96
CONCELLO DE MACEDA	634.764,58
CONCELLO DE BRIÓN	634.678,78
CONCELLO DO PEREIRO DE AGUIAR	629.066,21
CONCELLO DE PORTOMARÍN	628.956,10
CONCELLO DE ZAS	627.866,43
CONCELLO DE SOBER	623.649,14
CONCELLO DE LOUSAME	617.664,61
CONCELLO DE CABANAS	616.229,19
CONCELLO DE CARÍÑO	612.341,21
CONCELLO DE ROIS	598.540,44
CONCELLO DE MIÑO	597.782,24
CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS	597.505,15
CONCELLO DE MUGARDOS	591.624,56
CONCELLO DE MONDARIZ	591.561,69
CONCELLO DE SARREAUS	591.281,82
CONCELLO DE CARNOTA	589.400,47
CONCELLO DE LOBIOS	586.329,68
CONCELLO DE TOÉN	582.119,14
CONCELLO DE SOBRADO	580.719,74
CONCELLO DE COVELO	578.527,03
CONCELLO DE RIORTORTO	577.663,96
CONCELLO DE BARALLA	572.512,98
CONCELLO DE FOLGOSO DO COUREL	571.835,72
CONCELLO DE MUÍÑOS	569.931,15
CONCELLO DE SAN SADURNIÑO	567.867,12
CONCELLO DE SAN CRISTOVO DE CEA	564.406,45
CONCELLO DA PONTENOVA	560.267,03
CONCELLO DE PONTE CALDELAS	559.960,32
CONCELLO DO ROSAL	558.693,25
CONCELLO DE VILASANTAR	550.383,93
CONCELLO DE AVIÓN	548.639,98
CONCELLO DE ARANGA	546.140,19
CONCELLO DA RÚA	540.002,87
CONCELLO DE FISTERRA	537.546,86
CONCELLO DE CUALEDRO	532.221,76
CONCELLO DE TORDOIA	528.945,16
CONCELLO DE MEAÑO	527.067,32
CONCELLO DE LÁNCARA	526.646,01

Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma. Exercicio 2016

ENTIDADE	IMPORTE
CONCELLO DO PINO	524.112,41
CONCELLO DE RIBADUMIA	522.773,28
CONCELLO DE VAL DO DUBRA	515.529,22
CONCELLO DE BALEIRA	514.438,26
CONCELLO DE BOIMORTO	513.814,53
CONCELLO DE TRAZO	513.721,06
CONCELLO DE CORISTANCO	512.883,67
CONCELLO DE MONTEDERRAMO	512.349,74
CONCELLO DE NAVIA DE SUARNA	511.094,50
CONCELLO DAS NOGAIS	510.065,50
CONCELLO DE CARRAL	508.873,47
CONCELLO DE POL	508.107,90
CONCELLO DE CEE	500.692,81
CONCELLO DE ALFOZ	498.896,54
CONCELLO DE CASTRELO DE MIÑO	497.198,36
CONCELLO DE VILABOA	492.368,15
CONCELLO DE LAZA	490.565,21
CONCELLO DE CALVOS DE RANDÍN	487.690,72
CONCELLO DE CATOIRA	487.447,13
CONCELLO DE MONTERROSO	484.753,55
CONCELLO DO PÁRAMO	482.299,34
CONCELLO DE LEIRO	477.988,33
CONCELLO DE LOURENZÁ	474.977,47
CONCELLO DE OROSO	473.098,33
CONCELLO DE CERVANTES	467.919,29
CONCELLO DE TOQUES	461.821,73
CONCELLO DE CRECENTE	456.575,31
CONCELLO DE BÓVEDA	455.569,37
CONCELLO DE OIA	455.216,12
CONCELLO DO IRIXO	450.952,67
CONCELLO DE RIÓS	450.627,04
CONCELLO DA PEROXA	445.621,15
CONCELLO DE MORAÑA	443.619,31
CONCELLO DE MONFERO	438.032,78
CONCELLO DE RIBAS DE SIL	436.477,39
CONCELLO DE BAÑOS DE MOLGAS	436.246,34
CONCELLO DE MELÓN	434.796,02
CONCELLO DE VILARMAIOR	427.977,29
CONCELLO DE MESÍA	425.149,41
CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN	422.867,62
CONCELLO DE CARTELE	422.543,03
CONCELLO DE MUXÍA	422.246,02
CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN	420.701,33
CONCELLO DE PADRENDA	418.254,84
CONCELLO DE PIÑOR	417.824,97
CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO	415.842,83
CONCELLO DE MASIDE	414.626,55
CONCELLO DE COIRÓS	413.302,22
CONCELLO DE TRABADA	408.158,62
CONCELLO DE VILAR DE BARRIO	405.179,36



ENTIDADE	IMPORTE
CONCELLO DE PARADELA	401.425,99
CONCELLO DE MEIS	398.576,90
CONCELLO DE CARBALLEDA DE AVIA	392.757,46
CONCELLO DE MANZANEDA	391.880,57
CONCELLO DE VILARIÑO DE CONSO	389.736,79
CONCELLO DE SANDIÁS	389.678,33
CONCELLO DE CAMPO LAMEIRO	389.461,43
CONCELLO DE PORQUEIRA	389.317,99
CONCELLO DE PONTECESURES	388.228,39
CONCELLO DE FRADES	385.311,59
CONCELLO DE LAXE	380.626,14
CONCELLO DE VILARDEVÓS	375.864,91
CONCELLO DE SANTISO	375.005,34
CONCELLO DE IRIXOA	373.591,79
CONCELLO DE PADERNE DE ALLARIZ	365.947,37
CONCELLO DE CORTEGADA	365.629,75
CONCELLO DA BOLA	363.750,36
CONCELLO DE RUBIÁ	357.788,28
CONCELLO DA POBRA DE TRIVES	356.976,40
CONCELLO DE CASTRELO DO VAL	355.459,56
CONCELLO DE SAMOS	351.230,48
CONCELLO DE RAIRIZ DE VEIGA	347.513,26
CONCELLO DE FORNELOS DE MONTES	343.641,69
CONCELLO DE CERDIDO	340.187,43
CONCELLO DE COLES	339.294,70
CONCELLO DE BARRO	338.333,17
CONCELLO DE RÁBADE	337.027,24
CONCELLO DE VILAR DE SANTOS	335.791,75
CONCELLO DA GUDIÑA	335.744,06
CONCELLO DE CASTRO CALDELAS	334.392,26
CONCELLO DE ENTRIMO	333.656,23
CONCELLO DE AMOEIRO	331.754,18
CONCELLO DA ILLA DE AROUSA	331.722,94
CONCELLO DO INCIO	324.399,78
CONCELLO DA MERCA	321.507,95
CONCELLO DE XUNQUEIRA DE AMBÍA	321.471,45
CONCELLO DE RAMIRÁS	321.352,81
CONCELLO DE PORTAS	321.194,12
CONCELLO DA MEZQUITA	315.965,44
CONCELLO DE BOBORÁS	315.952,82
CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN	314.861,06
CONCELLO DO BOLO	313.036,13
CONCELLO DA ARNOIA	312.637,28
CONCELLO DE MEIRA	312.210,49
CONCELLO DE PADERNE	309.039,54
CONCELLO DE PONTEDEVA	304.777,46
CONCELLO DE BEARIZ	296.970,67
CONCELLO DE VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	296.545,07
CONCELLO DE CARBALLEDA DE VALDEORRAS	294.058,72
CONCELLO DA CAPELA	284.248,91

Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma. Exercicio 2016

ENTIDADE	IMPORTE
CONCELLO DE TRASMIRAS	283.977,41
CONCELLO DE BALTAR	283.184,00
CONCELLO DE Verea	282.797,79
CONCELLO DE PETÍN	279.032,48
CONCELLO DE PARADA DE SIL	268.591,04
CONCELLO DE TABOADELA	264.760,11
CONCELLO DE LOBEIRA	253.444,73
CONCELLO DE CORCUBIÓN	242.622,39
CONCELLO DE ESGOS	238.132,70
CONCELLO DOS BLANCOS	236.521,00
CONCELLO DE TRIACASTELA	235.146,52
CONCELLO DE CENLLE	232.723,90
CONCELLO DE BEADE	219.497,10
CONCELLO DE SAN XOAN DE RÍO	219.307,02
CONCELLO DE NEGUEIRA DE MUÑIZ	215.956,48
CONCELLO DE DOZÓN	210.688,99
CONCELLO DE XUNQUEIRA DE ESPADANEDO	205.037,66
CONCELLO DE MOECHE	195.991,46
CONCELLO DE QUINTELA DE LEIRADO	191.611,74
CONCELLO DE MONDARIZ-BALNEARIO	190.275,82
CONCELLO DE GOMESENDE	183.640,67
CONCELLO DE SAN AMARO	178.109,67
CONCELLO DE PUNXÍN	168.327,78
CONCELLO DA TEIXEIRA	163.492,40
CONCELLO DE LAROUCO	159.948,59
MANCOMUNIDADES	
MANCOMUNIDADE INTERMUNICIPAL VOLUNTARIA DO RIBEIRO	861.017,84
MANCOMUNIDADE VOLUNTARIA DE MUNICIPIOS DA COMARCA DE ORDES	746.691,83
MANCOMUNIDADE INTERMUNICIPAL VOLUNTARIA	693.793,27
MANCOMUNIDADE DO SALNÉS-CAMBADOS	532.732,43
MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS COMARCA DO CARBALLIÑO	480.279,56
MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA COMARCA DE VERÍN	473.615,13
MANCOMUNIDADE INTERMUNICIPAL VOLUNTARIA SANTA ÁGUEDA	341.113,51
MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO VAL MIÑOR	292.369,48
MANCOMUNIDADE INTERMUNICIPAL VOLUNT. CONS.	223.821,40
MANCOMUNIDADE VOLUNTARIA DE MUNICIPIOS DE COMARCA DE OURENSE	215.101,79
MANCOMUNIDADE DAS TERRAS DO NAVEA BIBEI	167.327,04
MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA TERRA CHÁ	133.774,00
MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO	119.683,27
MANCOMUNIDAD DE MUNICIPIOS DA RÍA DE FERROL	116.567,73
MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS SERRA DO BARBANZA	106.734,90
MANCOMUNIDADE INTERMUNICIPAL DOS VALES DO ULLA E UMIA	19.086,90
MANCOMUNIDADE TURÍST. MUNICIP-CARBALLIÑO, RIBADAVIA, BOBORÁS, LEIRO	12.500,00
OUTRAS ENTIDADES	
FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS	6.037.875,01
CONSORCIO PARA A PROMOCIÓN DA MÚSICA	2.235.792,65
PADROADO MUNICIPAL BEIRAMAR	369.547,66
FUNDACIÓN CULTURAL A ESTRADA-RADIO MUNI.	102.057,05
CONSORCIO LOCAL RÍO ARNOIA	86.216,96
CONSORCIO AS MARIÑAS	77.407,85

ENTIDADE	IMPORTE
CONSORCIO LOCAL OS PEARES	24.040,48
ORGANISMO AUTÓNOMO TERRA DE SANXENXO	22.617,61
INSTITUTO OURENSÁN DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO	9.886,85
PADROADO DA CULTURA DO CONCELLO DE NARÓN	3.671,90

Fonte: Conta Xeral da Administración da Comunidade Autónoma

ANEXO VI: TRANSFERENCIAS A EMPRESAS PRIVADAS (ARTIGOS 47 E 77). PERCEPTORES > 150.000 EUROS. EJERCICIO 2016

(Euros)

TERCEIRO NIF	TERCEIRO NOME	IMPORTE
A36601672	ORBE SA	3.237.409,48
A49009863	PROLACTE SA	2.124.920,54
B86531043	CONSERVAS LA BRÚJULA S.L.	1.902.536,37
A15009939	AUTOS CAL PITA S.A.	1.413.669,69
A70302039	ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A.	1.362.256,91
F32001976	COOPERATIVAS OURENSANAS S.C.L.	1.244.955,29
B82387176	ARRIVA NOROESTE S.L.	1.059.759,43
B15775570	DAIRYLAC S.L.	977.800,76
A15049943	AUTOMOVILES SIGRAS CARRAL SA ASICASA	918.755,11
B15467962	COREGAL - COGAMI RECICLADO DE GALICIA S.L.	848.474,19
A15000805	TRANVÍAS DEL FERROL S.A.	831.312,59
B15893571	COMPAÑÍA METROPOLITANA DE TRANSPORTES DE	757.038,42
A15000649	LA VOZ DE GALICIA S.A.	718.499,91
B70204094	COMBINA SOCIAL S.L.	711.263,34
A79475729	ILUNION LAVANDERÍAS S.A.U.	698.376,30
B27341502	INNOLACT S.L.	683.507,97
B36185106	PESCADOS Y MARISCOS LOISCAR S.L.	534.321,33
B15274830	HEDEGASA S.L.	521.788,03
A15000227	COMPAÑÍA DE TRANVÍAS DA CORUÑA	491.451,30
A27199140	NOVAFRIGSA	488.145,71
B70439005	BLAVICE SERVICES S.L.	474.090,24
B15007776	INDUSTRIAS CERDEIMAR S.L.	473.232,91
B15674559	ILUNION SERVICIOS INDUSTRIALES DE GALICIA S.L.U.	448.088,36
A36000024	AUTOMÓVILES DE TUI S.A.	444.908,13
B15592017	POUET ROYAL S.L.	404.208,40
B15695703	AMIL LAGO SERVICIOS GENERALES, S.L.	397.693,66
A15437486	HORNOS LAMASTELLE S.A.	363.562,46
B27347954	ALIBOS GALICIA S.L.	359.475,57
B36194066	NAVIERA MAR DE ONS S.L.	306.367,13
A36600815	FARO DE VIGO S.A. UNIPERSONAL	305.686,04
B15069958	HERMANOS FERRIN S.L.	285.493,36
B27001783	EMPRESA FREIRE S.L.	284.018,06
B27110519	LEMOY Y BALBOA S.L.	282.305,71
F27262997	ICOS SOC. COOP. GALEGA	278.483,95
B36009413	CONSERVAS IGLESIAS S.L.	272.062,80
B70393731	PANIFICADORA MENCER S.L.	259.894,09
B15780778	ACCEDE SOCIAL S.L.	257.812,18
33337224N	DOCANCO PICOS, PABLO	253.387,56
A15000193	CASTROMIL S.A.	246.910,52
F27279579	AVEGA SOC. COOP. GAL.	241.217,08
J15789415	ÁLVARO SABORIDO LORENZO Y OTROS S.C.	238.116,00
B15736077	ASPABER S.L.	237.834,69
V32252496	AIE AGRUPACIÓN PARA DESENVOLV. E FORMACIÓN SECTOR APÍCOLA GAL.	237.645,04
B36993509	G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS S.L.	232.355,42
B36757557	CPR CIP	231.548,81



TERCEIRO NIF	TERCEIRO NOME	IMPORTE
F15025810	CUSOVIA ME SOC. COOP. GAL.	224.788,21
B15565864	EMPREGO SOCIAL S.L.	223.600,31
B36795565	ACADEMIA POSTAL 3 VIGO S.L.	221.112,43
B36835759	LIMPIADORES ESPEC. INTEGR. SERVI. MANTEN.	220.709,98
B27714856	GRUPO SIFU GALICIA S.L.	217.193,28
G70270293	FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL	214.305,93
B36781920	ASESORÍA INFORMÁTICA GALLEGA S.L.	213.468,38
A79449302	ILUNION CEE LIMPIEZA Y MEDIOAMBIENTE S.A.	206.794,43
Q8655030H	CONSELLO REGULADOR DA DENOMINACIÓN DE ORIXE RÍAS BAIXAS	206.332,64
F27300821	COOP. AGRARIA AGRIS SCG	204.563,86
F15014236	NTRA. SRA. DEL PERPETUO SOCORRO SOC. COOP. G.	200.000,00
52453003P	A. TRIÑANES TRIÑANES	198.387,00
F36100782	O RODO SOC. COOP. GAL.	196.295,00
B70204110	ACTIVA SOCIAL CONSULTORES S.L.	192.323,49
B15356553	UTRAMIC S.L.	187.937,14
B27239136	ESTUDIOS RAFAEL S.L.	183.342,59
F27007608	OS IRMANDIÑOS SDAD. COOP. GALEGA	179.617,87
G15077282	ASOC. GALEGA DE APICULTURA	177.726,40
A36953479	CENTRO DE ESTUDIOS PROFESIONALES DE GALICIA	175.169,89
B27358209	ACADEMIA DE ENSEÑANZA NEWTON VILLALBA S.L.	174.196,35
A47037296	QUESERÍAS ENTREPINARES S.A.	169.828,27
F15033798	SOC. COOP. LTDA. MELISANTO	164.243,28
35553657G	PÉREZ MARTÍNEZ JAIME - INFORMÁTICA JAIME	158.398,32
B27461490	EXTEL FACILITIES SLU	157.989,19
B27428424	MADER CAMPO S.L.	157.258,28
A36001576	TRANSPORTES LA UNIÓN S.A.	152.937,54

Fonte: Conta Xeral da Administración da Comunidade Autónoma

ANEXO VII: OBRIGAS RECOÑECIDAS COS MEDIOS DE COMUNICACIÓN. PERCEPTORES > 100.000 EUROS. EJERCICIO 2016

(Importes en euros)

NIF	Perceptor	Capítulo II	Capítulo IV	Capítulo VI	Total 2016
A15000649	LA VOZ DE GALICIA S.A.	302.918,73	718.499,91	1.009.483,35	2.030.901,99
A36600815	FARO DE VIGO S.A. UNIPERSONAL	81.797,61	305.686,04	592.944,75	980.428,40
A15000391	EDITORIAL COMPOSTELA S.A.	125.550,07		417.261,21	594.874,87
B27000637	EL PROGRESO DE LUGO S.L.	146.383,89	135.263,36	313.227,62	542.811,28
A32000325	LA REGIÓN S.A.	61.413,74	70.575,79	158.274,14	290.263,67
B36003549	LÉREZ EDICIONES S.L. (DIARIO DE PONTEVEDRA)	65.393,34	70.088,17	130.176,45	265.657,96
B15162068	EDITORIAL LA CAPITAL S.L.	54.478,72	33.555,87	169.925,57	257.960,16
A15107592	AGN AXENCIA GALEGA DE NOTICIAS S.A.	93.940,80		148.984,63	242.925,43
A28281368	RADIO POPULAR S.A.	19.088,92	139.908,77	51.673,96	210.671,65
A41606534	EUROPA PRESS DELEGACIONES S.A.	112.306,36	1.007,74	92.417,93	205.732,03
B35074681	LA OPINIÓN DA CORUÑA S.L.	8.235,91	47.940,61	137.538,08	193.714,60
G35103431	FUNDACIÓN RADIO ECCA		138.917,11		138.917,11
B15482177	CANAL VOZ S.L.			119.519,92	119.519,92
Totais		1.071.508,09	1.661.443,37	3.341.427,61	6.074.379,07

Fonte: Conta Xeral da Administración da Comunidade Autónoma

**ANEXO VIII: OPERACIÓNS DE ENDEBEDAMENTO VIXENTES A 31.12.2016³⁰****OBRIGAS**

(En euros)

Nº	Código	Tipo operación	Ano formalización	Data vencemento total débeda viva	Capital vivo a 31.12.2016
1	4+97	Obrigas	1997	2017	91.191.566,57
2	1+98	Obrigas	1998	2018	78.131.573,57
3	1+98	Obrigas	1998	2018	105.177.117,89
4	3+05	Obrigas	2005	2035	200.000.000,00
5	6+09	Obrigas	2009	2019	280.000.000,00
6	1+10	Obrigas	2010	2020	500.000.000,00
7	16+10	Obrigas	2010	2028	75.000.000,00
8	18+10	Obrigas	2010	2017	50.000.000,00
9	20+10	Obrigas	2010	2017	80.000.000,00
10	3+12 (re-tap 1+10)	Obrigas	2012	2020	20.000.000,00
11	7+12 (re-tap 1+10)	Obrigas	2012	2020	20.000.000,00
12	11+12 (re-tap 1+10)	Obrigas	2012	2020	13.000.000,00
13	20+12	Obrigas	2012	2017	74.000.000,00
14	1+13 (re-tap 4+97)	Obrigas	2013	2017	48.000.000,00
15	3+13	Obrigas	2013	2017	500.000.000,00
16	4+13	Obrigas	2013	2018	300.000.000,00
17	6+13	Obrigas	2013	2019	25.000.000,00
18	7+13 (re-tap 3+13)	Obrigas	2013	2017	30.000.000,00
19	8+13 (re-tap 4+97)	Obrigas	2013	2017	15.000.000,00
20	13+13	Obrigas	2013	2017	257.000.000,00
21	3+14	Obrigas	2014	2021	500.000.000,00
22	6+14	Obrigas	2014	2019	500.000.000,00
					3.761.500.258,03

Fonte: D.X. de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos. Consellería de Facenda

³⁰ Anexo modificado como consecuencia das alegacións.

PRÉSTAMOS

(En euros)

Nº	Código	Tipo operación	Ano formalización	Data vencemento total débeda viva	Capital vivo a 31.12.2016
1	2+05	Préstamo	2005	2030	77.777.777,76
2	1+06	Préstamo	2006	2031	29.555.555,56
3	3+07	Préstamo	2007	2017	50.000.000,00
4	4+07	Préstamo	2007	2017	80.000.000,00
5	2+08	Préstamo	2008	2023	5.000.000,00
6	1+09	Préstamo	2009	2024	50.000.000,00
7	3+09	Préstamo	2009	2021	150.000.000,00
8	7+09	Préstamo	2009	2019	16.666.666,64
9	2+10	Préstamo	2010	2025	45.000.000,00
10	3+10	Préstamo	2010	2017*	10.000.000,00
11	4+10	Préstamo	2010	2019*	12.857.144,00
12	5+10	Préstamo	2010	2021*	11.666.666,67
13	7+10	Préstamo	2010	2017*	10.000.000,00
14	10+10	Préstamo	2010	2018	25.000.000,00
15	11+10	Préstamo	2010	2020*	30.000.000,00
16	12+10	Préstamo	2010	2020*	40.000.000,00
17	14+10	Préstamo	2010	2020*	20.000.000,00
18	15+10	Préstamo	2010	2017	65.000.000,00
19	19+10	Préstamo	2010	2021	20.000.000,00
20	23+10	Préstamo	2010	2030	93.333.333,33
21	3+11	Préstamo	2011	2018*	8.000.000,00
22	5+11	Préstamo	2011	2018	12.500.000,00
23	6+11	Préstamo	2011	2031	50.000.000,00
24	10A+11	Préstamo	2011	2031	25.000.000,00
25	11+11	Préstamo	2011	2026*	75.000.000,00
26	17+11	Préstamo	2011	2018*	20.000.000,00
27	19+11	Préstamo	2011	2020*	8.333.333,34
28	23+11	Préstamo	2011	2026	50.000.000,00
29	24+11	Préstamo	2011	2021	100.000.000,00
30	13+12	Préstamo	2012	2017*	50.000.000,00
31	14+12	Préstamo	2012	2018*	10.000.000,00
32	15+12	Préstamo	2012	2018*	8.150.000,00
33	16+12	Préstamo	2012	2021*	170.000.000,00
34	17+12	Préstamo	2012	2032	80.000.000,00
35	9+13	Préstamo	2013	2026*	25.000.000,00



Nº	Código	Tipo operación	Ano formalización	Data vencemento total débeda viva	Capital vivo a 31.12.2016
36	10+13	Préstamo	2013	2020*	151.000.000,00
37	15+13	Préstamo	2013	2025*	200.000.000,00
38	16+13	Préstamo	2013	2019	32.000.000,00
39	17+13	Préstamo	2013	2019	24.000.000,00
40	12+13	Préstamo	2013	2034	70.000.000,00
41	14+13	Préstamo	2013	2023	70.000.000,00
42	1+14	Préstamo	2014	2017	375.000.000,00
43	4+14	Préstamo	2014	2017	20.000.000,00
44	5+14	Préstamo	2014	2017	20.000.000,00
45	8+14	Préstamo	2014	2025*	65.000.000,00
46	1+15	Préstamo	2015	2035	120.000.000,00
47	2+15	Préstamo	2015	2025	1.567.404.050,45
48	3+15	Préstamo	2015	2024	90.317.460,34
49	4+15	Préstamo	2015	2020	50.000.000,00
50	1+16	Préstamo	2016	2026	1.816.207.609,18
					6.204.769.597,27

Fonte: D.X. de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos. Consellería de Facenda

* Novo vencemento por novación contractual

TOTAL ENDEBEDAMENTO DA ADMINISTRACIÓN XERAL A 31/12/2016:

(En euros)	
[1] Total débeda emisións	3.761.500.258,03
[2] Total débeda préstamos	6.204.769.597,27
[1]+[2] Total débeda pública vixente a 31/12/2016	(*)9.966.269.855,30

(*) Este importe coincide co que figura como endebedamento vixente a 31/12/2016 na *Conta de Endebedamento da Comunidade Autónoma* correspondente ao exercicio 2016, rendida pola Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro da Consellería de Economía e Facenda.

ANEXO IX: OPERACIÓNS DE DERIVADOS FINANCEIROS VIXENTES A 31.12.2016

(En euros)

Nº	Tipo operación	Data formalización	Data vencemento	Importe
17+10	SWAP	22/11/2010	22/11/2028	75.000.000,00
22+10	SWAP	24/11/2010	24/11/2017	50.000.000,00
10B+11	SWAP	12/05/2011	13/05/2031	25.000.000,00

Fonte: D.X. de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos. Consellería de Facenda

ANEXO X: AVAIS FORMALIZADOS E EFECTIVOS A 31.12.2016³¹

(Euros)

Persoa ou entidade avalada	Concesión	Vencemento	Aval concedido	Risco a 31/12/2016	Finalidade
VIRIATO, S.A.	29/10/2004	17/03/2018	3.012.247,00	530.276,40	Financiar a implantación do plan de viabilidade
SAN ROQUE DE BEADE S.C. GALEGA	25/11/2004	10/08/2017	350.000,00	202.921,88	Financiar investimentos
RECREATIVOS PRESAS, S.L.	23/12/2004	10/03/2012	857.038,99	109.142,18	Refinanciamento de débedas e financiamento de circulante
ELABORADOS GALLEGOS, S.A.	28/03/2005	13/05/2012	472.500,00	143.325,22	Refinanciamento de débedas e financiamento de circulante
ELABORADOS GALLEGOS, S.A.	28/03/2005	13/05/2012	367.500,00	108.625,07	Refinanciamento de débedas e financiamento de circulante
NAVIERA DE GALICIA, S.A.	26/05/2005	30/07/2019	2.327.500,00	1.196.083,42	Financiar investimentos
ARRASTREROS ASOCIADOS, A.I.E.	15/06/2005	29/06/2012	535.000,00	315.244,46	Financiar investimentos (dereitos de pesca)
VOLVORETA, S.A.	02/03/2006	07/06/2011	430.000,00	147.394,18	Financiar implantación plan de viabilidade
S.A. EDUARDO VIEIRA	27/07/2006	11/10/2017	4.200.000,00	3.398.888,89	Financiar implantación plan de viabilidade
NAVIERA F. TAPIAS GALICIA, S.L.	28/12/2006	06/03/2018	3.325.000,00	891.336,87	Financiar investimentos
SEGURIDAD GALLEGA NOSA TERRA, S.A.	30/11/2007	23/12/2018	910.000,00	720.570,25	Refinanciamento de débedas e financiamento de circulante
GRUPO TAMEGA, S.L.	08/02/2008	11/06/2015	2.240.000,00	2.240.000,00	Refinanciamento de débedas
HIDROFERSA FÁBRICA DE CHAVIN, S.L.	28/07/2008	23/12/2018	1.050.000,00	262.500,00	Refinanciamento de débedas e financiamento de circulante
MATERIALES CERÁMICOS, S.L.	28/07/2008	19/01/2016	1.750.000,00	1.312.500,00	Refinanciamento de débeda e financiamento de circulante
ISIDRO DE LA CAL FRESCO, S.L.	28/07/2008	25/11/2016	3.150.000,00	3.008.674,27	Refinanciamento de débedas e financiamento de circulante
CONSERVAS Y ELABORADOS GUAYU, S.A.	28/11/2008	08/04/2019	700.000,00	572.663,39	Refinanciamento de débedas e financiamento de circulante
GRÁFICAS DEL NOROESTE, S.A.	28/11/2008	03/12/2016	700.000,00	465.431,24	Refinanciamento de débedas e financiamento de circulante
GÉNEROS DE PUNTO MONTOTO, S.A.	19/12/2008	13/09/2009	600.000,00	600.000,00	Financiamento de circulante
GÉNEROS DE PUNTO MONTOTO, S.A.	19/12/2008	13/03/2009	600.000,00	542.763,19	Financiamento de circulante
INDUSTRIAS PIZARRERAS GARCÍA AGUADO, S.L.	19/12/2008	14/10/2016	1.470.000,00	1.260.000,00	Refinanciamento de débedas e financiamento de circulante
INDUSTRIAS PESADAS DE GALICIA, S.L.	02/02/2009	26/02/2016	2.000.000,00	528.049,00	Financiar investimentos
PROMOTORA INDUSTRIAL SADENSE, S.A.	02/02/2009	31/03/2019	2.450.000,00	1.978.015,84	Refinanciamento de débedas e financiamento de circulante
MADERAS IGLESIAS, S.A.	02/02/2009	22/04/2017	5.200.000,00	4.195.218,66	Refinanciamento de débedas e financiamento de circulante
PUERTO DE CELEIRO, S.A.	02/02/2009	15/04/2019	2.000.000,00	722.588,46	Adquisición dereitos de pesca
PUERTO DE CELEIRO, S.A.	02/02/2009	15/04/2019	2.400.000,00	1.978.668,27	Adquisición dereitos de pesca
PUERTO DE CELEIRO, S.A.	02/02/2009	22/04/2019	3.600.000,00	2.610.000,00	Adquisición dereitos de pesca
FOMENTO DE ARIDOS Y OBRAS, S.L.	23/02/2009	27/10/2016	3.080.000,00	3.080.000,00	Refinanciamento de débedas e financiamento de circulante
CUIÑA, S.A.	23/02/2009	02/06/2019	1.512.000,00	1.512.000,00	Refinanciamento de débedas e financiamento de circulante
ESPINA OBRAS HIDRÁULICAS, S.A.	23/02/2009	27/09/2018	2.394.000,00	1.470.000,00	Refinanciamento de débedas e financiamento de circulante
LÁCTEOS RÍO XALLAS, S.L.	23/02/2009	30/04/2016	175.000,00	75.221,72	Refinanciamento de débedas e financiamento de circulante
LAREIRA EUROCOCHAS, S.A.	23/02/2009	04/05/2016	602.000,00	600.000,00	Refinanciamento de débedas e financiamento de circulante
GRUPO COPO DE INVERSIONES, S.A.	23/02/2009	09/07/2016	10.860.000,00	9.720.000,00	Refinanciamento de débedas e financiamento de circulante
XUNTOIRA MOBILIARIO DE COCINA, S.L.	23/02/2009	26/02/2017	563.062,50	563.062,50	Refinanciamento de débedas e financiamento de circulante
ISIDRO DE LA CAL FRESCO, S.L.	23/03/2009	30/11/2019	4.438.700,00	4.400.789,21	Refinanciamento de débedas e financiamento de circulante

³¹ Anexo modificado como consecuencia das alegacións.

Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma. Exercicio 2016

Persoa ou entidade avalada	Concesión	Vencemento	Aval concedido	Risco a 31/12/2016	Finalidade
INVERSIONES E INFRAESTRUCTURAS ATLANTE, S.L.	23/03/2009	07/07/2016	1.221.500,00	1.221.500,00	Refinanciamento de débedas e financiamento de circulante
ISIDRO DE LA CAL FRESCO, S.L.	23/03/2009	30/11/2019	7.061.300,00	5.322.099,36	Refinanciamento de débedas e financiamento de circulante
INVERSIONES E INFRAESTRUCTURAS ATLANTE, S.L.	23/03/2009	01/07/2016	600.000,00	600.000,00	Refinanciamento de débedas e financiamento de circulante
INVERSIONES E INFRAESTRUCTURAS ATLANTE, S.L.	23/03/2009	12/06/2016	1.250.000,00	1.250.000,00	Refinanciamento de débedas e financiamento de circulante
INVERSIONES E INFRAESTRUCTURAS ATLANTE, S.L.	23/03/2009	30/06/2016	600.000,00	600.000,00	Refinanciamento de débedas e financiamento de circulante
LUMAR NATURAL SEAFOOD. S.A.	02/06/2009	01/12/2016	1.750.000,00	1.750.000,00	Refinanciamento de débedas e financiamento de circulante
MECANIZADOS RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, S.L.	02/06/2009	20/07/2016	3.000.000,02	2.968.535,31	Refinanciamento de débedas e financiamento de circulante
EMBUTIDOS CASTRO BELLO, S.L.	15/07/2009	03/12/2016	560.000,00	560.000,00	Refinanciamento de débedas
PÓRTICO, S.A.	15/07/2009	01/10/2016	5.000.000,00	4.639.932,31	Refinanciamento de débedas
BLUSENS TECHNOLOGY, S.L.	14/09/2009	22/02/2017	7.800.000,00	4.205.000,02	Refinanciamento de débedas e financiamento do circulante
CONSERVAS SELECTAS MAR DE COUSO, S.A.	20/10/2009	29/01/2017	2.775.000,00	2.775.000,00	Refinanciamento de débedas
ÁLVAREZ E HIJOS. S.A.	20/10/2009	27/01/2017	1.200.000,00	14.884,01	Refinanciamento de débedas e financiamento de circulante
SUMTEC S.L.	16/11/2009	04/06/2017	1.250.000,00	1.250.000,00	Refinanciamento de débedas e financiamento de circulante
BRAURON. S.L.	16/11/2009	13/07/2017	301.938,27	301.938,27	Refinanciamento de débedas e financiamento do circulante
BODEAL, S.L.	16/11/2009	26/01/2017	780.000,00	780.000,00	Refinanciamento de débeda e financiamento de circulante
SUMTEC, S.L.	16/11/2009	04/06/2017	220.000,00	164.827,82	Refinanciamento de débedas e financiamento de circulante
CLIMATECNIC CONFORT, S.L.	18/03/2010	19/10/2012	120.000,00	120.000,00	Financiamento de circulante
CAMPIÑAS DE LAIÑO, S.A.	05/04/2010	28/10/2012	120.000,00	120.000,00	Financiamento de circulante
SINGLA INGENIERÍA, S.L.	09/04/2010	19/11/2012	140.000,00	140.000,00	Financiamento de circulante.
COMERCIAL ANDURIÑA, S.A.	19/04/2010	08/01/2013	360.000,00	360.000,00	Financiamento de circulante
COMERCIALIZACIÓN DE CARNE GALLEGA S.L.	20/04/2010	06/08/2017	200.000,00	193.741,04	Refinanciamento de débedas bancarias
AGRÍCOLA TOMIÑESA, S.L.	20/04/2010	05/08/2017	584.500,00	584.500,00	Refinanciamento de débedas e financiamento do circulante
JULIO Y LUIS CARRAL S.L.	20/04/2010	10/06/2017	200.000,00	182.169,67	Refinanciamento de débedas e financiamento do circulante
DYGRA FILMS, S.L.	20/04/2010	26/05/2012	1.500.000,00	1.445.716,92	Refinanciamento de débedas bancarias
AGRÍCOLA TOMIÑESA, S. L.	20/04/2010	05/08/2017	367.500,00	367.500,00	Refinanciamento de débedas e financiamento do circulante
AGRÍCOLA TOMIÑESA, S.L.	20/04/2010	05/08/2017	875.000,00	875.000,00	Refinanciamento de débedas e financiamento de circulante
PESQUERÍAS LUMAR, S.L.	22/04/2010	14/01/2013	120.000,00	120.000,00	Financiamento do circulante
ASESORÍA TÉCNICO SANITARIA ATESA, S.L.	12/05/2010	14/12/2012	120.000,00	120.000,00	Financiamento de circulante
SAN MARTÍN, S.A.	01/06/2010	30/12/2017	180.000,00	180.000,00	Refinanciamento de débedas e financiamento do circulante
SAN MARTÍN, S.A.	01/06/2010	30/12/2017	180.000,00	180.000,00	Refinanciamento de débedas e financiamento do circulante
SAN MARTÍN, S.A.	01/06/2010	30/12/2017	240.000,00	240.000,00	Refinanciamento de débedas e financiamento do circulante
SAN MARTÍN, S.A.	01/06/2010	30/12/2017	600.000,00	419.997,35	Refinanciamento de débedas e financiamento do circulante
DYGRA FILMS, S.L.	01/06/2010	08/09/2012	2.450.000,00	2.328.209,72	Refinanciamento de débedas
SAN MARTÍN, S.A.	01/06/2010	30/12/2017	390.000,00	390.000,00	Refinanciamento de débedas e financiamento do circulante
SAN MARTÍN, S.A.	01/06/2010	30/12/2017	150.000,00	148.500,00	Refinanciamento de débedas e financiamento do circulante
SAN MARTÍN, S.A.	01/06/2010	30/12/2017	200.400,00	200.400,00	Refinanciamento de débedas e financiamento do circulante
SAN MARTÍN, S.A.	01/06/2010	30/12/2017	157.500,00	157.500,00	Refinanciamento de débedas e financiamento do circulante

Persoa ou entidade avalada	Concesión	Vencemento	Aval concedido	Risco a 31/12/2016	Finalidade
ALIMENTOS LÁCTEOS, S.A.	01/06/2010	21/07/2014	320.000,00	320.000,00	Financiamento de circulante
ALIMENTOS LÁCTEOS, S.A.	01/06/2010	21/07/2014	320.000,00	320.000,00	Financiamento de circulante
ALIMENTOS LÁCTEOS, S.A.	01/06/2010	21/07/2014	320.000,00	320.000,00	Financiamento de circulante
ALIMENTOS LÁCTEOS, S.A.	01/06/2010	21/07/2014	320.000,00	320.000,00	Financiamento de circulante
FISTERRA T.I.G., S.L.	28/06/2010	30/12/2012	600.000,00	588.386,89	Financiamento de circulante
FORMOSO ESTRUCTURAS METÁLICAS, S.L.	27/07/2010	04/02/2013	600.000,00	354.980,49	Financiamento de circulante
FORMOSO ESTRUCTURAS METÁLICAS, S.L.	27/07/2010	04/02/2013	240.000,00	240.000,00	Financiamento de circulante
VIDRIO ORENSE, S.L.	28/09/2010	23/11/2017	420.000,00	420.000,00	Refinanciamento de débedas e financiamento do circulante
CARMOBLE, S.A.	15/11/2010	07/02/2018	600.000,00	600.000,00	Reestruturación de débedas e financiamento de circulante
PAQUITO, S.L.	02/12/2010	14/04/2018	1.446.479,78	1.332.697,56	Reestruturación de débedas
CONSTRUCCIONES MON, S.L.	02/12/2010	07/07/2018	500.000,00	500.000,00	Financiamento de circulante
PAQUITO, S.L.	02/12/2010	14/04/2018	1.324.597,86	1.220.403,05	Reestruturación de débedas
PAQUITO, S.L.	02/12/2010	14/04/2018	1.173.990,53	1.081.642,71	Reestruturación de débedas
PAQUITO, S.L.	02/12/2010	14/04/2018	1.064.655,90	980.908,50	Reestruturación de débedas
PAQUITO, S.L.	02/12/2010	14/04/2018	875.691,00	806.807,87	Reestruturación de débedas
PAQUITO, S.L.	02/12/2010	14/04/2018	172.833,75	159.238,40	Reestruturación de débedas
PAQUITO, S.L.	02/12/2010	14/04/2018	532.187,82	490.325,15	Reestruturación de débedas
PAQUITO, S.L.	02/12/2010	14/04/2018	501.782,47	462.311,53	Reestruturación de débedas
PAQUITO, S.L.	02/12/2010	14/04/2018	375.164,46	345.653,48	Reestruturación de débedas
PAQUITO, S.L.	02/12/2010	14/04/2018	211.087,62	194.483,16	Reestruturación de débedas
SAN MARTÍN, S.A.	20/12/2010	30/06/2013	160.000,00	160.000,00	Financiamento de circulante
POLLAN E HIJOS, S.L.	20/12/2010	27/06/2013	300.000,00	294.631,92	Financiamento de circulante
EURO ROCA, S.L.	05/12/2011	01/09/2015	150.000,00	87.859,33	Financiamento de circulante
FUNDICIONES PARDO, S.L.	20/02/2012	09/09/2015	50.000,00	50.000,00	Financiamento de circulante
AGRUPACIÓN DE COOPERATIVAS LÁCTEAS, S.L.	08/10/2012	21/11/2019	500.000,00	256.944,43	Financiar investimentos
AGRUPACIÓN DE COOPERATIVAS LÁCTEAS, S.L.	08/10/2012	21/11/2019	500.000,00	266.283,13	Financiar investimentos
AGRUPACIÓN DE COOPERATIVAS LÁCTEAS, S.L.	08/10/2012	21/11/2019	500.000,00	250.000,02	Financiar investimentos
AGRUPACIÓN DE COOPERATIVAS LÁCTEAS, S.L.	08/10/2012	21/11/2019	500.000,00	276.260,69	Financiar investimentos
AGRUPACIÓN DE COOPERATIVAS LÁCTEAS, S.L.	08/10/2012	21/12/2019	250.000,00	134.195,30	Financiar investimentos
AGRUPACIÓN DE COOPERATIVAS LÁCTEAS, S.L.	08/10/2012	05/02/2020	250.000,00	229.166,67	Financiar investimentos
EDITORIAL COMPOSTELA, S.A.	30/04/2013	19/07/2020	1.200.000,00	1.200.000,00	Financiamento de circulante/refinanciamento póliza
MODESTO CARRODEGUAS, S.L.	24/09/2015	10/12/2017	250.000,00	250.000,00	Financiamento de circulante
ASOCIACIÓN ASPANAS	20/11/2015	29/12/2030	566.250,00	551.621,92	Regularización débedas vencidas
Totais			132.040.907,97	103.803.708,54	

Fonte: IGAPE

ANEXO XI: COMPROMISOS DE GASTOS FUTUROS. DISTRIBUCIÓN TEMPORAL. EJERCICIO 2016. (EUROS)

Anualidade	Importe	%
2017	2.672.530.369,40	21,76%
2018	1.427.319.882,97	11,62%
2019	1.787.360.341,36	14,55%
2020	1.518.786.342,75	12,36%
2021	1.411.048.930,51	11,49%
2022	643.705.219,54	5,24%
2023	565.267.108,81	4,60%
2024	592.733.938,01	4,83%
2025	632.161.690,08	5,15%
2026	346.076.495,21	2,82%
2027	71.368.418,74	0,58%
2028	145.208.747,70	1,18%
2029	64.054.373,20	0,52%
2030	58.729.150,84	0,48%
2031	61.643.733,00	0,50%
2032	26.987.120,05	0,22%
2033	21.247.706,67	0,17%
2034	21.007.599,95	0,17%
2035	216.163.920,00	1,76%
Total	12.283.401.088,79	100,00%

Fonte: Conta Xeral da Administración da Comunidade Autónoma

ANEXO XII: COMPROMISOS DE GASTOS FUTUROS. DISTRIBUCIÓN ORGÁNICA. EJERCICIO 2016. (EUROS)

Sección	2017	2018	2019	2020	2021 a 2035	Total	%
03 Consello da Cultura Galega	17.522,53	2.806,51	0,00	0,00	0,00	20.329,04	0,00%
04 Presidencia da Xunta	45.788.187,71	18.509.942,62	4.157.896,07	3.832.450,23	615.594,09	72.904.070,72	0,59%
05 Vicepres. e Consell. Pres., Adm. Públ. e Xust.	54.495.877,11	27.057.786,93	8.115.631,34	205.128,87	1.320.445,66	91.194.869,91	0,74%
06 Consellería de Facenda	5.108.015,00	967.671,21	0,00	0,00	0,00	6.075.686,21	0,05%
07 Consellería de Medio Amb. e Ordenac. Terr.	12.383.376,02	5.030.882,99	2.509.571,96	1.296.918,57	0,00	21.220.749,54	0,17%
08 Consellería de Infraestruturas e Vivenda	15.339.556,73	2.545.684,20	2.422.557,32	0,00	0,00	20.307.798,25	0,17%
09 Consellería de Economía, Emprego e Industria	22.059.371,17	832.709,10	15.306,50	0,00	0,00	22.907.386,77	0,19%
10 Consellería de Cultura, Educ. e Orden. Univ.	350.084.865,22	28.772.325,87	12.299.462,73	2.157.057,84	8.101.869,78	401.415.581,44	3,27%
11 Consellería de Sanidade	7.677.821,18	1.373.666,15	729.119,54	67.888,66	0,00	9.848.495,53	0,08%
12 Consellería de Política Social	168.387.852,19	23.707.891,52	18.729.960,78	17.849.374,31	145.501.635,70	374.176.714,50	3,05%
13 Consellería do Medio Rural	99.623.214,56	59.872.433,60	2.998.507,78	1.205.036,68	11.211.745,06	174.910.937,68	1,42%
14 Consellería do Mar	22.203.835,24	3.906.464,83	2.461.352,91	2.434.352,95	0,00	31.006.005,93	0,25%
20 Consello Consultivo de Galicia	38.122,41	0,00	0,00	0,00	0,00	38.122,41	0,00%
22 Débeda pública da Comunidade Autónoma	1.861.290.875,45	1.251.644.992,53	1.730.880.435,34	1.488.160.017,61	4.705.867.090,89	11.037.843.411,82	89,86%
23 Gastos de diversas consellerías	8.031.876,88	3.094.624,91	2.040.539,09	1.578.117,03	4.785.771,13	19.530.929,04	0,16%
Total	2.672.530.369,40	1.427.319.882,97	1.787.360.341,36	1.518.786.342,75	4.877.404.152,31	12.283.401.088,79	100,00%

Fonte: Conta Xeral da Administración da Comunidade Autónoma

ANEXO XIII: BALANCE 2016

(Importes en euros)

ACTIVO	31.12.2016	31.12.2015	PASIVO	31.12.2016	31.12.2015
A) INMOBILIZADO	10.378.394.290,50	10.212.178.532,86	A) FONDOS PROPIOS	271.822.668,29	670.931.572,50
<i>I. Investimentos destinados ao uso xeral</i>	<i>7.574.649.179,15</i>	<i>7.317.770.609,28</i>	<i>I. Patrimonio</i>	<i>-1.000.443.428,39</i>	<i>-1.000.443.428,39</i>
Infraestruturas e bens destinados ao uso xeral	7.531.472.655,88	7.276.444.510,87	Patrimonio	-922.269.927,47	-922.269.927,47
Bens do patrimonio histórico, artístico e cultural	43.176.523,27	41.326.098,41	Patrimonio entregado en cesión	-78.173.500,92	-78.173.500,92
<i>II. Inmobilizacións inmateriais</i>	<i>377.522.878,03</i>	<i>452.738.808,69</i>	<i>II. Reservas</i>	<i>0,00</i>	<i>0,00</i>
Outro inmovilizado inmaterial	2.708.741.074,86	2.645.898.953,97	<i>III. Resultados de exercicios anteriores</i>	<i>1.671.375.000,89</i>	<i>2.048.437.057,61</i>
Amortizacións	-2.331.218.196,83	-2.193.160.145,28	Resultados positivos de exercicios anteriores	1.671.375.000,89	2.048.437.057,61
<i>III. Inmobilizacións materiais</i>	<i>2.009.113.635,86</i>	<i>2.028.314.222,65</i>	<i>IV. Resultados do exercicio</i>	<i>-399.108.904,21</i>	<i>-377.062.056,72</i>
Terreos e construcións	2.690.269.518,52	2.628.987.162,64	B) PROVISIÓNS PARA RISCOS E GASTOS	638.157,78	638.157,78
Instalacións técnicas, maquinaria e ferramentas	157.236.857,29	154.347.426,99	C) ACREDORES A LONGO PRAZO	10.131.125.100,69	9.553.199.108,06
Mobiliario	255.118.021,47	249.193.650,55	<i>I. Emisións de obrigas e outros valores negociables</i>	<i>5.621.548.584,71</i>	<i>5.621.548.584,71</i>
Outro inmovilizado	926.861.954,57	904.936.934,93	Obrigas e bonos	5.621.548.584,71	5.621.548.584,71
Amortizacións	-2.020.372.715,99	-1.909.150.952,46	<i>II. Outras débedas a longo prazo</i>	<i>4.509.576.515,98</i>	<i>3.931.650.523,35</i>
<i>IV. Investimentos xestionados</i>	<i>0,00</i>	<i>0,00</i>	Débedas con entidades de crédito	818.616.902,44	2.124.621.881,84
<i>V. Investimentos financeiros permanentes</i>	<i>417.108.597,46</i>	<i>413.354.892,24</i>	Outras débedas	3.627.582.869,86	1.747.147.947,43
Carteira de valores a longo prazo	319.780.509,99	300.401.257,20	Fianzas e depósitos recibidos a longo prazo	63.376.743,68	59.880.694,08
Outros investimentos e créditos a longo prazo	65.904.308,44	81.532.856,01	<i>III. Desembolsos pdtes. sobre accións non esixidos</i>	<i>0,00</i>	<i>0,00</i>
Fianzas e depósitos constituídos a longo prazo	31.423.779,03	31.420.779,03	D) ACREDORES A CURTO PRAZO	1.158.172.954,50	1.137.380.938,65
B) GASTOS A DISTRIBUÍR EN VARIOS EJERCICIOS	50.614.666,67	49.956.666,67	<i>I. Emisións de obrigas e outros valores negociables</i>	<i>0,00</i>	<i>0,00</i>
C) ACTIVO CIRCULANTE	1.132.749.924,09	1.100.014.577,46	<i>II. Débedas con entidades de crédito</i>	<i>0,00</i>	<i>0,00</i>
<i>I. Existencias</i>	<i>0,00</i>	<i>0,00</i>	<i>III. Acredores</i>	<i>1.158.172.954,50</i>	<i>1.137.380.938,65</i>
<i>II. Debedores</i>	<i>786.335.667,68</i>	<i>830.614.304,89</i>	Acredores orzamentarios	868.318.899,72	804.960.656,96
Debedores orzamentarios	426.673.173,66	556.405.278,54	Acredores non orzamentarios	43.620.428,97	20.673.678,32
Debedores non orzamentarios	-998.707,27	9.975.330,62	Acredores por admón. de recursos doutros entes públic.	42.308.220,72	41.099.004,80
Debedores por admón. de recursos doutros entes públic.	38.287.061,76	33.150.860,16	Administracións Públicas	77.444.808,32	70.863.650,88
Administracións Públicas	0,00	0,00	Outros acredores	125.701.258,38	199.094.029,25
Outros debedores	322.374.139,53	254.636.742,77	Fianzas e depósitos recibidos a curto prazo	779.338,39	689.918,44
Provisións	0,00	-23.553.907,20	<i>IV. Axustes por periodificación</i>	<i>0,00</i>	<i>0,00</i>
<i>III. Investimentos financeiros temporais</i>	<i>2.283.731,54</i>	<i>2.350.119,23</i>			
Carteira de valores a curto prazo	0,00	0,00			
Outros investimentos e créditos a curto prazo	2.219.459,24	2.283.969,28			
Fianzas e depósitos a curto prazo	64.272,30	66.149,95			
<i>IV. Tesourería</i>	<i>344.130.524,87</i>	<i>267.050.153,34</i>			
<i>V. Axustes por periodificación</i>	<i>0,00</i>	<i>0,00</i>			
TOTAL ACTIVO	11.561.758.881,26	11.362.149.776,99	TOTAL PASIVO	11.561.758.881,26	11.362.149.776,99

Fonte: Conta Xeral da Administración da Comunidade Autónoma



ANEXO XIV: CONTA DO RESULTADO ECONÓMICO-PATRIMONIAL 2016

(Importes en euros)

Descrición	31.12.2016	31.12.2015	Descrición	31.12.2016	31.12.2015
A) GASTOS	8.831.966.194,72	8.690.879.624,34	B) INGRESOS	8.432.857.290,51	8.407.842.502,47
1. Gtos. funcionamento servizos e prestacións sociais	2.868.999.159,17	2.879.161.662,79	1. Ingresos de xestión ordinaria	5.526.622.375,52	5.287.680.269,08
a) Gastos de persoal	1.892.064.247,32	1.840.384.107,83	a) Ingresos tributarios	5.507.008.547,63	5.268.178.211,82
a.1) Soldos, salarios e asimilados	1.695.287.103,72	1.655.318.730,34	a.1) Imposto sobre a renda das persoas físicas	2.014.119.025,81	1.820.308.122,65
a.2) Cargas sociais	196.777.143,60	185.065.377,49	a.2) Imposto sobre sucesións e doazóns	150.080.069,59	180.669.781,43
b) Prestacións sociais	0,00	0,00	a.3) Imposto sobre o patrimonio	71.788.719,41	67.125.397,63
c) Dotacións para amortizacións de inmovilizado	249.279.815,08	265.330.847,96	a.4) ITPAXD	227.084.020,46	264.071.638,63
d) Variación de provisións de tráfico	-4.646.704,93	25.330.121,71	a.5) Impostos especiais	939.709.870,63	976.795.924,14
d.1) Var. provisións e perdas de créditos incobrables	-4.646.704,93	25.330.121,71	a.6) Impostos propios	103.573.587,63	92.826.070,75
e) Outros gastos de xestión	484.987.262,66	470.664.727,76	a.7) Outros impostos	1.977.998.296,69	1.843.485.665,44
e.1) Servizos exteriores	475.371.380,67	466.614.055,82	a.8) Taxas prestación servizos ou real. actividades	22.654.957,41	22.895.611,15
e.2) Tributos	4.194.620,09	4.050.671,94	a.9) Taxas fiscais	0,00	0,00
e.3) Outros gastos de xestión corrente	5.421.261,90	0,00	b) Prestacións de servizos	19.613.827,89	19.502.057,26
f) Gastos financeiros e asimilables	247.311.839,04	277.449.857,53	b.1) Prez. públ. prest. servizos ou real. actividades	18.459.950,16	18.370.545,64
f.1) Por débedas	247.311.839,04	277.449.857,53	b.2) Prez. públ. utiliz. priv. ou aprov. esp. dom. púb.	1.153.877,73	1.131.511,62
f.2) Perdas de investimentos financeiros	0,00	0,00			
g) Var. provisións de investimentos financeiros	0,00	0,00	2. Outros ingresos de xestión ordinaria	258.093.193,76	301.256.986,18
h) Diferenzas negativas de cambio	2.700,00	2.000,00	a) Reintegros	15.123.784,99	32.801.073,00
			b) Traballos realizados para a entidade	187.795.529,92	213.518.880,65
2. Transferencias e subvencións	5.946.585.031,87	5.770.640.161,03	c) Outros ingresos de xestión	36.233.866,07	33.240.270,56
a) Transferencias correntes	4.353.220.962,72	4.055.812.456,53	c.1) Ingresos accesorios e outros xestión corrente	36.233.866,07	33.240.270,56
b) Subvencións correntes	408.366.471,14	578.461.155,35	c.2) Exceso de provisións de riscos e gastos	0,00	0,00
c) Transferencias de capital	1.021.797.133,57	898.307.955,09	d) Ingresos de participacións en capital	3.235.268,65	2.501.597,84
d) Subvencións de capital	163.200.464,44	238.058.594,06	e) Ingresos doutros val. negoc. e créd. act. inmovilizado	5.107.836,73	3.850.997,54
			f) Outros xuros e ingresos asimilados	10.596.907,40	15.344.166,59
3. Perdas e gastos extraordinarios	16.382.003,68	41.077.800,52	f.1) Outros xuros	10.596.907,40	15.344.166,59
a) Perdas procedentes de inmovilizado	0,00	0,00	f.2) Beneficios en investimentos financeiros	0,00	0,00
b) Perdas por operacións de endebedamento	0,00	0,00	g) Diferenzas positivas de cambio	0,00	0,00
c) Gastos extraordinarios	0,00	0,00			
d) Gastos e perdas doutros exercicios	16.382.003,68	41.077.800,52	3. Transferencias e subvencións	2.646.723.578,12	2.818.262.940,11
			a) Transferencias correntes	2.201.391.288,22	2.069.881.158,95
			b) Subvencións correntes	17.021.642,92	13.588.355,32
			c) Transferencias de capital	428.136.263,52	600.225.989,22
			d) Subvencións de capital	174.383,46	134.567.436,62
			4. Ganancias e ingresos extraordinarios	1.418.143,11	642.307,10
			a) Beneficios procedentes do inmovilizado	0,00	0,00
			b) Beneficios por operacións de endebedamento	0,00	0,00
			c) Ingresos extraordinarios	549452,26	30472,98
			d) Ingresos e beneficios doutros exercicios	868.690,85	611.834,12
			DESAFORRO	399.108.904,21	283.037.121,87

Fonte: Conta Xeral da Administración da Comunidade Autónoma

ANEXO XV: DEFICIENCIAS DA MEMORIA EJERCICIO 2016

Estrutura da Memoria segundo o PXCPG	Incidencias na Memoria incluída na Conta Xeral de 2016
1. Organización	Si existe información
2. Estado operativo	Si existe información
3. Información de carácter financeiro	
3.1. <i>Cadro de financiamento</i>	Non figura na memoria
3.2. <i>Remanente de tesourería</i>	Non se definen os criterios de dotación dos saldos de dubidoso cobro
3.3. <i>Tesourería</i>	Non distingue os cobros e pagos por tipo de operación
4. Información sobre a execución do gasto público	
4.1. <i>Modificacións de crédito</i>	Si existe información. Deberían engadirse as fontes de financiamento do conxunto das modificacións
4.2. <i>Remanentes de crédito</i>	Non se inclúe información na memoria
4.3. <i>Clasificación funcional do gasto</i>	Si existe información
4.4. <i>Execución de proxectos de investimento</i>	Non se inclúe información na memoria
4.5. <i>Contratación administrativa</i>	Non se inclúe información na memoria
4.6. <i>Transferencias e subvencións concedidas</i>	Non se inclúe información na memoria
4.7. <i>Convenios</i>	Non se inclúe información na memoria
4.8. <i>Persoal</i>	Non se ofrece información acerca dos recursos humanos fixos e temporais
4.9. <i>Acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento</i>	Non se inclúe información na memoria
4.10. <i>Anticipos de tesourería</i>	Non se inclúe información na memoria
4.11. <i>Obrigas de exercicios pechados</i>	Si existe información na memoria
4.12. <i>Compromisos de gastos con cargo a orzamentos de exercicios posteriores</i>	Non se ofrece información dos compromisos adquiridos a nivel de artigo nin se informa da súa descrición
5. Información sobre a execución do ingreso público	
5.1. <i>Proceso de xestión</i>	Só inclúe as previsións, os dereitos recoñecidos e a recadación líquida a nivel de capítulo. Non hai información sobre baixas, anulacións e pendente de cobro na memoria
5.2. <i>Devolución de ingresos</i>	Non se inclúe información na memoria
5.3. <i>Transferencias e subvencións recibidas</i>	Non se inclúe información na memoria
5.4. <i>Taxas, prezos públicos e prezos privados</i>	Non se inclúe información na memoria
5.5. <i>Aplicación do remanente de tesourería</i>	Non se inclúe información na memoria
5.6. <i>Dereitos a cobrar de orzamentos pechados</i>	Si se inclúe información
5.7. <i>Desenvolvemento dos compromisos de ingresos</i>	Non se inclúe información na memoria
6. Gastos con financiamento afectado	Si existe información, porén non se ofrece información suficiente sobre a xestión do gasto e ingreso afectado, nin sobre as desviacións de financiamento acumuladas
7. Información sobre o inmovilizado non financeiro	
7.1. <i>Inmovilizado inmaterial</i>	Non se inclúe información na memoria
7.2. <i>Inmovilizado material</i>	Non se inclúe información na memoria
7.3. <i>Investimentos xestionados por outros entes públicos</i>	Non se inclúe información na memoria
7.4. <i>Investimentos destinados ao uso xeral</i>	Non se inclúe información na memoria
8. Información sobre o inmovilizado financeiro	
8.1. <i>Investimentos financeiros en capital</i>	Non se inclúe información na memoria
8.2. <i>Valores de renda fixa</i>	Non se inclúe información na memoria
8.3. <i>Créditos</i>	Non se inclúe información na memoria
9. Información sobre o endebedamento	
9.1. <i>Pasivos financeiros a longo e a curto prazo</i>	Non se inclúe información sobre as características da débeda, prazo, xuros devindicados
9.2. <i>Avais</i>	Non se inclúe información na memoria
10. Existencias	Non se inclúe información na memoria

Fonte: Conta Xeral da Administración da Comunidade Autónoma



MARÍA LUISA CARDESÍN DÍAZ, secretaria xeral do Consello de Contas de Galicia,

CERTIFICO:

Que o Pleno do Consello de Contas de Galicia, en sesión que tivo lugar o día 19 de xuño de 2018, aprobou o **INFORME DE FISCALIZACIÓN DA CONTA XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA. EXERCICIO 2016.**

E para que así conste, expido a presente certificación en Santiago de Compostela a 20 de xuño de 2018.

Visto e prace

O conselleiro maior



Consello de Contas de Galicia
CONSEI
José Antonio Redondo López



Consello de Contas de Galicia
SECRETARÍA XERAL